

**PAPEIS DA ACADEMIA
GALEGA DO AUDIOVISUAL**

XULLO 2009 - XUÑO 2010

PAPEIS DA ACADEMIA XULLO 2009 – XUÑO 2010



PAPEIS DA ACADEMIA XULLO 2009 – XUÑO 2010

EDITA:

Academia Galega do Audiovisual
Praza Pintor Sotomayor s/n, 2º
15001 A Coruña

Tel/fax: 981 22 77 01 / 981 20 83 93

E-mail: info@academiagalegadoaudiovisual.com

Web: www.academiagalegadoaudiovisual.com

COMISIÓN DE PUBLICACIONES:

Ángel Luis Hueso, Carlos Amil,
Eduardo Galán, José Luis Castro de Paz, Manolo
González, Miguel Anxo Fernández, Pepe Coira, Raúl
Veiga, Susana Pego

COORDINACIÓN EDITORIAL:

Marisela Lens, Ana M. López,
Manuel Darriba

PRODUCCIÓN:

Transmedia Comunicación & Prensa
www.transmedia.es

Tlfos: 982 22 12 78 / 636 95 28 93 / 610 21 53 66

Dirección editorial: Manuel Darriba

Dirección comercial: José Manuel Gegúndez

Dirección de arte: Marcos Sánchez

ISSN: IS 1888-1912

Depósito legal: C 3485 – 2007

Os autores dos artigos desta publicación expresan libremente os
seus puntos de vista, que non son necesariamente compartidos
polo conxunto da Academia. Esta acolle no seu seo unha
pluralidade de opinións.

ÍNDICE

A ACADEMIA

Intervención no Parlamento de Galicia ante a reforma da Lei da CRTVG 6

FORO ACADEMIA ABERTA

As leis do audiovisual galego 12

Dous cines en conflito 18

O marco administrativo do audiovisual galego 23

PREMIOS MESTRE MATEO

Proxecto Intercambio coa Academia do Cine Catalán 28

Encontros Mestre Mateo 30

Gala de entrega 31

Palmarés 38

Artigos dos premiados 44

OS FESTIVAIS 62

A EXHIBICIÓN 70

A FORMACIÓN 71

A OPINIÓN

Un audiovisual en marcha, por Anxo Quintanilla 74

Obxectivos compartidos co audiovisual galego, por Alfonso Sánchez Izquierdo 76

"Hagamos cine, maestro", por Antonio Mourellos 78

Carta de axuste, por Piti Sanz 79

O audiovisual galego verase en dixital, por Dolores Ben 80

As mulleres e o audiovisual europeo, por Chelo Loureiro 81

Metidos nos petos, por Alicia Dapena 85

O audiovisual que vivimos perigosamente, por Marce Magán 86

Eu fáloche, pero ¿ti escóitame?, por Ángel De la Cruz 89

A I Xornada sobre Dobraxe e Idioma, por Antón Rubal 90

Reflexións sobre o modelo produtivo do audiovisual en Galicia, por Manuel Cristóbal 92

Por un audiovisual galego máis forte e competitivo, por Ramón Domínguez 94

Desafío epistemolóxico, por Óliver Laxe 96

Queremos enriquecer o mundo, por X.H. Rivadulla Corcón 98

O audiovisual e as novas tecnoloxías, por Juan Carlos Fernández Fasero 99

Industria audiovisual galega: regreso ao futuro, por Antón Reixa 101

AS PRODUCCIÓNS

Campaña Artabriños, por Mr. Misto Films 102

Killers & lovers, por Virginia Ramírez 103

Augmented Films, por María Yáñez 107

Relatos en Tokio, por Mario Iglesias 108

Fichas das producións 110

A CRONOLOXÍA 131

OBITUARIO

Carlos Couso 143

Alberto Fernández Cadorniga 143

Moncho Monteagudo 144

Andrés Pazos 145

Abelardo Pérez Gabriel 146

Pepe Rubianes 147

Tuto Vázquez 148

A XEITO DE INTRODUCCIÓN

Achegamos un novo número de PAPEIS DA ACADEMIA, o cuarto, no que tentamos amosar o que fomos, fixemos e pensamos ao longo do pasado curso 2009-2010.

Un número que pretende ser un instrumento máis que contribúa á primordial función da nosa Academia: o coñecemento. Nel pretendemos amosar como somos, como nos ven e como nos vemos. Como todos sabedes e por razóns coñecidas de todos, este curso resultou ser duro e difícil. Como Academia mantivemos encontros e debates coa Administración, fluídos pero tamén coa seriedade e firmeza que consideramos que requiren situacións coma a que estamos a pasar. Encontros e debates nos que sempre defendemos a idea de que o audiovisual é un sector estratéxico para o noso país, con creadores e profesionais cada vez máis prestixiados e valorados tanto dentro coma fóra das nosas fronteiras.

Tentamos tamén, e seguimos con esa teima, a unidade e o diálogo con todas as asociacións e colectivos que conformamos o sector, na defensa dos nosos intereses comúns, mantendo a pretensión de ser a casa común de todos os que traballamos en e a prol do audiovisual galego. Seguimos coa ilusión de manter e mellorar esta casa común e animamos a moitos que aínda non están nela a que participen connosco.

Seguramente aínda nos agarden momentos duros e difíciles. Continuaremos con ánimo o noso apaixonante traballo e queremos agradecer a colaboración de todos os que contribuídes a que estes PAPEIS sexan unha realidade (a Administración, colaboradores, elaboradores de contidos, etc.).

Agardamos que cada vez se xunten máis voces para que nos vindeiros PAPEIS o retrato de nós mesmos teña maior definición. A Academia será o que os académicos queiramos que sexa.

Unha aperta para todos e que o curso vindeiro nos sexa propicio.

Xosé Manuel Olveira, *Pico*

sententes o tic?



www.fundaciontic.org



DEPUTACIÓN DE LUGO

A COORDINADORA DE ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS DO AUDIOVISUAL GALEGO ANTE A REFORMA DA LEI DA CRTVG (*)

A Coordinadora de Asociacións Profesionais do Audiovisual Galego agradece o esforzo do Parlamento de Galicia na procura dunha nova Lei da CRTVG. E agradece tamén a esta comisión parlamentar a posibilidade de participar no debate sobre esta nova Lei. Agardamos que esta intervención, e todas as demais intervencións, axuden a facer unha mellor televisión e radios públicas, en beneficio de todos os galegos e galegas, contribuíndo a facer un País máis moderno, próspero e dono do seu destino.

Todos os profesionais do audiovisual galego somos conscientes da importancia desta reforma, e temos nela postas moitas e moi lexítimas esperanzas. Tanto os que pertencemos á plantilla de traballadores da CRTVG coma os que non o somos sentímonos parte da Radio Galega e da Televisión de Galicia, como membros da comunidade que subuenta cos rendementos do seu traballo a súa existencia.

A Coordinadora de Asociacións Profesionais do Audiovisual Galego está integrada pola totalidade de asociacións profesionais do audiovisual galego: a Asociación de Actrices e Actores, a Asociación de Guionistas, a Asociación de Directores e Realizadores e a Asociación de Técnicos do Audiovisual. A Coordinadora representa por tanto á case totalidade dos profesionais do audiovisual galego. Todas estas asociacións decidiron traballar xuntas, facer fronte común, na defensa dos profesionais e do propio audiovisual galego.

A Coordinadora decidiu invitar a Academia Galega do Audiovisual a participar no proceso da procura da televisión e a radio públicas que queremos. A Academia Galega do Audiovisual é unha asociación sen ánimo de lucro que agrupa aos profesionais do audiovisual galego, de todo o audiovisual, cine, televisión, publicidade, vídeo, multimedia. A Academia é un espazo común para un colectivo tan diverso como é o noso audiovisual. Na Coordinadora creron que había que sumar todos os apoios posibles para elaborar estas propostas para a reforma da CRTVG. Por iso comparezo ante esta comisión, como presidente da Academia Galega do Audiovisual, en representación desta e da Coordinadora.

Todos nós temos moi claro que a CRTVG funciona como un motor indispensable do audiovisual galego. Todos recoñecemos esta función. Así ten que ser e así deberá ser no futuro, amparada pola nova Lei resultante do traballo desta comisión parlamentar.

E para que isto sexa así consideramos que a nova Compañía de Radiotelevisión de Galicia debe ser:

Unha Radio e unha Televisión públicas, fortes e ben dotadas. Cun financiamento e un orzamento precisos para facer unha radio e unha televisión de calidade, cunha programación axeitada. Os profesionais do noso audiovisual sabemos facer ben o noso traballo, iso levámosto demostrando 25 anos. Para seguir facendo o noso traballo precisamos os recursos necesarios.

A CRTVG pode costar moitos cartos, pero tamén custan moitos cartos a sanidade, a educa-

ción, a cultura, as obras públicas, e non por iso deben deixar de apoiarse.

Cremos que debemos ter unha CRTVG forte, de calidade, da cal os galegos nos sintamos orgullosos. Que sexa un reflexo fiel da nosa vida, das nosas historias.

A nosa radio, a nosa televisión, contribúen á construción de Galicia como País, nelas reflíctese a identidade e as características propias de Galicia e así debe seguir sendo.

Para todo isto precisamos unha CRTVG cun presuposto axeitado que permita desenvolver todas estas posibilidades.

Cremos na Televisión e a Radio públicas galegas. Non as entendemos doutro xeito. Nunca poden perder este carácter. A nova Lei debe impedir unha futura privatización.

Cremos nunha CRTVG independente, feita con criterios profesionais, que non estea ao servizo do partido que governe nese momento, senón ao servizo da sociedade galega ao completo.

Como clara mostra desa independencia, defendemos que a elección do Director Xeral da CRTVG debe ser no Parlamento por unha maioría de dous terzos e co maior consenso posible entre os partidos con representación parlamentaria. A duración do seu cargo debe ser de 5 anos, e sen que coincida o seu mandato cun período electoral. E propoñemos que o Director Xeral só poida renovar o seu cargo unha soa vez, para non estar no cargo nunca máis de dez anos.

O Director Xeral e os directivos da CRTVG deben ser elixidos entre profesionais cunha clara vinculación co audiovisual galego.

Como mostra desta profesionalización que defendemos dentro dos directivos da Compañía, o Consello de Administración da CRTVG debe ser tamén un reflexo disto. É desexable que ese Consello sexa elixido entre profesionais do audiovisual galego. Que rindan contas no parlamento e sexan elixidos polo mesmo.

Tamén é preciso que o Consello de Administración manteña periodicamente reunións coas asociacións que compoñemos o audiovisual galego, coas asociacións de produtoras e as de profesionais, para facer converxer criterios e buscar o xeito de facer unha Radio e unha Televisión mellores, ao servizo do que demande a sociedade galega.

Esta profesionalización debería potenciar dous puntos claves da TVG:

_Un equipo no departamento de proxectos, que avalíe dun xeito independente e profesional os proxectos que chegan á TVG.

_Unha área de comercialización e márketing, que permita que as nosas producións poidan aparecer no mercado internacional.

Neste sentido, é axeitado que a nova Lei xere vínculos co Consorcio Audiovisual de Galicia para que os investimentos e a promoción do audiovisual galego vaian na mesma dirección.

Estamos convencidos de que o idioma da CRTVG debe ser o galego. Debemos coidar por Lei que sempre sexa así. A CRTVG debe contribuír, dun xeito indiscutible, á normalización e á normativización do noso idioma, tal e como vén facendo ao longo destes 25 anos. Non se entenden unha Radio e unha Televisión públicas galegas se non son en galego.

A primeira canle da Radio e a Televisión públicas galegas deben aspirar a ter unha audiencia maioritaria. O modelo non pode ser unha canle minoritaria. Débese aspirar a unha programación de calidade pero que chegue ao maior número posible de galegos.

A segunda canle da TVG debe contar cun presuposto propio que lle permita ter unha programación específica. Esta segunda canle debería ter unha programación cun carácter preferentemente cultural.

Así mesmo, deben desenvolverse na súa plenitude as licenzas coas que conta a Televisión de Galicia. Debería haber unha canle temática de programación infantil e outra de informativos.

O mesmo coa Radio. ¿Por que non pode haber, por exemplo, unha canle de música clásica, ou outra de informativos, dentro da rede de emisoras da Radio Galega?

Tamén deben reforzarse as canles internacionais da Televisión e Radio públicas galegas. Estas canles internacionais deben servir para que os galegos da diáspora sigan cercanos á realidade

de Galicia, pero á súa vez amosarlle ao mundo Galicia como País. Estas canles internacionais deberían contar con programación propia, non ser só simples repeticións de programas que emiten a TVG e a Radio Galega.

Debe haber un control sobre a publicidade que emiten a Radio e a Televisión de Galicia. Nunca se debe poñer en xogo o carácter público da cadea. Debería garantirse por Lei que a publicidade sexa en galego.

É desexable unha potenciación e transformación da web da CRTVG para acadar unha auténtica canle multimedia, interactiva e coa máxima calidade, que poña en valor e permita ver á carta todos os contidos da cadea.

A CRTVG debe ter unha atención primordial ás manifestacións culturais e artísticas galegas. O noso cine, o noso teatro, a nosa música, a nosa literatura, as nosas artes deben ter cabida na Radio e na Televisión. Debe haber unha programación estable que permita ver o que pasa en Galicia no ámbito cultural.

A Lei debe garantir que a porcentaxe maioritaria, e con ampla diferenza, debe ser de produción propia, entendendo por esta tanto a produción interna coma a externa, cun apoio decidido, reflectido en cuestións porcentuais, á produción independente.

Na nova Lei debe recollerse o obrigado cumprimento da Lei Xeral do Audiovisual, que obriga a investir o 6% de todos os ingresos procedentes dos orzamentos que a Xunta (tanto ordinarios coma os extraordinarios consolidados no tempo) e os ingresos de publicidade na produción cinematográfica independente.

A CRTVG debe ser un apoio fundamental na produción cinematográfica galega.

O xénero documental debера estar especificamente protexido pola nova Lei, por permitir xerar documentos fundamentais para o coñecemento de Galicia no mundo e constituír pezas fundamentais para a valoración do momento presente para os galegos do futuro.

Por Lei debера reforzarse a programación infantil e xuvenil da TVG e da Radio Galega. Tanto na súa faceta de preescolar coma de infantil e xuvenil. Este é un grupo de espectadores que debemos gañar. Pérdense galegofalantes entre os máis novos. Débese reforzar esta programación para conseguir este público. Non debe esquecerse que a CRTVG ten o obxectivo, entre outros, de potenciar a cultura galega e o idioma propio de Galicia.

Dentro dese apoio á programación infantil debe apoiarse dunha maneira decisiva a produción infantil propia, de animación e imaxe real, tanto series coma programas destinados a ese público. Historicamente foron moi poucos os programas infantís producidos pola TVG, xa é hora de mudar isto.

A Televisión de Galicia debe racionalizar a programación e os ritmos de traballo.

É necesario regular as repeticións sen fin das series de ficción galegas, prexudicando a imaxe dos profesionais galegos, do mesmo xeito que é conveniente programar os traballos durante todo o ano, evitando os picos de traballo tanto en dobre como en producións, cando boa parte do ano non traballa ningún.

Somos conscientes da dificultade do seu cometido. Pero contan con todo o noso apoio para conseguir acadar a mellor reforma posible da CRTVG. Non se pode entender o Audiovisual Galego sen a CRTVG. A Compañía ten o deber de potenciar, de axudar ao desenvolvemento do noso audiovisual. Todos os éxitos que acadamos non se poden entender sen a CRTVG.

Este ano cúmprese o 25 aniversario da CRTVG. O mellor regalo que lle podían facer vostedes, este Parlamento, é a aprobación da nova Lei este mesmo ano. ●

() Texto lido por Xosé Manuel Olveira “Pico”, presidente da Academia Galega do Audiovisual, en representación da Coordinadora de Asociacións Profesionais do Audiovisual Galego, o 8 de xullo do 2009 ante a Comisión Parlamentar para a reforma da Lei da CRTVG.*



O Consello da Cultura Galega, en Santiago de Compostela, acolleu no 2009 o Foro Academia Aberta da Academia Galega do Audiovisual. Baixo o título de *As regras do xogo*, analizáronse en tres mesas redondas (28 de outubro e 5 e 11 de novembro) os novos marcos legislativo e legal do audiovisual galego, así como a dicotomía existente entre os filmes de alto e baixo orzamento. Ofrecemos unha escolma de extractos de todas as intervencións, tanto dos relatores coma do público. As transcripcións íntegras das sesións están arquivadas na Academia a disposición dos socios.

Inauguración do
Foro. Na mesa
de relatores,
de esquerda a
dereita, Pepe
Coira, Alfonso
Cabaleiro e Xosé
López



INAUGURACIÓN

28/10/2009

Relatores: Alfonso Cabaleiro, secretario xeral de Medios da Xunta
Xosé López, vicepresidente do Consello da Cultura Galega

Moderador: Pepe Coira, vicepresidente da Academia Galega do Audiovisual

Pepe Coira: (...) Na historia da Academia, os temas que fomos tratando no Foro son moi diversos: cuestións técnicas, cuestións artísticas... Esta vez, e non será a primeira, o tema que nos pareceu oportuno é o da política audiovisual (...) O audiovisual é unha arte social por excelencia. Ten unha repercusión económica, de emprego e de construción do imaxinario colectivo que todos coñecemos (...) Estamos diante dunha nova lexislatura e dun novo goberno ao que lle toca rexeer Galicia durante estes próximos catro anos. Por outro lado, está que a contorna do audiovisual é sempre cambiante, a da produción e, quizais aínda máis importante, a do consumo, e neste momento ese cambio acentúase. Hai unha paisaxe que muda a ollos vista, e posiblemente, derivado deses cambios, conveña revisar qué facemos e de qué regras de xogo nos dotamos. Isto aféctanos no contexto galego, no contexto español e no contexto internacional.

Xosé López: (...) O Consello da Cultura Galega, como saben, é unha institución consultiva e dinamizadora no campo da cultura, e polo tanto celebra especialmente a organización destes debates sobre un sector que, como di o marco normativo actual, é estratéxico para o país (...) O Consello promove unha iniciativa informativa, culturagalega.org, na que se trata de dar a máxima información sobre as actividades do sector audiovisual, e polo tanto esa é unha das súas principais contribucións, así como organizar algúns debates e reflexións.

Alfonso Cabaleiro: (...) O audiovisual e a comunicación están actualmente, tanto en Galicia como a nivel global, nunha situación de cambio e transición, como consecuencia da recesión económica, do paso do analóxico ao dixital (...) e dos novos estilos de consumo e de vida dos usuarios.

O audiovisual galego converteuse nos anos 90 nun sector emerxente. Creado gracias ao pulo de moitísimos profesionais, e eu creo que ás acertadas políticas de goberno da Xunta. Onde non había nada xurdiu un sector xerador de emprego e imaxe de Galicia que se converteu nunha referencia nacional e internacional e no terceiro centro de produción audiovisual de España.

(...) A política audiovisual en Galicia, na situación actual, ten que xirar esencialmente arredor da compañía da Radiotelevisión de Galicia. Por razóns lóxicas e económicas. A compañía da Radiotelevisión de Galicia é a súa locomotora (...) A compañía audiovisual pública necesita unha nova lei para reorganizar a súa estrutura a fondo. Pero se a CRTVG precisa reconversión, tamén a terán que facer as empresas e as produtoras privadas. Esta reconversión téñena que facer as propias empresas e non corresponde á Xunta. ●

Mesa sobre as leis do audiovisual galego. De esquerda a dereita, José Luis Méndez Romeu, Pepe Coira e Anxo Quintana



MESA AS LEIS DO AUDIOVISUAL GALEGO. ¿HAI QUE REFORMA-LA LEI DA CRTVG E A LEI DO AUDIOVISUAL?

28/10/2009

Relatores: José Luis Méndez Romeu, portavoz do PSOE na comisión da CRTVG; Anxo Quintana, portavoz do BNG na comisión da CRTVG [O terceiro dos convidados, Agustín Baamonde, representante do PP, non puido asistir].

Moderador: Pepe Coira, vicepresidente da Academia Galega do Audiovisual

Pepe Coira: A Lei Audiovisual, unha lei aprobada no ano 99 (...), foi aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia, definiu como estratéxico o sector audiovisual galego e naceu coa intención de artellar a política audiovisual da Xunta.

Dez anos despois atopámonos con que houbo notables e sucesivos cambios no entramado administrativo e aínda máis substanciais cambios na paisaxe audiovisual. Nomeadamente, no que pode ser a paisaxe televisiva. Unha cousa e outra parecíannos que facían pertinente a pregunta de se cómpre unha reforma desta lei ou non. Unha lei máis antiga, a da Televisión de Galicia, a do ano 84, é unha lei na que seguramente a pregunta habería que formulala doutro xeito,

porque a unanimidade á que apela esta lei é a unanimidade dos tres partidos con representación parlamentaria en Galicia. Que os tres, nos programas electorais cos que concorreron ás pasadas eleccións, incorporan a necesidade de reformar esa lei. Reforma que a priori parece enfocarse (...) a orientar a que esta sexa unha televisión máis pública e menos governamental e que se adapte aos cambios que, inevitablemente, e máis nos 25 últimos anos, se levan producido.

Anxo Quintana: (...) Se a Administración acompaña os sectores produtivos do país, sobre todo en momentos coma este, moito máis lóxico, ou igual de lóxico, será o acompañamento a un sector que, aparte de ser un instrumento cultural, (...) é industrial. (...) Eu creo que é necesario debuxar unha política galega para o audiovisual que, cando menos, estea guiada por oito eixos básicos.

O primeiro deles, que sexa unha política que parta dun principio básico de igualdade de oportunidades e de transparencia (...)

Un segundo eixo (...) sería impulsar o crecemento e a democratización tanto da produción como da difusión audiovisual. Creo que neste apartado xogou un papel moi importante a Axencia Galega do Audiovisual e penso que por ese camiño se debía seguir (...)

Creo que é necesario que haxa outro eixo condutor da política para o audiovisual que pule polo afortalamiento do tecido empresarial e profesional (...)

Creo tamén que é necesario que esa política para o audiovisual faga unha aposta decidida polo talento (...)

É necesario tamén que a política para o audiovisual sirva para provocar a emerxencia dun audiovisual con identidade propia. (...) Sempre é importante ter universos simbólicos propios, e que a produción audiovisual (...) sexa unha produción audiovisual con mirada propia, porque eu penso que esa é a mellor tarxeta de presentación no mundo (...)

Por eso precisamente, a sexta liña básica penso que debe ser un apoio decidido á internacionalización do audiovisual galego (...)

O sétimo eixo desta política de audiovisual debería ter reservado un apartado importante (...) para recuperar a memoria e o patrimonio audiovisual (...), moitas veces filmado por particulares, que é unha auténtica testemuña do que foi o noso devir cultural, económico e social (...)

(...) Por último, como oitavo eixo, a política audiovisual debe ter establecidos os mecanismos de sinerxias do sector audiovisual co resto das industrias culturais galegas (...)

A Ley General de la Comunicación Audiovisual no ámbito estatal é positiva e ten cousas importantes, pero sobre todo debía ser tomada dende Galiza como unha oportunidade, non como unha limitación (...), que a Administración galega (...) puidera participar nese proxecto, entre outras cousas, para reservar a súa competencia administrativa exclusiva en ámbitos moi importantes, como é asegurar que haxa un maior número de canles, de proxección no noso idioma (...), para aquilo que significa a capacidade de regular os operadores de televisión e os contidos propios en Galiza, ou para (...) poder, cando menos, opinar no outorgamento de licenzas no ámbito estatal, posto que nós tamén participamos e somos parte do Estado.

No BNG, dende, logo non temos dúbida da necesidade de modificar a Lei da Compañía da Radio Televisión Galega, e cremos que a modificación (...) debía ter cando menos seis criterios.

Primeiro, (...) a necesidade de que o director da compañía sexa elixido por maioría cualificada do Parlamento e, polo tanto, non nomeado polo Goberno.

Segundo criterio, que o Consello de Administración da Compañía fora un consello á marxe (...) dos avatares partidarios e políticos (...) Entre outras cousas, (...) que os períodos de mandato do Consello de Administración de Televisión non coincidiran cos períodos legislativos de cada goberno nin de cada Parlamento.

Creo que sería necesario que na modificación da lei se aproveitara para blindar o carácter de servizo público da Radio Televisión de Galicia, tanto no ámbito da información coma no ámbito da industria cultural. Eso é o que realmente a faría non gobernamental.

Sería necesario aproveitar a modificación da lei para adaptar a compañía á nova realidade da sociedade da información e das novas tecnoloxías. A dixitalización dá á TVG (...) moitísimas oportunidades. Permitiría que a Televisión Galega poida ter hoxe catro canles, sen ningún tipo de problema.

Creo tamén que debe ser unha reforma homoxénea, é dicir, que debe ser unha reforma con igual potencia para a televisión, para a radio e para internet.

Por último, (...) sería necesario aproveitar a reforma para blindar o cometido da TVG como motor do audiovisual galego (...) A necesidade de cumprir a lexislación respecto a que o 5% dos ingresos sexan destinados a financiamento do sector audiovisual.

José Luis Méndez Romeu: (...) No ámbito do Estado téñense producido nos últimos anos dúas leis importantes (...) A Ley de Radio Televisión estatal, que sitúa baixo unha nova óptica a prestación do servizo público da televisión por parte do Estado (...) e a Ley de Financiación de la Corporación de Radio Televisión Española, que introduce un cambio aínda máis fondo que ten que ver coas fontes de financiamento privado no mercado televisivo.

A Ley General que se empeza a debater agora foi obxecto dun longo debate con tódolos sectores afectados, froito do que se teñen introducido moitas modificacións no texto (...) A diferenza fundamental entre este novo marco regulador estatal, que obriga ó marco galego vixente, ten que ver con estes aspectos: séguese a directiva europea (o marco galego non o facía), regúlanse os dereitos do público (ó pluralismo, culturais, lingüísticos...) Regúlanse os dereitos dos prestadores do servizo (...) e, dentro deles, dun xeito específico, o estatus das administracións cando son titulares de servizos públicos. E regúlase, sobre todo, o mercado: o publicitario, o das licenzas, o das alianzas, etc.

(...) O novo marco atende a novas modalidades da televisión, é dicir, a televisión no móbil, a televisión asociada á telefonía, a televisión asociada a internet (...)

(...) Igualmente, establécense unhas porcentaxes de financiamento sobre os ingresos das canles de emisión, dos que tamén unha parte importante vai dirixido ó cine independente, ó audiovisual independente. E, no caso do sector público, significa nada menos que o 6% dos ingresos van destinados exclusivamente a produción cinematográfica (...)

(...) Nós cremos que a lei debe garantir, sobre todo debe impulsar (...), produción de contidos, non só para os soportes tradicionais senón multimedia. Existe, aquí e nos mercados alleos, unha demanda espectacular, e por tanto unha capacidade para unha industria que está xa asentada, como é a industria audiovisual galega (...)

(...) Este sector debe ser apoiado, precisamente para continuar afondando na competitividade, e aí é onde entran os mecanismos de apoio financeiro dende os poderes públicos, coma o caso do Igape (...) Debemos tamén favorecer que o sector colla músculo, que fronte a unha multiplicidade de empresas que teñen un volume baixo de facturación, e sen prexuízo de que sigan existindo, se fomenten as alianzas estratéxicas, os consorcios, as fusións no seu caso, para garantir mellores condicións de competitividade (...)

Membro do público: (...) Tanto na orde da Ley del Cine como na Ley del Audiovisual prímase as grandes producións, as producións por riba dos tres millóns de euros, por riba do que son os valores culturais, os valores que podemos nós intentar armar dende Galicia (...) As producións que podemos facer, que temos feito a día de hoxe en Galicia, a maioría delas non se poderían facer coa lei que está presentada (...)

Anxo Quintana: Calquera proceso de deseño legislativo a nivel estatal, sobre todo cando é un proxecto legislativo para atender novas necesidades e campos por explorar, resulta complicado. Resulta complicado compatibilizar os diferentes intereses (...) Eu creo que sería moi importante que a Administración galega tivera unha actitude proactiva (...), que cando se está a legislar para o sector audiovisual estatal optara, ou polo menos tentara, ser actora e non espectadora (...)

Membro do público: (...) Eu levo anos dicindo que me parece máis interesante a lexislación danesa, e agora sei que o Gobierno catalán ten intención de copiar a lexislación danesa, pois copíemola antes có Goberno catalán (...)

Creo que debemos dar unha marxe de confianza, a lexislación que hai actualmente é verdade que potencia películas máis grandes, que son absolutamente necesarias, segundo o propio mercado nos está a pedir. Pero non desatende outras películas (...) Preocupémonos menos do ICAA e tentemos facer unha lexislación propia (...)

A nivel máis particular (...), tentemos controlar a sobreproducción. En Europa o ano pasado fixéronse máis de 1.000 películas, en España 170. Sabemos que moitas delas se estrean mal, creo que en Europa nos equivocamos facendo un sistema de fomento da produción que, desgraciadamente, creou sobreproducción (...)

(...) Para rematar, gustárame chamar a atención sobre un sector que se converteu en bandeira do noso audiovisual en toda Europa e que, desgraciadamente, creo que deixou de ser estratéxico, como é a animación (...) Dez anos despois da Lei Audiovisual, seguimos sen ter unha escola de animación en Galicia, non hai ningunha escola de animación de referencia nin sequera en España, en Europa pode haber cinco ou seis (...) En animación centrámonos nas longametraxes, deixamos de lado o groso da parte industrial, e en Galicia seguimos sen facer series de animación, que son as que máis emprego poden crear (...) É frustrante, porque cando levantamos proxectos de animación moitas veces temos que ir contratar xente fóra, non temos un volume suficiente de produción, non temos esa implicación da TVG en series e en máis longas (...)

Todo isto ademais ten moito que ver con outros sectores emerxentes, como son os videoxogos; o esforzo estratéxico que se faría para animación valería perfectamente para os videoxogos. Obviamente, non deixando ningún tipo

de produción audiovisual, pero non deixa de ser frustrante que poidamos levantar proxectos e que en moitos casos teñamos que gastar diñeiro fóra de Galicia, cando poderíamos estar aquí creando máis postos de traballo. Pero, desgraciadamente, non temos nin os orzamentos nin os profesionais nin as instalacións.

Membro do público: (...) Hai que reformar a Lei de RTVG e a Audiovisual, hai trinta anos que hai que facelo (...) No ano 88, a Directiva de Televisión Sen Fronteiras foi a gran revolución que houbo (...) Esa directiva europea é a lei pola cal nós podemos ter subvencións grazas á excepción cultural (...) Non é Madrid o que está no medio, xa tiñamos o modelo feito e escrito dentro desa directiva feita en Europa hai moito tempo (...)

(...) A subsidiariedade española mantívonos vinte anos lonxe de cumprir cunha normativa que sería beneficiosa para Galicia e para todos os pobos que queiran desenvolver unha industria que non vaia ser sometida unicamente polas multinacionais. Niso cumpre, naturalmente, unha función especial a televisión (...)

(...) En Dinamarca, en Francia, en Alemaña, en Inglaterra, todo o mundo ten axudas para asistir ós programas de formación de alto nivel europeos. En España non as hai. O que vai a algún destes programas, como todos sabemos, ten que pagalo do seu peto (...)

(...) Só quero desexar unha cousa: a televisión como motor, pero a televisión pública, que a pública sempre foi iso: entretemento, información e formación, educación.

Pepe Coira: (...) Ese cambio no modelo de financiamento de Televisión Española (...), a min chámame poderosamente a atención o feito de que parecía unha fórmula destinada a resolver o financiamento de Televisión Española, pero non do sistema público español de televisión (...) Estaba creando unhas vías de financiamento ás que un pensaría que, se cadra, tamén deberan acudir televisións públicas de ámbito autonómico, ou televisións públicas de ámbito local. É un debate que eu non vin que se producira en ningún sitio (...)

Anxo Quintana: (...) Eu penso que o cambio no modelo de financiamento da Televisión Española proposto non vén dado nin por unha cuestión de modernidade nin por buscar un novo modelo de financiamento para a televisión pública, senón para resolver o financiamento das televisións privadas, que teñen un problema de competencia coa pública (...)

(...) Penso que sería un desastre trasladar con carácter mimético esa obrigatoriedade de financiamento ó sistema autonómico (...) Non só sería un problema grave para o financiamento do sistema público da televisión galega, senón tamén un problema real para que determinados produtos galegos tiveran a posibilidade de enmarcarse publicitariamente no ámbito que lles corresponde (...)

José Luis Méndez Romeu: (...) O debate non é publicidade si, publicidade non, o debate é o financiamento da televisión pública. Hoxe a televisión galega ten catro canles de financiamento, a máis importante é a transferencia pura e dura dos impostos (...) Logo está o mercado publicitario. Os convenios, que volve a ser a Administración: o que patrocina Agricultura, o que patrocina Sanidade, ou quen sexa. E o financiamento de Política Lingüística, para

soster indirectamente que sexa o principal medio de normalización da lingua. Ó final son tres vías de orzamento público, é dicir, tres vías que veñen dos impostos, e unha vía que vén do mercado. Onde estamos hoxe? Nunha caída do sector publicitario moi forte, e tamén dos convenios. Como se compensa iso? Incrementando indefinidamente a aportación directa dos orzamentos. Iso é unha primeira reflexión, pero ademais, e isto é o importante: ¿para que vai ese financiamento?

(...) Cabe explorar que unha parte deste financiamento sexa condicionada a mecanismos de coprodución ou a obxectivos de comercialización allea. O xogo do financiamento ten máis parámetros cá mera enunciación da cantidade e da fonte, ten que estar vencellado aos obxectivos. E isto é moi importante porque se está a debater a creación de novas canles e, polo tanto, o problema vai multiplicar (...)

Polo tanto, unha Administración rigorosa tenos que levar a saber a que vai destinado o financiamento da televisión. Con todo isto fanse tres cousas distintas: produción, adquisición de bens e servizos (basicamente producións alleas, ou pago de dereitos por producións, como é o caso do deporte) e a xestión da propia compañía (...) Por tanto, estamos obrigados non só a facer unha nova lei, senón a definir o modelo da televisión pública do século XXI, ou alomenos dos próximos 20 ou 25 anos.

Membro do público: A televisión pública é un tesouro que hai que conservar (...) No caso de Televisión Española, houbo un entreguismo a Uteca, e ademais sen contraprestacións. O de acabar coa publicidade na televisión pública xa o fixo Sarkozy en Francia, pero fíxoo cunhas canles que teñen un nivel de investimento no propio sector, animación por exemplo, absolutamente distinto ao que hai aquí (...) Regalámoslles esa torta publicitaria sen obrigalos a facer certo tipo de televisión, e agora, desgrazadamente, se queres producir unha televisión de calidade, agora mesmo só podes ir a Televisión Española ou algunhas canles autonómicas.

(...) Sobre comercialización (...) temos que saber que hai produtos que non viaxan, e non porque metamos máis diñeiro van viaxar (...) Temos que ter produtos para o noso mercado interno, e aí o labor da Televisión de Galicia é claro (...)

Membro do público: O tema da publicidade (...) é fundamental para a supervivencia de moitas das empresas do sector de Galicia, porque é unha vía fundamental de explotación de moitas empresas pequenas que viven de fabricar pezas non só para a Televisión de Galicia, senón tamén para outras canles. (...) Na asociación de empresas de publicidade a nivel nacional fixemos fincapé en que era un disparate suprimir a publicidade de Televisión Española cun comunicado, e penso que o debate non durou nin quince días (...)

(...) Con relación ó tema da exención cultural, que é ó que a Directiva de Televisión sen Fronteiras tratou sempre de deseñar, hai unha preocupación das *major*s americanas de impoñer. A eles fastídalles moito que determinado cine producido en Europa entre noutros mercados que son habitualmente deles (...) É dicir, defenden que os gobernos non poden poñer cartos no cinema simplemente porque eles posúen as pantallas para explotar as súas películas e non queren que ninguén meta un produto para competir cos deles (...)

Membro do público: (...) O GATT vai liquidar totalmente a posibilidade de subvencións en todas as materias. O que levamos son xa cinco moratorias dicindo: non se pode subvencionar cine. Non é a Comisión, ó revés, a Comisión busca a excepción cultural. (...) Pero, inevitablemente, vai chegar o momento en que non haxa subvencións (...)

¿Que pasa co Programa Media hoxe, onde ningún produto galego practicamente pode chegar? [Os nosos] produtores non teñen o que tiveron os franceses, daneses, etc., durante vinte anos, que foi a formación, a participación en mercados e o apoio en todas esas cuestións, cunhas leis que non digo que sexan perfectas, pero si un pouquiño máis axeitadas á realidade (...) ●

Mesa sobre
modelos de cine
diverxentes.
De esquerda a
dereita, Antón
Reixa, Alfonso
Zarauza, María
José Arrojo,
Vicente Aranda e
José Nolla



MESA DOUS CINES EN CONFLITO?

05/11/2010

Relatores: Vicente Aranda, director de cine; José Nolla, produtor; Antón Reixa, produtor, director, presidente do CLAG; Alfonso Zarauza, director e guionista

Moderadora: María José Arrojo, directora da Escola de Medios

Antón Reixa: O gran problema que ten en xeral a cinematografía española, a cinematografía europea, é como se difunden as películas e como chegan ós espectadores (...) Normalmente, incluso en España, que unha película teña moito público é algo negativo en termos artísticos. Haberá que analizar iso (...)

(...) Sobre a lei hai algo que eu lamento moito (...) Neste decreto regulador non hai demasiadas garantías xurídicas para que un investidor se decida a aplicar o seu diñeiro no cine (...)

Alfonso Zarauza: (...) As posibilidades que temos de saír adiante a maioría dos directores de lugares como Galicia ou máis na periferia é a través de pequenas e medianas producións, e estas son as que saen peor paradas con esta lei (...) O que se vai fomentar fundamentalmente son as grandes producións de máis de 2 millóns de euros (...)

María José Arrojo: Se vos parece, vou situar un pouco isto (...) Temos sobre a mesa unha orde ministerial que ten como obxectivo fundamental a regulación das axudas á cinematografía e que vén desenvolver a Ley del Cine do 28 de decembro do 2007 (...) A orde ministerial introduce importantes novidades no sistema de axudas vixente (...) As axudas para a elaboración de guións e longametraxes quedan limitadas a un máximo de 15 anuais, incrementando, iso si, a súa dotación (...)

As axudas para a amortización continúan a dividirse en axudas xerais e axudas complementarias. As axudas xerais terán o público como xurado na atribución das mesmas, xa que se contabilizarán tanto a asistencia ás salas de exhibición como descargas legais en internet. Sen embargo, o éxito comercial dunha obra considérase que non debe ser o único criterio válido para facela merecedora do apoio público, polo que se establece que as axudas complementarias non poden

superar o 50% do presuposto total da película e repartiranse segundo un sistema de puntos baseados en criterios que teñan en conta o carácter independente da produción, que se trate dunha película documental ou non, que a súa calificación sexa especialmente recomendada para a infancia, que se trate dunha película de animación, o recoñecemento da película mediante a súa aceptación en festivais, premios, etc., que a súa versión orixinal estea en lingua española distinta do castelán, a existencia dunha composición equilibrada entre homes e mulleres entre os responsables dos equipos técnicos, o emprego de técnicas de cine de 3D ou o risco asumido polo produtor a partir de determinados niveis de investimento.

(...) Jaime Rosales apuntaba que a nova orde non prexudica as pequenas producións en beneficio das grandes, o que fai é separar; que si permite que se realicen pequenas producións, pero faino polo cauce das subvencións sobre proxecto aprobadas por un comité. Afirmaba tamén que o número de películas pequenas subvencionadas é maior ca coa lei anterior, e as contías tamén, e que a orde fomenta a realización de películas grandes de máis de 2 millóns de euros por outro cauce, o da axuda automática, sempre e cando se alcancen os 75.000 espectadores (...)

Un sector de profesionais da industria do cine do noso país decidiu empezar este verán a mobilizarse para protestar contra a orde (...) Piden que non se poñan límites ás axudas a guións, consideran preocupante que as películas que eluden axuda sobre proxecto non poidan acceder á complementaria de amortización. Ese novo estado de cousas afirman que pode xerar a perda de emprego dunha gran masa de traballadores do cine e do audiovisual, afirman que provocará a eliminación de facto de arredor dun 60% das producións anuais.

(...) ¿En que se basean para facer esas afirmacións? En que o novo reparto de axudas deixa as producións de menos de 600.000 euros de orzamento coa única opción de optar ás subvencións sobre proxecto

(...) As películas cun orzamento de entre 600.000 e 2 millóns de euros, para conseguir unha subvención complementaria van ter que reunir unha serie de requisitos tales que consideran moi difícil que un produtor independente se arrisque a producilas.

Puxéronse igualmente a facer cálculos, e chegaron á conclusión de que unha película dun millón de euros que pasara por algún festival, que conseguira entre 60.000 e 100.000 espectadores, só chegará a obter unhas axudas de 100.000 euros, mentres que coa lexislación actual serían uns 330.000 euros.

(...) O anuncio de que a orde ministerial que desenvolve a lei do cine primará á hora de outorgar subvencións ás películas dirixidas por mulleres tamén reabriu o debate sobre a discriminación positiva e os seus límites.

(...) O número de produtoras activas en España no ano 2008 é un 29% maior ca no ano 2005. A facturación total é case un 12% maior no ano 2008 con respecto ao 2007. O sector dálle emprego a un 20% máis de persoas ca no ano 2006. E a realidade é que no 2008 as exportacións de cine decreceron un 29% e case están á par das exportacións de televisión, que medraron por contra un 4,4%

José Nolla: (...) A orde xa é unha realidade, está vixente desde que saíu, este é o novo escenario normativo (...) Particularmente, non me gustaría que unha crítica a esta orde ministerial se confundira cunha reivindicación de volver á situación anterior. Eu creo que a situación anterior era un pouco insostible (...)

(...) Ao final o que ocorre é que hai dúas fiestras, unha que é a normal, por así dicilo, que está limitada a películas de arredor de 600.000 euros de custo (...) As que están por baixo de 600.000 euros de custo recoñecido non teñen ningún tipo de axuda agás a limitada ao 15% de billeteira. O 15% de descargas de internet, aluguer de vídeo ou venda de vídeo, esa é a única axuda que teñen. As que teñen un custo recoñecido de entre 600.000 euros e 2 millóns teñen unha axuda de carácter automático, vinculada a unha nova maneira de calcular que son os puntos: produtor independente, 4 puntos (cada punto son 10.000 euros); igualdade de xénero nos postos de dirección de departamentos, 2 puntos máis; coprodución internacional, 2 puntos máis; unha longa documental, outros 2 puntos, creo. E tes puntos se despois de producir a película resulta que fuches á Berlinale, etc.

(...) Pero o gordo, o verdadeiramente gordo da axuda, consiste en que por cada 45.000 euros de custo recoñecido do produtor, tes 1,5 puntos, é dicir, 15.000 euros (...) Pero a partir de 2 millóns de euros (...) Se tes unha coprodución internacional, eses 2 millóns baixan a un millón e medio, e se rodas a película nunha lingua distinta do castelán, baixa tamén a un millón e medio (...)

É dicir, hai un claro obxectivo por parte da orde ministerial (...) en favorecer as producións de maior orzamento. Eu non estou en contra dese principio, do que estou en contra é de que ese principio signifique simultaneamente a práctica eliminación doutro tipo de películas ás que só lles queda a saída da subvención anticipada (...)

(...) A situación anterior tiña aspectos moi negativos, había produtoras que facían unha película (...) coa subvención e despois despreocupábanse de promocionala, de buscar diñeiro para investir en cortes de publicidade, etc. Todo isto estaba levando a unha especie de mediocridade xeral do cine español (...)

(...) Unha reflexión final. Creo que ese oco enorme que se lle deixa ao cine pequeno, o cine de primeiras películas, etc., na lexislación do Estado estaría moi ben que o encheran as subvencións autonómicas (...)

(...) Ao final pode facerse *Ágora* porque se fixo *Tesis* antes, e porque se fixeron curtas e porque se fixeron películas, digamos, *mochileras*. Agora mesmo vai ser moi, moi difícil facelas.

Antón Reixa: Habería que preguntarse por que en España hai tantas películas de 2-2,5 millóns ¿É por unha dolicocefalia dos creadores cinematográficos, que sentan á mesa e escriben guións e historias de 2-2,5 millóns? Non, é basicamente porque 2-2,5 millóns é o diñeiro que os produtores podemos prefinanciar, por vía de subvencións e precompras de televisións (...)

(...) É certo que se fan moitas películas en España (...) Hai moitas películas que se fan que ao mellor non teñen sentido para unha explotación comercial en salas, no DVD, pero ao mellor teñen todo o sentido para a explotación en televisión, a televisión é moi digna, vea a xente (...)

Alfonso Zarauza: (...) Fíxose unha lei que ten moitas cousas boas, que corrixe moitas cousas da anterior lei, pero ten algo moi perigoso, que é que ao final está feita á medida das grandes producións (...) O tipo de cine de menos de 600.000 euros non vai existir, vai ser un caixón de sastre no que van entrar 20 proxectos de 400.000, e iso paréceme unha catástrofe a nivel creativo e a nivel autoral (...) Os autores que máis xente levan ao cine, Icíar Bollaín, Fernando León, Almodóvar, Amenábar, todos empezaron facendo un cine independente que hoxe en día vai ser moi difícil (...)

José Nolla: Home, eu non diría tanto, ¿non? Afortunadamente, o talento do cine español é moi superior, polo menos a súa potencialidade. E non creo que unha norma vaia determinar de maneira tan ríxida isto (...)

Antón Reixa: Hai unha cousa que a nova lei non supera, e é que nas axudas a proxecto volven sacralizarse as comisións, co problema que ten obxectivar nunha comisión o valor artístico dunha cousa (...) Eu non sei se non conviría case invertir os termos: que o cine de vangarda, de alto interese artístico, optara a subvencións automáticas e o outro deba pasar por unha comisión (...) O que é máis necesario é o pulo ao novo talento, porque é o que ao final engrosa os éxitos, e ademais aí a cantidade ten que ver coa calidade. Se ti arriscas en 100 autores noveis, tes máis posibilidades de que che saian 10, se apostas só en 12 non che van saír 10 (...)

José Nolla: Dous comentarios. Un respecto a esa pregunta: ¿por que, sospeitosamente, a maioría das películas chegan a 2,1 millóns? Ben, hai dúas situacións: unha é que esa película custou realmente 1,5 millóns e o produtor tenta que sexa un pouco máis, porque obtén un terzo sobre ese plus. Pero está a inversa, que é moito máis perniciosa: é dicir, esa película que debía custar tres custou dous (...)

(...) Hai outra cuestión que tocamos pouco, e é o tema das coproducións internacionais (...) Facer unha coprodución minoritaria española, se xa era difícil antes, agora é tremendo, porque tes o mínimo de 1,5 millóns. É dicir, imaxina que quero entrar nunha película co 20%, pois agora ese 20%, para poder acceder á subvención grosa, ten que ser de 1,5 millóns. Se iso é o 20%, ten que estar nunha película de 6 millóns. Unha película de 6 millóns de coprodución internacional... Home, se é de Hollywood ao mellor si, pero unha película latinoamericana...

E permítide que remate (...) O famoso 5% para todas as televisións privadas (...) baixa a un 3% ¿De que maneira? Porque no 5% entran as telemovies, as miniseries e as series, pero o proxecto de lei obriga a que o 60% dese 5%, é dicir, o 3%, se dedique a obras cinematográficas europeas (...) E dese 3%, a metade, é dicir, un 1,5%, ten que ser a obras de produtores independentes. É dicir, que se pasa na práctica do 5% ao 1,5% (...) Eu a sensación que teño é que gañaron as televisións privadas, claramente. Ao final é 1,5 respecto a case o 5, con todos os matices que se queiran (...)

Antón Reixa: Eu creo que tampouco soubemos artellar o noso discurso socialmente. Fixémolo dunha maneira un tanto endogámica (...) Se comparamos, por exemplo, o orzamento do fondo cinematográfico español co do Museo Reina Sofía, saímos baratísimos (...) Debiamos ter armado máis este discurso comparativo, e en positivo, no sentido de que un euro nunha película ten un efecto multiplicador enorme (...) É dicir, é un proceso no que intervéñen moita xente, vaise xerando moito emprego directo e indirecto (...)

Alfonso Zarauza: (...) A lei fala do tema de distribución e crea a figura do distribuidor independente, pero logo, lendo a orde, non acabo de ver cómo se desenvolve iso (...)

Antón Reixa: Eu falaba antes de que debiamos pensar qué pasa cos nosos produtos unha vez que os producimos (...) A un exhibidor non se lle debера tolerar que se comporte coma un vendedor de flocos (...)

Membro do público: Todo o que vou dicir dígoo dentro dun foro de profesionais, nunca o diría en público (...) A xente que quere seguir a facer

películas para que non as vaia ver ninguén non ten cabida na industria do cine. É así de claro, e eu creo que os do teatro nos deron unha ensinanza brutal (...) Porque eles, se non teñen público, non teñen obras, non hai compañías (...)

(...) O ano pasado en Cataluña producíronse setenta e tantas películas, case tantas coma en Italia e máis ca en moitos países moi desenvolvidos de Europa. Eu coñecía, eu, eh!, que estou na industria, coñecía 14 ou 15. A maioría fixeran 1.000 espectadores (...) Con máis de 100.000 espectadores, creo que había seis das setenta e tantas. E recibiran subvencións de máis de 30 millóns de euros. Isto non pode ser.

(...) Un produtor catalán de moito renome dicíame: “Eu antes facía películas ambiciosas, gastaba 500.000 euros en estrealas, fan aceptablemente ben e en moitos casos perdía 300.000 ou 400.000 euros. Agora fago películas en catalán, non gasto nada en promocionalas, en vez de facer 100.000 espectadores fago 10.000 e gaño 300.000 ou 400.000 euros por película” (...)

O outro día, representantes de AGAPI e doutras asociacións foron falar cos voceiros de Cultura dos partidos no Congreso dos Diputados (...) O voceiro de Cultura do Partido Popular, que é o posible ministro de Cultura se gañaran no 2012, dixo: “Mira, no 2012 revísanse todas as normas de axudas do Estado á cinematografía. Non teñades a menor dúbida de que en España ímolas suprimir”. Textualmente.

(...) Fanse cento setenta e tantas películas en España cun 13% de cota de mercado, cando en Italia fanse 100 e teñen un 29% (...) En Francia, cun pouquiño máis de dez películas ca en España, teñen o 49% de cota de mercado. Cunha lexislación que, se a xente a lera (porque a xente fala do modelo francés, pero ninguén o leu), verían que é enormemente máis dura cá de aquí e que favorece moito máis as grandes producións (...)

Membro do público: (...) Están acabando radicalmente coas coproducións minoritarias. Eu teño un proxecto que estaba xa moi avanzado e vou ter que dicir que non, non me podo meter nunha película na que vou ter un 20% con 1,5 millóns. ¿Cómo xustifico eu iso? É que nin aínda que tivera unha capacidade de inflar absoluta, non podería (...)

Antón Reixa: (...) Nunca na historia da humanidade se consumiron tantos produtos audiovisuais por tantos usuarios, pero nunca estivo tan desorientado o modelo de negocio, e ese é o gran problema. De todas formas, hai unha parte do sector que é moi reacia a pensar en novas tecnoloxías, sequera a nivel de soporte (...) ●

Mesa sobre o marco administrativo do audiovisual galego. De esquerda a dereita, Xavier Bermúdez, María Bouzas, Alfonso Cabaleiro e Jorge Algora



MESA O MARCO ADMINISTRATIVO DO AUDIOVISUAL GALEGO

11/11/2010

Relatores: Alfonso Cabaleiro, secretario xeral de Medios da Xunta; Jorge Algora, director, vicepresidente de AEGA; Xavier Bermúdez, director, representante da Coordinadora de Asociacións de Profesionais do Audiovisual

Moderadora: María Bouzas, actriz

María Bouzas: (...) Comentarvos que botamos en falta a presenza dalgún representante da Consellería de Cultura, que foron convidados a estar nesta mesa (...)

Temos un panorama no que temos un consorcio, temos o CGAI, temos a AGADIC, temos un Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual, temos unhas oficinas da Axencia Audiovisual, temos unha Secretaría Xeral de Medios, temos un programa Sempre Cinema. E ben, preguntámonos: ¿quen se ocupa de nós, como e cando? As asociacións de produtoras e profesionais manifestaron xa ó longo do ano pasado a necesidade dun ente único, transversal, e xa sabemos que este é un sector complexo (...)

Alfonso Cabaleiro: Esta mesma atomización que ti sinalabas con respecto a tantas institucións (...) a verdade é que, desde o punto de vista do sector, tamén está o tema moi atomizado (...)

(...) A Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia, no tempo que levo á fronte dela, está a traballar no artellamento de estratexias políticas, plans, solucións e medidas para que o sector audiovisual galego volva dar un salto cuantitativo e cualitativo. Para iso o Goberno galego propondrá novas políticas lexislativas e novas estratexias de actuación, e o sector terá que resolver algúns problemas internos e estruturais que tamén vén arrastrando. Se estamos a falar dun sector industrial estratéxico, temos que partir da base de que non pode ser

un conxunto de empresas que viven exclusivamente das subvencións da Xunta e da produción externa da compañía Radio Televisión de Galicia.

(...) Non se cuestiona aquí o apoio directo ou indirecto ao sector audiovisual galego, pero polo seu propio ben e razón de ser industrial hai que pedirlle que se esforce en abrir novas vías comerciais externas (...)

(...) A Secretaría Xeral de Medios está a traballar de cara a esta lexislatura na elaboración dunha nova Lei de Comunicación Audiovisual que deberá introducir aspectos doutras dúas leis de rango superior que a comunidade autónoma terá que traspoñer á súa respectiva: a Directiva Europea de Servizos Audiovisuais, que foi aprobada no 2007, cun prazo ata decembro do 2009 para que cada un dos estados a adaptasen ás súas respectivas lexislacións; e, no caso de España, a Ley General del Audiovisual, que está en trámite de discusión no Congreso dos Diputados (...)

(...) A Xunta actual ten o compromiso, porque é unha Xunta única e ten tamén un criterio único (...) de que o sector audiovisual estea integrado efectivamente nunha soa unidade administrativa (...)

Xavier Bermúdez: (...) Dende a coordinadora, entre tódalas asociacións profesionais e de produtores (...) no ano 2007, en xuño, fixemos un decálogo que presentamos ó Goberno que había entón facendo unhas demandas. O decálogo, para a coordinadora, segue plenamente vixente (...) Nese decálogo demandabamos (...) a concreción dunha política audiovisual única (...) Non se sinalaba ningunha outra cousa respecto a este organismo, é certo que nós sempre tivemos unha preferencia clara porque estivera vinculado con Cultura. É o que ocorre en toda a nosa contorna, non só en España, senón en toda Europa (...)

(...) Non obstante, para nós hai outras condicións que son máis importantes ca esa, condicións de dilixencia (...), de actuación máis simplificada e eficaz (...) E outra cousa tamén moi importante para nós (...), que é a participación do sector na xestión do organismo en cuestión (...)

Jorge Algora: (...) O que desexamos dende as asociacións de produtores é que xurda un organismo capaz de promover os fondos de produción e de promoción de forma coordinada, e con criterios que propicien a estabilidade e o crecemento do sector. Ese é o tren que perdemos durante todo este tempo.

(...) Un sector, para crecer, non debe estar sometido aos imputs que da política se poidan derivar, ten que ter a súa propia estratexia e necesita as planificacións necesarias para executar con garantías o seu traballo.

O ideal sería poder manter una convocatoria aberta durante todo o ano, isto evitaría que moita xente do sector traballara intensivamente uns poucos meses e estea parada o resto do tempo. Porque cando a xente, como está a ocorrer neste período, ten que rodar fóra de tempo, ou se concentran as producións, o que pasa é que hai un encarecemento dos recursos e iso é prexudicial para todos (...)

Onte estaba en Galicia Ignasi Guardans, o director xeral do Instituto de Cine, é a segunda visita que fai a unha comunidade autónoma despois de Cataluña, e de algunha maneira iso significa que reconece o peso da produción galega dentro do panorama estatal. O que temos é que acadar todos os apoios para que siga sendo así, o sector está creado e as bases postas, o único que necesitamos é unha vontade de coordinación, do sector e dos organismos da Administración, para que poidamos acadar os resultados que levamos anos esperando.

María Bouzas: ¿Que resulta máis eficaz, unha axencia ou un consorcio? ¿Funcionou realmente a transversalidade do consorcio, estiveron presentes esas áreas todas que permite o consorcio que estean?

Xavier Bermúdez: Quen e con que programa levaría unha cousa ou outra, sería unha pregunta que habería que responder antes de poder pronunciarse. Os organismos, se están dotados dunha certa flexibilidade, van depender do que se faga con eles (...)

Alfonso Cabaleiro: A Administración, con matices (...), pero practicamente na súa integridade, asume este decálogo do sector audiovisual galego. E tamén reitero que as palabras clave para a Administración son a unificación, o diálogo e o consenso.

(...) Eu creo que, tanto na etapa do anterior goberno do Partido Popular, como tamén na etapa do goberno bipartito, o Consorcio funcionou e foi capaz de facer esa integración, desde logo ese é o espírito do Consorcio (...)

(...) Loxicamente, para este goberno o fundamental era non parar o sector. Recoñezo que houbo un certo retraso nas axudas, pero tampouco é un retraso imputable a este goberno, é froito máis dun proceso electoral, dun cambio de goberno (...)

(...) Logo está todo o relacionado coa Televisión de Galicia (...) Temos que sentarnos todos a falar con respecto á televisión, o diñeiro para produción independente, os cumprimentos do 5% ou do 6%, estamos agora nese debate no marco estatal, a ver como queda, e loxicamente as axudas para produción de cine (...)

(...) E despois, temos que ter tamén moi presente todo o tema do futuro tecnolóxico do sector (...) Precisamente tiveron unha entrevista con Ignasi Guardans e dicíame que o debate está noutros puntos, pero que realmente a gran preocupación para el era todo o tema da dixitalización, tanto na produción (...) coma na exhibición das salas de cine (...)

Jorge Algora: (...) Eu creo que o tema de se deberíamos apostar polo consorcio ou pola axencia é unha cuestión semántica. O que si afecta ao fondo das cousas é que o organismo único teña as competencias dos fondos da produción e da promoción e traballe transversalmente coa Televisión de Galicia, co Igape, Industria e Educación no xeito de facer máis rendibles os esforzos para acadar a estabilidade.

A coordinación coa Televisión de Galicia é unha cuestión clave, porque se queremos manter as decisións nas nosas películas, e poder integrar empresas, actores e profesionais galegos, temos que contar cos fondos necesarios para coproducir en termos de igualdade co sector estatal e co resto do mundo (...)

Membro do público: (...) Discutir que se (...) consorcio ou axencia, eu creo que estamos co de gato branco, gato negro: que o que queremos é que cace ao rato (...) E que permita tamén unha produción tanto interna coma externa, tanto produtos destinados ao mercado galego coma produtos destinados ao mercado exterior (...)

Alfonso Cabaleiro: (...) Somos moi conscientes (...) do momento duro, delicado, e incluso falaría da situación límite, que están a vivir algunhas empresas, e precisamente por iso o fundamental é que non exista parón. Eu tamén diría (...) que as portas da Secretaría están abertas para todo tipo de suxerencias, correccións... tanto de parte das asociacións coma de xeito individual (...)

Jorge Algora: Habería que aproveitar para preguntar polo 5%. Quereríamos saber se a Televisión de Galicia ten pensado manter o Plan de Apoio ao Sector e se cando marque a lei a obriga do 6% o vai incrementar. E se coñece os criterios que a Televisión aplica para calcular estas porcentaxes de participación nas producións independentes.

Alfonso Cabaleiro: Temos que falar de proxectos culturais, e con respecto á televisión, loxicamente, estamos tamén nunha dinámica de conversas. Pero eu quero que esta dinámica de conversas non sexa un debate a dous, Administración-Televisión, senón que teña unha participación do sector, e cónstame que esta política de portas abertas está tamén na televisión (...)

Membro do público: Nesa paisaxe complexa que se falaba, a paisaxe institucional de todos estes anos atrás, van quedando cousas que me gustaría saber se hai xa algún plan de por onde levalas. Unha sería (...) o Consello Asesor de Telecomunicacións do Audiovisual. Gustaríame tamén saber se hai a idea dun Consello Superior do Audiovisual que actuase de árbitro, como ocorre noutros países e comunidades. E, xa postos, que plans pode haber con iniciativas como Sempre Cinema, ou o que é o propio CGAI, que, se les o decreto polo que funciona, é moito máis ca unha filмотeca.

Alfonso Cabaleiro: Podo anunciar que, despois de catro anos, o próximo luns reúnese o Consello Asesor de Telecomunicacións do Audiovisual e que o sector audiovisual está representado en varios campos (...) A nosa intención é darlle un maior protagonismo, sobre todo á súa comisión permanente (...) Con respecto a Sempre Cinema, eu persoalmente creo que é un bo mecanismo de financiamento de películas (...) Con respecto ó CGAI (...), creo que é un instrumento magnífico, e para min o gran reto sería, dunha vez por todas, conseguir sacalo da Coruña (...) Non digo sacalo da cidade, digo abrir as súas actividades a outras cidades, porque a verdade é que se fan uns ciclos fantásticos e só están alí (...)

Membro do público: Para min é importante que cando saíamos fóra, que a cancha de xogo hoxe é internacional (...), nos sintamos de verdade apoiados. Eu, por exemplo, sempre que estiven fóra moi poucas veces me sentín apoiada. Nunca vin a un representante da Televisión de Galicia, por exemplo, onde eu estaba. Estaban de Cataluña, incluso de Andalucía ou doutras televisións pequenas como a nosa, estaban alí apoiando aos que saíamos fóra. Entón, esa persoa que vaía estar á fronte do organismo, por favor, que teña autoridade como para ser capaz de crer de verdade no sector e apoialo en todas as fronteas. E aunar, aunar esforzos.

Alfonso Cabaleiro: (...) Se estamos aquí dicindo que se axencia ou consorcio, e dicimos “gato negro, gato branco”, se xa falamos das persoas temos que introducir “gato marrón”. Complicado. Eu acepto, tamén nesto, todo tipo de suxerencias, porque tamén estou convencidísimo de que o máis importante nin siquiera é onde está nin que organismo, senón a persoa que vaía estar á fronte. Pero non vos vou negar tamén (...) que a xente ás veces moi valiosa, que a ves claramente, están metidos noutros ámbitos laborais e económicos (...) E ás veces tamén é un pouco difícil atopar unanimidades absolutas (...) Buscamos, entre *comillas*, un filósofo, unha persoa que teña claro a onde ten que ir o sector audiovisual (...) ●

PROXECTO INTERCAMBIO COA ACADEMIA DO CINE CATALÁN

A *Acadèmia de Cinema Català* naceu co obxectivo de constituírse como a voz unitaria da cinematografía catalana. Está formada por todos os sectores creativos e produtivos da profesión en materia artística e científica, de maneira análoga ás outras academias cinematográficas do estado.

Os seus principios fundacionais son:

- Aglutinar os profesionais do sector creativo, técnico e de produción cinematográfica de Cataluña.
- Investigar, analizar e estudar cientificamente a linguaxe cinematográfica e difundir o seu coñecemento.
- Cohesionar o sector cinematográfico catalán.
- Promocionar o cine catalán e dotalo de prestixio diante dos medios de comunicación e o público en xeral.
- Contribuír á internacionalización do cine catalán.
- Impulsar a innovación e a formación continuada entre os profesionais cataláns de todo o sector, impulsando foros de discusión e debates.
- Apoiar os novos talentos.
- Capitalizar o potencial dos profesionais do sector cinematográfico catalán.
- Outorgar os premios anuais e dotalos do selo e do prestixio que teñen outros premios europeos e internacionais.
- Conseguir o recoñecemento internacional do cine catalán.
- Intervir na redacción e aprobación de todos os elementos lexislativos e normativas oficiais que lle afecten ao cine en calquera das súas acepcións.
- Intervir na política de subvencións ou políticas cinematográficas.

A *Acadèmia del Cinema Català* e a Academia Galega do Audiovisual pecharon un acordo de colaboración o pasado mes de xaneiro que puxo en marcha a primeira experiencia de intercambio entre as dúas institucións homólogas do estado. Grazas a este acordo, tanto Galicia coma Cataluña puideron gozar das últimas películas presentadas aos Premios Gaudí 2010 e aos Premios Mestre Mateo.

O obxectivo deste intercambio entre academias ten como finalidade promocionar e dar difusión ao traballo dos profesionais e empresas audiovisuais de Galicia e Cataluña máis alá dos seus territorios, ademais de dar visibilidade ás súas producións.

Froito deste novo marco de achegamento entre as dúas academias, e como primeira actividade conxunta, as curtametraxes presentadas na edición do 2010 dos Premios Gaudí viaxaron a Galicia para seren proxectadas e facer difusión do cine catalán entre o público galego.

CURTAS DOS PREMIOS GAUDÍ EN SANTIAGO

Desde o luns 25 ata o domingo 31 de xaneiro, Arteria Noroeste de Santiago acolleu a proxección das curtas nominadas aos Premios Gaudí 2010. Deste xeito, o público galego puido gozar durante unha semana de xeito gratuíto das 34 curtametraxes presentadas á segunda edición dos premios Gaudí.

Estas pezas foron: *Pantomima*, de Héctor Suñol Bert; *Salm 51*, de Gerard Marcó; *Cenizas*, de Luis Goyanes; *Die Archives Von C.G. Jung*, de Gemma Ventura; *Love*, de Biel Mauri; *Els Anys del Silenci*, de XX; *360º*, de Maja Djokic; *Chat Noir*, de Daniel Fibla Amselem; *O.W Kenosha*,

de Carlos Benpar; *Sinfonía cotidiana*, de Isaac García; *501*, de Laia Fábregas; *(En)terrats*, de Álex Lora; *Pin-up*, de Tania Verduzco; *La última cena*, de Javier Ideami; *Fácil*, de Francesc Cánoves; *Evocació*, de Santiago Lapeira; *Novilunio*, de Roberto Chinet; *Espaguetis crudos* de Lluna Juvé; *Lazarus Taxon*, de Denis Rovira; *Viaje de ida y vuelta*, de Fany de la Chica; *Hospital de Nines*, de Cláudia Flores; *Fotógrafo*, de Carles Muñoz; *75 Metros*, de Daniel Castro; *Ojo por ojo*, de Juan Ruiz Espinosa; *Piel de Cordero*, de Gemma Martínez; *Tel*, de Marc Giralt; *Pablo*, de Nely Reguera; *Yanindara*, de Lluís Quílez; *Dos de dos*, de Denise Castro; *Padre modelo*, de Alejandro Marzoa; *Recuerdos a Wifly*, de Albert Oliver; *Bienvenidos a Mundo Patata*, de Vincent Arlandis; *Rodilla*, de Juanjo Jiménez y Korscha, de Manuel Pérez.

CURTAS GALEGAS EN BARCELONA

Grazas tamén ao acordo de colaboración entre a *Academia del Cinema Català* e a *Academia Galega do Audiovisual*, Barcelona acolleu _durante os días 6, 7 e 8 de abril do 2010_ as proxeccións das curtametraxes presentadas á última edición dos Premios Mestre Mateo. O ciclo incluíu 24 curtas de ficción e 4 de animación, todas elas de produción galega. As proxeccións tiveron lugar na Sala Mompou da SGAE de Barcelona.

O martes 6 de abril exhibíronse *A puta da vida*, de Xurxo Ponce; *Amantis*, de Vera Lúa; *As almas do Fental*, de David Vázquez; *Baixo coeficiente*, de Omar Rabuñal; *Berberecho II*, de Xosé Manuel Bazarra; *Coser e cantar*, de Rubén Riós; *Dies dei*, de Nani Matos; *Eu tamén quero coñac*, de Omar Rabuñal; *Los reyes del columpio*, de Xosé Manuel Bazarra, e *Morte dun estudante de cine*, de Óscar Galansky.

O mércores 7 puideron verse *Na bágoa da marea*, de Omar Rabuñal; *Na distancia*, de Víctor Hugo Seoane; *Negro o café*, de Carlos E. Rodríguez Román; *O burato*, de Germán Pérez Iglesias; *O elixido*, de Chema Gagino; *O laberinto ario*, de Alfredo Pardo; *O noveno principio*, de Iván Seoane; *O sobriño*, de Omar Rabuñal, e *Pureza*, de Jacobo Paz.

O xoves 8 proxectáronse *Quero o meu balandro*, de Óscar Galansky; *Sara y Juan*, de Ángel Santos; *Sobre a morte do Bieito*, de Xudit Casas; *Tele(le)transporte*, de Juan Del Río, e *X nada*, de Dani De la Torre e Toni Veiga, así como catro curtas de animación: *A nena que tiña unha soa orella*, de Álvaro León; *Nouturnio de Celanova*, de Raúl García; *O coidador de gatos*, de Fernando Cortizo, e *Stop explotación infantil*, de Diego Méndez e David Linares.

PELÍCULAS GÑADORAS DOS PREMIOS GAUDÍ

A Academia Galega do Audiovisual proxectou en maio as películas gañadoras da segunda edición dos Premios Gaudí no Centro Galego das Artes da Imaxe, na Coruña. Así, o público galego puido gozar de *Tres días amb la familia*, de Mar Coll; *23-F, El día más difícil del Rei*, de Sílvia Quer e *Cher Ami*, de Miquel Pujol.

En Barcelona, nos Cines Maldà, proxectáronse o 31 de maio e o 1 de xuño as películas vencedoras nos Mestre Mateo 2009: *Celda 211*, premiada nas categorías de mellor longametraxe, protagonista masculino e montaxe (entre outras); *¿Que culpa tiene el tomate?*, mellor longa documental; *Conexión*, mellor película para televisión, e *Mulleres da Raia*, mellor documental.

Con estas actividades, acordadas conxuntamente, ambas institucións avanza cara ao seu obxectivo común: potenciar a promoción e difusión do traballo dos profesionais do sector cinematográfico de Galicia e Cataluña, e facer posible que o cine que se fai en ambos territorios poida verse fóra das súas fronteiras. ●



Alumnos da Escola O Raio Verde, escoitando aos autores de curtametraxes

II ENCONTROS MESTRE MATEO

Por segundo ano consecutivo, nominados aos premios Mestre Mateo en distintas categorías participaron en mesas redondas e coloquios con estudantes en varios centros formativos de Galicia. Houbo encontros arredor da dirección de produción, as curtametraxes, a realización e o guión.

O salón de actos da Deputación de Lugo acolleu na mañá do 6 de abril unha mesa redonda sobre dirección de produción, coa participación de Xavier Eirís (*A caixa negra*) e Suso Gay (*Padre Casares*). O acto estivo presentado por Juan José Díaz Valiño, director da Fundación TIC, e contou coa asistencia duns 60 alumnos.

O mesmo día pola tarde, a Escola O Raio Verde de Santiago de Compostela serviu de escenario doutro encontro desa mesma categoría profesional, coa intervención de Ana Míguez (*Padre Casares*) e Borja Pena (*Celda 211*), e 15 alumnos da escola como público.

A mesa redonda sobre curtametraxes contou coa participación de Rubén Riós (*Coser e cantar*), Chema Gago (*O elixido*) e Raúl García (*Nouturnio de Celanova*). Estes creadores participaron en dous encontros o día 6 de abril, pola mañá na Escola O Raio Verde (ante 15 alumnos) e pola tarde na Deputación de Lugo (cuns 50 asistentes).

O 7 de abril pola tarde tivo lugar un encontro con nominados na categoría de realización no centro de formación Farixa, en Ourense. Intervíñeron Manuel A. Espiñeira (*Padre Casares*), Jorge Saavedra (*Matalobos*) e Marta Piñeiro (*O Nordés*). Ao acto asistiron arredor de 45 alumnos desta escola.

O 8 de abril pola mañá celebrouse unha mesa redonda de dirección de produción na Escola de Imaxe e Son de Somo, na Coruña, con Ana Míguez, Xavier Eirís e Suso Gay. Escoitáronos uns 100 alumnos.

A escola de Somo acolleu tamén ese día a mesa redonda de guión, con Mario Iglesias (*Relatos*), Victoriano Sierra e Carlos Portela (*Matalobos* e *Padre Casares*) e Lidia Fraga (*Matalobos*), e un cento de alumnos entre o público. ●



O Pazo da Cultura de Narón encheuse para a festa do audiovisual

O PAZO DA CULTURA DE NARÓN, ESCENARIO DA OITAVA GALA DOS PREMIOS MESTRE MATEO

O Pazo da Cultura de Narón serviu de escenario este ano para a entrega dos Premios Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual, o pasado 15 de abril. Nesta edición competiron 101 obras, unha merma considerable respecto ao 2008, no que houbera 148 finalistas.

O espectáculo foi emitido en directo pola Televisión de Galicia en prime time, con Xosé Antón Touriñán e Xosé Ramón Gayoso como mestres de cerimonia. A gala estivo chea de alusións á actualidade galega en clave de humor, con temas coma a crise económica e o Xacobeo. Tamén se fixo unha homenaxe aos 25 anos da Televisión de Galicia na. A Gayoso correspondeulle falar do camiño percorrido pola canle dende os seus inicios, no ano 1985.

Asistiron á festa do audiovisual galego autoridades coma o conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela; o secretario xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro, e o delegado do Goberno en Galicia, Antón Louro. Do sector audiovisual acudiron, entre os máis relevantes, Rosa María Vilas, directora da TVG; Vicente Montoto, presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia; Dolores Ben, presidenta da Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI) e o actor Christian Rodrigo en representación da Acadèmia del Cinema Catalá, institución foránea convidada.

Xosé Ramón Gayoso e Xosé Manuel Touriñán conduciron o espectáculo



Foto de familia dos premiados



De esquerda a dereita, os directivos da Academia Carlos Ares e Nani García; o conselleiro de Cultura, Roberto Varela; Pepe Coira, vicepresidente da Academia; Francisco López Barxas, director xeral de Promoción e Difusión da Cultura; Tania Rodríguez, da directiva da Academia, e o realizador Henrique Banet.



Polo escenario desfilaron caras moi coñecidas do audiovisual galego para proceder á apertura dos sobres e a lectura dos nomes dos premiados. Actores, actrices e presentadores coma Monti Castiñeiras, Belén Regueira, Sonia López, Luis Zahera, Patricia Vázquez, Federico Pérez, Lucía Regueiro, Benigno Campos, Luis Iglesia, Sonia Castelo, Víctor Fábregas, Marcos Pereiro e Isabel Blanco. A gala tamén reservou un espazo para a música en directo, coa intervención do dúo Tony Lomba & Elio dos Santos.

O vicepresidente da Academia Galega do Audiovisual, Pepe Coira, falou en representación do presidente da Academia, Xosé Manuel Oliveira *Pico*, que non puido asistir á gala por compromisos profesionais. Coira comentou as dificultades que o sector está a pasar no contexto da crise económica, destacando o paradoxo de que se viva un momento de éxito e recoñecemento das producións galegas a nivel nacional e internacional.

A gala deste ano foi dirixida por Andrés Mahía, coautor do guión xunto con Xosé Castro *Pato*. O evento tivo como patrocinadores a Secretaría Xeral de Medios e a Consellería de Cultura e Turismo (Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura) da Xunta de Galicia; a Deputación da Coruña, o Concello de Narón (Padroado de Cultura e Pazo da Cultura) e a TVG. Así mesmo, contou coa colaboración de AISGE (Artistas e Intérpretes Sociedad de Gestión), SGAE (Sociedad General de Autores y Editores) e Gadisa.

SEMANA DO AUDIOVISUAL GALEGO

A Semana do Audiovisual Galego, ideada para difundir por toda a xeografía galega os principais traballos nominados aos Premios Mestre Mateo, desenvolveu o seu programa de proxeccións en 30 salas das catro provincias galegas, entre os días 5 e 11 de abril. O circuío percorreu nesta ocasión as localidades de Santiago de Compostela, Arteixo, Verín, Betanzos, Ourense, Melide, Lalín, Cariño, Monforte de Lemos, Arteixo, Valga, Redondela, Chantada, Teo, Neda, Valdoviño, Castrelo de Miño, Carral, Celanova, Ribadavia, Ares, Negreira, Lugo, O Rosal, A Fonsagrada, Meis, San Sadurniño e Xinzo de Limia.

Esta actividade estivo patrocinada pola Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Medios, a Consellería de Cultura e Turismo (Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura) e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), coa colaboración de Cinemas Dixitais.

CALENDARIO

- 16.11.09 Ábrese o prazo de recepción de candidaturas.
- 16.12.09 Péchase o prazo de recepción de candidaturas.
- 08.01.10 Publicación de candidaturas aceptadas e apertura de
prazo para as alegacións de socios.
- 18.01.10 Péchase o prazo para as alegacións dos socios (ás 13:00 h).
- 20.01.10 Publicación das candidaturas definitivas presentadas.
- 11.02.10 Envío de papeletas aos socios para a 1ª rolda de votacións.
- 02.03.10 Finaliza o prazo de recepción de papeletas de votación
no notario.
- 12.03.10 Publicacións dos finalistas.
- 15.03.10 Envío de papeletas aos socios para a 2ª rolda de votacións.
- 05.04.10 Final do prazo de recepción de papeletas de votación
no notario.
- 15.04.10 Gala Premios Mestre Mateo 09.



DISCURSO DO PRESIDENTE

[Lido por Pepe Coira]

“Os Premios Mestre Mateo teñen tres razóns de ser. A razón máis obvia é a de premiar, polo voto dos académicos, os traballos que nos parecen máis sobranceiros dos feitos o ano pasado. A razón máis importante é celebrar publicamente que Galicia teña un audiovisual de seu.

Para moitos de nós é un premio formar parte do audiovisual galego. Temos un privilexiado papel que xogar, que consiste basicamente en proxectar a imaxe e as historias deste país, desde este país. Non é pouca cousa. Seguramente por iso, o audiovisual galego, e hoxe non é unha excepción, está sempre sometido a controversias.

Os profesionais debatemos entre nós, porque somos así. Os profesionais debatemos, e máis que podíamos facelo, cos políticos. E os políticos debaten entre si. E ás veces tardamos un tempo precioso en chegar a algunha parte.

A boa noticia é que isto pasa porque o audiovisual importa. Cando non importaba, ¿que debate ía haber? Somos cultura, somos comunicación, somos industria, somos educación, e tamén somos turismo, e comercio, e relacións exteriores, e emprego... Sendo como somos, seguiremos pelexando, iso seguro. Pero conviña facelo sempre co anxeio de acadar o ben común; non o ben común dos que estamos nisto, senón o da sociedade. Conviña non esquecer o básico: que o audiovisual galego existe para proxectar a imaxe e as historias deste país.

Hai quen di que somos uns pedichóns, que dependemos do diñeiro público e, por tanto, de quen o administra. Habería que lembrar que os recursos públicos para o audiovisual non son froito dun compromiso con nós, senón cunha sociedade, a galega, que quere ter voz propia. É un compromiso moi esixente, que fala de rigor, ilusión e igualdade de oportunidades, máis aínda cando eses recursos escasean. Todos deberamos lembralo.

Coinciden no tempo dúas efemérides que axudan a facelo. Cúmprese vintecinco anos de Televisión de Galicia e vinte da estrea de tres películas que foron un punto de partida para o cine galego. Ambos casos son exemplo do que era tan insólito coma necesario: que nas pantallas estean un idioma e unha xente, o galego e os galegos.

Vinte ou vintecinco anos despois, velaquí estamos. Este vai ser un ano que se lembre polo éxito rotundo, de crítica e público, dunha película galega; porque outra película galega abriu o festival de Tokio; ou porque a ficción televisiva nacida aquí se volveu referente fóra. Coma estes, hai unha chea de exemplos de talento e bo traballo que fan que cada vez se nos valore máis pasado o Cebreiro. Tamén a iso contribúe, lamentablemente, que moitos profesionais teñan que saír fóra a *buscarse a vida*. Apertas desde aquí para os que máis están a notar a crise. Duns e doutros sentímonos orgullosos.

En fin. Grazas ás institucións e patrocinadores que nos apoian, grazas aos académicos e grazas ao público polo que existimos. A terceira razón pola que facemos esta gala, a razón máis importante, é darvos as grazas. Sede felices”.



HENRIQUE BANET LÓPEZ DE REGO PREMIO DE HONRA 'FERNANDO REY'

Henrique Banet (Santiago, 1941) é realizador e director de fotografía. Titulado pola Escola Oficial de Cinematografía de Madrid e o Instituto da Radio Televisión de Francia, ten traballado en televisións de España e América Latina. As súas obras de publicidade e cine etnográfico recibiron numerosos premios en festivais nacionais e internacionais. Na TVG dirixiu e presentou programas de natureza e ecoloxía como “Terra” e “Senda Verde”, sendo finalista por este último nos Princes’s Awards daneses. É especialista en agricultura ecolóxica e no 2002 fundou a Fundación Galicia Verde pola defensa do medio rural e a dignificación das súas xentes.

“Bueno, moitas grazas. Quero, se me permitides, empezar agradecendo aos membros da Academia este seguramente inmerecido galardón, que quero dedicar a un compañeiro co que tiven a sorte de traballar, un grandísimo profesional que desgraciadamente non está aquí con nós, Fernando Rey. Tiven a sorte de traballar con el nunha serie de Televisión Española sobre Don Quijote de la Mancha e establecimos unha curta pero intensísima amizade que, desgraciadamente, o tempo tivo que interromper.

Cando me chamou Pico, o presidente da Academia, para propoñerme esta distinción, a miña primeira resposta foi dicirlle que non a aceptaba porque non me consideraba merecedor dela. Pero, despois de estar falando un tempo, empregou unha palabra para min moi importante: compromiso. Eu fun o primeiro da miña

promoción na Escola de Cine de Madrid, premio extraordinario, e decidín vir a Galicia, deixar esa carreira prometedora, para traballar por este país.

Eu creo que somos un pequeno país, non ese gran país que nos están a vender. Podemos ser un gran país, pero hai que facelo día a día. Ese compromiso para min é moi importante e comeza, loxicamente, pola nosa lingua, que está sendo atacada a cotío. Pero a min sorpréndeme ese interese cando se fala da lingua e, sen embargo, o silencio sepulcral ante a destrución da paisaxe. Están a destruír o Courel, están a destruír as nosas rías, postos de traballo, para crear portos deportivos ou contaminación coma a que temos na ría de Ferrol. Para min o país é o conxunto, non é unicamente a lingua, e eu creo que o audiovisual galego ten a obriga de darlle respostas a esta sociedade.

Hoxe estamos a celebrar unha gala, sen dúbida grazas aos cartos públicos. Pero eses cartos son cartos do pobo, non son dun partido político determinado. Eu creo que, polo tanto, o sector audiovisual galego ten unha débeda con esta sociedade, e entre todos temos a obriga de defendela de todos os desmandos que se están a cometer, vendendo o país a catro multinacionais, hipotecando o noso futuro: un futuro promedor, un futuro sustentable.

Adquirir un compromiso é moi complicado, podo dicírvolo por experiencia. Eu teño a sorte de ter o apoio dunha muller extraordinaria, Mabel Rivera, que tamén é unha loitadora incansable. Vouvos dicir por que comprometerse é tan complicado: cando estades a defender o que é lóxico (os nosos montes, os nosos ríos), cando un protesta por iso, sempre hai un partido que está ao lado, que é o que está na oposición. Pero cando gañan e asumen o poder, ti non mudas, segues a defender o mesmo, e ti es un traidor. É dicir, os partidos cambian, quen manda é o poder económico. E nós, que estamos tentando defender o país, estamos sempre na oposición e sempre somos deostados... Isto é lamentable.

Quixera falar da miña visión do audiovisual galego. Porque se nos enche a boca falando de que é un sector estratéxico, establécense convenios con determinados países, créanse clústers, etc., etc. Está moi ben, eu non digo que non, hai que facelo. Pero os edificios hainos que comezar pola base. Para min, a base fundamental do audiovisual (se queremos un audiovisual, o mellor do mundo) é a formación profesional. E se somos críticos coa formación, veremos que é moi deficiente.

Por varias razóns. Unha de elas, porque está baseada en xente que ten unha teoría e unha titulación, pero non unha experiencia práctica de calidade. Neste país tiven a ocasión de comprobar que hai moitísimo talento. É unha pena hipotecar o futuro desa xente nova dándolle unha formación deficiente.

Se queremos crear unha industria audiovisual forte, e esta é unha profesión de equipos, e nun equipo é tan importante o director coma a perruqueira, o maquillador, o cámara... ¿Onde pode ún, por exemplo, estudar para director de fotografía? ¿Onde pode ún estudar animación? Aquí hai grandes figuras, a nivel sobre todo de actores, temos a Luis, temos a Mabel, xente que fixo e está a facer grandes cousas. Se analizamos a súa traxectoria (e creo que é obriga facelo, non unicamente “vendelos”), veremos que detrás dese éxito persoal hai sempre un esforzo de autoformación. Non saíron dunha escola, tiveron que se formar deixando a pel vila a vila.

Outro tema que quero comentar é o das axudas. Eu creo que son unha obriga, isto aparte de industria é cultura, pero estou preocupado pola posibilidade de

que xurdan os profesionais da subvención. Hai que facer un audiovisual de longo percorrido, non cubrir unha subvención, un pase en televisión, unha estrea en Betanzos e xa está. Eu creo que hai que esixir máis. Dende o meu punto de vista, o máis importante é que as subvencións vaian encamiñadas a proxectos de interese especial, innovadores. E, sobre todo, a axudar á xente nova, que teñan oportunidades, porque eles son realmente o futuro do sector audiovisual. Entón, se non os apoiamos estamos hipotecándoo..

Teño que facer unha obrigada referencia á Televisión de Galicia, que tiña que ser un referente para o sector de comportamento ético e de calidade. Dende hai anos, a técnica ou a tecnoloxía prevalecen sobre os contidos. Eu creo que o máis importante é o contido e que a tecnoloxía está ao servizo do mesmo. A min gustaríame que a Televisión de Galicia fora unha televisión libre, sen censura, independente e profesionalizada.

O papel dunha televisión pública ten que ser fomentar o debate coa sociedade, non estar ao servizo do partido de turno. Fomentar os debates, non entre os catro xornalistas e catro políticos de turno, que xa sabemos o que din. A sociedade ten que ter acceso a un medio de comunicación público, temos que escoitar o que din os grupos e asociacións culturais, non unicamente os de pandeiretas e gaitas, senón moitas máis que están enmudecidas. Os grupos ecoloxistas, que dende a sombra están a loitar, deixando o sangue e a pel, por minimizar os desastres que nos impoñen desde as multinacionais, que son as que mandan.

A Televisión de Galicia ten que ser un exemplo ético, insisto, un exemplo ético, e a min paréceme gravísimo que conscientemente incumpra os convenios colectivos, e que contrate con produtoras que os incumpren sistematicamente.

Está claro que ese papel decisivo que ten que asumir a televisión pasa por unha remodelación profunda. A Televisión de Galicia ten que ser nosa porque a pagamos entre todos, e ten que cumprir ese papel social. Ten que ser un espello onde todo o audiovisual poida mirarse, e non pode permitirse que estea a usar medios alleos cando os medios propios están infrautilizados. Isto pagámolo os contribuíntes.

Non quero entreterme máis. Só agradecerlles publicamente a dúas persoas que están aquí que me deran, despois de moitos anos, a oportunidade de volver coller o fotómetro: Antonio Mourelos, un actor marabilloso, e Iván Seoane, para min unha das grandes promesas do audiovisual galego. Confiaron en min e eu confío neles, porque o futuro pasa por eles. Moitas grazas". ●

PALMARES 2009

LONGAMETRAXE



Celda 211

CELDA 211

Vaca Films, Telecinco Cinema, Morena Films, TVG

NOMINADOS: *Agallas* (Continental Producciones, Agallas IAE, Mucho Ruído), *Un bo home* (Milou Films S.L., Tornasol Films S.L., Castafiore Films S.L., Agrupación de Interés Económico 002), *Gordos* (Filmanova Invest, Tesela, PC)

LONGAMETRAXE DOCUMENTAL



¿Qué culpa tiene el tomate?

¿QUÉ CULPA TIENE EL TOMATE?

Tic Tac Producciones, Lagarto Cine, Púcara Films, Chullachaki Producciones, Pato Feo Films, TVZero, Cooperativa Éstrella Films, TVG

NOMINADOS: *Maruxa Mallo: metade anxo, metade marisco* (SECC, Filmanova S.L.), *Señora de* (O Raio Verde Medios Dixitais S.L.), *Sixty tolos* (a golpe de single) (Casa de Tolos S.L., TVG)

PELÍCULA PARA TV



Conexión

CONEXIÓN

Continental Producciones, Stopline Films, Prodigius Cinema, TVG

NOMINADOS: *O club da calceta* (Ficción Producciones, Diagonal TV, TVG)

PROGRAMA DE TV



Alfonso Pato

ONDA CURTA

TVG

NOMINADOS: *Botarse ao monte* (Bren Entertainment S.A),
A Caixa Negra (Filmanova S.L.), *Miraxes* (TVG)

SERIE DE TV



Matalobos

MATALOBOS

Voz Audiovisual S.A., TVG

NOMINADOS: *O Nordés* (CTV, Zopilote), *Padre Casares* (Voz Audiovisual S.A.)

DOCUMENTAL




Mulleres da Raia

MULLERES DA RAIÁ

Diana Gonçalves

NOMINADOS: *Alcaíán, o primeiro partido* (Alén Filmes S.L., Zopilote S.L.),
A mirada de Anna (Adivina Producciones, Área TV), *O segredo da Frouxeira*
 (EAF Producións)

OBRA EXPERIMENTAL



Aarón

AARÓN

Marcos Nine Búa

NOMINADOS: *Memoria* (Píxel Films), *A viaxe* (Stable Producciones
 Audiovisuales), *Zapping* (Francisco X. Rodríguez e Martín Vázquez)

OBRA INTERACTIVA



Quotidiania
 Delirante

QUOTIDIANÍA DELIRANTE

Continental Producciones, Costa Oeste Producións

NOMINADOS: *O Camiño de Santiago na Coruña* (Píxel Films), *Coruña máis
 preto* (Ilux Visual Technologies S.L.)

OBRA PUBLICITARIA



Maloserá

MALOSERÁ!!! VIVAMOS COMO GALEGOS

Congo Producciones

NOMINADOS: Spot Festival Internacional de Cine de Ourense (Mr. Misto Films), spot River Estrella Galicia Veteranos (Mondotropo S.L.), spot Superstición R.C. Celta de Vigo (Alén Filmes S.L.)

CURTA DE FICCIÓN (EX AEQUO)



O Elixido

COSER E CANTAR


Claqueta Coqueta, Rubén Riós, Alén Filmes

O ELIXIDO

Chema Gagino

NOMINADOS: *O noveno principio* (Iván Seoane),*X nada* (Ficción Producciones)

CURTA DE ANIMACIÓN



O coidador de gatos

O COIDADOR DE GATOS

Artefacto Producciones Audiovisuales

NOMINADOS: *A nena que tiña unha soa orella* (Rubén Coca), *Nouturnio de Celanova* (Raúl García Pérez), *Stop explotación infantil* (Alén Filmes S.L.)

DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN



Alicia Tellería

Alicia Tellería

CELDA 211

NOMINADOS: Carlos Amoedo (*Agallas*), Alfonso Blanco, Paula Fernández e Ana Míguez (*Padre Casares*), Xavier Eirís (*A Caixa Negra*)

DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA



Susó Bello

Susó Bello

O CLUB DA CALCETA

NOMINADOS: Juan Carlos Castillo, Gastón Girod, Matías Javier Lago, Ricky Morgade, Carolina Navas e Sofía Oggioni (*¿Qué culpa tiene el tomate?*), Carles Gusi (*Celda 211*), Alfonso Parra (*Dous de vintetantos*)

MAQUILLAXE E PERRUQUERÍA




Raquel Fidalgo

Raquel Fidalgo e Inés Rodríguez

CELDA 211

NOMINADOS: Natalia Arcai e Lorena Calvo (*Matalobos*), Noelia Arcai e Beatriz Vázquez (*Celda 211*), Susana Vieira (*Rafael*)

DESEÑO DE VESTIARIO



Montse Sancho

Montse Sancho

CELDA 211

NOMINADOS: Ruth D. Pereira (*Agallas*), Julia Rodríguez (*Padre Casares*), Saturna (*Matalobos*)

DIRECCIÓN ARTÍSTICA



Curru Garabal

Curru Garabal

GORDOS

NOMINADOS: Antón Laguna (*Celda 211*), Antonio Pereira (*Matalobos*), Marta Villar (*Agallas*)

MONTAXE



Mapa Pastor

Mapa Pastor

CELDA 211

NOMINADOS: Jorge Coira, Piu Gomes, Alejo Hoijman, Ana Remón, Daniel Suárez e Paola Vieira (*¿Qué culpa tiene el tomate?*), Guillermo Represa (*Agallas*), Sandra Sánchez (*Rafael*)

SON



Sergio Burmann

Sergio Burmann, Carlos Faruolo e Jaime Fernández

CELDA 211

NOMINADOS: Diego Kartaszewicz, Carlos Mouriño, Andrés Quintero, Enrique Alfonso Segura Álvarez e Daniel Zahalka (*¿Qué culpa tiene el tomate?*), David Machado, Diego Staub e J.L. Vázquez (*Agallas*), Carlos Mouriño (*Un bo home*)

GUIÓN



Jorge
Guerricaechevarría

Jorge Guerricaechevarría e Daniel Monzón

CELDA 211

NOMINADOS: Lidia Fraga, Carlos Portela e Víctor Sierra (*Padre Casares*), Alberto Guntín, Carlos Portela, José Rubio e Víctor Sierra (*Matalobos*), Mario Iglesias (*Relatos*)

MÚSICA ORIXINAL



Piti Sanz

Piti Sanz e Iván Laxe

O NORDÉS

NOMINADOS: Roque Baños (*Celda 211*), Xavier Font e Arturo Vaquero (*Agallas*), Arturo Kress (*Señora de*)

DIRECCIÓN



Daniel Monzón

Daniel Monzón

CELDA 211

NOMINADOS: Jorge Coira, Alejo Hoiyman, Marcos Loayza, Carolina Navas, Josué Méndez, Alejandra Szeplaki e Paola Vieira (*¿Qué culpa tiene el tomate?*), Mario Iglesias (*Relatos*), Daniel Sánchez Arévalo (*Gordos*)

REALIZACIÓN (EX AEQUO)



Alfonso Zarauza

Toño López e Jorge Saavedra

MATALOBOS

Marta Piñeiro e Alfonso Zarauza

O NORDÉS

NOMINADOS: Manuel A. Espiñeira (*Padre Casares*), Carlos Dávila (*Ruta 66*)

COMUNICADOR DE TV



Xosé Barato

Xosé Barato

A MIÑA FAMOSA FAMILIA

NOMINADOS: Xosé A. Touriñán (*Botarse ao monte*), Xosé Lois Bernarl López, Farruco (*Vivir aquí*), Mayte Cabezas (*A Revista Fin de Semana*)

INTERPRETACIÓN MASCULINA PROTAGONISTA



Luis Tosar

Luis Tosar

CELDA 211

NOMINADOS: Pedro Alonso (*Padre Casares*), Antonio Durán Morris (*Padre Casares*), Luis Iglesia (*Matalobos*)

INTERPRETACIÓN FEMININA PROTAGONISTA



María Vázquez

María Vázquez

O CLUB DA CALCETA

NOMINADAS: Nerea Barros (*Rafael*), Mercedes Castro (*Padre Casares*), Luisa Merelas (*Matalobos*)

INTERPRETACIÓN MASCULINA DE REPARTO



Luis Zahera

Luis Zahera

CELDA 211

NOMINADOS: Carlos Bardem (*Celda 211*), Celso Bugallo (*Agallas*), Xavier Deive (*Matalobos*)

INTERPRETACIÓN FEMININA DE REPARTO



Camila Bossa

Camila Bossa

MATALOBOS

NOMINADAS: Mela Casal (*Conexión*), Teté Delgado (*Gordos*), Marta Etura (*Celda 211*)

PREMIO DE HONRA FERNANDO REY



Henrique Banet

Henrique Banet



CELDA 211, A HISTORIA DUN SOÑO

EMMA LUSTRES

MELLOR LONGAMETRAXE (CELDA 211)

En xaneiro do 2010 fixo 7 anos que empezamos a traballar no cine baixo a marca Vaca Films. Eramos, e seguimos sendo, dous mozos con ganas de gozar facendo cousas que nos gustan. Nacemos coa intención de facer películas dende Galicia, películas pequenas, medianas e grandes. Nacemos coa intención de ser unha produtora recoñecida en Europa. Nacemos coa intención de medrar sen perder a independencia, esa independencia sempre limitada, debido ao negocio no que nos movemos, pero sustentada en levar á pantalla esas historias que a nós nos interesan e que, por suposto, nos gustaría que fosen vistas por moita xente.

Se a novela *Celda 211* caera nas nosas mans hai 7 anos, seguro que a película coa que todos gozamos non existiría. *Celda 211* é certamente a historia dun soño, un soño que comezou a principios do ano 2003, cando Borja Pena mais eu iniciamos a aventura creativa, empresarial e vital de Vaca Films.

Houbo moita xente que nos veu acompañando nestes anos: Alberto Tomé, Luis Avilés, Xosé Antón Moure, Raquel F. Fidalgo, Alexandra Fernandez, David Melero, Luis Tosar, Luis Zahera, Morris... Compañeiros de profesión que formaron en maior ou menor medida parte do noso proxecto. Un proxecto que foi saíndo adiante porque xente coma Carlos Carballo, Eduardo Gálán, Suso Iglesias ou Manolo González foron confiando en nós e, dende postos de responsabilidade, axudaron a facer posible o soño de *Celda 211*.

Soñabamos con facer películas das que nos sentiramos orgullosos, películas que fosen vistas por moita xente. Cada película na que participamos foi un paso cara a onde estamos agora. *Celda 211* é a primeira meta, pero aínda nos quedan moitas por alcanzar.

Unha das tarefas dun produtor é buscar constantemente historias e pensar cómo teñen que ser contadas para que lle interesen a moita xente. Nesta busca apareceu a novela *Celda 211*, que fora descartada por varias produtoras moi relevantes. De seguida soubemos que había aí unha historia moi potente, a mellor que caera nas nosas mans ata ese momento. E deseñamos a película. Con ese deseño involucramos o guionista e o director e comezamos a traballar no financiamento. Contra o que puidera parecer, foi máis doado ca noutras ocasións conseguilo. Todo o proceso de desenvolvemento, preproducción, rodaxe, postproducción e comercialización foi unha intensa aventura que xamais esqueceremos e que aínda estamos a gozar, porque a película segue a estrear-se polo mundo adiante.

Cando Jorge Guerricaechevarría e Daniel Monzón estaban a escribir a adaptación da novela, a nosa preocupación era se serían capaces de escribir un guión á altura da obra orixinal. Cando lemos a primeira versión do guión, a satisfacción non puido ser maior, pois o guión era moito mellor cá novela. Outro momento álxido do desenvolvemento foi atopar a Alberto Ammann como parella de repartición de Luis Tosar. O noso querido Luis estaba no proxecto dende o momento en que rematamos de ler a novela e o reto era atopar un Juan Oliver que estivera á altura. Conseguir o cárcere de Zamora foi outro momento de importancia, e o axuste dos primeiros orzamentos de produción, o noso crebacabezas.

A rodaxe foi moi intensa. Estivemos 9 semanas felizmente encarcerados. Foi coma unha voda moi longa onde estaban os invitados da noiva, o equipo galego, e os invitados do noivo, o equipo de fóra, que non se coñecían pero que conectaron nada máis verse.

No Nadal do 2008 contabamos ver o primeiro corte de montaxe. Estabamos ansiosos por ver a película, todo levaba a pensar que ía ser formidable, pero Daniel pediunos retrasalo ata despois

do Nadal. En xaneiro do 2009 vimos a película por primeira vez. A montaxe estaba sen puír, a metraxa longa, máis de dúas horas e vinte minutos, co son de rodaxe, sen música, sen efectos dixitais... Pero saímos entusiasmados do pase. A película impresionounos, era mellor do que esperabamos. Estabamos felices.

No Festival de Venecia foi a primeira vez que a vimos con público, e o que pasou foi indescribible. Pola noite, na festa de celebración, os máis importantes distribuidores de Italia, Inglaterra, Alemaña, EE.UU, Australia, Rusia...querían coñecernos, querían mercar a película. Deitámonos tarde e intranquilos polo que pasaría ao día seguinte, estabamos expectantes sobre como responderían os críticos. Pola mañana prendín o móbil e comezaron a entrar decenas de mensaxes e avisos de chamadas perdidas, compañeiros, amigos, familiares, estaban todos coma tolos, en España a película estaba presente en todos os medios. Nada máis prender o móbil, recibín a chamada de Julio Fernández, foi a primeira persona coa que falei. Entusiasmado, leume a crítica de Carlos Boyero en *El País*. O gurú dos críticos calificaba *Celda 211* como “unha das mellores películas do cine español dos últimos anos”. Era realmente un soño, un soño que estaba a piques de comezar e que tardará en rematar. ●



UN ANO PARA NON ESQUECER

FERNANDA DEL NIDO

MELLOR LONGAMETRAXE DOCUMENTAL

(¿QUÉ CULPA TIENE EL TOMATE?)

Sen dúbida, o 2010 non é un ano que vaia esquecer. Aínda me resulta difícil asimilar todo o que sucedeu.

Cuando soñei co proxecto de Tic Tac escribín unha especie de declaración de intencións. Era xaneiro do 2006 e redactei só coa idea de que cando pasara o tempo puidera relela e así non esquecer os motivos polos cales comezara esta fazaña. Reléoa cada ano e volvín facelo antes de escribir estas palabras a petición da Academia Galega do Audiovisual. Sempre que volto sobre ese escrito, penso que non me tería animado a crear Tic Tac se tivera sequera imaxinado o difícil que sería. Sempre penso que esa ignorancia me permitiu avanzar.

E *¿Qué culpa tiene el tomate?* reuniu todas as intencións que lle daban sentido a Tic Tac e ao motivo do seu nacemento. Propúxenme, quizais, obxectivos moi ambiciosos, entre os que están: procurar respectar a diversidade e a mirada do outro; o respecto polo outro en xeral como principio fundamental; tentar unha mirada crítica sobre a época e o mundo no que nos toca vivir; o traballo en equipo con outros pares e dentro do noso propio equipo; aprender doutras formas de facer e de ver o mundo; aceptar as diferenzas e tentar que iso mesmo se convirta nun valor; o desexo de soñar onde nada é imposible se de verdade se desexa e se loita por iso.

Sei que os premios se dan por moitos motivos, e non sempre os que un quere ou desexa e, en definitiva, unha nunca sabe os porqués. Eu decidín inventar o motivo polo cal o recibín (a parte do mesmo que me toca, cando menos). Quizais porque necesitaba un empurronciño para seguir crendo que tanto sacrificio paga a pena e que esa palmadiña viña dos meus colegas... e inventei que así era, e que a parte que me tocaba do premio era por intentalo.

E si, cómo non ía ser unha autoinventión do que precisaba escoitar nese momento, ¡se só uns poucos sabían todo o que había detrás da peli! En calquera caso, grazas aos meus colegas académicos por ese “empurronciño” afectivo que tanto me facía falta.

Non tiven oportunidade de dicilo nese momento e, egoísmos aparte, aproveito a ocasión para resaltar que creo que o único verdadeiramente importante é que, con ampla diferenza, nos Premios Mestre Mateo 2009 había unha abundante cantidade de documentais e longametraxes documentais presentados, sobrepasando con marxe o número presentado o ano anterior. Motivo de festexo en si mesmo e dato que debemos coidar para que manteñamos o conseguido.

Aprendín moito durante o proceso de *¿Qué culpa tiene el tomate?* Nada máis sincero que dicir que tería sido imposible sen o equipo de Tic Tac. Durante todo o proceso, e en distintas etapas, acompañáronme, e crecín con eles, Alicia Arias Raposo, Tamara Soto Mato, Cristina Morales Fernández, Raquel Hermo Beade, Ariadna Camiño, e non esquezo os que pasaron por Tic Tac como meritorios e que tamén formaron parte deste grande equipo.

Xabier Eirís foi imprescindible para a rodaxe en Galicia, e a el sumáronse Belén Brandido, Ricky Morgade, Carlos Mouriño e Iván Seoane. David Melero salvounos cando non tiñamos un peso. E tamén nos acompañaron María Arochena e Susana Fernández Ares. Con Jorge Coira soñamos coa peli e *¿Qué culpa tiene el tomate?* foi o comezo dunha longa amizade.

Tic Tac é un equipo de persoas, pero ademais non existiría se non fora grazas a varios amigos que me acompañaron durante estes anos. Non podo deixar de mencionar a Álvaro Guevara, Enrique Nicanor e Paco Sánchez. E, por suposto, gardo unha mención especial para quen fai homenaxe ao nome da produtora, Manolo González, quen, ademais de compartir comigo principios fundamentais respecto aos motivos polos cales facer cine, axudoume a crer que podía.

Non vou expresar o meu agradecemento aquí a todas as partes que fixeron posible rodar a película, pero si que elixín nomear a algunhas persoas -quizais porque creo que, en definitiva, son as persoas as que poden marcar a diferenza-. E a miña insistencia é porque, se desexaba por algo que a película gañara o Mestre Mateo, era por poder ter a oportunidade de agradecérllelo a todos e cada un. Así que aproveito esta vía para poder dicir, unha vez máis, grazas.

¿Qué culpa tiene el tomate? quedará no historial da cinematografía iberoamericana como a primeira coprodución real entre sete países, realizada en condicións paritarias tanto de coprodución coma en cada un dos seus detalles. De feito, non atopamos outro rexistro similar en ningún territorio. Baixo a coordinación de Tic Tac e Lagarto Cine, unímonos sete casas produtoras independentes porque criamos no que estabamos a facer. E síntome orgullosa de ter formado parte dese soño.

Perdón se me puxen moi persoal, non sei facelo doutra maneira aínda que o intente, pois Tic Tac e todo o que a rodea é, sen dúbida, moi persoal. Ademais, *¿Qué culpa tiene el tomate?* e Tic Tac naceron da man e non son capaz de pensalas por separado.

Foi cando estabamos a rematar a rodaxe da parte galega de *¿Qué culpa tiene el tomate?* cando Jorge Coira me falou de *18 comidas*. Non podería explicar de maneira racional os motivos polos cales me encantou a idea, porque foi puramente instintivo e grazas a unha confianza absoluta en Jorge e no seu talento. E alí comezou estoutro soño e filliño, que o pasado xuño puidemos estrear no Festival de Taormina (Italia) como película de apertura do festival e da competición oficial.

Aventura onde as haxa! Como sabemos, facer cine é un traballo en equipo, pero neste caso creo que superamos e traspasamos esa liña. Só cando estabamos a rematar a rodaxe caín na conta da loucura que fixeramos con semellante cartel de actores, traballando desde a improvisación, rodando con catro cámaras e sen guión pechado. Nin aínda que quixera podería detallar a cantidade de riscos asumidos por todos e cada un. Na parte que me toca, unha vez máis, a sa ignorancia axudoume a botarme á piscina. E por sorte, unha vez máis, así foi.

Non podo deixar de pensar que oxalá tivera habido máis xente vendo dirixir a Jorge esta película. Creo que ningún dos que participamos da rodaxe o esquecerá. Cada vez que o lembro, penso se el foi realmente consciente do que fixo e conseguiu eses días. Pola miña parte, sei que non voltarei ver nada igual.

Pero non foi ata a proxección en Taormina, cuando comezou a última bobina, que me decaei do que conseguíramos, e ademais rodeados de amigos queridos da peli que viaxaran para acompañarnos e compartir ese momento. Foi entón cando me emocionei silenciosamente, nese auditorio que se facía xigante a escuras, mentres comezaba o final da película e, a partir de entón, a vida propia e autónoma de *18 comidas*.

Foi un longo camiño que percorremos onda Zircocine (grazas, queridos compañeiros), e estar en Italia, fronte a un público que nada sabía de nós nin da película, nin do difícil que fora chegar alí, fixo impagable escoitar os seus risos e recibir a intensidade das súas emocións despois da proxección. A película ten alma, e chégalles aos que se deixan emocionar con ela.

Saber que a película e Jorge foron galardoados co premio á mellor dirección foi a guinda da torta, e o que estou segura de que foi o primeiro recoñecemento que recibirán Jorge e o equipo. Unha vez máis, escollo ficar co agasallo máis grande que me fixo a película, as persoas que me permitiu coñecer: Farruco, Luis, Michel, María Liaño, cada un dos actores e membros do equipo técnico. Sería imposible nomealos a todos e todas, pero para cada un de vós vai un infinito “grazas”.

Na miña curta carreira, diría que do que máis gozo, ademais do traballo co meu propio equipo, é da relación cos directores. E con Jorge medrei como persoa, ademais de profesionalmente. Cada etapa e detalle transcorreu sempre de maneira extremadamente natural e fluída, e *18 comidas* é un fillo compartido. Agora estamos a traballar na seguinte etapa, ¡e axiña chegará ás pantallas para que todos poidamos gozala!

Pero como as emocións fortes deste 2010 foron desde os seus inicios, en xaneiro deste ano estreamos na sección oficial do Festival de Róterdam a película *Agua fría de mar*, da costarricense Paz Fábregas. Quizais porque sexa muller, quizais pola miña orixe latinoamericana, quizais pola sensibilidade desta directora e o seu gran talento, polo practicamente imposible que resultaba producir *Agua fría de mar* desde unha cinematografía incipiente coma a de Costa Rica, ou por todos eses motivos xuntos, a cuestión foi que me emperrei en que había que acompañar a directora para que puidera rodar o seu primer film. E, xunto co produtor francés Jean Des Forêts, que capitaneou o barco, fixémoslo todo e máis para facela realidade. E así foi.

O primeiro día do festival non quedaban entradas para ningunha das proxeccións. Cando nos dixeron que gañáramos o máximo galardón que outorga o festival non podíamos crelo. Foi e é a primeira película de ficción na que formara parte como produtora e son consciente de que, previsiblemente, non volverei ter o honor de recibir un Tiger Award.

Agua fría de mar é a primeira película da historia de Costa Rica que viaxa internacionalmente (e a oitava de toda a historia do país). Seguirá viaxando cando menos un ano máis por todo o mundo, incluíndo presentación no Festival de San Sebastián deste ano. É increíble como os pequenos soños poden ter resultados que superen tanto as expectativas. A película segue a emocionarme cada vez que a vexo.

Cando miro atrás, penso e sinto que todas as películas nas que participei como produtora teñen unha pequena parte de min. En todas me sinto identificada e en cada unha por motivos distintos. Son historias dos directores, e tan distintas unhas das outras... Eu só os acompaño, pero síntome parte delas tamén.

Canto queda por aprender! Só desexo que as películas de Tic Tac continúen a súa andaina, e que desde Galicia poidamos seguir sendo quen de formar parte dun cine que transcenda fronteiras. Desde a defensa ao dereito á diversidade, que é necesaria para que iso ocorra. ●



CONEXIÓN/ CONEXAO

PAULA CONS

MELLOR PELÍCULA PARA TV (CONEXIÓN)

Conexión é unha miniserie hispano-portuguesa de dous capítulos sobre o turbio mundo do narcotráfico en Galicia e Portugal. Narra cómo as fortes mafias galegas comezaron a operar no norte de Portugal ante a presión policial a este lado da raia. A maior vía de entrada de cocaína en Europa (case o 75% do total) non podía colapsarse, e rapidamente galegos, portugueses e colombianos puxeron mans á obra.

Trátase dunha historia coral. O mundo da droga visto a través dun caleidoscopio, con múltiples caras. Esta coralidade está sustentada por algúns dos mellores actores portugueses, así como por algúns dos mellores actores de ficción televisiva de Galicia e Cataluña.

Esta miniserie marcou dous fitos no audiovisual galego. Por unha banda, foi a primeira coprodución entre unha produtora galega, Continental, e outra catalana, Prodigius, cunha portuguesa, Stop Line, intervindo TVG, TV3 e RTP.

E, por outra banda, é a primeira vez que se emite unha película en versión orixinal en portugués e galego.

Este proxecto naceu cunha clara vocación internacional que conta co gran talento do seu director, Leonel Viera. A forza visual deste creador, unida ás impresionantes localizacións, e unha temática impactante fan de *Conexión* unha miniserie moderna e de calidade.

Precisamente por esa capacidade de internacionalización asumiu a distribución desta TV movie Bavaria, a máis importante distribuidora a nivel internacional de TV movies e contidos audiovisuais.

Toda esta calidade quedou avalada cando se emitiu en TVG. O primeiro día, martes 14 de abril, malia ter que loitar contra a retransmisión do Barcelona-Bayern de Munich, acadou un excelente 13'1%. É dicir, 116.000 espectadores gozaron e vibraron co primeiro capítulo desta miniserie.

Ao día seguinte emitíuse o final da miniserie. Xa sen ter que loitar contra o fútbol, chega a un 16%, é dicir, 152.000 espectadores presenciaron o final desta historia sobre o narcotráfico galego e portugués. ●



MÁIS GOLF E MENOS CURTAMETRAXES

ALFONSO PATO

MELLOR PROGRAMA DE TV (ONDA CURTA)

Recoller un premio sempre é un motivo de satisfacción. Pero cando este ano tiven a honra de recoller co meu colega Carlos Meixide o Premio Mestre Mateo ó mellor programa de televisión, tiven unha sensación agri doce. Dábame a impresión, creo que xeralizada, de que o premio a un espazo de curtametraxes, o premio a *Onda Curta*, marcaba o final dunha era. A era de darlles espazos ós novos creadores, ós curtametraxistas ou ás bandas de rock (caso de *Banda Curta*) na televisión pública e alentar os seus proxectos con entusiasmo, crer neles.

A mágoa é ver a todos eses bos creadores sen lugar onde se dea a coñecer o seu traballo, e pasar de ter un programa específico de curtametraxes e un espazo específico para o pop e o rock, a


estar relegados a espazos residuais da segunda canle, que malamente rebordan o 0,5% de share. O problema non é que desapareza un programa de curtas, o problema é a indiferenza, ou sería máis acaído dicir desprezo, con que se trata ó público xuvenil nunha canle pública.

As máis de 500 bandas de pop e rock que hai no país son pouco menos ca invisibles, e as curtametraxes (arredor de 100 se fixeron o pasado ano) pasaron a ser unha mercadoría para programar ó chou na segunda canle co único criterio de seren un minutado de axuste, segundo o que duren. As curtas foron mingando na grella e, misteriosamente, foron ocupando máis espazo os programas de golf. Tamén foi desaparecendo a participación, a través das curtas, dos clips ou das maquetas, aínda que aquí hai matices, porque este ano a televisión permitiulle participar ó público de forma libre na toma dunha importante decisión: se se repetía *Pratos combinados* ou *Mareas vivas*.

Onda Curta serviu para mostrar os primeiros traballos de creadores coma Quique Otero, Fernando Cortizo, Mario Iglesias, Luis Avilés ou Dani de la Torre. Curiosamente, este ano, o ano que desapareceu *Onda Curta*, todos estrean longametraxe. Cando se alentan os novos creadores, se fan visibles os seus traballos e se recollen froitos coma estes, a primeira reflexión é unha mestura de orgullo e de pensar que a cousa moi mal non debeu funcionar. É unha proba de que hai que apoiar e darlles visibilidade ós traballos dos novos creadores, crer neles e non só dar titulares nos que sempre aparece sobada esa pobre palabra abstracta que é o talento.

O talento non está no aire nin se compra por quilos nas chacinarias. O talento está nas persoas que traballan con entusiasmo e teñen fe nos seus proxectos, e esas persoas precisan oportunidades. Agora vén por detrás outra boa xeneración de curtametraxistas ou de novas bandas de rock, de rapazada que crea cousas interesantes, pero que non ten espazos na televisión pública para amosalas.

Ás veces todo é desmoralizante, pero eu penso seguir tentádoo. Porque me gusta o que fago, e porque creo nos músicos e nos curtametraxistas do país. E porque creo que a industria audiovisual é unha industria moito máis consolidada cá do golf. Eu sempre fun máis de curtas ca de golf. E iso que ás veces me poño a ver na *G2 Golf in house*, aínda que estea en castelán e ningún se molestara nin en dobralo. ●



SOBRE AARÓN

MARCOS NINE

MELLOR OBRA EXPERIMENTAL (AARÓN)

N unha recente entrevista, o cineasta Javier Rebollo regalábanos no *Xornal de Galicia* un titular atractivo á par que provocador: “O profesionalismo é un refuxio de canallas e covardes”. Esta contundente afirmación daría seguramente para escribir e divagar longo e tendido, pero, lonxe de poñerme a degrañar os múltiples significados e interpretacións que se lle poden dar, quixen rescatala por unha idea que subxace baixo o titular e que a vincula a Aarón: a defensa do “amateurismo”.

Eu practico o san exercicio de ser peixe de dúas augas. Teño a sorte de vivir como profesional dentro dunha pequena industria, aínda que sexa limitada, que me permite en moitos momentos evolucionar á marxe da mesma, en sintonía con ese “amateurismo”, como “amador” do cine que son. E foi nunha destas viaxes entre a auga salgada e a doce na que me crucei con Aarón, unha curta, peza, ou un algo que non sei ben como catalogar, que me permitiu mergullarme no amorismo que tanto admiro.

Como tantas veces acontece no cine, *Aarón* nace froito da casualidade. De súpeto ves algo, un comportamento, unha reacción, incluso un obxecto, que chama a túa atención, que se che queda na cabeza e sobre o cal non podes deixar de reflexionar. Neste caso, esa particular “fonte de inspiración” foi poñer nas mans dun neno, que daquela tiña 4 anos, unha cámara de fotos. Como todo neno, a curiosidade sobre un aparato que manexaba a “xente grande” facía que fose para el un cobizado obxecto de desexo. E non tardou en comprender a súa lóxica. Un disparo, unha foto, e acto seguido, ver o resultado. Cando non había luz, había que activar o “solito pequeno” para que as cousas poidan verse. E Aarón comezou a xogar, e o que nun principio era explorar un aparello estraño rematou converténdose nunha forma de identificar tódalas cousas importantes de quen posuía ese aparello. Así, Aarón comezou a fotografar todo o que para el era importante, primeiro retratou un por un a tódolos membros da súa familia. Só necesitaba una foto. Miraba a foto e, se non lle gustaba, eliminábaa e facía unha nova. Despois a súa casa, e os seus xoguets, e o seu cuarto. Ata que rematou, e el mesmo decidiu que se algo ou alguén estaba fotografado, non tiña sentido volver facerlle unha foto.

Con toda a súa contorna retratada, Aarón entendeu que necesitaba máis e que quería saír dese círculo reducido no que se desenvolvía a súa vida. E comezamos a pasear, sempre coa cámara colgada do pescozo, e cada cen metros percorridos descubría que o mundo era enorme e parábase a fotografar tódalas cousas que lle chamaban a atención: as flores, a Virxe do Carme, os barcos, os distintos camiñantes que, incrédulos, se achegaban e posaban para el.

Esta experiencia resultou reveladora para min. Dalgún xeito sentíame totalmente identificado cun neno, o meu curmán, ó que cando vía remitíame á miña forma de entender o cine. E mentres o acompañaba e o gravaba, pensaba que, ó igual ca el, eu era un neno curioso que ten como tarefa conservar en pequenas pezas algúns anacos do mundo no que vive, para que sempre teñan vida as persoas, os lugares e o tempo polos que el pasou.

Así nos sucede a todos cando nacemos. Desde nenos, os nosos pais esfórzanse en capturar cada momento trascendental da vida dos cativos: o primeiro baño, os primeiros pasos, o berce...

Aarón é eso. Primeiro, a película que todos levamos dentro. E despois, a historia dalguén que, coma se fose un xogo, decide que o que lle interesa é buscar as películas de tódolos demais.

Foi un pracer facela. ●



MIGUELANXO PRADO E ALGO MÁIS

CARLOS FERNÁNDEZ

MELLOR OBRA INTERACTIVA (*QUOTIDIANÍA DELIRANTE*)

O recente nacemento de Continental Games (departamento de videoxogos e interactivos de Continental Producciones) levounos a percorrer novos e apaixonantes camiños. E, como non podía ser doutra maneira, o deseño e produción de *Quotidianía delirante*, de Miguelanxo Prado, para a plataforma iPhone e iPad, foi unha das experiencias máis ilusionantes do ano.

Desde o primeiro momento tiñamos claro que, aínda que a obra de Miguelanxo é completa por si mesma, debíamos facer un esforzo importante por achegarlle á versión dixital un “algo máis” que nos permitira destacar nese vasto océano de aplicacións que é a App Store de Apple (máis de 200.000 a mediados do 2010). Para iso traballamos en conceptos de animación, sonorización, montaxe e FX, en contornas 3D.

Outro punto crucial deste proxecto foi o traballo en equipo. Pois se un factor foi determinante no deseño do formato iMotion Cómic e na adaptación de *Quotidianía delirante*, ese foi e segue a ser o traballo en equipo entre os diferentes departamentos de Continental Producciones. Sumando coñecemento e creatividade, de perfís dispares, é como chegamos a unha proposta que mereceu tanta atención por parte dos medios de comunicación e a aceptación do numeroso público que o descargou.

O proceso de produción contou co *know how* de Continental Games, o departamento de xogos de Continental, suxerindo un orixinal e creativo uso de innovadoras tecnoloxías dirixidas á plataforma iPhone e iPad. Aos novos conceptos propostos por Continental Games sumouse a experiencia de Continental Animación, e todo iso contou coa asesoría tecnolóxica de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela.

Pero, ¿que é iMotion Cómic? Estamos diante dun novo formato para a visualización de contidos editoriais nas novas plataformas dixitais. É unha innovación no mundo editorial que permite “traducir”, incluso títulos xa publicados, a un formato que aproveita as enormes posibilidades de interacción que ofrecen plataformas coma iPad, iPhone, etc. Para iso soporta animacións, banda sonora (voces, efectos de son, etc.), efectos especiais, multiidioma, obxectos 3D estáticos e animados e un longo etcétera.

A presentación e posterior lanzamento do primeiro iMotion Cómic mereceu a atención de gran cantidade de medios. Noticias Cuatro, con Iñaki Gabilondo, *El País*, CNN+, *La Voz de Galicia*, TVE... entre outros moitos medios, recolleron a nova.

O primeiro iMotion Cómic situouse rapidamente entre as aplicacións gratuítas máis descargadas de España na súa sección, e en poucos días escalou ata a primeira posición. Simultaneamente, unha segunda compilación, compatible con versións anteriores do sistema operativo iPhone, alcanzou o posto quinto entre as máis descargadas.

Actualmente, Continental Producciones está a desenvolver o iMotion Worker en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela. iMotion Worker é unha solución tecnolóxica que permitirá a outros produtores e editores de cómic, sen coñecementos de programación, crear os seus produtos multimedia.

Tamén estamos a traballar na adaptación doutros cómics, así coma na produción dunha novela gráfica orixinal que aproveite o 100% do potencial do formato iMotion Cómic. ●



MALOSERÁ!!!

MIGUEL CONDE

MELLOR OBRA PUBLICITARIA (MALOSERÁ!!! VIVAMOS COMO GALEGOS)

Despois de dous anos de éxito consecutivo nos que *Vivamos como Galegos!* constituíu todo un acontecemento social sen precedentes na historia da publicidade en Galicia, o reto que se nos presentaba á axencia BAP&Conde no 2010 era dobremente difícil.

Atopabámos cun contexto marcado claramente pola crise económica que estaba a facer unha gran mela na sociedade e que, ademais de provocar unha contención do gasto familiar, xeraba unha situación de desánimo e pesimismo evidentes.

Tanto o anunciante coma a axencia eramos conscientes de que a marca Gadis creara na sociedade galega un forte vínculo emocional, despertando un sentimento de unión e de orgullo de ser galegos, invitándonos a vivir mellor, valorando o ben que se vive nesta terra.

As dúas primeiras entregas desta campaña crearan movementos sociais en internet arredor da mesma, con gran profusión de comentarios e adhesións. *Vivamos como Galegos!* converteuse na campaña máis descargada da historia da publicidade española e conseguiu unir a toda Galicia a prol da retirada da acepción “gallego” como sinónimo de “tonto” no diccionario da RAE. Non en van, mesmo foi declarada por algúns profesionais médicos como unha campaña ansiolítica.

Con estes antecedentes tan positivos e vinculados co feito de valorar o noso, e tendo en conta a conxuntura social e económica á que nos enfrontabamos, non había ningunha dúbida de que a campaña 2009-2010 debía conseguir transmitir aos clientes e aos galegos en xeral, a través da súa esencia, a confianza en que nos vai ir mellor, mesmo nestes momentos.

Isto permitiríanos á súa vez reforzar o liderato de Gadis fronte á crecente competencia procedente doutros puntos do país e de grandes compañías internacionais, e a súa imaxe como unha marca emocional para os galegos, sorprendéndoos e conseguindo de novo a súa identificación e conexión coa marca.

A estratexia foi crear unha campaña anticrise. Contra a desilusión e o pesimismo que nos rodeaba, quixemos transmitirles un soplo de optimismo aos galegos. Para conseguilo planificamos unha campaña na que a estrutura incluía unha homenaxe á emigración, que tivo que se enfrontar a tantas adversidades, e unha total convicción de que iamos saír adiante, coma noutras tantas situacións, a xeito de arenga: ¡¿Como non imos ser capaces?!

Tratábase dunha invitación ao optimismo a través do humor, reflectindo situacións cotiás. Así naceu *Maloserá!!!* Unha auténtica expresión de optimismo á galega. Recuperamos a frase do imaxinario popular e apocópamola nunha sola palabra, constituíndo así a nosa fórmula secreta: *Maloserá!!!*, que contén unha parte de sortilexio, eliminando meigallos e invocando a fortuna, e que supón optimismo e confianza no futuro.

A campaña desenvolveuse mediante unha estratexia de 360º, en internet, gráfica, exterior, cines, PLV, merchandising, marketing de rúa e, por suposto, en televisión, contando como peza central cun spot de 140 segundos: *Maloserá!!!*

Unha vez máis, os resultados superaron as nosas expectativas, tanto en termos de márketing coma de repercusión mediática e acollida do público. A expresión “maloserá” foi recoñecida despois da campaña por 8 de cada 10 galegos e o grao de vinculación coa marca abrangue o 76% (Fonte: Anova Consulting).

Así mesmo, en internet o éxito repetiuse de novo. Volvemos falar da campaña máis descargada da historia da publicidade española con respecto ao target de planificación, e é de destacar unha conexión con cidadáns de todo o mundo a través deste medio.

A campaña recibiu un importante recoñecemento por parte de todos os sectores da sociedade, a cultura, os medios de comunicación, a política... suscitando decenas de millóns de comentarios en blogs e artigos de opinión nos principais medios. É de destacar tamén o recoñecemento en libros de análise da sociedade galega (“...La reciente campaña publicitaria de la cadena de alimentación Gadis (...) reconoce el orgullo de ser y sentirse gallegos (...) Ni qué decir tiene que las campañas de publicidad se basan en estudios de los targets o públicos objetivos, siendo que la elección de la expresión maloserá, además de por ser típica gallega, viene a decir mucho de nuestra idiosincrasia y nuestra forma de ser. Con una expresión construida con dos palabras (que publicitariamente se articulan en una sola), resulta que una de ellas tiene significado negativo y otra es un tiempo verbal de futuro, sin embargo, con eso somos capaces de comunicar, querer y desear lo mejor, lo positivo, en una especie de conjuro verbal, que sirve para alejar los males, eso es Galicia, eso somos nosotros”. (Extracto do libro *Análisis de la sociedad gallega*, de Xosé Gabriel Vázquez Fernández).

A produción, desenvolvida ao longo do mes de outubro [do 2009], foi 100% *made in Galicia* (exceptuando os actores de orixe xaponesa do cásting, claro está), e contou coa impresionante cifra de participación de máis de 100.900 persoas.

En definitiva, un novo éxito para este anunciante, do que desde BAP&Conde nos sentimos orgullosos e agradecidos, esperando impacientes afrontar o 2010 baixo esa auréola de optimismo tan nosa. Así que... *Maloserá!!!* ●



O ELIXIDO

CHEMA GAGO

MELLOR CURTAMETRAXE (O ELIXIDO)

Cando Raúl Dans me presentou o texto de *Un conto de Nadal con perversas intencións*, souben que aí había un anaco de película, un fragmento de cine que pagaba a pena poñer en imaxes. A obra orixinal tiña uns diálogos suxerentes e uns personaxes con aromas de cine negro. Así que non tivo que convencerme demasiado para embarcarnos neste proxecto tan atractivo.

Era a primeira vez que me enfrontaba a unha adaptación dunha obra teatral, e o reto estaba en, precisamente, respectar a idea e o texto orixinais e intentar recrear a atmósfera que o autor plasmara no relato. Pouco a pouco foi tomando forma e medrando un guión que case se escribía só e que finalmente adoptou o título de *O elixido*.

A historia de *O elixido* é o drama dun episodio psicótico. A trama mergúllanos no interior complexo dunha mente enferma e a irremediable -e trágica- volta á realidade.

O elixido parte da idea de contar unha historia cos mínimos elementos, como sucedía na obra. O desafío audiovisual era reflectir ese mundo sen saír das catro paredes dun único decorado e unicamente con tres actores. Coa súa interpretación, o texto adecuado e o extraordinario traballo do equipo penso que conseguimos trazar un mapa de confianza e desconfianza onde todo é posible e nada é o que parece.

Nunca lle estarei o suficientemente agradecido ó equipo polo esforzo e a súa entrega. Un fenomenal e volcadísimo equipo de profesionais que non dubidaron en encerrarse nun plató durante unha fin de semana de sol -moito sol- en pleno agosto, e non por motivos económicos precisamente. Unha gravación que aínda me segue sorprendendo pola súa meticulosidade, mestría e destreza. Case 200 planos en 2 xornadas de gravación! Producción, son, vestuario, maquillaxe, o equipo de dirección, de arte, os eléctricos... Unha engrenaxe que funcionou milimetricamente. E ademais, gozando!

Unha gozada de equipo. Un auténtico luxo no que hai que destacar a sorprendente fotografía de Jaime Pérez e Carlos Vilas, a atinada montaxe de Juan Galiñanes, a sempre envolvente música de Arturo Kress, a paciencia sen límites de Nahum Fiuza no delicado tratamento de postproducción ou o exquisito traballo sonoro de Área 5, incondicionais de sempre.

Pero o traballo dos actores tampouco queda atrás. Desde esa turbadora *femme fatale* que borda Sonia Castelo, pasando polo contemplativo cínico que constrúe o meu admirado Antonio Mourellos, o Philip Marlowe galego, ata a fresca de Gelos no seu primeiro papel, conseguiron dar vida, entre os tres, a uns personaxes nada sinxelos de compoñer.

Todo isto sería imposible sen a xenerosidade de Antón Reixa e do equipo de Voz Audiovisual, que me facilitaron o terreo para que puidesemos poñer en imaxes o que estaba escrito no papel.

Non me quero esquecer do apoio da Axencia Audiovisual Galega, e en particular de Manolo González, xa que sen a súa axuda, paciencia e bo facer esta curtametraxe nunca conseguiría saír adiante.

¿Outra curta? Pois en canto teña tempo, cartos e o guión adecuado para poder gozar da compañía e do talento dos compañeiros e seguir aprendendo deles.

O elixido acaba de empezar a súa andaina polo mundo, a proxectarse diante do público e no circuío dos festivais, que é o que lles queda a estas pequenas xoias que chamamos curtas. E, de momento, non hai queixa. Premio Mestre Mateo 2010; mellor curta, dirección, guión, música, montaxe e actor principal no Festival de Cine de Sada; mellor curta de ficción en OfestivalON de Ribadeo; seleccionada a concurso no Festival Internacional de Curtametraxes Curtocircuito 2010 de Santiago de Compostela; seleccionada a concurso no 14º Festival La Fila de Valladolid; seleccionada a concurso no Festival de Cans 2010; sección competitiva do Festival Internacional de Cine de Ourense 2010; seleccionada no Festival de cine solidario de Guadalajara.

Grazas a tod@s. ●



EXPERIENCIA DE DOUS

FERNANDO CORTIZO

MELLOR CURTA DE ANIMACIÓN (O COIDADOR DE GATOS)

Cando me pediron que escribira algo sobre a miña curta pensei en moitas maneiras de poder falar sobre ela, pero creo que o cine é unha experiencia de dous: o que realiza a película e o que a ve. Por iso preferín que sexa un espectador o que comente as súas impresións. Neste caso, Mónica Ezquerra desde o seu blog *Historias de un kimono*:

“A aburrida vida de Mariano transcorre en Pontevedra, entre o seu traballo rutineiro nunha cociña económica e a súa casa. O único que o ilusiona cada día é darlles de comer aos gatos que viven nun calexón próximo. Un misterioso personaxe aparecerá para levar os seus gatos, atraéndoo con latas dunha marca nova”.

“Mariano pode ser calificado de aburrido e a súa vida, de simple e monótona, coma a vida de tantos de nós. Pero Mariano esconde un ser tenro, sensible, delicado e melancólico. A actitude de Mariano é criticada incesantemente polo seu compañeiro, que se erixe como portavoz da empresa, aínda que é o reflexo do que toda a sociedade pensa destes seres diferentes. ¿Diferentes a quen? ¿Diferentes por que?”

“Mariano é o paradigma de perdedor, de ser pusilánime, case que invisible, que ve como, pouco a pouco, o apartan do sistema. Só porque é el mesmo; só porque deixa que a súa existencia se encha das súas rutinas e do seu gran pracer: alimentar os gatos. É aparentemente asocial, pero socialízase con quen realmente lle importa e con quen lle produce a felicidade real: os gatos. Non lle recriminan o seu aspecto, nin a súa actitude, nin a súa desintegración. Mira o sistema de esguello e afástase del. Decatarémonos de que esta postura, intelixible para outros e intelixente para moitos, será a súa salvación. Non saias da cadrícula da folia de Excel na que se converteu o mundo, porque vas mal”. ●



VIVA O CINE!

ALICIA TELLERÍA

MELLOR DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN (CELDA 211)

Nas primeiras conversas co director de *Celda 211*, Daniel Monzón, comprendín que tiña clarísimo qué película quería facer e con quen, case todas as cabezas de equipo repetirían con el. Isto facilitou bastante a rodaxe xa de por si complicada, coma todas, e ademais xerou unha gran complicidade e confianza entre todos. Fomos un grande equipo.

¡¡Un motín nunha prisión!! Para recrear a realidade carceraria necesitamos bastante asesoramento e un gran labor de documentación. Contamos coa inestimable axuda de Institucións Penitenciarias, con Mar Hedo á cabeza. Monzón, acompañado de Antón Laguna, o director de arte, de Sergio Francisco, axudante de dirección, e de Tosar, Carlos Bardem e parte do elenco, percorreron varios cárceres entrevistándose con presos, non só para recabar información, senón que tamén estes deron ideas sobre armas, pinchos... A investigación foi intensa e profunda en canto a motíns, a súa orixe, o porqué, o xeito de vida, os módulos... Buscábamos refacer o mundo carcerario con toda a súa crueza.

O cárcere escollido foi o de Zamora, o antigo e coñecido cárcere de Almaraz (está situado na estrada que conduce a esta localidade), que albergou entre as súas reixas ao Vaquilla ou os encausados da matanza de Atocha, entre outros, e que cando empezamos a preproducción levaba 12 anos pechada.

Un luxo ter o cárcere á nosa absoluta disposición. Limpouse a fondo, desentullouse, desbrozouse, desinfectouse, puxemos cristais onde non os había, limpáronse os sets de rodaxe con empeño, arranxáronse cañerías... Non deixamos entrar unha soa pomba que ensuciara o que xa estaba limpo... Aproveitamos todo, os despachos dos funcionarios (reais no seu momento) foron as oficinas de produción, a antiga capela converteuse nunha sala enorme e marabillosa para vestiario, as salas de traballos carcerarios no obradoiro de construción de decorados, o comedor seguiu a ser o noso comedor... Así fixemos do cárcere case a nosa casa durante as semanas que estivemos rodando. Curiosa sensación, por outra banda.

O equipo de cámara ocupou varias celas ou “chabolos” como cuartos de cámara. Rodamos coa Red One, practicamente toda a película ao ombro coa mestría de Carles Gusi e o foco de Guillem Huertas. A iluminación fíxose en base ao aproveitamento da luz que entraba polas grandes cristaleiras da galería central e que era case imposible controlar. Os eléctricos, con José Luis Gómez Santacruz á cabeza, entraron varios días antes de empezar a rodar para poder tirar mangas por todo o cárcere, montar practicables, organizar enganches... O cárcere é moi grande, e así durante a rodaxe só había que mover os aparatos de luz de trípode, toda a infraestrutura estaba xa preparada. O cárcere é un personaxe máis e primordial da película.

Os presos, ¡canto deron que falar! Había de todo, figuración “da rúa”, buscados e atopados en Zamora, Salamanca, Toro e demais vilas dos arredores, e figurantes “case reais”, residentes de terceiro grao, ex residentes (así se lles chama a aqueles que viven nun cárcere, sexan do grao que sexan), cos que convivimos de forma intensa e que nos axudaron moito tanto en tarefas de apoio detrás da cámara como exercendo á perfección o seu papel de presos amotinados.

Houbo moitos planos que tiñan que ser a toma única, con dúas cámaras pero a unha soa toma: os destrozos brutais produto do motín non tiñan volta atrás. Así pasou ao romper os cristais do lucernario do vestíbulo ou os do colmado e toda todos os figurantes actuaron como primeiros espadas. Esta figuración tamén é un personaxe máis na película. Hai que agradecer o gran traballo de busca de personaxes de Mamen Moya e non hai que esquecer as tres meritorias de figuración, Verónica, Cristina e Bárbara, que deixaron case a saúde na súa primeira cita co cine. Por certo, aí seguen.

As xefas do equipo de Maquillaxe, Raquel Fidalgo, e de Perruquería, Inés Rodríguez Barrio, fixeron un traballo encomiable. Había que cambiar a fisonomía de moitos dos personaxes, pero de forma fácil e rápida. As horas do día son as que son e as semanas de rodaxe tamén, e creo que o resultado é o que Daniel realmente quería.

Luis Tosar será sempre Malamadre, non hai dúbida. Carlos Bardem, cos dentes dourados, é Apache. E a figuración (outra vez eles) son presos. Puxeron tatuaxes, próteses dentais, trucos nasales, cortes e recortes de pelo, e aproveitáronse en gran medida os xa existentes tatuaxes nalgúns dos personaxes.

A produción contou con magníficos técnicos que hoxe son os meus amigos. Alberto Tomé, o xefe de produción, e os dous axudantes, Miriam Devesa e José Salgueiro, son galegos. O resto, locais de Zamora cunha entrega total, moitos deles case sen baixar do coche, de Madrid a Zamora, de Zamora á Coruña, volta ao cárcere, de aí a... onde sexa... traendo actores, ópticas, as tarxetas da cámara, *dailies*... durante case dous meses!!

Non podemos tampouco esquecer o xefe de especialistas, Ignacio Álvarez, trepando polos tellados do cárcere, choutando dun a outro ou entrando pola gran fiestra da galería. Nin a Sergio Burmann captando todos os “ruxidos” mentras “a masa” se revolvíaa contra a orde establecida nunha penitenciaría. Nin a Montse Sancho en vestiario explicando a palabra

raccord aos “presos”. Nin, por suposto, a Mapa, a montadora, cuxo traballo creo que é sinxelamente excelente.

Mentres rodabamos *Celda 211*, a sensación de todo o equipo era que estábamos facendo unha moi boa película, pero...¡¡Conseguir 8 Goyas e 10 premios Mestre Mateo e tantos espectadores foi o mellor premio a todo un equipo, con Daniel Monzón de director de orquestra!!

Creo que todos os que participamos en *Celda* estamos orgullosos diso e, como persoa de produción que son, aquí acordeime basicamente dos técnicos. Noutro momento falarei dos grandes actores que hai nesta película.

¡¡Viva o cine!! ●



DESDE QUE UN BO DÍA...

RAQUEL FIDALGO

MELLOR MAQUILLAXE E PERRUQUERÍA (*CELDA 211*)

Desde que un bo día Emma Lustres me falou de *Celda 211*, empezou un período increíble, dunhas once semanas aproximadamente, ao longo do cal tiven o inmenso pracer e privilexio de coñecer e traballar ao lado de Daniel Monzón e de todo un equipo de grandes persoas e grandes profesionais. Unha etapa de crecemento que comezou coa lectura do guión, do cal non puiden apartar os ollos unha vez que empecei. Un par de horas de delicioso goce.

Desde ese momento xa formaba parte de min, e aínda sen saber se estaba definitivamente na peli ou non, comecei a desglosalo, a “ver” os seus personaxes, a sentilos. E chegou a miña primeira entrevista con Daniel. Foi tan doado... Había tanta fluidez, sinxeleza, cercanía... Iso foi o que sentín sentada ao carón desta marabillosa persoa, mentres pouco a pouco te ía xa involucrando neste proxecto co entusiasmo das persoas que aman e viven o seu traballo coma algo máis ca unha obriga. Este encontro é un dos que gardei con máis cariño.

Houbo máis reunións, lectura de guión, formouse o equipo definitivamente, perfiláronse os personaxes principais e tamén, por suposto, secundarios e figuración. Todos eran importantes. Fotos, probas de maquillaxe, de perruquería, de vestiario, de cámara. E empezamos a rodar. Debo admitir que cunha gran dose de nervios, xa que tiñamos moito traballo por diante e todos os días desde primeira hora. Todos ou case todos os actores e un número de figurantes que oscilaba entre os 30 e os cento e pico, cada día, cada un cun raccord moi directo. Tiñamos as paredes do noso espazo de maquillaxe empapeladas coas fichas e as respectivas fotos de todos os actores e de cada unha das persoas de figuración.

Foron 9 semanas de rodaxe de moita intensidade nas cales gocei cada minuto, co apoio dun grande equipo de maquillaxe e perruquería : Inés, María, Fani, Cris e Raquel de Zamora, e outras xenerosas e estupendas persoas que nos axudaron con tatuaxes e dentaduras, coma Pixi, Ramón, Pancho e Miguel Gradín.

Cando falo de *Celda*, o primeiro que me vén á mente é o que Emma me dixo ao darme o guión: “Esta é a peli do ano”. Estaba segura, había moito convencemento no que dicía e admiración na súa voz ao falar sobre Daniel.

Desde logo había un gran libro, un gran guión, entusiasmo e todo un equipo volcado para que ese proxecto fose o que Daniel imaxinara e o que Emma proclamaba.

E aquí temos o resultado.

Unha vez máis, grazas a todas estas persoas polo que cada un achegou a este crecemento. ●



CELDA 211: O CÁRCERE DOS PRESOS SORRINTES

MONTSE SANCHO

MELLOR DESEÑO DE VESTIARIO (CELDA 211)

Buba colgou en internet unha montaxe fotográfica sobre a rodaxe de *Celda 211* á que lle puxo música composta por el. Buba chámase Gabriel. É un negrazo de dimensións xigantescas con máis corazón que lombo (que xa é difícil) e de sorriso permanente que se converteu, por obra e graza do seu físico e bo facer, no líder da banda dos negros do cárcere. A súa era unha interminable lista de fotos nas que saíamos todos, posando, chollando, tomando un respiro, comendo, protexéndonos do frío.

Presos farrapentos escoltados por geos, antidisturbios, funcionarios de prisións, eléctricos, maquilladoras, sonidistas, xente de vestiario... Actores coa súa roupa de faena, Gusi coa coleta, Sergio co megáfono, xente laboriosa, xente ocupada, xente entusiasta. E pareceume que o cárcere enteiro sorría naquelas fotos, e dábanos as grazas por terlle devolto a vida.

E tan agradecido pareceu estar o cárcere de Zamora que nos cubriu de beizóns, inspirounos e converteuse, da man dun excelente guión, duns actores brillantes, dun equipo entusiasta e dun director bestial, nunha catedral, no santuario que protexe aos que acolle.

As dificultades, que non foron poucas, os imponderables, que sempre se reproducen coma collos, o frío e a presión que salferiron a rodaxe, non nos deprimiron nunca, talvez porque sabiamos que o capitán Monzón é un destro e sabio comandante de a bordo, talvez tamén porque estabamos namorados do guión, e do elenco, e dos compañeiros, e da figuración, grande e fermosa coma o mesmo cárcere.

E será por iso que Gabriel (o gran Buba) retratounos co sorriso na boca, aos geos armados escoltando os presos, aos presos posando felices cos funcionarios, ao equipo gozando cos ollos cravados no set.

Claro que foi unha película distinta. Especial. Estraña.

Viviamos no lugar máis lúgubre e triste que un poida imaxinar, rodeados de xentes desleixadas, de policías ameazantes armados ata os dentes, de funcionarios antipáticos, de traballadores sen tempo para respirar, de aparente caos. E, sen embargo, todos sorriamos, convencidos desde o primeiro instante de que estabamos facendo unha gran película, gozando de cada plano, orgullosos e agradecidos por participar daquel acontecemento, coma formigas laboriosas que percorren o seu camiño sen se perder, porque iso é o que teñen que facer.

E ese é o porqué dos sorrisos nas fotos. Esos sorrisos que aínda se debuxan nos nosos beizos cando lembramos que estivemos alí, reconciliándonos da mellor maneira co noso inestable e fabuloso oficio, naquel lugar desagradable que se converteu na nosa casa, guiados por un home amable e rigoroso.

Alí estivemos nós, o equipo completo de *Celda 211*, facendo unha película magnífica que só nos trouxo alegrías. Naquel estraño cárcere que fotografiou Buba: nun cárcere de presos sorrintes. ●



O MOMENTO DA VERDADE

JORGE GUERRICAECHEVARRIA
MELLOR GUIÓN (CELDA 211)

Cada guión é unha aventura diferente; non só porque cada un conte unha historia distinta, senón tamén porque cada un ten á súa vez unha historia propia e diferente. Podes pasar meses buscando a trama, traballando nos detalles da historia para que todo sexa perfecto. Noutros casos son os personaxes os que levan tempo; fai falta definilos, facelos máis claros, máis nítidos, pero sempre, máis pronto ou máis tarde, chega o momento da verdade; o momento no que toda a documentación, toda a preparación, remataron e chega a hora de escribir o título da primeira secuencia e facer que esa morea de notas nun caderno pase a converterse en algo vivo: un guión.

No caso de *Celda* había moito traballo previo; tiñamos a novela e faláramos ademais con funcionarios, presos... Con todo iso derámoslle forma xa a un tratamento detallado, bastante minucioso. Deliberadamente planificáramos manter oculto o rostro de Malamadre ata o momento no que o mozo funcionario e el se atoparan un en diante do outro, unha vez iniciado o motín. Ata ese momento só íamos ver o lombo de Malamadre, o seu escorzo, etc., pero nunca a súa cara. Todo estaba a funcionar segundo o previsto na escaleta ata chegar a ese momento e, de súpeto, ocorreu.

É algo difícil de explicar, pero hai un momento, ao escribir os diálogos, no que o que acabas de escribir pode ser unha sorpresa para ti mesmo... E iso é bo. É absurdo, porque es ti o que está en diante do ordenador, elixindo as teclas que vas pulsar a continuación, pero nin ti mesmo sabes qué van dicir os personaxes, cal vai ser a súa seguinte réplica, e cada frase pode levarte a un lugar ao que nunca imaxinaras chegar. Dalgún xeito, é coma se nese momento estiveras a asistir á túa propia escena e tiveras en diante os teus personaxes; estás agardando que pase algo que ti mesmo imaxinaches, pero cuxos detalles exactos descoñeces. Todo o traballo anterior, toda a documentación, as discusións sobre os personaxes, etc., interiorizáronse de tal xeito que cobraron vida e agora responden aos seus propios impulsos, que, como ocorre na vida real, nunca se axustan exactamente a ningún esquema previo. ¿Cantas veces imaxinamos na nosa propia vida cal sería o noso comportamento ao bater coa moza que nos gusta, ou co xefe ao que queremos impresionar? Ensaíamos a escea, preparamos as nosas mellores frases, pero á hora da verdade nada se axusta aos nosos plans, a conversa vai por outros camiños e as nosas marabillosas respostas nunca atopan as preguntas que esperabamos responder. Hai tensión, hai incertidume, e iso é parte da vida que o teu guión quere representar.

É o comezo da primeira secuencia de Juan e Malamadre xuntos. O funcionario novato atrapado no motín está a improvisar unha historia para xustificar a súa aparición no módulo. Inventou un homicidio e asegura que volvería facelo e, de súpeto, Malamadre resposta: “No me lo creo”.

Probablemente ninguén me crerá, pero nese momento a nosa sorpresa en diante do ordenador foi case a mesma cá de Juan. Escribíramos: “No me lo creo”, e despois engadimos: “Tú no tienes cara de matar a nadie. Tú no has roto un plato en tu vida”. Acababamos de meter a Juan nunha situación aínda máis complicada. Todo dependía da súa seguinte frase. ¿Que ía dicir a continuación? Podía ser aceptado ou rexeitado, e o que escribimos foi: “Así que eres el psicólogo de la cárcel”. Malamadre fica en diante del, mirándoo. Non sabemos cal pode ser a súa reacción. A conversa prodúcese en presenza do resto dos amotinados, que esperan tamén ansiosos; Malamadre sorrí e resposta: “Anda que no molaría andar por ahí con la bata esa llena de valiums, repartiendo a la peña como caramelos”. Os presos rin, a tensión rómpese no cárcere e tamén en diante do ordenador.

A partir dese momento soubemos que xa non tiñamos que preocuparnos por estes dous personaxes. Estaban vivos e poderíamos seguir gozando ao descubrir cada unha das súas réplicas ao longo da historia. Os seus diálogos seguirían a xurdir en cada secuencia case sen esforzo, nunha especie de escritura automática, porque sabíamos quen eran e qué querían en cada momento. A conexión entre os dous estaba definida, e era tan perfecta como imposible: amizade, traizón, lealdade... Unha especie de Jim Hawkins e John Silver na que o pequeno Jim é o que engana ao vello pirata. Unha desas parellas que fan que unha película transcenda os límites da súa propia trama e se convirta en algo capaz de emocionar a todo tipo de público, incluídos dous guionistas encerrados nunha pequena habitación. ●



O PREMIO É O TRABALLO

CAMILA BOSSA

MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA DE REPARTO (MATALOBOS)

É bonito recibir un premio. Aínda que estou totalmente dacordo na rareza da súa natureza e naquilo de que son totalmente inxustos... Por qué un ten que ser mellor ca outro?

Pero unha vez asumida a súa inevitable existencia a través dos tempos, o mellor é gozar deles se por algunha razón deciden darcho.

E eu agradecín e vivín con ledicia o premio que este ano recibín pola miña actuación na serie *Matalobos*. Tómoo coma un agarimo dos compañeiros, da profesión, da xente que conforma a Academia... Grazas...

Pero gustárame dicir que para min o premio xa estaba dado. Explícome.

Ser actor, neste caso actriz, baixo o meu punto de vista só pode entenderse dende a total vocación. O constante desequilibrio que che pode xerar este traballo só pode compensarte se realmente te satisfacen os momentos de actividade, de creación.

E nestes tempos de recortes, crises e demais “plagas” que vivimos, a cousa ponse aínda máis crúa e desigual se cabe.

Así que traballar de actriz, se xa foi sempre difícil, hoxe en día pódese tildar case que de milagre.

Por iso, cando teño a sorte de que alguén confíe en min, no meu traballo, e me chame para darlle vida a un personaxe, eu xa me sinto premiada. O traballo é o verdadeiro premio.

Porque unha persoa que non traballa está claro que vive anulada, e un actor en paro é un actor que non existe... É invisible.

Tiven a sorte de recibir outro premio Mestre Mateo no ano 2004 pola miña actuación na película *O ano da carracha*, de Jorge Coira. Aquel galardón supúxome unha grande alegría, pero nada comparado coa experiencia de ter participado nesa película, o meu primeiro papel na gran pantalla, de compartir escenas e oficio con compañeiros (actores e técnicos) marabillosos.

E así nas anteriores ocasións nas que tiven o privilexio de que os académicos decidiran nominar o meu traballo... No telefilme *A mariñeira*, de Antón Dobao, onde fixen a miña primeira protagonista e tamén o meu primeiro papel dramático. Eu xa non esperaba nada máis, porque o premio xa foi o regalo de poder darlle voz e rostro a María. E o mesmo sentín no ano da nominación polo papel de Inés da serie *Celavella*, porque puiden formar parte dunha das series máis coidadas e valentes da TVG.

Resumindo... Os premios son sempre benvidos, o aplauso, o recoñecemento, a felicidade da túa xente, son impagables, pero para min a maior satisfacción é a de que sigan confiando en min para tentar emocionar, conectar e entreter ó público.

Sempre será bo que che dean premios, non tanto porque demostren que es mellor ou peor ca alguén, senón porque significará que segues a traballar, que podes continuar creando, construíndo personaxes e gozando do que máis nos gusta na vida: actuar, existir.

Así que aproveito para agradecerlle a toda a xente coa que me fun atopando no camiño, que me regalou experiencias, diálogos intelixentes, retos fermosos, planos, emocións, confianza, sabedoría e profesionalidade.

Porque os premios que recibimos os actores son un pouco de todos.

Considero este traballo como un traballo global, de suma de pezas e detalles que cada departamento engade para que poidamos obter un resultado.

Adriana Calderón non sería a mesma se non tivera un decorado que fala dela, un vestiario que lle imprime unha personalidade, unha maquillaxe que a define, unha luz que a sitúa nunha atmosfera concreta, uns diálogos que constrúen o seu carácter, unha dirección que narra todo baixo o seu punto de vista, un apoio técnico que sempre está disposto... e un equipo de xente que conforma un entramado de actividade e responsabilidade imprescindibles para que un produto saia adiante.

Por todo isto, espero poder continuar aprendendo e creando, seguir formando parte deses equipos que fan un todo... E poder recibir ese premio tan ansiado que é facer o teu traballo. ●

The end

Galicia

COPRODUCTION

Feature Films FICTION

Feature Films ANIMATION

Short Films FICTION

Short Films ANIMATION

Tv MOVIES

Tv ENTERTAINMENT PROGRAMS

DOCUMENTARIES

Galicia terra de cine
a land for cinema



XUNTA
DE GALICIA

consorcio audiovisual
ce Galicia



Galiciafilmcommission

PANORAMA DE FESTIVAIS



CURTAS NA REDE

Febreiro-outubro 2009

O certame on-line Curtas na Rede, organizado pola Secretaría de Medios e o Consello da Xuventude da Xunta de Galicia, contou na súa cuarta edición coa participación de arredor de 250 pezas audiovisuais (fronte ás 150 da edición anterior) de autores autores galegos, portugueses, arxentinos, mexicanos, chilenos e australianos.

A modalidade de curtametraxes resultou ser a máis concorrida, con 167 proxectos, o dobre ca na anterior edición. As curtas debían ser inéditas e ter unha duración máxima de cinco minutos.

O certame incluíu tamén as categorías de cápsulas (pezas dunha duración máxima de tres minutos) e micromovies (obras de 30 segundos gravadas co teléfono móbil).

Curtas na Rede desenvólvese como unha aposta pola consolidación de internet como espazo útil de exhibición e punto de encontro e interactividade entre creadores e público.

PALMARÉS: O *paquete*, de Andrés Goiteira (ficción, 1º premio); *Turno de noche*, de Víctor Palacios (ficción, 2º premio); *La trampa del ratón*, de Juan Pedro Pérez (ficción, 3º

premio); *Aarón*, de Marcos Nine (documental, 1º premio); *Elephant*, de Octavio Sendoya (documental, 2º premio); *Grissinopoli, la nueva esperanza* (documental, 3º premio); *Anim 01*, de Juan Lesta e Belén Montero (experimental, 1º premio); *En garde*, de Emiliano Cano (experimental, 2º premio); *Meticulosidade*, de Martín Vázquez Baño (experimental, 3º premio); *Lelo e as estacións*, de María Becerra (animación, 1º premio); *Manos jugando en el espacio*, de Julián Alkorta (animación, 2º premio); *Lina Plastilina*, de Mercedes Pimiento (animación, 3º premio); Iria Pinheiro, por *Freud & Co* (interpretación feminina); Xabier Pan, por *Raccord do carallo* (interpretación masculina); *Naufragio*, de Flavio Pires (guión); Galder Arriaga por *Agua* (montaxe); Toño Chouza, por *Ausencia de cambio* (dirección); *Freud & Co*, de Xabier Marqués (curta en galego); *Señales*, de Pedro Moreno (curta en castelán); *Disparo de nieve*, de Toño Chouza (bitácora); *Jeriatric Park*, de Rafael Navarro (cápsula); *GPS*, de Marcos Fernández (micromovie); *Amor, rabiscos e outras cousas*, de Hugo Ricardo Sousa (premio do público en curtas); *Beach Bay*, de Hugo Ricardo Sousa (premio do público en cápsulas); *Game Over*, de Adán Pichardo (premio do público en micromovies).

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES DE BUEU



7-12 setembro 2009

A segunda edición desta mostra abriuse a obras de calquera nacionalidade realizadas despois do 1 de xaneiro de 2006, cunha duración máxima de 30 minutos. A organización seleccionou 25 curtas para exhibir.

PALMARÉS: *Homeland*, de Juan de Dios Marfil (1º premio); *El tiempo prestado*, de David González Rudiez (2º premio); *Manual práctico del amigo imaginario*, de Ciro Altabás (público); *Love*, de Biel Mauri (mención especial); *Por la mañana*, de Toño Chouza (mellor curta galega); Sergio Barrejón e Nacho Vigalondo, por *El encargado* (guión); David González, por *El tiempo prestado* (dirección); Bruno Bergonzini, Jordi Gracia, Clara Segura e Alena Villalonga, por *Love* (repartición); Jordi Hernández, por *Love* (fotografía); Ángel Boyano e Nino Morante, por *El mal de Schneider* (dirección artística); Ariadna Paniagua, por *El mal de Schneider* (vestiario); Isabel Auernheimer e Mayte González, por *El mal de Schneider* (maquillaxe/perruquería); Antonio Bejerano, Jonathan Darch e Jordi Juncadella, por *Reacción* (son); Isaac Berrokal, por *Today is Sunday* (montaxe), Juan de Dios Marfil, por *Homeland* (música).

MÍVICO, MOSTRA INTERNACIONAL DE VIDEOCREACIÓN DO CONDADO

PONTEAREAS

2-4 outubro 2009

Terceira edición deste certame, no que competiron 20 videoocreacións, 15 curtametraxes e 5 documentais. A organización recibiu máis de 200 filmes procedentes de Galicia, Portugal, Chile, Arxentina e o Reino Unido. Como novidade estreouse un segundo espazo de exhibición para proxectar obra de videocreadores nacionais. Houbo ademais concertos e unha retrospectiva do director Toño Chouza.

PALMARÉS: *A nena que tiña unha soa orella*, de Álvaro León (mellor videoocreación); *Llamadme Claudia*, de Xavier Daura e Esteban Navarro (mellor documental); *Vestido*, de Jairo Boisier (mellor curta de ficción)

FESTIVAL DE CINE INTERNACIONAL DE OURENSE



10-17 outubro 2009

A decimacuarta edición do OUFF recibiu 1.245 filmes a concurso procedentes de máis de 80 países. Na Sección Oficial presentáronse 200 producións, das que 106 concorreron a competición e 94 integraron a sección temática paralela.

O festival tivo seccións temáticas dedicadas á cinematografía húngara, América Latina, a muller e a emigración, entre outras; unha retrospectiva de filmes de Norman McClaren e diversas exposicións paralelas, entre elas unha de carteis de cine cubano.

Impartíronse ademais tres masterclasses, sobre a produción de documentais internacionais, coprodución en Europa e o salto da curta á longa.

PALMARÉS DO FESTIVAL DE CINE INTERNACIONAL DE OURENSE

LONGAMETRAXES

GRAN PREMIO CALPURNIA: *Pescuit sportiv* (Pesca deportiva), de Adrian Sitaru (Romanía/ Francia)

PREMIO DO PÚBLICO: *Absurdistan*, de Veit Helmer (Alemaña/ Acerbaixán)

PREMIO CARLOS VELO Á MELLOR DIRECCIÓN: Arno Dierickx, por *Bloedbroeders* (Irmáns de sangue) (Holanda)

PREMIO ESPECIAL DO XURADO: *El regalo de la Pachamama*, de Toshifumi Matsushita (Xapón/ Bolivia)

PREMIO CIDADE DA CORUÑA AO MELLOR GUIÓN: Tomislav Radic, por *Tri price o nespavanju* (Tres historias de insomnio) (Croacia)

MELLOR ACTOR: Miguel de Lira, por *Pedro e o capitán* (Galicia)

MELLOR ACTRIZ: Birgit Minichmayr, por *Alle anderen* (Todos os demais) (Alemaña)

MENTIÓN ESPECIAL DO XURADO: *Tréfa* (Novatada), de Peter Gardos (Hungría)

MENTIÓN ESPECIAL DO XURADO: *Polvo nuestro que estás en los cielos*, de Beatriz Flores Silva (Uruguai/ Bélxica/ Suíza/ Chile/ Cuba)

MENTIÓN ESPECIAL DO XURADO: Rosana Pastor, por *Tri price o nespavanju*

DOCUMENTAIS

GRAN PREMIO CALPURNIA: *Intimidades de Shakespeare y Víctor Hugo*, de Yulene Olaizola (México)

PREMIO CIDADE DE VIGO Á MELLOR DIRECCIÓN: Anders Hogsbro Ostergaard, por *Burma VJ: Reporter i et lukket land* (Birmania VJ: Informando desde un país pechado) (Dinamarca/ Reino Unido)

PREMIO Á IDENTIDADE/ DIVERSIDADE CULTURAL: *Mein herz sieht die welt Schwartz* (Amor e guerra en Kabul), de Helga Reidemeister (Alemaña)

CURTAMETRAXES

GRAN PREMIO CALPURNIA: *Loftet* (A promesa), de Anders Osterballe (Dinamarca/ Suecia)

PREMIO DO PÚBLICO: *Loftet*

MELLOR DIRECTOR: Rick Ostermann, por *Still* (Quedos) (Alemaña)

MELLOR ACTOR: Tom Green, por *The ground beneath* (Cos pés no chan) (Australia)

MELLOR ACTRIZ: Eleonor Hendricks, por *10:31* (Estados Unidos)

MENTIÓN ESPECIAL DO XURADO: *La canción de los niños muertos*, de David Pablos (México)

ANIMACIÓN

GRAN PREMIO: *Germania wurst* (Un pouco de Historia de Alemaña), de Volker Schlecht (Alemaña)

MENTIÓN ESPECIAL DO XURADO: *Dossier Re Bordosa*, de César Cabral (Brasil)

MENTIÓN ESPECIAL DO XURADO: *Var-mints* (Bechos), de Marc Craste (Reino Unido)

NOVOS MEDIA

GRAN PREMIO Á INNOVACIÓN: *This is J03* (Este é J03), de Rory Lowe e Tom Shrapnel (Reino Unido/ Escocia)

MENTIÓN ESPECIAL DO XURADO: *Ceremonia*, de Pablo Pedrosa (Argentina)

PREMIO EIXO ATLÁNTICO AO MELLOR FILME GALEGO OU PORTUGUÉS

O pintor de ceos, de Jorge Morais (Galicia)

PREMIO TODA UNHA VIDA

Eloy Lozano

CURTOCIRCUITO



SANTIAGO

10-17 outubro 2009

O Festival Internacional de Curtametraxes de Santiago proxectou 223 traballos procedentes de 36 países, dos máis de 2.500 remitidos desde 94 países, na que foi a convocatoria máis internacional do evento. Entre as curtas proxectadas houbo 29 galegas, 34 doutros lugares de España e o resto estranxeiras. Contouse tamén cun mercado internacional de curtas, un taller de documental dirixido por Michael Chanan, programación infantil e 2 masterclasses. A principal novidade desta edición foi o xurado mozo, integrado por estudantes de audiovisual.

PALMARÉS: *Rabbit punch*, de Kristian Andrews (gran premio internacional); *La sortie*, de Jesús Domínguez (premio especial xurado internacional); *Os sapatos de Aristeu*, de Luiz René Guerra (mellor curta internacional ficción); *Stand up*, de Joseph Pierce (mellor curta internacional animación); *Slavar*, de Hanna Heilborn e David Aronowitsch (mellor curta internacional documental); *Destination finale*, de Philip Widman (gran premio Explora); *Danse macabre*, de Pedro Pires (premio especial do xurado Explora); *X nada*, de Daniel De la Torre e Toni Veiga (gran premio Galicia); *The werepig*, de Samuel Ortí (premio especial do xurado Galicia); *Anniversary*, de Javier e Nayra Sanz Fuentes (gran premio España); *Daniel's journey*, de Luis Zamora (premio especial xurado España); *The werepig*, de Samuel Ortí (premio do público); *El tiempo prestado*, de David González (premio xurado mozo/español); *The werepig*, de Samuel Ortí (premio xurado mozo/galego); *Danse macabre*, Pedro Pires (premio xurado

mozo Explora); *After tomorrow*, de Emma Sullivan (premio xurado mozo/internacional)

Premios Onda Curta RTP: *Boris*, de Daniel Lundquist; *Beheading of a smiling dog*, de Georf Lendorf; *This is her*, de Katie Wolfe; *Horn dog*, de Bill Plympton; *Post-it-love*, de Sid&Ad; *Miracle fisch*, de Doolan Luke; *Noteboek*, de Lohbeck Evelien; *Danse macabre*, de Pedro Pires.

MOSTRA DE CINEMA ETNOGRÁFICO

SANTIAGO

19-24 outubro 2009

Por cuarto ano consecutivo, o Museo do Pobo Galego foi escenario dun festival onde se trata de recoller a herdanza e a realidade de culturas diversas. Proxectáronse filmes sobre lugares tan dispares coma Galicia, Siberia ou o Couto Mixto. Dentro do festival, a sección Carlos Velo é unha selección de documentais que prima a presenza de realizadores galegos.

SECUENCIA CERO



VIGO

22-24 outubro 2009

O Museo Verbum de Vigo acolleu por sexto ano este certame de vídeo, no que se exhibiron 18 filmes procedentes de distintas localidades españolas.

PALMARÉS: *Die schneider kranheit*, de Javier Chillón (mellor curta de ficción); *La sortie*, de Jesús Domínguez (mellor documental); *Au*, de Vicent Gisbert (mellor videocreación).

MOSTRA DE CINEMA E CIENCIA

A CORUÑA

26 outubro-1 novembro 2009

A segunda edición deste festival temático acolleu películas curtas e longas de temática divulgativa, cunha sección a concurso e outra panorámica. As proxeccións tiveron lugar na Domus.

PALMARÉS: *Ljiusar*, de Mikael Kristerson, e *Naturally obsessed*, de Richard e Carol Rifkind (Gran Premio, ex aequo); *A horse is not a metaphor*, de Barbara Hammer (Premio Laboratorio); *Addicted to plastic*, de Ian Conacher (Premio da Mocidade).

AMAL



SANTIAGO

23-31 outubro 2009

A sétima edición do Festival de Cine Euro Árabe Amal incrementou dous días a súa duración e programou 44 títulos, 36 deles na sección competitiva. Como novidade, a páxina web do festival (www.festivalamal.es) permitiu ver on line as curtametraxes a concurso.

PALMARÉS: *Un novio para Yasmina*, de Irene Cardona (mellor longa de ficción); *El pueblo de un solo hombre*, de Simon El Habre, e *Checkpoint rock. Canciones desde Palestina*, de Fermín Muguruza e Javier Corcuera (mellor documental, ex aequo); Suheir Hammad, por *La sal de este mar* (mellor actriz); José Luis García Pérez, por *Un novio para Yasmina* (mellor actor); Rashid Masharawi, por *El aniversario de Laila* (mellor dirección); *La ruta del norte* (mellor curta de ficción); *Un extraño en mi casa* (mellor curta documental); Al Nakba (premio do público); *Granadas y mirra* (premio TVG); *La báscula* (premio Amal express).

CINEMA E SOCIEDADE

NARÓN

30 outubro-4 novembro 2009

Segunda edición desta mostra, con proxecións e mesas redondas sobre temas coma a inmigración, a violencia de xénero e a sexualidade dos mozos. En paralelo, o Ateneo ferrolán acolleu unha exposición sobre as salas de cine da comarca. A asociación Conxeito, organizadora do festival, decidiu outorgar a mención especial aos directores e realizadores galegos. Recolleu o premio Xavier Bermúdez, presidente da asociación profesional

CREA.CERTAME AUDIOVISUAL
LICEO CASINO DE VILAGARCÍA

23-29 novembro 2009

Trixésima sétima edición desta mostra, con 20 curtametraxes a concurso na sección oficial seleccionadas de entre as máis de 400 que recibiu a organización. Na sección informativa proxeccións de curtas galegas, unha retrospectiva de cine romanés e outra do colectivo La Cuadrilla. O programa completouse con exposicións, concertos e un coloquio con Luis Guri-di sobre a curtametraxe como escola.

PALMARÉS: *Vestido*, de Jairo Boisier (mellor audiovisual); *A nena que tiña unha soa orella*, de Álvaro León (mellor audiovisual galego); *Homeland*, de Juan de Dios Marfil (mellor audiovisual de animación); Marc Reixach, por *Runners* (mellor realizador novel); José Luís Tejero, por *Runners* (mellor interpretación); *Padre Modelo*, de Alejandro Marzoa (premio do público).

CINEUROPA

SANTIAGO

4 novembro-3 decembro 2009

O programa deste festival abrangueu máis de cen filmes na súa vixésima terceira edición. Seccións xa habituais, coma as dedicadas ao cinema fantástico ou a música, alternaron con novidades coma un apartado infantil. Os carteis das películas exhibidas, e outro material relacionado, estiveron expostos na biblioteca pública Ánxel Casal.

PALMARÉS: Mabel Rivera, Fernando Trueba (Premios Cineuropa 09); *Looking for Eric*, de Ken Loach (sección oficial); *City island*, de Raymond De Felitta (panorama internacional); *Love exposure*, de Sono Sion (Mundo Asia); *Soul power*, de Jeffrey Levy Hinte (Doc-Music); *Familystrip*, de Luis Miñarro (Documentos); *Surveillance*, de Jennifer Lynch (Fantastique Compostela); *La próxima estación*, de Pino Solanas (Conexión Buenos Aires).

ACCIÓN

BOIRO

13-15 novembro

O certame audiovisual acolleu as últimas creacións de realizadores locais e a presentación dun documental sobre San Ramón de Bealo. Tamén se programaron obras de realizadores vangardistas.

SEMANA DE CINE SUBMARINO

VIGO

25-27 novembro 2009

XIX edición da mostra, cun programa de catro documentais sobre a quenlla, o Ártico, os arrecifes do Caribe e o bosque subacuático. Como convidados a esta edición acudiron o biólogo Jesús Souza, o oceanógrafo Emilio Marañón e o camarógrafo Jorge J. Candán. Programáronse sesións matinais para os centros de ensino da provincia de Pontevedra.

XANELA Ó MUNDO. FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DOCUMENTAL DAS MARIÑAS

BETANZOS

23-29 novembro 2009

A segunda edición deste festival tivo unha sección oficial a concurso dividida en dúas: Actualidade, para documentais producidos despois do 2005, e Historia, para os filmados antes dese ano. A maiores programouse a sección Taller, para a exhibición de pezas fóra de concurso.

PALMARÉS: *El rebusque*, de Mónica Moya (sección oficial); *Soy Meera Malik*, de Marcos Borregón (premio do público).

MOSTRA DE CURTAS VILA DE NOIA

4-6 decembro 2009

Undécima convocatoria deste festival, que se celebrou por primeira vez sen sección competitiva debido á falta de subvención da Xunta. A primeira xornada da mostra dedicouse ao cinema iberoamericano, a segunda aos cineastas galegos _coa estrea de novas obras de Jorge Saavedra, Dani De la Torre e Toño Chouza, entre outros_ e a terceira dedicóuselle ao actor Xulio Abonjo. Programáronse arredor de 20 títulos.

PLAY-DOC



TUI

17-21 marzo 2010

A sexta edición deste festival internacional recibiu máis de 7.000 espectadores, que puideron ver unha selección de 31 documentais chegados de moi diversas latitudes. A programación contou con retrospectivas dedicadas aos cineastas Raymond Depardon e Jay Rosenblatt, o obradoiro *El retrato filmado*, dirixido á formación de novos realizadores, e mostras do pintor Antón Lamazares e o escultor Manolo Paz. No aspecto musical houbo concertos de grupos ligados á páxina web francesa La Blogothèque.

PALMARÉS: *Sweetgrass*, de Ilisa Barbash e Lucien Castaign-Taylor, e *Sanya i Vorobey*, de Andrei Gryazev (mellor longametraxe, ex aequo); *The darkness of day*, de Jay Rosenblatt (mellor curtametraxe); *Tanyaradzwa*, de Alberte Pagán (mellor documental galego).

FESTIVAL GALEGO DE CURTAS



SADA

20-24 abril 2010

A terceira edición deste festival de curtas programou pezas de non máis de 20 minutos de duración de autores galegos. En total exhibíronse 26 traballos en catro sesións. Na gala de clausura e entrega de premios estreouse da curtametraxe *Efectos colaterais*, de Jairo Iglesias, rodada en Sada a finais do 2009.

PALMARÉS: *O elixido*, de Chema Gagino e Raúl Dans (mellor curtametraxe); *A nena que tiña unha soa orella*, de Álvaro León (mellor curta de animación); *Instalación*, de José Díaz (premio do público); Chema Gagino e Raúl Dans, por *O elixido* (mellor dirección); Antonio Mourelos, por *O elixido* (mellor actor); Mónica García, por *Instalación* (mellor actriz); Juan Galiñanes, por *O elixido* (mellor montaxe); Gutier Rolán, por *Slow food* (mellor deseño gráfico); Iago Portela, por *O noveno principio* (mellor son); Sergio Pena, por *Slow food*, e Arturo Kress, por *O elixido* (mellor música ex aequo).

REDONDELA EN CURTO

22-25 abril 2010

Sexta edición desta mostra, que contou como novidade cunha sección alternativa onde se proxectaron 8 curtas fóra de concurso. A sección competitiva integrárona este ano 16 curtas, divididas en 4 bloques para a súa proxección. Inauguraron o festival os actores Xabier Deive e Fernando Morán. Dentro do programa houbo os habituais pases para escolares e un coloquio co director Adán Aliaga, que presentou no festival a súa longametraxe *Estigmas*.

PALMARÉS: *The end*, de Eduardo Chapeiro-Jackson (mellor curta de ficción); *La historia de siempre*, de José Luís Montesinos (premio do público).

FESTIVAL DE CANS

**O PORRIÑO**

19-22 maio 2010

O Festival de Cans celebrouse por sétimo ano consecutivo, coa súa habitual programación de curtas, longas e actuacións musicais. Este ano proxecciónanse curtametraxes de animación de Portugal e longametraxes galego-portuguesas. Estreouse o western galego *Naipe de sangue* e Luis Tosar colocou a súa estrela no Torreiro das Estrelas. Non faltaron, coma cada ano, os desfiles de actores e técnicos nos chimpíns.

PALMARÉS: *Rodilla*, de Juanjo Giménez (premio xurado mellor curta de ficción); *Padre Modelo*, de Alejandro Marzoa (premio veciños mellor curta de ficción); *Instalación*, de Xosé Díaz (premio público mellor curta de ficción); *A nena que tiña unha soa orela*, de Álvaro León (premio xurado mellor curta de animación); *Pequena Gran Aventura*, de Juan Carlos Abal (premio público mellor curta de animación); *Mi vida en tus manos*, de Nuno Beato (mención especial xurado); Nuncy Valcárcel, por *Coser e cantar* (premio xurado mellor actriz); Fernando Cayo e Javier Gutiérrez, por *El vendedor del año* (premio xurado mellor actor, ex aequo); *Nuestra fe en el veneno* (Franc3s), de Javi Camino, e *Grelo 66* (Kastomá), de Gaspar Broullón e Matías Tarrío (premio xurado mellores videoclips); *In silence* (Catpeople), de Adrián Pérez (premio público mellor videoclip); Ernesto Chao (premio de honra Pedigree '10).

MUNDOS DIXITAIS



7-11 xullo 2010

Mundos Dixitais acolleu este ano relatorios sobre temas coma o mundo virtual, os paradigmas de negocio dos contidos dixitais, o desenvolvemento de proxectos de animación en 3D e a arquitectura en 3D. Esta última disciplina protagonizou o CGArchitect Film Festival, o primeiro evento deste tipo na industria da visualización arquitectónica. Responsables creativos de filmes coma *O Apóstolo*, *Planet 51* e *Avatar* ofreceron unha visión sobre o seu traballo nestas cintas.

PALMARÉS: *The little boy and the beast*, de Johannes Weiland e Uwe Heidschöffer (mellor curta de animación); *Alma*, de Rodrigo Blaas (mellor curta nacional); *Get out*, de Boisson, Fourvel, Han-Kwan e Reinarz (premio especial do xurado); *Mobile*, de Verena Fels (premio especial do público); Ignacio Pérez Dolset, de Ilion Animation Studios (premios especial Mundos Dixitais).

OFESTIVALON

RIBADEO

30 xullo-1 agosto

A sección oficial deste festival acolleu unha selección de 39 traballos chegados de diferentes países. Na sección A Toda Mecha graváronse 11 curtas.

PALMARÉS: *El tránsito*, de León Siminiani (mellor curta documental); *O soldadiño de chumbo*, de Virginia Curiá e Tomás Conde (mellor curta de animación); *O elixido*, de Chema Gago (mellor curta de ficción); *Todo es maybe*, de Asier Urbieto (premio do público); *A porta*, de Andrés Goteira (premio do público A Toda Mecha); Estíbaliz Veiga (mellor actriz); Suso López, por *A porta* (mellor actor); Benito Eiroa, por *Salvavidas* (mellor guiño); *Morir* (mellor dirección artística); *A porta* (mellor curta en lingua galega).



A CAIXIÑA DOS MISTOS ACADOU 10.000 ESPECTADORES NO SEU PRIMEIRO ANO DE ANDAINA

MR. MISTO FILMS

O cinema máis pequeno do país acadou o pasado decembro unha cifra difícil de superar, 10.000 espectadores que pasaron por esta caravana itinerante. Así, no que vai de ano, fixo xa case trinta paradas na súa ruta habitual, incluíndo parte da ruta xacobea. Ten previsto pechar este ano con máis de cen xornadas de proxección, levando diversión e cine ós máis cativos e facendo posible que sexan estes mesmos os que aprendan como facer unha película.

Para os que aínda non coñecen esta caravana, cómpre dicir que se trata dun cinema ambulante no que se proxectan sesións infantís para idades comprendidas entre 0 e 14 anos. Ademais de potenciar o valor didáctico a través de obradoiros, búscase que os nenos interactúen cos outros cativos a través de materiais complementarios. A Caixiña dos Mistos supón unha opción novidosa e interesante de cara a promover a experiencia cinematográfica nos máis pequenos.

Así pois, trátase dunha iniciativa na que non só se poden ver películas, senón tamén participar nas actividades que se realizan antes e despois de entrar na caravana. Na súa alfombra de cores, os pequenos poden gozar coas actividades organizadas, mentres que á saída das proxeccións serán eles os que puntúen as curtas que acaban de ver, establecendo un ránking no catálogo de películas. Como materiais complementarios ás proxeccións, entrégaselles aos nenos pasatempos para que se poidan entreter mentres agardan a súa sesión. Os nenos poden esperar coloreando ou facendo recortables na nosa caravana e interactuando con outros nenos. Ademais, son estes os que coa súa idade e gustos escollen que curtas queren ver neste pequeno espazo de proxección, que conta cunha versatilidade que lle permite adaptarse a todo tipo de celebracións.

Precisamente foi en abril cando A Caixiña dos Mistos presentou o seu catálogo de curtametraxes para este ano 2010, no que se atopan títulos coma *El misterio del pez*, gañador do premio á mellor curtametraxe de animación de OFestivalON. Comezando esta nova viaxe, tamén destacan pezas de animación multipremiadas a nivel internacional como *La Lupe y el Bruno*, *O soldadinho de chumbo*, *A revolta dos mouses*, *A nena que tiña unha soa orela*, ou a americana *Pigeon Impossible*.

Pola súa banda, a mellor maneira de aprender é poñendo en práctica o aprendido, e así o fan os cativos que visitan a Caixiña dos Mistos. No obradoiro de animación con plastelina, por exemplo, apréndeselles ós participantes a facer unha película en *stop-motion*, achegándolles a terminoloxía cinematográfica, á vez que son eles os que realizan esta actividade para logo ver o resultado. Desta forma, a interactividade e a creatividade dos cativos queda plasmada non só nas pezas, senón tamén nas puntuacións que estes outorgan ás películas, coma se dun gran festival de curtametraxes se tratase. Unha programación que mestura cine e actividades e que busca entreter cun obxectivo didáctico e divertido.

Non obstante, as posibilidades coas que esta iniciativa conta van máis aló, xa que en xullo púxose en marcha a versión catalana de A Caixiña dos Mistos, chamada La Caixeta dels Lluminis, demostrando a capacidade que o proxecto, deseñado por Mr Misto Films, ten de exportar este tipo de contidos culturais a outras comunidades. Así, firmas que patrocinan esta iniciativa, como Gadis ou Jovi, atopan neste tipo de actuacións a oportunidade perfecta para promocionar os seus produtos, chegando a todo tipo de públicos.

Máis información en: www.caixadosmistos.com

EGACI: UNHA EXPERIENCIA EN TRÁNSITO

MARÍA VIRGINIA RAMÍREZ ABREU
DIRECTORA DA EGACI



A Escola Superior de Artes Cinematográficas de Galicia cada ano tenta cumprir novos retos. O pasado curso académico caracterizouse polo uso de tecnoloxía e pola colaboración de profesionais nos traballos máis prometedores.

O uso de diferentes cámaras, desde a Arri Lite en 35 mm ata a Red One, completou un periplo de rodaxes e prácticas que os nosos alumnos atravesaron con grande éxito. Isto presupón non só o coñecemento e manexo das tecnoloxías fotográficas, senón un grao alto de preparación en canto aos problemas que con respecto á dirección de fotografía e, por ende, o manexo da luz reporta cada unha das cámaras e das películas.

Neste sentido, Fuji Film proporcionounos a posibilidade de traballar coa sensibilidade única da novísima Eternal Vivid, co cal o enfrontamento á rodaxe implicaba ademais o risco de manexar a súa delicada sensibilidade, ao tempo que cada parte dos nosos equipos se centraba en sacar o máximo rendemento ao material, sen descoidar o guión e a dirección. Reseñar o curso pasado como un curso netamente fotográfico é dar unha validez moi grande ao traballo que realizaron os estudantes e, por suposto, os profesores encargados de impartir as diferentes disciplinas.

Por outra banda, concretáronse experiencias moi favorables no desenvolvemento educativo, pois os alumnos abordaron desde o comezo as diferentes prácticas con profesionalidade e con certo risco, non enfocando só o acontecemento como un exercicio para posteriores realizacións, senón como traballos en si mesmos. Curtametraxes coma *10/22*, en 35 mm, *teasers* coma *Lobi Share* ou *Hotel 66*, así como pezas moi estéticas, ao estilo de historias desmontables en fragmentos con significados propios, caso de *¿Cómo quieres que me quiera?*, dan ao traste coa práctica de exercicios preparatorios e enfrontan o estudante ao difícil momento de asumir un traballo coma unha película, con todo o de realidade profesional que isto implica.

Así, a realización de películas de curta metraje, desde o primeiro ano ata o terceiro, viuse baliada por intermedios reais de filmes, que tamén forman parte do bo facer deste curso académico.

Este perfeccionamento na aprendizaxe práctica tivo como resultado non só bos traballos, senón o achegamento de produtoras para realizar coproducións. O culmen deste interese concretouse na rodaxe de *Yazenawa*, curtametraxe de ficción do alumno de terceiro ano Juan Manuel del Río Celorio. Este filme realizouse en coprodución coa produtora viguesa Demovoi Dixital, capitaneada por Ignacio Abia, e o seu excelente equipo de produción. Abia encargouse dos efectos especiais. A curta ademais contou coa interpretación única de Terele Pávez, actriz que nos lembra que o cinema é mozo se apoiamos o traballo novel.

Outra peza para chamar a atención é *Confidencias de una cama*, do director Jacobo Sáenz- Díez, tamén alumno de terceiro ano, que contou como operador de cámara co director de fotografía Fernando Jover e que se desenvolveu completamente dentro dunha habitación, sen decaer por iso o interese e a calidade do filme.

O noso propósito durante o pasado curso académico foi constatar que o cinema require unha gran vocación e un espírito de sacrificio que non moitos están dispostos a asumir. As ideas que se plasman nunha película a través de imaxes quedan indeleblemente na mentalidade colectiva dunha sociedade e unha época. O cine non é teoría, é praxe continua, buscando sempre inserir os coñecementos académicos como disciplina e recuperar o labor coidadoso do oficio que é. A incorporación de empresas e profesionais ás rodaxes presupón un reto altísimo para os estudantes e confírmalles que máis alá dunha alfombra, ou quizais moito antes, hai anos de maduración e de duro traballo, coa finalidade de aprender e perfeccionar cada día a realización dunha obra audiovisual.

Creo que moitos dos nosos estudantes entenden o cine desde a perspectiva da grandeza dunha obra fílmica, e realmente esa grandeza está na verdade e na coherencia coa que se trasmiten unha idea, un concepto, unha reflexión. Porque o cine é, indiscutiblemente, o medio máis eficaz para transmitir a realidade nosa de cada día, desde calquera xénero, desde a ficción, desde a invención, desde a imaxinación, desde calquera ferramenta creativa, pero sempre desde a honestidade. E iso foi o que balizou indiscutiblemente a proxección académica do curso 2009/2010 en EGACI.

Moitos quizais estean cuestionando se realmente chegarán ao final. E outros déronse de conta de que esta profesión é a súa vida. Iso xa é un logro. Creo que a Escola debe abrir a capacidade de reflexión, o interese por comunicar e a necesidade de dicir. Pero debe tamén ensinalles aos alumnos cales son as súas limitacións e que parte da súa aprendizaxe é o final. Moitos xa chegaron, e o aforo das premiéres de presentación así o amosa.

Para este novo curso preséntasenos un novo reto, aproveitar a escalada que fixemos en canto a inculcar valores profesionais coma a constancia, disciplina, observación, entusiasmo, sinceridade, exquisitez e ambición artística en cada proxecto, para convocar os novos alumnos a sumarse a un proceso consumado. A esixencia será a premisa básica do novo curso, pois a experiencia deste percorrido didáctico amósanos que se desde o inicio conxugamos liberdade creadora con constancia e iniciativa artística, con necesidade de aprender e de aprehender o mundo, podemos consolidar unha xeración de cineastas que serán importante canteira do cinema vindeiro.



O PERFECCIONAMIENTO NA APRENDIZAXE PRÁCTICA TIVO COMO RESULTADO NON SÓ BOS TRABALLOS, SENÓN O ACHEGAMENTO DE PRODUTORAS PARA REALIZAR COPRODUCCIÓN



O TRABALLO DA EGACI ESCORA CARA Á INTEGRACIÓN DOS ESTUDANTES NA DINÁMICA DO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO, CONFRONTÁNDOOS COS CONFLITOS E PROBLEMAS QUE ESTE SECTOR NECESITA DUNHA VEZ SOLUCIONAR.

O noso traballo escora cara á integración dos nosos estudantes na dinámica do sector audiovisual galego, nun sólido ascenso, confrontándoos cos conflitos e problemas que este sector necesita dunha vez solucionar. Capacitándoos para concluír un proceso que se xestou nunha loita dos pioneiros e que agora reclama unidade, preparación, compromiso, profesionalidade e intención. Isto tamén os formará dentro do panorama español, europeo e internacional. O noso maior compromiso é que continúen a facer cousas: perfeccionando estudos con másters, postgraos, prácticas en empresas e unha dedicación absoluta á obra que queren xestar.

Moitos dos nosos ex alumnos xa están a dar pasos firmes nese camiño. Son exemplo de que, se se quere, pódese. De que a nosa escola, ademais de aprender a facer cine, é un centro de unión de espíritos creadores, que se xuntan para compartir un mundo único de ideas e para crear eses mundos que son posibles sempre e cando sexamos capaces de fabricalos desde a humildade e desde o legado que nos deixan os que xa fixeron un gran camiño.

Neste curso queremos seguir avanzando no ensino de novas tecnoloxías: a rodaxe en 3D; prácticas con Red One e cámaras de cine HD, novas películas e novas sensibilidades; novas historias; novos xeitos de dirixir.

Creamos unha aula de videocreación e o pasado verán impartimos un curso de *documental art*, unha modalidade que pretende entronizarse como camiño medio entre a reflexión artística e o compromiso cos novos ideais da postmodernidade, tanto artística como social. E creamos o primeiro campamento experimental de cine para adolescentes de Galicia, que se puxo en marcha a mediados de xullo. Este campamento estivo precedido por un ano de traballo cun obradoiro para nenos e pretende continuar co establecemento da primeira escola de cine para mozos en Galicia.

Resumindo, creo que o curso pasado marcou unha nova filosofía de ensino, diversificada nas realizacións de moitos traballos de calidade, na confrontación con profesionais e empresas produtoras e co aproveitamento dos recursos e das experiencias para abrírmonos a novos campos de experimentación, tanto creativa e artística como docente. Esperemos que o novo curso nos permita o tránsito e, con el, a nosa propia evolución cara ao mellor dos piares do cinema como arte e industria. ●



ANXO QUINTANILLA LOUZAO
DIRECTOR XERENTE DO CONSORCIO
AUDIOVISUAL DE GALICIA

UN AUDIOVISUAL EN MARCHA

O audiovisual galego nunca deixou de camiñar ó longo destes anos desde que, alá polos anos setenta, varios grupos de voluntariosos homes e mulleres tomaron a decisión de traballar a prol de imaxes singulares tomadas na lingua propia e rodadas na contorna que lles era máis próxima. Desde aquela moitas cousas aconteceron e, sinceramente, opino que na mesma dirección que marcaban aqueles pioneiros.

Como non pode ser doutra maneira, por tratarse dun sector en permanente desenvolvemento, o camiño non foi doado, como tampouco o será no futuro, e máis aínda no actual contexto de crise económica que nos tocou vivir e que nos chega engadido. Así e todo, os profesionais e as empresas que constitúen o tecido base sobre o que se sostén o sector, ben saben que cómpre mirar adiante e trazar novas vías polas que poder encarreirar o obxectivo último de normalizar unha actividade que xera emprego, vende a imaxe diferenciada do país e ademais ten a consideración de sector estratéxico.

Son moitos e variados os colectivos profesionais, e mesmo institucións, que remamos na mesma dirección, na de crear un sector forte e competitivo capaz de soportar os desafíos que están por vir nun contexto dominado polas novas tecnoloxías que precisan de novos contidos. Quizais, no mencionado contexto de crise, cumpra reconsiderar obxectivos, proceder a movementos empresariais, crear novas alianzas, renovar equipos, estreitar as relacións co primeiro motor audiovisual do país, que é a Televisión de Galicia, cambiar, en definitiva, modos quizais demasiado asentados sobre a base única das subvencións e do diñeiro público. Sen renunciar á singularidade dun audiovisual propio e protexido, cumprirá proxectar a busca de novos recursos no sector privado, na dinámica da competencia, sen descartar alianzas foráneas á procura de mercados.

O sector viña reclamando un organismo único e xa o temos, o Consorcio Audiovisual de Galicia, desde o que administrar a política audiovisual consensuada e coordinada co propio sector. Desde as axudas anuais aos diferentes apartados ata propostas concretas que contribúan á solidez do sector. Nese aspecto, o nacente Consorcio xa está a preparar varias liñas de actuación, que en boa parte recollen todo o que de positivo tivo a súa traxectoria desde que foi fundado, con outras que se engadirán. Plan de internacionalización e promoción, numerosas iniciativas de formación, programa Audiovisual nas Aulas, catálogos Curtas e Docs, Galicia Film Comission, publicacións, en fin, aspectos que se irán coñecendo conforme se vaian desenvolvendo.

Entre as iniciativas novidosas, o Consorcio pretende sentar as bases para un circuíto propio de exhibición que permita ó produto galego no seu formato estándar acceder ó seu público natural. Aproveitar as pantallas institucionais, outras públicas e tamén privadas, mesmo municipais, que, dotadas dos medios técnicos homologables e necesarios, permitan dispor de varios puntos en diferentes cidades e vilas do país para estrear puntualmente, evitando así o máis grave prexuízo a un produto audiovisual galego: a súa invisibilidade. O proxecto é ambicioso e xa estamos a traballar no seu desenvolvemento. Hai motivos para o optimismo e preténdese que sexa unha realidade ó longo de 2011.

Para rematar, e a través da potenciación da Galicia Film Comission, deberemos ser capaces de vender Galicia como territorio reconvertido a plató natural que permita xerar recursos captando producións foráneas e con iso contribuír a un desenvolvemento máis sólido do sector servizos e de equipamentos, sen esquecer a variante formativa e de emprego que dea saída ás promocións que ano a ano saen das nosas Escolas e Facultades especializadas.

Galicia dispón dun audiovisual vivo, competitivo e coa meta clara de manterse en marcha cara ao futuro, e o Consorcio Audiovisual de Galicia deberá ser, quere ser, o primeiro en remar ata ese obxectivo.●

G

agora + opcións

tvG 2

en galego



ALFONSO SÁNCHEZ IZQUIERDO
DIRECTOR XERAL DA CRTVG

OBXECTIVOS COMPARTIDOS CO AUDIOVISUAL GALEGO

O sector audiovisual galego supera xa un cuarto de século de actividade e experiencia que, coa Televisión de Galicia como elemento propulsor do seu despegue, tradúcese logo destes anos nunha profesionalidade e nunha calidade nas súas producións merecedora dun amplo recoñecemento. Pódese dicir con orgullo que este sector converteuse nunha factoría de talento que ten pegada noutras latitudes, e constitúe toda unha referencia para as demais comunidades.

Esta industria está inmersa agora nunha conxuntura cambiante e cada vez máis esixente, o que non deixa de ser un factor común con outros moitos ámbitos da economía produtiva. Pero, dun xeito máis específico, no sector audiovisual estase a vivir baixo a presión dun cambio tecnolóxico, o da dixitalización e das novas plataformas de difusión, co apagón analóxico e a xeralización da TDT como primeiro grande chanzo, que modifica sensiblemente os hábitos de consumo de produtos e, con eles, o conxunto do mercado. A propia televisión xeneralista convencional, na que se pode inscribir a TVG aínda dentro das súas peculiaridades, coñece ben os efectos destes cambios nas pautas de comportamento do público no novo escenario, con multiplicidade de oferta e de soportes para acceder aos contidos audiovisuais.

O sector ten que desenvolverse ao mesmo tempo baixo as incidencias derivadas do desequilibrio entre oferta, demanda e financiamento, un desequilibrio que se intensificou nos últimos tempos pola situación de crise económica. Estamos, polo tanto, nun mercado que cada vez é máis competitivo polo lado da demanda e máis restritivo pola parte do financiamento.

Nestas circunstancias, calquera empresa do sector que formule o deseño dun plan de futuro debe necesariamente intentar comprender como vai evolucionar esta situación e de que forma pode adaptarse a unha contorna diferente. No caso de Galicia, unha vez que se leve a cabo a reforma da Lei de Creación da CRTVG e a formulación dunha Lei Galega do Audiovisual, e despois de que se aprobou a Lei Xeral de Comunicación Audiovisual de ámbito estatal, estaremos nun escenario que claramente leva da man a redefinición do papel estratéxico do sistema de medios audiovisuais na Comunidade Autónoma.

Así, estamos xa a asistir á apertura do debate sobre o papel do servizo público e a defensa do interese xeral, cando non sobre o propio modelo das televisións autonómicas. Un debate no que, por certo, con demasiada frecuencia se cae no simplismo, pero que por moi descamiñado que poida ir, en ningún caso exime da obriga que teñen os entes públicos e todo o sector de adaptarse á nova contorna tecnolóxica.

O sector empresarial audiovisual móvese, polo tanto, cara a unha transformación tan fonda que inescusablemente se vai producir unha alteración completa no mapa de operadores, e convén ter esta percepción cando se trata de albiscar o futuro. Tendo en conta que hoxe existen 1.100 canles de televisión en España, coidamos que o sector seguirá asistindo a procesos de integración coma o que están a levar diferentes operadores, do mesmo xeito que haberá concentracións de menor envergadura, entre as chamadas canles temáticas, quizais a escala estatal e autonómica.

Desde a perspectiva galega, un sistema audiovisual de produción propia e de xestión de dereitos de emisión que tantos anos levou consolidar, é un ben non só económico senón tamén cultural e social que temos a obriga de preservar, e iso esíxenos dedicarlle agora e nos vindeiros anos a nosa atención e os nosos esforzos.



Se unha das esencias do sector público é que revirta no privado, como empresa pública a CRTVG vai seguir traballando con este propósito e coa máxima intensidade posible dentro das súas responsabilidades e cos recursos que lle permita o contexto económico, do que desexamos unha pronta reactivación. As boas relacións que tradicionalmente existiron entre a CRTVG e o sector audiovisual galego deben ser a cerna que siga a estimular a profesionalidade e contribúa a levar os produtos galegos cada vez a máis audiencias e máis lonxe de nós, non porque sexa satisfactorio e economicamente axeitado, senón porque é un obxectivo estratéxico compartido que ten moito significado cara ao desenvolvemento futuro desta actividade.



Neste contexto actual de fragmentación e de tanto balbordo mediático, a existencia duns medios de comunicación públicos en Galicia e en galego ten máis razón de ser que nunca, sobre todo se queremos que sirvan para a protección antropolóxica da cultura galega, especialmente do seu idioma. Un feito social que nos transfire ademais, pola nosa condición bilingüe, o privilexio de acceder a un grande abano lingüístico, entre os 400 millóns de castelanfalantes e os 200 millóns de lusofalantes no mundo.

Estes valores institucionais dos nosos medios de comunicación públicos constitúen unha materia prima de primeira división que ha prevalecer por riba de polémicas propias destes tempos de mercados saturados e modelos cuestionados. Valores, en definitiva, que a sociedade e os seus axentes máis dinámicos, tamén no ámbito audiovisual, deben ter como seus na medida en que todos os galegos son os propietarios e beneficiarios da CRTVG. ●



ANTONIO MOURELOS

“HAGAMOS CINE, MAESTRO”

A sí empezabamos, vai xa para dez anos, moitas secuencias daquela serie, *Rías Baixas*. Logo do pase de texto e de camiño ao lugar de gravación, apoiaba unha man no ombro de Jesús Segura*, mentres lle dicía polo baixo: “Hagamos cine, maestro”. Aquela frase indicaba que chegaba o momento de gozar e aprender. E así era, recordo con especial cariño aquelas secuencias con Sonia Castelo, Xoán Cejudo ou Marcos Orsi, por citar algúns dos moitos compañeiros. Recórdoas como lugares de aprendizaxe, pero sobre todo como lugares de goce da miña recién estreada profesión como actor de pantalla. Foron dos mellores momentos da miña vida artística e non artística, e en todos figuraba sempre en primeiro plano “o sorriso sereno”, como diría Sonia, de Jesús Segura.

Penso que todos os que traballamos naquela serie sabíamos que, con máis ou menos estilo, *Rías Baixas* era un “culebrón”, e non o buscamos disfrazar de nada, pero, iso si, intentabamos dar sentido a cada liña do guión, dar co ton da secuencia e co sentido de cada plano ou de cada movemento de cámara. E non o intentabamos por iniciativa propia, senón porque detrás de todo e de todos estaba a man firme de Jesús, un director que sabía perfectamente o que quería, sabía transmitilo e, o máis importante, nunca te deixaba só.

Ben podía estenderme contando e recordando imaxes daqueles anos, pero non o vou facer, necesito o espazo para escribir doutras cousas. Tampouco vou esconder que estas letras pretenden servir de homenaxe a un mestre que deixou unha pegada imborrable en todos os que tivemos a fortuna de gozar e aprender del. Tamén é unha homenaxe a un xeito de facer as cousas.

Sería moi inxusto non recoñecer aquí que tamén gocei e aprendín con outros traballos e outros directores. Non mencionar *As leis de Celavella* sería imperdoable. Creo recordar que na gravación daquela serie algunha vez tamén usei esa frase: “Hagamos cine, maestro”. Que, traducido a *linguaxe paladina*, significa: “Imos pasalo ben e, de paso, aprender unhas cantas cousas”... Pero iso foi hai sete anos.

A pregunta que me fago, e que che fago a ti que estás lendo isto, é : ¿A onde foi todo o que aprendimos?

Seguramente algúns esteamos de acordo en que Galicia conta con profesionais sobradamente preparados para realizar calquera produción audiovisual, mesmo para exportala. Só fan falta vontade, cartos e tempo. Xusto o que non hai. Alguén pode pensar que, claro, coa crise...imposible. Non! Isto xa vén de hai tempo. Porque hai tempo que, no mundo das series para televisión en Galicia, non hai vontade de facer outra cousa que non sexa comedia costumista, sit-com ou “culebrón” máis ou menos disfrazado. Xa hai tempo que os orzamentos para series son, cando menos, ridículos. E, claro, como as marxes de beneficio empresarial mellor non tocalas, só queda reducir o tempo. Así pois, e dado que contamos con excelentes profesionais con sobrada experiencia, fagamos unha serie coral de 26 capítulos onde:

- _A ser posible, non haxa protagonistas. Seis secundarios e o resto, repartición.
- _Tentemos ter o máximo de capítulos abertos, agrupemos o máximo de secuencias, de xeito que en cinco ou seis sesións poidamos *liquidar* cantos máis personaxes mellor.
- _Fagamos uso de segundas e terceiras unidades, e consigamos rematar a serie en tres meses.
- _Deixemos de lado o uso de steady-cams, guindastres, trípodes e demais, que entorpecen e ralentizan o ritmo de produción. Ademais, a cámara ao ombro está de moda.
- _Gravemos en dous bloques : xerais e curtos. Suficiente.

_Suprimamos os pases de texto. A fin de contas, os actores teñen a obriga de vir co texto ben aprendido e os directores, coas secuencias de nove ou dez capítulos ben planificadas.

_30 minutos son máis ca suficientes para cambiarse, comer, lavar os dentes, retocarse en maquillaxe e volver cambiarse. Outro tipo de necesidades, mellor para cando remate a xornada.

_Retoques de maquillaxe e perruquería só se son imprescindibles, a fin de contas “a naturalidade” viste moi bonito.

_En caso de apuro, fagamos uso do *pinganillo* (malas linguas din que isto xa o propuxo no seu día unha “visionaria” produtora).

Como poder, podíamos seguir, pero tampouco é cuestión de achegar ideas distintas ás que xa se levan a cabo.

Persoalmente, o que máis sinto, vendo o futuro que nos depara o mundo do audiovisual galego, é que xa non quedará tempo para gozar nin para seguir aprendendo...

En fin, que... *Moltes gràcies*, Jesús. Despois viñeron outros, pero ti fuches o primeiro gran “maestro”. ●

(*) O realizador catalán Jesús Segura faleceu en maio do 2010 aos 41 anos de idade. Dirixiu 4 temporadas da serie “Rías Baixas”.



PITI SANZ

CARTA DE AXUSTE

Unha produtora coa que adoito traballar pídeme unha música para un programa. “Baixo presuposto”. Non é o título do programa, é unha información. Non hai pasta, apenas. Vexo o equipo técnico e artístico.

_Mi ma!! Vaia equipaso tedes!! De mundial!! ¿E todos estes andan apuntados no “baixo presuposto”?....

—Pos si.... Non hai curro.

_Pois imos aló....

Vexo a tele. Reposicións. A clave é: non gastes un peso (xa non existen os pesos, Harry, malamente os van gastar). Non ven as posibilidades que ven os anglosaxóns na industria do espectáculo. Nin sequera agora, que empezaban a saír “cousiñas” moi interesantes. ¿Nin sequera ven o “pan e circo”?... Un pouquiño de circo? Pero non, que non hai pan, nin que estiveramos no terceiro mundo.

Tanto ten. Os profesionais do espectáculo, sexan autónomos ou contratados con altas-baixas diarias, non contan. Logo din que nos posicionamos cando hai cousas coma o *Prestige* ou a guerra de Irak ou a crise... Xa, é outro tema. Posiciónate agora, querido amigo da Administración!! Voume polas ramas...

Cargarse unha industria emerxente en Galicia paréceme pouco intelixente. Están a facelo. O tempo xulgará. Mentres tanto, unha chea de grandísimos profesionais cambian de rumbo. Pérdense e aquel futuro prometedor queda en nada. Despedida e peche. Carta de axuste. ●



DOLORES BEN PENA
PRESIDENTA DE AGAPI

O AUDIOVISUAL GALEGO VERASE EN DIXITAL

Son tempos de conmemoración. No ano 2009 cumprimos os 20 anos de produción audiovisual galega e neste ano, no 2010, celebramos os 25 anos da Compañía de Radio Televisión de Galicia. Estes dous aniversarios fannos pensar no camiño que levamos percorrido e, sobre todo, nas metas que aínda faltan por acadar.

Traballamos nun sector influído por múltiples axentes, privados e públicos. A crise económica, que acapara todos os titulares nestes días, tamén golpeou con dureza un sector no que se traballa cada día cun proxecto novo. No caso galego, a grave situación económica sumouse a un traspaso de poderes lento que deixou as políticas audiovisuais no aire ao longo de varios meses.

Os expertos definen a crise como un momento de cambio brusco e esta crise sumouse a un listado de cambios importantes que nos obrigan a permanecer nun estado de evolución constante. No eido tecnolóxico as novidades son continuas: completamos o paso á Televisión Dixital Terrestre, experimentamos as novas formas de contidos co primeiro iMotion Comic, levamos as tres dimensións ata a pequena pantalla e vimos como se deseñou a Academia das Artes e as Ciencias Interactivas.

Cada día nacen novos soportes e formatos e os/as produtores/as somos os/as primeiros/as en adaptar os contidos ó seu ritmo. Sen embargo, o marco legal non se actualiza coa mesma cadencia e o desaxuste entre as normas legais e a realidade é patente para a cidadanía, xa que hoxe existen novos soportes e novos medios de comunicación que nin tan sequera podíamos albiscar hai unha década, cando, por exemplo, se publicou a Lei do Audiovisual de Galicia.

A reforma das leis estatais que regulamentan o sector comezou nos últimos anos coa aprobación da Lei 55/2007, do 28 de decembro, de Cine; Lei 8/2009, do 28 de agosto, de Financiamento de RTVE, e Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral da Comunicación Audiovisual. Estas normas mudaron por completo a paisaxe audiovisual española. Multiplicouse o número de canles de televisión, deuse un novo enfoque aos programas de apoio á cinematografía e creouse un novo modelo financeiro para a Corporación pública de Radio e Televisión.

O proceso de adaptación chegou no 2010 á nosa comunidade co inicio do proceso de reforma da Lei da Compañía de Radio e Televisión de Galicia (Lei 9/1984 do 11 de xullo). A ponencia encargada da redacción da proposición de lei comezou os labores escoitando a diversos representantes dos colectivos vinculados á Compañía. O texto que sairá do Parlamento nos vindeiros meses non só ten que adaptar a nosa televisión á nova realidade dixital, senón que tamén debe servir para definir unha canle pública que saiba adaptar a cultura e a lingua galegas aos novos modelos de comunicación e, sobre todo, aos modelos que aínda están por chegar.

Como se demostrou nas comparecencias no Parlamento de Galicia, AGAPI e os demais representantes do sector audiovisual galego coincidimos á hora de definir a nosa televisión pública como motor do audiovisual galego. Dende o sector da produción tamén agardamos que a canle se dote dunha estrutura máis flexible que lle permita adaptarse ao novo espazo dixital para achegarse aos galegos novos, dos que depende o futuro da nosa cultura.

O seguinte paso é reformar outra norma que tamén foi superada pola realidade do sector: a Lei 6/1999, do 1 de setembro, do Audiovisual de Galicia. Do mesmo xeito que aconteceu coas normas estatais, o progreso do sector deixou atrás a lei que o regula e mesmo os organismos que creou. Tanto o Consorcio Audiovisual de Galicia como o Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual cumpren hoxe funcións diferentes ás que se lles outorgou daquela.

A Unión Europea tamén ten un papel nestas actualizacións. A obriga de adaptar a lexislación europea ao noso marco legal acelerou a aprobación das normas estatais. Ademais, o sector audiovisual recibe a influencia e apoio do Programa Media e a Unión Europea recoñece na Axenda de Lisboa a importancia das industrias culturais, como xeradoras de emprego e beneficios económicos e como catalizadoras da creatividade e da innovación na sociedade.

O noso sector axústase a esta definición. A cooperación e o traballo a nivel galego, español e europeo facilitou o rápido desenvolvemento do sector audiovisual galego. Cando naceron as primeiras empresas audiovisuais, hai 20 anos, ninguén imaxinaba que Galicia fía ser hoxe sinónimo de animación, sinónimo, tamén, de novas tecnoloxías e sinónimo de oito Premios Goya da Academia de Cine para *Celda 211*.

Nas aulas das universidades galegas e dos módulos de formación profesional tamén se fala do audiovisual como profesión para os/as galegos/as máis novos/as. Como proba, a importante oferta de formación universitaria e de formación profesional en centros públicos e privados. Por iso, os poderes públicos competentes deben afortalar o sector audiovisual galego no seu conxunto e na súa diversidade; o contrario suporía enganar ós/as futuros/as profesionais.

Dende as empresas audiovisuais, como dende Europa e dende as aulas, tamén vemos o sector audiovisual como a aposta pola economía do futuro. O audiovisual ten a capacidade de desenvolver o talento dos mozos e mozas e de emprazar a Galicia na economía globalizada. Estamos nun momento clave: Galicia non pode perder o lugar de prestixio audiovisual que tanto esforzo lle custou acadar.

Lembremos que Galicia sitúase no terceiro lugar no ránking de produción estatal detrás de Madrid e Catalunya e que as empresas de produción independente son as empresas que apostan pola internacionalización e as que exportan contidos fóra da nosa Comunidade.

O noso reto _e o do noso Goberno_ é esforzarnos, máis aínda nestes tempos difíciles, en investir e traballar nun sector de futuro para o noso país. ●



CHELO LOUREIRO
PRODUTORA. DELEGADA DE CIMA EN GALICIA

AS MULLERES E O AUDIOVISUAL EUROPEO

As conclusións do I Encontro Internacional de CIMA celebrado en decembro do 2008, no que nos reunimos con profesionais de Iberoamérica co obxectivo de crear un foro de debate que dera voz e visibilidade ás profesionais (creadoras, técnicas, executivas...) do cine e da TV, recolleron a necesidade de dar continuidade a estes foros de discusión que, ademais de dar a coñecer o noso punto de vista, achegan importantes ideas para elaborar as políticas audiovisuais.

Coincidindo coa presidencia española da UE, o pasado mes de maio celebrouse en Santiago o II Encontro de CIMA, baixo o título *As mulleres e o audiovisual europeo*. Tratábase do II Encontro de CIMA, pero o primeiro no que nos reuniríamos mulleres profesionais do cine e da TV de

toda Europa, ocasión única para potenciar un espazo común de creación e industria no ámbito europeo.

Excesivos eran o número de temas sobre a mesa e escaso o tempo para tratalos todos e coa fonda desexada, así que tivemos que comezar por agrupalos en oito mesas redondas que versaron sobre os seguintes temas:

- Actrices. ¿Que personaxes queremos interpretar?
- Produción, distribución e exhibición. As mulleres crean industria
- Documental. A construción da realidade
- Ficción televisiva. ¿É esta a TV que queremos?
- Novas tecnoloxías e formatos. Inventando outros camiños
- Cine. Muller e cineasta, ¿misión imposible?
- Políticas audiovisuais e de igualdade. ¿Que pedimos as mulleres do audiovisual aos gobernos?

Tamén foron moitas as profesionais de toda Europa ás que convidamos a participar, todas elas cuns currículos excepcionais nos campos no que se desenvolven: as actrices Anna Galiena (Italia), Anamaria Marinca (Rumanía), Leticia Dolera (España), Assumpta Serna (Cataluña) e María Bouzas (Galicia); as produtoras Rossitsa Valkanova (Bulgaria) e Corinna Mehner (Alemaña); a programadora de festivais Stefanie Görtz (Alemaña); a exhibidora Claire Binns (Reino Unido); as directoras Anu Aun (Estonia), Pirjo Honkasalo (Finlandia), Oliva Acosta (España), Margarita Ledo (Galicia), Laura Sivakova (Eslovaquia), Isabel Coixet (Cataluña), Agnès Jaoui (Francia), Carin Bräck (Suecia) e Mariel Maciá (Argentina); a editora Lauréne Mansuy (Francia); as investigadoras Magda Michielsen (Bélxica), Carrie Tarr (Reino Unido) e Pilar Pardo (España); a guionista Virginia Yagüe (España); as executivas de televisión Anne Gilchrist (Reino Unido), Ann Kristin Glenster (Reino Unido), Rosa Vilas (Galicia) e Pilar Ortega (España); as especialistas en novos medios Verónica Orvalho (Portugal) e Beatriz Legerén (Galicia) e a deseñadora de vestuario Bina Daigeler (Alemaña).

Todas elas foron moderadas por integrantes de CIMA, coma as directoras Eva Lesmes, Patricia Ferreira, Chus Gutiérrez, Isabel de Ocampo, Mireia Acosta ou eu mesma como responsable de CIMA Galicia.

Como responsables de políticas audiovisuais ou de xénero participaron tamén Ignasi Guardans, Laura Seara, Anxo Quintanilla e Ann Kristin Glenster.

Sería imposible abordar nestas páxinas que a Academia Galega do Audiovisual me ofrece a totalidade do alí exposto, polo que prefiro limitarme a espoxear as conclusións ás que cheguei tralo debate da mesa de produción, distribución e exhibición que moderei.

Despois de constatar que tan só no cine español contamos cunha análise exhaustiva _grazas ao estudo do prestixioso equipo de sociólogas da Universidade Complutense de Madrid encabezado por Fátima Arranz, *Mujeres y hombres en el cine español*, no que se analiza que só un 7% das películas realizadas foi dirixida por unha muller, só o 15 % das películas se realizaron a partir dun guión escrito por unha muller e só un 21 % das películas foron producidas por una muller_, todas as cineastas europeas afirmaban que, aínda sen ter realizados estes estudos nos seus respectivos países, coincidían en sinalar que a realidade era moi semellante. Tan só Francia, dentro dos países máis desenvolvidos, tiña unha porcentaxe algo maior de presenza feminina en postos de responsabilidade. Pero, aínda así, os orzamentos manexados nos filmes dirixidos por mulleres eran ostensiblemente máis baixos ca nos dirixidos por homes.

Curiosamente, a produtora búlgara Rossitsa Valkanova quedou sorprendida por estes escalofriantes datos, xa que ela mesma se presentou como a produtora máis destacada do seu país, tanto polo número de películas producidas como polos orzamentos que manexa. Algo que resultaba coincidente coa situación dalgún país iberoamericano, según manifestaran algunhas das invitadas do I Encontro.

Ao non existir estudos estadísticos que confirmen estes datos, non é posible extraer conclusións científicas, pero do que non hai dúbida é de que o maior atranco co que nos atopamos no terreo da produción/distribución/exhibición en xeral en Europa é o económico. Xustamente nos territorios onde o cine non conta con axudas importantes e onde a economía é escasa, alí é onde a presenza de mulleres en dirección e noutros cargos de responsabilidade é porcentualmente maior. E xustamente a medida que as condicións económicas melloran, a presenza feminina comeza a reducirse, ata chegar ao extremo de que no país onde a industria é máis forte, EEUU, as *majors* nunca puxeron unha gran produción nas mans dunha muller.

Habería que analizar en profundidade as razóns que conducen a esta situación, pero dende a nosa plataforma podemos intuír que responden a que o poder económico está en mans de homes, as decisións sobre os investimentos de capital levan sempre unha sinatura masculina, o que dificulta que o diñeiro chegue a mans de producións de mulleres porque, dalgún xeito, eles concédennlle maior credibilidade a producións dirixidas por homes.

Outro dos puntos coincidentes é que os proxectos presentados por mulleres son, en xeral, de baixo orzamento. Non chega a ningunha produtora un proxecto moi ambicioso dende o punto de vista económico dirixido por una muller, algo que ás produtoras gustaríanos recibir.

A necesidade dunha rede de distribución que posibilite a exhibición de producións dirixidas por mulleres é evidente, de aí que un punto coincidente de todas as integrantes desta mesa foi a necesidade de chegar ao poder económico e de construír redes estratéxicas que permitan a visibilidade internacional das nosas producións. Tamén a de acabar con mentalidades tan absurdas e trasnoitadas como a dun executivo dunha canle de TV norueguesa que lle explicaba á cineasta inglesa Ann Kristin Glenster: “Queremos traballar con mulleres ambiciosas, pero non tan ambiciosas”... que desafortunadamente aínda son abondosas.

Pero se algo estes tres días de Encontro puxeron de manifesto, isto foi o moito que queda por facer, pero tamén que somos quen de deseñar as ferramentas para cambiar esta realidade, colocando a igualdade no centro da axenda política e no corazón da axenda europea. E, como sinalou unha compañeira: “Non serán as medidas illadas as que logren acabar coa desigualdade da muller no audiovisual, senón a sociedade mesma, e a ela hai que facilitarlle o coñecemento da realidade, de aí a importancia dos datos obxectivos, dos estudos de mercado, das estadísticas e dos informes sobre os medios nos que traballamos”.

Neste sentido, lembramos que no Consello Europeo sobre o Desenvolvemento, a UE ratificou que a igualdade de xénero é un dos cinco principios fundamentais da política.

E, precisamente no eido político, tivemos a sorte de contar coa presenza e voz da nosa actual secretaria xeral de Igualdade, Marta González, que cunhas comprometidas palabras deixou de manifesto a súa clara postura en favor das medidas que dende CIMA defendemos.

Tamén o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, foi claro na súa postura, coincidente coa de Marta González e a de Isabel Martínez, secretaria xeral de Políticas de Igualdade do Ministerio de Igualdade, o que resulta moi reconfortante. Pero quen dende o primeiro momento nos animou a traer o Encontro a Galicia, e acompañounos con grande entusiasmo, foi Alfonso Cabaleiro, secretario Xeral de Medios da Xunta, a quen debemos agradecer a implicación do Xacobeo e que as conclusións do Encontro leven o título de *Carta de Compostela*. ●

CARTA DE COMPOSTELA

As mulleres profesionais do sector audiovisual da Unión Europea, reunidas en Santiago de Compostela, tras tres días de intenso debate, reflexión e intercambio de experiencias e datos podemos concluír o seguinte:

A moi escasa presenza de mulleres nos postos decisivos do audiovisual europeo é inxusta, porque deixa sen voz a unha parte importante da poboación europea, desperdicia un potencial de talento e industria tanto detrás como diante da cámara e afecta gravemente aos contidos dos medios audiovisuais que xeran as nosas imaxes do mundo.

Por tanto, esta situación prexudica a diversidade e o pluralismo cultural e constitúe unha materia pendente do sistema democrático que todos desexamos.

Para solucionar este grave desequilibrio comezaremos por:

Constituír unha comisión de traballo que se encargará da creación dunha Rede Europea de Mulleres do Audiovisual. A matriz desta rede estará constituída por unha plataforma dixital que servirá para:

- a) Conter unha base de datos de todas as profesionais do sector
- b) Intercambiar información, experiencias e proxectos
- c) Dispor dunha bolsa de traballo
- d) Impulsar e consolidar un mercado industrial

Á súa vez, esta rede propiciará espazos de encontros que atendan a produción, distribución e exhibición de produtos de autoría feminina.

Ademais consideramos imprescindibles e urxentes as seguintes medidas:

1. A Comisión da Unión Europea debe crear un comité de expertos e expertas que elabore un informe no que se analice cuantitativa e cualitativamente a situación do audiovisual europeo desde a perspectiva de xénero, incluíndo a elaboración de estatísticas desagregadas por sexo en todas as categorías do sector audiovisual.
2. Incluír medidas de acción positiva nas bases de concesión das axudas dos programas comunitarios Media e Eurimages, en cumprimento do artigo 3.2 do Tratado Constitutivo da Unión Europea e o artigo 23 da Carta de Dereitos Fundamentais.
3. Propor aos directores de todas as televisións públicas dos países membros da Unión Europea que se comprometan, a través dun documento formal e público, a conseguir unha participación equilibrada de mulleres e homes nos postos de decisión nun prazo máximo de cinco anos e propiciar contidos que contribúan a educar na igualdade como valor social.
4. Pór en marcha un programa de formación profesional para o emprego no marco da Unión Europea cuxo obxectivo sexa a cualificación profesional das mulleres, con especial atención ás novas tecnoloxías, que consideramos un sector emerxente e de gran potencial no audiovisual.
5. Visibilizar, recuperar e difundir a obra das mulleres do sector audiovisual, para o que pedimos o compromiso dos gobernos, que deben soste os departamentos universitarios dedicados ao estudo desta temática mediante a dotación de fondos suficientes.

Emprazamos a todas as persoas comprometidas co contido desta carta a que nun prazo de dous anos nos reunamos e avaliemos os logros e os retos pendentes, utilizando mentres tanto a Rede de Mulleres do Audiovisual como instrumento de seguimento e avaliación continua.

Esta carta enviarase ás autoridades responsables da execución das medidas nela acordadas, difundirase a través dos medios de comunicación e proporase para a súa firma a todas as asociacións do sector audiovisual, cultural e artístico para que se convirta no documento fundacional da acción política e social de todas as mulleres e todos os homes que desexen un cinema e unha televisión máis xustos, plurais e democráticos.



Asociación de Mujeres Cineastas y de los Medios Audiovisuales, España
www.cimamujercineastas.es



ALICIA DAPENA (SATURNA)

METIDOS NOS PETOS

Pouca importancia lles damos ós petos das nosas prendas, a penas se fala deles. Pero están aí, ben cosidos ou prendidos dun fío, disimulados ou pespontados con descaro. Nas lecturas de guión, os de vestiario debemos sinalar todas as acotacións referentes a obxectos que precisan de petos onde agocharse: entradas de cinema, tickets, resgardos, propagandas, chaves, moedas...tesouros varios, e daquela procurarlles refuxio indumentario.

Abriu o roupeiro dun personaxe é ler na súa vida. O historiador James Laver dixo que “*a roupa é inevitable. É nada menos que o mobiliario da mente feito visible*”. Atreveríame eu a afirmar que unha prenda sen petos é coma un moble sen caixóns.

Ai deses petos de mentira dalgúñas roupas! Esas promesas de peto, co seu botonciño, a súa perfecta abertura para meter a man, que logo resultan ser unha estafa, toda unha fraude. Falsos petos.

Fumadores, carteiristas, *manguis*... Todos buscan caixóns secretos onde fuxir das miradas inquisidoras. Os anoréxicos agochan a súa comida, os infieis agochan e ata esquecen o escondite. As parellas desconfiadas remexen a fondo calquera burato delator no gardarroupa.

As camisas teñen petos que nunca deberan usarse, para iso xa están os das chaquetas. As americanas dos máis elegantes exhiben pequenos panos de seda. As batas brancas amosan coleccións estilográficas. Pódense escribir petos con nomes e iniciais bordadas e moitos petos traseiros publicitan fachendosos a marca téxtil da casa. Ata se alcumou xa a un pantalón *5 bolsillos*.

Raro un pantalón de tenista sen petos. As roupas técnicas e deportivas salpícanse de petos intelixentes, que pechan con velcros e cremalleiras. Os pantalóns cargo, os chalecos de fotógrafo; a mellor roupa de traballo sempre vai parcheada con recunchos para ferramentas. As prendas máis sport inspíranse nos marsupios dos canguros. Os peregrinos camiñan axudados por atavíos salpicados de petos aventureiros, e os do Imerso disque viaxan cunha faldriqueira escondida na que ningún rateiro poida botar man.

A música e o baile tamén poden engadir datos. O tango chama *culata* ao peto traseiro do pantalón. Os chulapos bailan chotis termando da muller cunha man e plantando a outra con chulería no peto do chaleque. Os *cow-boys* máis duros do *country* danzan sen parella, coas mans metidas nos petos dos seus pantalóns vaqueiros. Fred Astaire posaba impecable coas mans envoltas no seu frac. Sen petos no seu pantalón non tería Michael Jackson bailado *Moonwalker* ou *Billie Jean*. Raphael sempre foi aquel, coas mans plantadas nos petos dos seus negros pantalóns. Os petos colgados e escorregadizos a punto de esvarar dos *hiphopen* marcan tendencia. As modas mandan, e agora os longos vestidos de noite e os traxes de noiva tamén presumen de petos.

Os aneis de compromiso das películas románticas aparecen por sorpresa, do peto á mesa.

Da gran pantalla chegaron as imaxes de Katharine Hepburn, da Dietrich, da Garbo, de Annie Hall, posando como só elas podían, mans mergulladas con estilo nos petos dos seus pantalóns. Mae West, Ava Gardner, Lauren Bacall, Kim Novak... encheron os desfiles da memoria máis glamurosa servindo como modelos para tantas mulleres que se inspiran permanentemente nelas.

As mans nos petos, emblema dos homes tranquilos. Un Brando chamado desexo e un mítico James Dean, coas mans ben afundidas nos seus *jeans*, referentes eternos dos rebeldes sen causa. Un Dustin Hoffman inxenuo mergulla as mans nos pantalóns dende o cartel do *Graduado*. Woody Allen, un home ós seus petos pegado. Charlot, Gatsby, Alfie, Bogart, axentes secretos e Travoltas forrados en coiro, xogando todos a agochar as mans. *¿Levas pistola ou alégraste de verme?*

No mundo do cinema, numerosos exemplos amosan cómo estes inofensivos recunchos do vestiario, en ocasións poden tornarse perigosos.

Na rodaxe do filme *What ever happened with Baby Jane?*, Joan Crawford encheu de pedras os petos do seu vestido nunha escena na que tiña que ser arrastrada polo chan, coa intención de romperlle as costas a Bette Davis.

Unhas inoportunas copas de *champagne* metidas nos petos do *smoking* de William Holden deixaron a Sabrina nos brazos de Humprey Bogart.

En *O neno de barro* atopan un inculpador recorte de xornal no peto do asasino.

Xa na casa, imos fisgar nos petos doutros protagonistas. Tratándose dos *Matalobos*, que teñen tanto que agochar, cantos máis sitios onde enterrar segredos inconfesables mellor.

Os petos e os bolsos de hoxe en día enchéronse de tecnoloxía, os teléfonos móbiles convertéronse xa nun obxecto de moda, no pasado o peto interno ou externo da chaqueta de cabaleiro deixábase normalmente libre ou poñíase a carteira, agora fáiselle sitio ó teléfono.

Carmelo, o xefe do clan, mafioso con maneiras de *dandy*, manexa moitos dos seus turbios negocios a través do móbil, nun só episodio é difícil levar conta das veces que saca o aparello dos petos das súas chaquetas.

Diego Dourado tamén vive una clara dependencia do teléfono, que entra e sae sen descanso dos petos das súas chupas. Coma un “*Diego Navaja, las manos siempre dentro el gabán*”.

Dona Carme, inofensiva, aínda que só na súa vestimenta, precisa de ocos recónditos nas rebecas e ata no mandil para disimular tantas culpas... Demasiadas ánimas no peto.

Os Matalobos tanto poden gardar os cartos soltos como camuflar un arma. Bárbara, Pincho, Vanesa, se nos deixaran baleirar os seus petos... Buratiños de tea para soterrar tantas maldades. Cando os da Benemérita fagan redada nos petos dos habitantes de Sardíñeira... igual xa é demasiado tarde.

Antes de prender a lavadora, repasemos todos os petos, cántas veces os traballadores de vestiario atopamos separatas de guións dobradas e esquecidas neles.

Poñámoslle todos os petos á nosa roupa, sempre hai algo que agochar e así teremos un bo sitio onde “meter o público”. ●



MARCE MAGÁN

O AUDIOVISUAL QUE VIVIMOS PERIGOSAMENTE

Ás veces hai casualidades ben curiosas... Baixo o nome de *Life in a day* (*A vida nun día*), os cineastas Ridley Scott e Kevin MacDonald, patrocinados por unha importante empresa punteira en compoñentes electrónicos de comunicación, puñan en marcha unha iniciativa ben fermosa: rexistrar en imaxes e son a vida no planeta terra o día 24 de xullo.

Cunha potentísima campaña de captación on line, e a inestimable interlocución de youtube, Kevin MacDonald motivaba nun vídeo aos potenciais realizadores planetarios a gravar retallos de vida cotiá o día sinalado e mandalos posteriormente. O invento, sen ser o primeiro que se realiza no mundo, asumiu unhas dimensións descomunais para tratar de crear entre todos unha cápsula do tempo que lles explique ás xeracións futuras a vida na terra con data do 24-07-2010. Unha especie de foto fixa hiperpanorámica. A radiografía multicor dun mundo global.

Máis ou menos por esas datas, a nosa Academia Galega do Audiovisual solicitaba a colaboración dos seus socios para recoller artigos de calquera temática, eido ou inqueda, relacionados,

iso si, co sector audiovisual. Neste caso non é unha iniciativa nova, senón que forma parte da publicación dos Papeis da Academia, ano catro.

Aínda que as dúas propostas son claramente distintas, pois unha mantense no difuso terreo da creatividade e a outra máis ben da exposición teórica dun tema, certamente manteñen unha finalidade común, espigar, coma as personaxes do fermoso documentario Os espigadores e a espigadora (Agnes Vardá, 2000) anacos de vida. De realidade aberta en canal.

Confeso que nalgún momento pensei en integrarme na megainiciativa de Scott e MacDonald. Mesmo cavillei unha pequena trama argumental. Facer unha pequena disección audiovisual do que ata de agora foi a miña profesión. Sen embargo, acabei por desbotar a idea, porque me decatei de que esa mirada a data de 24 de xullo do 2010 ía resultar esencialmente triste. Nesa peza final ían saír demasiadas cámaras enfundadas e apartadas nun curruncho, demasiadas baterías pinchadas no cargador agardando soltar o que levan dentro, moreas de fresnell coas viseiras recollidas, centos de pértegas de son apoiadas verticalmente nunha parede e miles, ou vai ti saber cantos, portátiles pechados en posición horizontal.

Pero non só iso, algo peor, ademais de triste o compendio final non ía ter nada de novidoso e orixinal, pois a situación a retratar resulta aburrida, repetitiva e rutineira dende hai xa algún tempo. Difícil encaixe, pois, no convite mundial de *Life in a day*.

Quizais por iso optei pola segunda opción, metamorfosear a papel idéntica finalidade, facer un pequeno apuntamento sobre o “estado da nación....audiovisual galega” e mandarllo á nosa Academia Galega do Audiovisual.

Entrando no concreto, o audiovisual galego agora mesmo semella unha equipa deportiva de élite acuartelada nun vestiario coa porta pechada e sen poder saír ó campo a dálo todo.

Por primeira vez dende que hai unha industria galega de seu, existe unha xeración de realizadores, guionistas e técnicos excepcional. Partindo da base de que poñer algúns exemplos implica necesariamente esquecer no tinteiro outros, os traballos de directores tan distintos entre si coma Mario Iglesias, Alfonso Zarauza, Jorge Coira, Fernando Cortizo, Ángel Santos, Oliver Laxe ou mesmo Alberte Pagán reúnen todos os requisitos para competir en igualdade de condicións con calquera cinematografía mundial actual.

Os seus imaxinarios creativos non teñen nada que envexarlle a ningún. Pero aínda hai algo que humildemente penso que é máis importante. Por primeira vez agromou tamén unha nova xeración de produtores executivos honestos que priman a calidade do produto sobre a conta de resultados. Unha xeración de demiúrgos que son quen de poñer a andar proxectos excepcionais. A súa honestidade brutal, coma o disco de Calamaro, provoca estouridos de excelencia por onde pasan. Exemplos coma *Celda 211*, *O Apóstolo*, *18 comidas*, *Todos vós sodes capitáns*, *De bares*, *A noite que deixou de chover...* xorden de persoas honestas co produto coma Fernanda del Nido, Emma e Borja, a xente de Artefacto ou Matriuska, por citar só algúns exemplos.

Non necesariamente os produtores anteriores xeracionalmente son dignos de desconfianza, pero esta nova xeira de promotores audiovisuais priorizan sobre todas as cousas o resultado final intrínseco do traballo e, como moi ben apuntaba Jaime Pena no número de xullo de *Cahiers du Cinema*, amosan menos interese, ou ningún, en fomentar a burbulla audiovisual, que habela haina, e consiste nesa teima tan empregada de engordar brutalmente os orzamentos e separalos sospeitosamente dos custos reais da produción.

Deberíamos canto antes comezar a terapia de grupo e repetir ben alto: “Non somos inocentes”, colaboramos ao noso xeito na debacle económica actual. Evidentemente, unha xeración tan excepcional non xorde espontaneamente, e moita culpa diso téñena unha oferta formativa de calidade e unhas políticas públicas de fomento da creación audiovisual. Este último tema, máis froito da teima persoal dun individuo chamado Manuel González Álvarez e materializado na Axencia Audiovisual Galega ca dunha política planificada e pautada do anterior goberno bipartito, que fixo, coma o resto de gobernos galegos precedentes, “mutis polo forro” no eido audiovisual.

Farían moi mal as equipas de Cabaleiro e Quintanilla en afastarse en exceso da senda aberta. Sen embargo, en contradición directa con todo este potencial, atopamos a dura realidade. Un sector industrial enquistado, que, crise económica coxuntural sobrevida á marxe, padece dende hai anos uns síntomas estruturais penosos. A saber:

1) Unha excesiva, descontrolada e nunca regulada atomización de produtoras, ata extremos de crear empresas con nula actividade económica, coa única finalidade de presentarse á convocatoria anual de subvencións. Non serei precisamente eu quen defenda a concentración empresarial monopolística, pero certamente cómpre aunar enerxías e esforzos coa finalidade de crear un sector audiovisual con máis músculo e con menos divisións internas. Todas as sensibilidades e modelos imaxinables de producións poden e deben coexistir, incluídas as dúas ou tres megafactorías galegas –Voz Audiovisual, CTV...–, pero partindo da base de que unha idea, un guión ou unha inqueda persoal non fan unha produtora. As produtoras deberan ser empresas con suficiente saúde financeira, técnica e humana, capaces de artellar proxectos de xeito consecutivo. A complementariedade na cadea de produción entre empresas -servizos e contidos- e as coproducións entre elas nunca foron moi habituais por estes lares.

2) A oferta formativa, imprescindible e vital durante moito tempo, hoxe resulta a todas luces excesiva. Estudos universitarios e ensino medio de natureza pública ou privada existen de máis. É hora de abordar este tema e declamar alto e claro que o nivel de industria audiovisual galega non pode, nin debe, integrar tantas e tantas promocións enteiras de estudantes. Sei que entrar a cuestionar o reparto no mapa universitario é un brinde ao sol, pois forma parte dos terreos de batalla habituais para a clase política, pero penso que deberamos estudar medidas de optimización e adelgazamento da oferta educativa actual.

3) Unha dependencia absoluta dun único e arquicoñecido operador de televisión. A TVG. Querida e odiada a partes iguais, a TVG amósase coma un paquidermo sobredimensionado dende hai tempo (25 anos) que non ten máis finalidade cá de ser outro cabalo de batalla nas leas políticas habituais. Non hai máis que observar os estériles debates sobre a nunca resolta oferta de emprego público, ou sobre a Lei que debe regular a compañía. Outra oportunidade, a enésima, de afastar dunha vez por todas a CRTVG do cutre enfascamento parlamentario habitual. Non deberamos albergar moitas esperanzas neste senso, de que esta vez vai ser a boa.

Mentres a TVG non resolva o seu gravísimo problema interno, dificilmente vai amosar unha sensibilidade real e palmaria co sector. Aínda que obrigada fundacionalmente a ser motor da industria audiovisual galega, a nosa existencial dependencia dela, única televisión en moitas das producións que adquire dereitos de emisión ou coprodución, convértenos en reféns perpetuos. E o que é peor, ó albur dos caprichos dos xestores de turno, que non son máis (ata que non se demostre o contrario) ca correas de transmisión do partido político de turno.

Isto, sen embargo, debora facernos reflexionar autocriticamente, cara a unha maior externalización da produción que pasa necesariamente por non deseñar produtos tan específicos do mercado interno galego.

Sempre me chamaron a atención dous temas que amosan claramente a debilidade do sector audiovisual en Galicia e a súa absoluta falta de niveis de autorregulación. Un é a ausencia de autofiltros de calidade. Cada ano, e van non sei cantos, os premios AGAPI, despois Mestre Mateo, reciben de forma discrecional toda sorte de traballos e trangalladas que, con todos os respectos, en moitos casos non cumpren os niveis mínimos de calidade para seren premiados. O caso é mandar, “todo o que cae na rede é peixe”. Debera a Academia abrir novas modalidades, por exemplo os vídeos de voda. Iso daríalle un toque friqui fundamental aos MM.

A outra cuestión resulta moito máis seria. En 30 anos de industria audiovisual non se coñece unha soa folga xeral. E non será porque non houbera motivos abondo para facela, nin cuestións de precariedade laboral nunca resoltas. Isto, que en si mesmo sería un síntoma favorable e positivo, no caso que nos ocupa evidencia unha debilidade brutal e unha fractura permanente na masa

social que compoñemos o sector. Non existen canles de diálogo entre o empresario-produtor e o traballador –técnico, guionista, director, etc-.

Mentres non lles metamos man a estes temas dun xeito valente e decidido, creo humildemente que poucas esperanzas podemos albergar de traballar e gozar dun sector saneado e próspero.

Remato xa cunha pregunta, para que quede flotando no vento, coma a canción. Qué máis ten que pasar para que se convoque unha mesa sectorial vinculante, onde toda a comunidade que compoñemos o audiovisual tente responder a este enigma: ¿Qué nivel e dimensión de industria necesitamos e podemos permitírnos como país ?

Ou quizais deberamos resignarnos e asumir a brutal aseveración que Joseph Conrad espeta en *Corazón da escuridade*: “Vivimos igual que soñamos: sós”. ●



ÁNGEL DE LA CRUZ
DIRECTOR E GUIONISTA.
PRESIDENTE DE CREA

EU FÁLOCHE, PERO ¿TI ESCÓITASME?

Un día, alá nos prolegómenos da década dos corenta, o secretario do Partido Fascista Italiano Ettore Muti visita a redacción do diario *Marc' Aurelio*. Os xornalistas e redactores pónense en fila e vanse presentando ao paso do mandatario dicindo en voz alta o seu apelido e o título das súas columnas. Ao chegar fronte ao redactor máis novo, un mozote ben parecido, moreno, alto e delgado, tocado con chapeu botado para atrás, este alza o brazo á romana e, dando un tacónazo coma os demais, espétalle: «Fellini. Pero, ¿ti escóitasme?» Visiblemente anoxado por aquelas confianza, Muti contéstalle moi serio: «Pois claro que o escoito, camarada Fellini».

O episodio relátao Tullio Kezich no seu libro *Fellini, a vida e as obras* (*Fellini, a vita e i film*, Milano, 2002). Pero ¿ti escóitasme? era o título da columna que desde o 26 de xullo de 1939 e durante un ano e medio escribiría o novísimo Federico naquel diario de corte liberal e que pronto ía facerse coñecida entre os máis novos lectores da publicación. Cada día escribíalle a un interlocutor distinto, pero sempre comezaba igual: «*Eu fáloche, querida regordecha miña*», para rematar retomando o título: «*Eu fáloche, querida regordecha miña, pero ¿ti escóitasme?*».

O paradoxo felliniano na anécdota co xerarca italiano é que precisamente ese título acaba producindo a confusión de quen o escoitaba e debiera entendelo.

E é que ás veces non nos escoitamos nin a nós mesmos, quizais porque falamos todos á vez, con moitas voces distintas e a berros, ou talvez porque non estamos afeitos a exteriorizar os nosos pensamentos en voz alta, pois calamos o que poida molestar ou ofender. Sen ánimo de agraviar, nin por suposto de comparación algunha, hoxe atreveime a parafrasear ao mestre Fellini.

Eu fáloche, querido audiovisual galego, para recordarche que, aínda que somos un sector novo e dinámico que progresou moito nos últimos vinte anos, un sector que madurou cos seus éxitos individuais e, sobre todo, cos seus fracasos, un sector que debe ter autoestima polos moitos logros que acadou, aínda non conseguimos sacar a cobra da silveira nós sós, senón coa man allea. É dicir, non somos aínda o suficientemente independentes como para marcharmos do recuncho patriarcal, nin de debaixo das saias da mamá, para sobrevivir por nós mesmos, sen máis recursos cós que sexamos quen de xerar coa suor da nosa fronte. E, o que é peor, non soubemos (nin aínda sabemos) ser autocríticos. Fagamos exame de conciencia, aínda a risco de que nos acusen de caer na diatriba. E, para que ninguén se sinta aludido, vaia por diante que falo en primeira persoa.

Temos desaproveitado dúas décadas de subvencións a fondo perdido, tanto empresas coma profesionais ¿alguén se molestou en sumar a cifra total de axudas dos últimos vinte anos?, sorprenderíanos a todos, para traballar o músculo financeiro. Non soubemos aproveitar a época de bonanza nin administrar os recursos cando tiñamos vacas gordas, gardando para cando as vacas estiveran fracas ou mesmo nin houbera vacas. E dese po vén esta lama.

Desperdiciamos a oportunidade de saír fóra, non só de internacionalizar os nosos produtos, materia aínda pendente para a maioría, senón tan sequera de arriscármonos a deixar “*a aldea que conozo por un mundo que non vin*”, ata hai escasamente uns anos e de forma tímida, mentres zugabamos comodamente da teta galega máis próxima.

Perdemos o último lustro discutindo entre nós a quen queriamos máis, se a papá ou a mamá, se axencias ou consorcios, e mesmo do sexo dos anxos, se fora mester, sen chegarmonos a ningún acordo (porque os anxos non teñen sexo, claro, coma de todos é sabido).

Fomos intrigantes, cada quen arrimando o carro aos seus bois e, se cadra, aos bois dos seus amigos. Fomos ególatras e fatuos, pois só soubemos falar (ben) de nós mesmos e das nosas obras. Fixémonos, en fin, indolentes, cómodos, fachendosos, petulantes e envexosos. E o que estea libre de culpa, xa sabe, que tire a primeira pedra... pero sen agochar a man.

Vénme aquí á memoria o discurso de Menenio Agripa en defensa de Cayo Marcio Coriolano, na escea primeira do primeiro acto de *Coriolanus*, de Willian Shakespeare, cando o pobo arruinado pola crise o increpaba nas rúas erguendo os brazos armados con paus e trancas: «*Polo que se refire ás vosas necesidades, os vosos sufrimentos nesta carestía, tanto tería bater ao ceo coas vosas estacas como alzaslas contra o Estado (...) o medio para remediala [a penuria] é fincar nela os vosos xeonllos*».

Si, vivimos un momento de enorme incerteza producida pola crise e pola lentitude na posta en marcha do novo modelo operativo, seguramente debida en gran parte á dilación na toma de decisións, coa consecuente paralización do sector. Pero non culpemos só a papá e mamá, porque tamén nós, fillos pródigos onde os haxa, temos gran parte de culpa da situación.

Da man de todos está arranxalo, empresas, profesionais e Administración, non enfrontados senón no mesmo barco, falando a mesma lingua, cunha soa voz e perseguindo as mesmas metas, que non son outras cás de facer un sector máis sólido e facer país con el. Ese é o camiño a seguir para salvar o audiovisual galego e os postos de traballo que tanto esforzo custou crear durante os últimos anos. E tamén para que a próxima crise non nos colla en bólas outra vez.

Eu fáloche, benquerido audiovisual galego, pero ¿ti escóitasmes? ●



ANTÓN RUBAL
PRESIDENTE DE APRADOGA

A XORNADA

“A posibilidade de achegar aos espectadores galegos toda a variedade das producións audiovisuais mundiais na lingua propia de Galicia, a posibilidade de axudar a introducir aos máis pequenos nos sons do idioma e de axudar a nenos e adolescentes a coñecer mellor o galego fan que a nosa actividade sexa fundamental e indispensable na normativización e normalización do noso idioma. Que hoxe en día sexa algo cotián e aceptado con naturalidade o feito de acender a televisión e escoitar unha serie ou unha película en galego é para nós un símbolo de normalidade como pobo e a reafirmación de que a nosa actividade ten un profundo calado na sociedade galega”.

Con esta sinxela pero emotiva reflexión tiveron a honra de levar a cabo a apertura (acompañado por Alfonso Cabaleiro, secretario xeral de Medios, e Anxo Lorenzo, secretario xeral de Política Lingüística) da I Xornada sobre Dobrax e Idioma, co título de *25 anos de normalización lingüística*, celebrada o 31 de outubro de 2009 no fermosísimo pazo da Peregrina de Bertamiráns baixo a organización de APRADOGA (Asociación Profesional da Rama Artística da Dobrax e en Galicia) e coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Consorcio Audiovisual de Galicia, a Fundación AISGE e o Concello de Ames.

Unha xornada épica pola súa asistencia (máis de 100 persoas) e impagable polos seus contidos, dado o nivel de compromiso de relatores, moderadores e asistentes.

Catro mesas de traballo, cada cal máis interesante, conformaron o evento. A primeira foi a titulada *A tradución audiovisual*, na que o profesor da Facultade de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo Xoán Montero, a tradutora Rosa Moledo e o actor, director de dobraxe, filólogo e investigador Xerardo Couto (moderados polo actor Tacho González) nos introduciron na que posiblemente sexa unha das actividades culturais máis antigas da humanidade: a arte de facernos entender.

A segunda mesa, titulada *Adaptación, corrección e desenvolvemento*, contou coa presenza de Elisa Fernández Rei, profesora da Facultade de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela; Ramón Novo, filólogo e asesor lingüístico da CRTVG, e Charo Pena, actriz, directora de dobraxe e adaptadora/axustadora de textos (moderados polo actor e humorista Carlos Jiménez). É deber de todos _tamén, e sobre todo, dos actores_ usar ese tesouro que temos e que se chama idioma con corrección e agarimo, mimando o seu uso e a súa presenza coma se dun fillo de cada un de nós se tratase. Que nolo recorden e nos digan como facelo nunca vén mal.

A tarde comezou coa mesa que levou por título *A dobraxe como instrumento normalizador*. Moderouna a actriz e cantante Teresa Santamaría e nela participaron o actor Luís Iglesia, o actor e profesor de galego Xosé Manuel Fernández (Pepes) e o guionista e cineasta Raúl Veiga. Fascinantes relatorios, poucas veces coincidirán na mesma mesa tres discursos tan brillantes. Disque aínda non hai astronautas galegos, pero cando os haxa xa terán termos abondo para falar en galego... e rabinos, e xogadores de béisbol, e árbitros de crícket, e extraterrestres... e todo aquilo que no futuro queiramos ser.

Presente e futuro do idioma galego. Ese foi o título da cuarta e última mesa (moderada por Charo Pena). Maurico Castro, profesor da Escola de Idiomas de Ferrol; Henrique Monteagudo, sociolingüista, profesor da USC e agora tamén membro Real Academia Galega, e Xosé Ramón Freixeiro Mato, profesor da Universidade de A Coruña, sociolingüista e escritor. Tres investigadores co lema que aglutinaba a tódolos presentes. Todo o que se faga polo noso idioma é pouco.

Despois de que o alcalde de Ames, Carlos Fernández, clausurara a xornada, e mentres nos despediamos tomando un viño, chamoume un amigo meu do Xapón para felicitarme pola iniciativa. Ao mellor algún de vós coñecédelo, chámase Shin-Chan. Díxome que estaba encantado de poder falar galego, que presumía diso aló por onde ía e que cando viña pola nosa terra eran moitos os que se achegaban a el e lle dician: “Eu cando era neno case non falaba galego, pero grazas a ti comecei a oírlo tódolos días, a falalo, a quere-lo... Case fixeches ti tanto coma os mestres da escola”. Que bo amigo do galego é Shin-Chan... e Doraemon e a Nanny e o Príncipe de Bel-Air e Harry Potter e Shrek e tantos... e tantos...

Desde logo, esa xornada non foi un soño....

O futuro... ●



MANUEL CRISTÓBAL
PRODUTOR. MEMBRO DA DIRECTIVA DA ACADEMIA DAS
CIENCIAS E ARTES CINEMATOGRAFICAS DE ESPAÑA

REFLEXIÓNS SOBRE O MODELO PRODUTIVO DO AUDIOVISUAL EN GALICIA

O mundo audiovisual atópase hoxe en día nunha situación tan complexa como apaixonante. Nos últimos anos producíronse moitos cambios e moitos serán os que ocorrerán nun futuro moi próximo. ¿Cales serán? Como dixo o guionista William Goldman sobre o cine, “ninguén sabe nada”. Polo tanto, non hai outra opción que adivíñalos sobre a marcha. Ao cabo, o produtor vese continuamente na obriga de reavaliar a situación do sector coa finalidade de lograr saber qué é o que enganchará o público, qué é o que demandan as televisións ou os distribuidores, e moitas veces poñer toda a súa fe e os seus recursos no produto que el considera axeitado.

En Galicia o audiovisual avanzou moito e, afortunadamente, sempre se viu como unha política necesaria por parte de todos os grupos políticos. Sen embargo, é necesario reflexionar e axustar as nosas empresas á realidade do sector, sabendo ademais que as institucións públicas de toda índole van ter que realizar unha política restritiva do gasto nestes anos e que as rebaixas nos chegarán a todos. Non podemos en ningún caso pretender estar por riba de ninguén nesta situación tan complexa e toca buscar novas vías de ingresos, entre elas as desgravacións fiscais e a redefinición do papel do anunciante, tanto o público coma o privado.

Sobre o cine, o máis palpable é que o seu modelo de negocio está ameazado, os ingresos de DVD case que desapareceron e os ingresos do VOD aínda non son significativos. Agora é máis necesario ca nunca que as películas teñan potencial nas salas de cine, porque se non funcionan resentiranse os demais ingresos e, sobre todo, as vendas internacionais. Está claro que é necesario facer películas máis grandes, máis ambiciosas e, sen dúbida, cuns recursos importantes para o seu lanzamento, porque necesariamente terán que medirse coas estreás americanas. Para iso hai que combater a atomización e lograr que haxa menos pero máis fortes empresas nun sector de tanto risco pero de inmensas recompensas.

Paralelamente, tamén haberá que seguir facendo películas pequenas, pero cuns custos moi contidos e preguntándose se de verdade son para salas. A este respecto, sempre manteño que as películas deben ser comerciais. Isto, que pode parecer unha barbaridade, queda claro cando miramos nun dicionario o que significa comercial. Comercial é aquilo que triunfa no mercado ao que vai dirixido. Consecuentemente, unha película de autor debe triunfar nun mercado de salas de autor e festivais relevantes (dos non relevantes hai milleiros). Se non o fai é un fracaso tan grande coma o dunha película familiar que non triunfa nos multiplex. Por certo, en España 3 de cada 4 entradas véndense nun multiplex. ¿Facemos películas abondo para este tipo de salas ou facemos de máis para esoutras salas que venden só 1 de cada 4 entradas?

Sen dúbida, debemos seguir facendo cine, pero non hai que confundir isto con facer moitas películas, xa que no mercado nacional e internacional sobran películas e, desgraciadamente, hainas a milleiros en andeis acumulando po. Medir o éxito do noso cine polo número de películas que se producen é irresponsable e denota pouco contacto coa realidade.

Neste mercado non hai mundos paralelos, só hai un, aínda que pode haber moitas formas de chegar a el. Unha delas pasa por un rigoroso nivel de autocrítica e comprender que un proxecto barato non é unha vantaxe, porque moitas veces é máis doado conseguir 5 millóns de euros para

un proxecto que 50.000 euros para outro. O que conta son o potencial e o equipo, non o orzamento. Sobran no mercado europeo sordidez, mal gusto e pretensións, e seguen a faltar comedias, cine familiar e cine de xénero. Aquí xa sabemos algo de facer estes xéneros que faltan, sigamos pois con iso.

Por outra banda, preocúpame que poucas das nosas películas vendan de xeito efectivo Galicia como destino turístico. Debemos buscar a nosa *Lost in translation*, a nosa *Vicky, Cristina, Barcelona* ou, por que non, o noso *Señor dos Aneis*.

A animación foi durante moitos anos bandeira do noso audiovisual. É habitual a produción de longametraxes de animación na nosa comunidade, que a sitúan á cabeza de España en canto a número de longametraxes/ano e que ademais o mundo do cine recoñece a través dos Premios Goya (fomos a comunidade que máis premios de longas animadas ten colleitado: Galicia produciu ou coproduciu 8 dos 13 Premios Goya á Mellor Película de Animación outorgados ata a data). Pero hai tempo que a animación deixou de ser estratéxica en Galicia. Proba diso é que en certos postos seguen a faltar profesionais de nivel e, ou ben se contrata a alguén de fóra, ou a produción debe facerse en parte fóra de Galicia.

Creo que esta situación é debida a dous motivos que van unidos. Por unha banda, a falta de formación de calidade e especializada en animación, pois en Galicia segue sen haber unha escola de animación de referencia (tampouco hai ningunha no resto de España), e unha institución deste estilo crearía un caldo de cultivo de profesionais de nivel e un pólo de atracción de talento e investimentos. Outra razón é a case que testemuñal produción de series de animación en Galicia.

Para producir series de animación sería necesaria unha política activa por parte da TVG, seguindo o modelo de TV3 e outras canles. Non é lóxico que co nivel alcanzado en longas non se teña conseguido producir series. Contrariamente ao que sucede en ficción, onde logramos realizar moitas e de calidade. ¿Por que non se vai lograr tamén en series de animación? Os postos de traballo que se poderían asentar son moitos, sen dúbida, e levamos moito tempo perdido.

O mundo da televisión en Galicia pasa naturalmente pola TVG. Hoxe en día hai que apostar pola televisión pública, pola súa capacidade de vertebrar un sector e polas súas importantes funcións sociais. Desgraciadamente, a atomización tamén lles afectará ás televisións públicas, que deben axustar as súas estruturas á realidade do mercado e contar o máis posible coas produtoras independentes. Mención expresa hai que facer aos nosos actores (tanto de TV coma de cine), que teñen unha profesionalidade recoñecida e un nivel extraordinario, aínda que, desgraciadamente, moitas veces non son o suficientemente coñecidos no resto de España.

Obviamente, o sector da televisión vai ter que loitar coa atomización das canles, pero toda ameaza é tamén unha oportunidade. Una serie producida en Galicia é moi competitiva tanto aquí coma no mercado nacional, onde ademais temos moito que ofrecer. E cómpre tomar nota de que Lastres, en Asturias, agora xa non é só Lastres, é a vila do Doctor Mateo.

Sobre o mundo dos videoxogos hai moitas ideas preconcebidas, tantas coma oportunidades. Por exemplo, hai pouco a revista *Variety* desvelaba que o 26% dos xogadores eran maiores de 50 anos e, segundo Nielsen Games 2008, a idade media do xogador de videoxogos en España é de 26 anos. En Galicia existen importantes pioneiros, pero talvez sexa necesario apostar máis forte, porque cos novos dispositivos coma o iPhone, o iPad e a Wii a barreira de entrada fíxose máis accesible. As institucións públicas poden de novo xogar un importante papel neste desenvolvemento, e deberamos pórnos á cabeza apostando por este sector.

Non quería deixar de facer mención á necesidade de seguir formando, porque o I+D deste sector é a formación dos seus profesionais, pero unha formación de excelencia e en consonancia coa realidade. Unha formación en xestión, en comercialización, en novas tecnoloxías, que capacite para obter postos de traballo dignos e o máis estables posibles. Unha formación de gran calidade para que Galicia siga a ser o sitio a onde ir. Para iso é necesario apoiar as empresas, facilitarlles o acceso ao crédito nun sector que non ten apenas débedas coa Axencia Tributaria ou a Seguridade

Social, é un excelente negocio para os bancos, porque todos sabemos o que pagamos en intereses, e non ten apenas fallidos (e cando os ten, un pregúntase por que o banco non lle preguntou a alguén que sabía do sector). Ademais, é un sector que ten unha extensa presenza nos medios de comunicación se se compara coa súa facturación. É un sector atractivo, pero deberamos esixir un pouco máis de rigor no que se publica, xa que algunhas veces atopas máis ficción en certas notas de prensa ca no propio guión.

Por último, hai que lembrar que nos atopamos nun sector que goza dunha protección especial debido á diversidade cultural e a necesidade de mantela. Pero tamén hai que lembrar que a diversidade cultural non é etiquetable, pois tan representante desta diversidade cultural é Astérix coma Persépolis. Non podemos converter esta industria cultural nun gueto e debemos entender que a diversidade cultural vai moito máis alá das linguas.

De todas maneiras, o audiovisual segue a ser un sector cun brillante futuro, unhas excelentes posibilidades de creación de emprego e un imbatible xeito de vender imaxe. Durante moitos anos, desde todo o mundo copiaron o modelo audiovisual galego. Innovemos, fagamos que nos copien de novo. Para cando o fagan estaremos moi lonxe, poida que no infinito e máis alá. ●



RAMÓN DOMÍNGUEZ
PRESIDENTE DE AEGA

POR UN SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO MÁIS FORTE E COMPETITIVO

O sector audiovisual galego cumpre este ano un cuarto de século, unha efeméride que ben merece celebrarse se se teñen en conta os grandes esforzos que houbo que realizar para chegar ao punto no que estamos.

Hai 25 anos nacían as primeiras empresas do sector, ás que nunca se lles recoñeceu o seu destacado papel e, sobre todo, facía a súa aparición a Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG), piar incuestionable na configuración do sector audiovisual galego.

Consciente da importancia que ten a industria audiovisual no desenvolvemento integral da nosa sociedade, pola extraordinaria influencia que exerce a través das súas múltiples facetas _lingüística, cultural, social e económica_, o Goberno galego foi potenciando o sector e todos os grupos políticos apoiaron medidas que propiciaban o seu desenvolvemento. O exemplo máis revelador talvez o poidamos apreciar na Lei 6/1999 do 1 de setembro, do Audiovisual de Galicia, que foi aprobada por unanimidade no Parlamento galego, considerando o audiovisual como un sector prioritario e estratéxico.

Froito das políticas emprendidas pola Xunta, especialmente activas desde os anos 90, as iniciativas e os esforzos empresariais e o apoio outorgado pola Televisión de Galicia, o sector audiovisual galego converteuse nun dos máis desenvolvidos dentro do panorama audiovisual español. Películas como *O lapis do carpinteiro*, *Un franco, catorce pesetas*, *O neno de barro* ou *Celda 211*; series de televisión como *Mareas vivas*, *Pratos combinados*, *Padre Casares* ou *Libro de Familia*; programas de entretemento como *O Rei da Comedia*, *Supermartes*, *Luar* ou *Land Rober*, son só algúns exemplos das posibilidades reais dun sector de futuro, preparado e no que Galicia se posicionou dunha maneira relevante.

Pero, cando aínda se está a consolidar, o sector ten que se enfrontar a un dos peores escenarios posibles. Un escenario que vén marcado pola maior crise económica xeral, as grandes transformacións da revolución tecnolóxica dixital e as adaptacións necesarias en aplicación da Lei Xeral da Comunicación Audiovisual.

Esta situación provoca axustes e recortes orzamentarios en todos os ámbitos. As dotacións económicas nas televisións públicas redúcense e as partidas de publicidade das privadas diminúen e frágmentanse.

O desafío empresarial que pode representar e a ilusión que pode facer a implantación da TDT, co inmenso campo de posibilidades que abre para o sector, vese desdibuxado ao ter que abordalo baixo os efectos da peor crise económica dos tempos modernos.

Tanto o sector audiovisual público como o privado, impelidos por estas circunstancias, deben levar a cabo fondas transformacións e reestruturacións para estaren en condicións de facer fronte ao reto do cambio de modelo de negocio.

Orabén, ¿como lles afecta este proceso de cambio aos produtores e aos operadores de televisión? Se os contidos foron sempre a base do éxito de calquera televisión, no futuro adquirirán cada vez maior protagonismo e, neste sentido, as produtoras, como consecuencia do incremento de demanda derivado da máis ampla oferta televisiva, terán maiores posibilidades, aínda que probablemente teñan que adaptar as súas estruturas para producir novos contidos e en condicións distintas.

Pola súa banda, os operadores de televisión, con maior capacidade de oferta televisiva, nova tipoloxía de programas e novos servizos audiovisuais que ofrecer ao público, deben buscar outras fontes de ingresos e fórmulas de financiamento alternativas á publicidade.

É dicir, a curto prazo, os cambios e as adaptacións aos mesmos serán a tónica dominante no sector.

Neste contexto, a Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG), verdadeiro “buque insignia” do audiovisual galego, non é allea aos impactos da situación que acabamos de describir, aos que haberá que engadir os que proveñan da anunciada modificación da Lei de Creación da propia CRTVG.

Pois ben, coas cousas así, e sendo conscientes das obrigadas restricións orzamentarias do Goberno galego no momento actual, non podemos deixar de resaltar o destacado papel que desempeñou a Compañía na promoción da industria audiovisual galega. En máis dunha ocasión puxemos de manifesto o papel motor da Compañía no desenvolvemento do audiovisual galego, posibilitando que este se situase nas primeiras posicións do sector en España e que a produción audiovisual galega sexa coñecida e recoñecida polo seu prestixio, sendo esta unha das razóns básicas que xustifican a existencia da propia CRTVG.

Por iso, con independencia das modificacións a levar a cabo na Lei de Creación da CRTVG para adaptala á realidade actual, desde o noso punto de vista, deben manterse os principios reitores inspiradores da súa creación, consistentes na promoción, difusión e impulso da lingua galega, misión esencial desta, e que vén cumprindo de maneira eloxiable desde a súa creación. E, ao mesmo tempo, a CRTVG deberá fomentar a produción audiovisual propia de Galicia, tanto a realizada directamente por ela coma a contratada ás produtoras galegas. Unha produción de grande aceptación por parte do público galego e de calidade, capaz de promover unha imaxe moderna de Galicia no exterior.

Tampouco podemos esquecer os efectos inducidos pola Compañía sobre outros sectores de gran repercusión cultural e social en Galicia como son os centros universitarios e de formación audiovisual, tales coma as facultades de Ciencias da Comunicación en Santiago e Pontevedra, as Escolas de Imaxe e Son d'A Coruña e Vigo, así como a potenciación de especialidades de Filoloxías _Ingleza, Alemá e Galega_ e as de Tradución e Interpretación.

As repercusións do audiovisual sobre determinados eidos, coma os da lingua, a cultura, o ensino e a proxección de Galicia no exterior, son dun valor incalculable, á marxe do valor engadido en renda e emprego.

Pero tanto a CRTVG coma as produtoras privadas atópanse nun momento crucial, no que se deben tomar decisións transcendentais para o seu futuro.

En canto á Compañía, mantendo os principios básicos constitutivos da mesma, relativos á lingua, cultura, proxección social e promoción do sector audiovisual galego, deberán abordarse os axustes precisos para adaptala ás circunstancias presentes, consecuencia das transformacións tecnolóxicas e a evolución do mercado, baixo postulados de eficiencia económica.

O Goberno galego actual, seguindo criterios de eficacia, tomou unha das primeiras medidas unificando no Consorcio Audiovisual de Galicia toda a política audiovisual. Acabou coa “bicefalia” que se producía na anterior lexislatura e potenciou o Consorcio como único organismo reitor da política audiovisual da Xunta. E, nesta mesma dirección, outorgoulles maior protagonismo dentro do Consorcio a dous organismos fundamentais na nova configuración do sector: á TVG e ao Igape, ambos imprescindibles para promover a produción audiovisual galega e difundila no exterior.

Quédalle a este goberno, dentro da modificación da Lei de Creación da CRTVG, a definición do modelo de televisión que considere que debe ter Galicia, tendo en conta o significado e a repercusión dunha televisión pública coma a TVG nunha comunidade coma a nosa.

Polo que atinxe ao sector, as circunstancias actuais e as coordenadas nas que previsiblemente se vai mover nos próximos anos, requiren menos empresas e máis fortes, sendo os procesos de alianzas, integracións e fusións o camiño a seguir para facerlles fronte aos grandes retos da nova era da televisión. Se nas fases expansivas dos ciclos económicos é fácil que pasen desapercibidos os inconvenientes da aparición dun número excesivo de empresas, nas fases recesivas, a dureza da realidade impón a redución como unha necesidade inevitable. Cara ao futuro, o sector precisa unha reestruturación que o coloque na senda da competitividade e a eficacia.

Galicia necesita pois, e merece, un sector audiovisual máis forte e competitivo, un sector con potencial de crecemento, con futuro e de transcendencia social inigualable. ●



OLIVER LAXE

DESAFÍO EPISTEMOLÓXICO

Co termo “audiovisual” acontece un pouco o mesmo ca co apelativo “independente”, aplicado a un determinado tipo de cinema: non queren dicir absolutamente nada. Nun necesario e responsable exercicio de hixiene epistemolóxica, debemos estar atentos ás estratexias da institución espectáculo que, tal e como di Clement Greenberg, sendo no fondo kitsch toma a forma da vangarda coa vontade de erixirse como tal, enganándonos a todos. Ou a case todos; son estes termos que nos axudan a situar onde está verdadeiramente o cinema: nun lugar que, polo menos iso si que o temos claro, non é ese.

Cando falamos de audiovisual estamos a falar, suponse, do audio e do son. É dicir, a que para moitos é a verdadeira ontoloxía do cinema. Non queremos agora ser uns absolutistas do puro, sobre todo nestes tempos de necesaria plasticidade e multiplicidade do ser. Tempos do impuro, do híbrido, da amalgama de símbolos, das insólitas metamorfoses. Todas as formas do cinema son seguramente válidas para os seus creadores. Pero si cómpre preguntármonos se esas creacións nos axudan, e máis en concreto o cinema, a artellar os nosos diferentes modos do ser, os nosos diferentes niveis de conciencia, dos que nos fala Daryush Shayegan: intelixible, sensible e espiritual.

É dicir, ¿cal é o papel da imaxe no que representa o gran drama do home contemporáneo? ¿Axuda esta no noso necesario cambio de mirada, na chegada dun necesario novo nivel de conciencia máis universal e interconectado?

No 2010 podemos atopar algún rastro destes cambios. Na recente edición do Festival de Cannes gañou a Palma de Ouro unha película de Apichatpong Weerasethakul, e ademais por consenso xeral. Co director tailandés gañaron o atrevemento, o rigor e a sensibilidade. Un cineasta que precisamente lle devolve á imaxe a importancia que nunca debeu perder, ese poder que ten para transmitir, máis alá do simple documento, a fantasmagoría do real. Cóntase que a estratexia adoptada por Víctor Erice para convencer aos seus compañeiros de xurado foi aproveitar a situación política que estaba a sufrir Tailandia nese momento. Con Tim Burton non tiña problemas, pero si con ese grupo de actores que unicamente están aí para conferirlle ao festival ese glamour que se supón que eles teñen cultivado. E os actores, é unha mágoa, na maior parte dos casos si teñen demasiado claro cal é a ontoloxía do cinema: ese espectáculo.

Xa se falou moito das relacións parasitarias que se dan entre o cinema, o teatro e a literatura, nas que é o cinema o que sempre perde. Tamén da distancia existente entre a consideración do cinema coma un espectáculo ou coma unha arte. ¿Como transcender esa fenda aberta? ¿Póden-se integrar ambas as dúas visións? Vivimos nun mundo desencantado do propio mundo, no que se desespiritualizou ata a propia natureza. Este retroceso unicamente puido producirse mediante a perda dun elo esencial, que é precisamente a alma. Inténtase desdramatizar a visión trágica da vida, caendo na personalización do propio drama contemporáneo. Aprender, pois, ese espírito que teñen as cousas que existen é o desafío, agora máis ca nunca. Apichatpong intenta recuperar esa éxtase primitiva, ese elo perdido. Insisto con Shayegan, “a secularización foi necesaria para chegar a esta fase de resacralización, xa que é o propio desencantamento do mundo o que provocou un desencantamento da propia idea de desencantamento”. O absurdo non chega como resposta, non é unha saída existencial. Hai algo máis, preto. Un novo período no que a arte ten como misión conseguir que o que estaba escondido se revele de súpeto, que o invisible se faga visible.

A miña primeira longametraxe, *Todos vós sodes capitáns*, gañou o premio da crítica outorgado pola Federación Internacional da Prensa Cinematográfica (Fipresci) na Quincena de Realizadores de Cannes. Aínda así, todo indica que non vai a ter nada fácil atopar distribución neste país a través das canles habituais. Diante deste feito, ¿que actitude adopto? Horrorizado como me sinto, ¿escapo novamente a Marrocos? Non sería unha mala decisión, non hai que participar na febre do concurso, as películas teñen que verse “no tempo”, non “no momento”. ¿Ou trato de interpretar mellor o momento polo que está a atravesar a nosa sociedade e o cinema e actúo en consecuencia? Hai que telo claro: esta nube escura que está instalada sobre as nosas cabezas, o que se dá en chamar crise, non se vai mover de aí. As cousas non volverán ser coma antes, para ben ou para mal. A vida exercerá sobre ese “audiovisual” un determinismo tan contundente que xa non será suficiente con aplicar as fórmulas do pasado. Toca aceptar que a vida é crise, edificar mellor as bases dun novo audiovisual, non equivocarse outra vez. E ser afirmativos, a vida e a arte van seguir estando aí, igual de fermosas ca sempre.

Polo que respecta a min, é probable que faga moitas máis películas, non o sei. Tampouco teño claro qué tipo de cineasta serei no futuro, en principio a miña intención é construír unha obra, non unha carreira. Polo que me corresponde a min crear ese público. Cómpre que faga o que fixen cos rapaces da miña película, un acto de transmisión. Acompañar a película, falar cos exhibidores directamente, cos espectadores... O intercambio de saberes é sempre secreto, subterráneo. Espir o meu proceso creativo, que estes saiban cales son as motivacións que me levan a facer esa obra, o que hai na orixe de todo.

Acabamos de xuntarnos un grupo de persoas comprometidas co cinema baixo o apelativo de Zeitun Films, unha plataforma de creación de contidos cinematográficos que recolle o espírito

descrito neste escrito. Somos optimistas, pensamos que a conciencia de todos está cada vez menos obstruída e encollida, un cambio no que a imaxe xoga un papel capital, ela que pode estar tan afastada da linguaxe. Vemos nese territorio un espazo para a creación ilimitado. Da sensibilidade dunha nova xeración de autores, pero sobre todo da súa lucidez e elegancia, depende que o seu traballo sexa unha resposta á nosa época ou un simple síntoma dela. ●



X.H. RIVADULLA CORCÓN
PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN GALEGA DE GUIONISTAS E DO
FORO DE ASOCIACIÓNS DE GUIONISTAS DO AUDIOVISUAL.

QUEREMOS ENRIQUECER O MUNDO

O audiovisual galego está a vivir un dos seus momentos máis críticos, máis ca nas épocas en que estaba a nacer, a mediados da década dos setenta, porque hoxe xogámonos máis. Daquela non chegar a consolidarse era tan só adiar esa consolidación para tempos máis propicios, hoxe o perigo é desaparecer para diluírse noutros audiovisuais próximos pero certamente alleos.

Ter un audiovisual propio pasa por que este sexa expresión da cultura propia do noso país en canto a idioma e mirada sobre a realidade. Se as producións que se fagan dende Galicia están ao servizo do mercado e a industria da cultura española, poderá ser un audiovisual de calidade e rendible, pero nunca galego. O audiovisual galego debe moverse en mercados doutras culturas, coma calquera audiovisual do mundo, pero sempre mantendo a súa personalidade galega, e isto non é bo só para a nosa cultura, senón tamén para aquelas ás que cheguen as nosas producións. Xa o expresou correctamente o intelectual Luís Seoane: “Temos que enriquecer o mundo coa nosa diferenza”, iso é o que ten que facer o audiovisual galego, aproveitarse da nosa diferenza cultural e achegala positivamente ao resto de culturas que conforman o conglomerado global de culturas do mundo.

Pero volvamos á situación a día de hoxe. ¿Por que estamos nesta situación crítica? Obxectivamente, porque durante o 2009 e no que vai do 2010 produciuse unha baixada moi importante da produción independente, tanto en cine coma en publicidade e televisión, o que supón unha perda de empregos como non se tiña dado en anos anteriores. E a industria audiovisual é manifestación cultural, pero tamén é lugar de traballo para moitos profesionais que agora están no paro e, no caso da maioría dos guionistas, sen prestación de desemprego por ser autónomos, a modalidade de traballo maioritaria neste sector profesional. O que vai supoñer que moitos nesta situación teñan que abandonar o oficio e pasar a traballar noutros sectores, co que iso implica, ademais de drama persoal, de perda de profesionais do guión coa experiencia necesaria para levar adiante producións de calidade. Se a situación non se soluciona axiña, terá consecuencias na nosa capacidade de produción de calidade durante moitos anos, e isto sucede exactamente igual noutros sectores, coma os dos técnicos, actores, directores, dobradores, etc. En definitiva, a situación a día de hoxe pode chegar a supoñer un retroceso de difícil recuperación, cando a calidade dos nosos profesionais é recoñecida fóra de Galicia, a onde haberá que emigrar. Emigrar! De novo esa lacra social para Galicia.

Os profesionais do audiovisual sabemos facer o noso traballo, iso non o vou explicar, abonda con ver as producións, que as hai moi malas xa o sabemos, pero que tamén as hai moi boas é indiscutible, con éxito no cine, con índices de audiencia óptimos na televisión e con calidade contrastable na nosa publicidade. Logo o problema debe vir de fóra, nós tamén cometemos os

nosos erros, é evidente, pero calquera sector industrial ou cultural que ten que funcionar mediante unha regulación da Administración, se esta non lle presta a debida atención atopa serias dificultades para o seu correcto funcionamento, que é o que está a suceder. A sensación é que a Xunta de Galicia non ten interese no audiovisual galego e que a TVG non o ten na produción independente. Poida que estea errado, pero esta é a sensación que están a transmitir a todo o sector, e isto é o primeiro ao que lle hai que poñer solución. A Xunta e a TVG teñen que comprender o que supón o audiovisual galego para o conxunto do país e actuar en consecuencia. Deberan facer súa a frase de Luís Seoane e pór en práctica unha política encamiñada a aplicala. ●



JUAN CARLOS FERNÁNDEZ FASERO
DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS (AGADIC)

O AUDIOVISUAL E AS NOVAS TECNOLOXÍAS

Hai pouco asistín a unha conferencia sobre a historia do audiovisual. Falábase dos realizadores, dos produtores, das grandes estrelas de Hollywood, rodeando todo dun ton de melancolía e *glamour*, como se todo tempo pasado fose mellor. Dende logo, eu non estou de acordo.

O audiovisual é unha arte que deriva da existencia dunha tecnoloxía. Esta é a súa gran virtude, pero tamén a súa gran debilidade. Facer unha película, un documental, en calquera formato que exista require dun investimento, non sempre necesariamente cuantioso, pero dun investimento ao fin e ao cabo.

Os rumbos do audiovisual seguen tremendamente ligados á evolución tecnolóxica do medio. Así, a aparición do son foi unha auténtica revolución. O technicolor, a primeira incursión no 3D, o formato dixital, a segunda revolución do 3D, o Dolby, a TDT, o cable... En fin, unha gran cantidade de innovacións, que unhas veces melloraron as posibilidades da produción e outras foron meros instrumentos para a atracción de públicos.

Porque aquí temos outro tema. O audiovisual, nalgúns casos, pelexa contra si mesmo, xerando grandes cambios na captación de públicos. A imposición dunha nova tecnoloxía de fogar (DVD ou pantallas de leds) faille perder espectadores ás salas. E este parece o conto de nunca acabar: pasou coa aparición da televisión, co vídeo, co DVD, coa pantalla plana de TV, co Blue Ray... E pasará coas pantallas en 3D e o que estea por vir.

O gran sustento de parte da produción atópase na televisión, máxime agora, na era dixital, onde se pasou de ter unha canle, hai 20 ou 25 anos, a máis de 300 segundo a tecnoloxía que teñamos nas nosas casas.

En todo caso, a palabra dixital asusta. Dunha banda mellora a calidade e o mantemento e abarata os custos, pero doutra abre a porta ao fenómeno da piratería. Obviamente, a piratería sempre existiu, mesmo ligada á tecnoloxía. Coa aparición do vídeo gravador, moita xente empezou a copiar os seus programas favoritos, e apareceu a figura do videoclub. Qué interesante poder ver na casa aquela película que non se puido ver no cine, ou poder copiar aquela serie que tanto nos gusta.

Pero a era dixital ten outro comportamento. Por un lado, no que leva copiar unha película en analóxico, copiamos tres ou catro en dixital. Por outro, aparecen os portais de intercambio de información, onde nunha tarde podes descargar unha serie completa de televisión.

Xa lle pasou á música. As tendas físicas practicamente desapareceron e ao negocio dixital – exceptuando a plataforma iTunes e, en menor medida, Napster – non se lle ve a rendibilidade

económica. O número de selos descende a pasos axigantados, e a venda de soporte físico é hoxe a metade do que era hai cinco anos. Estou seguro de que isto mesmo lle vai suceder ao libro: ¿canto máis doado é descargar unha publicación que só pesa 1 Mb, en comparación cun CD que pesa 50? E ao audiovisual xa lle está a pasar, só hai que comprobar cantas tendas de aluguer de vídeos continúan abertas ou como caeu a venda de DVD's.

Agora ben, é todo tan negativo? Pois, curiosamente, non. A pesares da debacle que para a música supuxo o fenómeno da piratería, no monto final a caída non foi tan espectacular, xa que, curiosamente, incrementou o número de concertos de pago e os ingresos por dereitos editoriais.

Porque o público é intelixente e xeneroso. Un claro exemplo témolo en Vigo, no auditorio de Castrelos, onde é fácil ver artistas que xuntan 20 ou 30 mil espectadores no acceso gratuíto, pero que, porén, enchen igual a parte de pago. E dicir, hai xente que, aínda tendo a posibilidade de ver un espectáculo gratuíto, prefere pagar.

No audiovisual sucede o mesmo, aínda que terriblemente ligado á tecnoloxía. E non se trata dunha novidade. Agora a implantación do 3D fai que, nos anos 2009 e 2010, en plena crise, as salas estean a bater records de asistencia de público. É o novo gancho, e o que está por vir... E iso tendo en conta que o 90% das películas que se estrean en 3D nin sequera estaban pensadas para 3D, pero incrementan así a súa billeteira e eliminan, de momento, a posibilidade de ser pirateadas. Atopamos aquí tamén un perigo que os produtores deben ter en conta: o cansazo do espectador ao ver proxeccións non pensadas para o novo formato.

E Galicia? Que pinta en todo isto? De novo, podemos establecer unha comparación coa música. Curiosamente, o fenómeno da caída na venta de discos non afectou a Galicia en demasía ata o ano pasado. Por que? En parte, porque o sistema de vendas non é tanto o da tenda física coma o dos propios concertos.

O audiovisual galego viviu no ano 2009 un dos éxitos máis importante da súa historia coa película *Celda 211* e a confirmación de Luis Tosar como grande actor nacional. O mesmo pasou coa TVG, onde as series galegas están a bater records históricos de audiencia. Agora ben, todo este mel nos labios contrasta coa outra realidade, a dificultade de financiamento das produtoras e a dificultade na captación de públicos.

Isto é o que máis me preocupa como galego. O noso audiovisual ten un gran potencial, hai moi bos profesionais en todas as ramas do sector e ese debe ser o elemento máis importante a explotar en clave de futuro. Isto, xunto cunha meditación interna dentro do propio sector sobre cara a onde se debe camiñar, sobre cantas longas se poden producir ao ano en Galicia ou sobre a televisión (e non falo só da galega) como receptora de contidos.

Sería un erro pensar que Galicia está á marxe da globalidade, escudándose en que os problemas globais non nos afectan tanto, que os nosos son outros. Efectivamente os nosos poden, tamén, ser outros, pero o consumidor final móvese dentro desa globalidade e os seus actos de consumo sitúanse neses novos parámetros, de xeito que nos afectan igualmente, sobre todo porque inflúen no proceso cultural de consumo. Muda a forma de interpretar o consumo, substituíndo ese carácter cultural de aprecio ao que se merca polo mero feito de consumir a toda velocidade, sen valorar quen é o director, que fixo previamente ou toda a historia que rodea o produto en si mesmo.

Volvo establecer outra similitude coa música, que se atopa agora mesmo nun proceso de procura de novos formatos, de novas fórmulas para reactivar un negocio onde a tecnoloxía que o catapultou como industria está a ser a mesma que o leva paralizandoo dende hai cinco anos. Con outra curiosidade: nunca un estudio estivo tan ben equipado, nunca o formato tivo tanta calidade e, porén, o consumidor final acaba escoitando un mp3 nun teléfono móbil. ●

INDUSTRIA AUDIOVISUAL GALEGA: REGRESO AO FUTURO



ANTÓN REIXA
PRESIDENTE DO CLÚSTER
AUDIOVISUAL GALEGO

Durante un período que abrangue máis de 25 anos, a industria audiovisual galega inseriuse nun proceso de constante evolución. A crise estrutural que viña padecendo o sector en todo o mundo polo impacto dixital foi coincidir co atasco institucional na xestión competencial do sector en Galicia. Cando cumpría sumar ao xa conseguido en produción un forte pulo en I+D+i, márketing e internacionalización, a Xunta anterior enleouse nunha disputa competencial estéril, e cando se estaba a punto de despexar o barullo coa nova Xunta, a crise económica global e a lentitude administrativa acenderon as luces definitivas de emerxencia.

En todo o proceso, foi estratéxica a implementación (aínda que ás veces errática e desplanificada) de consolidación da TVG como motor da produción independente. Vintecinco anos despois da súa creación, vai resultar traumático o atraso na reforma da lei de TVG, co que supón ademais de cortocircuito competitivo na súa dixitalización interna e eficiencia na nova contorna da TDT.

Había evidencias e certezas que comezaban a ser compartidas amplamente por todos os axentes sectoriais: a internacionalización como única alternativa ás limitacions do mercado interno. Dito doutra forma, e en termos empresariais, non podemos concibir a viabilidade das empresas audiovisuais en función só da produción para TVG nin para explotación no territorio galego. Nese senso, non somos diferentes ao téxtil ou a transformación pesqueira. Pero, nun momento en que o propio contexto da TDT en España pode supoñer unha oportunidade para os produtores periféricos (dada a nosa experiencia de produción xeneralista, moi eficiente en Galicia), nin a mínima proporción de ingresos recorrentes que deberían vir do noso “cliente” natural (TVG) se mantén, como tampouco (derivado do déficit público) se consolida o apoio institucional estratéxico para márketing e internacionalización.

Polo tanto, temos que volver conquistar o futuro, e coa mesma convicción e intuición que afrontamos todo o noso proceso anterior, que deu como resultado que en Galicia se poidan verificar con eficacia todos os oficios e servizos da cadea de valor audiovisual. Hai vintecinco anos sería impensable o nivel de axudas públicas da actividade audiovisual, que se conseguiu pola acción coordinada e unida dos visionarios daquela.

Formamos parte da industria cultural e a nosa actividade reporta autoestima colectiva e, sobre todo, unha parte crecente do PIB. Traballamos para crear traballo e os efectos multiplicativos indirectos da nosa actividade son especialmente grandes en comparación con outros sectores. Tiñamos logrado que, por unha vez na vida, sermos de Galicia non fose un inconveniente para estar presentes na modernidade. Por iso propono un regreso ao futuro do que fomos: solidarios, cohesionados e exemplo de unidade empresarial e profesional. Traballamos na fábrica dos soños e o noso soño é a mellor Galicia audiovisual. Reencontrémonos. ●

G

agora + opcións

tvG 2

en galego

CINE FÓRUM
METROPOLITANO



(S8)
1ª MOSTRA
DE CINEMA
PERIFÉRICO

setembro
de Cine 10
na Cidade Vella.

ESTREAS NO TEATRO
ROSALÍA CASTRO



Concello da Coruña
Concellería de Cultura

A CORUÑA CULTURA tamén é cousa túa

Apáganse as luces, a pantalla acéndese e a nosa imaxinación comeza a voar,
dende a concellería de cultura queremos achegar esa sensación a todos e todas,
con proxectos para pequenos, maiores, expertas, iniciados, proxectos experimentáis
ou consagrados.... **persequimos que a cultura tamén sexa cousa túa.**

<http://acorunacultura.org/>



CAMPAÑA ARTABRIÑOS: CINCO PEZAS AUDIOVISUAIS PARA EXPLORAR A BELEZA DE FERROLTERRA

MR. MISTO FILMS

Chámalle como queiras, ou máis ben *Artabriños*, campaña promocional das comarcas galegas de Ferrol, Eume e Ortegal, é unha iniciativa única pola súa forma de concibir as pezas promocionais. Con antecedentes no cine hollywoodiense coma *Paris*, *Je t'aime* ou *New York, I Love you*, onde famosos directores crearon pezas para exaltar estas cidades, nesta ocasión importouse a idea cara a esta campaña; algo que non se fixera no noso país. Seis directores profesionais levaron a cabo cinco curtas co obxectivo de descubrir as historias que se esconden detrás de Ferrolterra. Comedia, documental, ficción... e todas elas cun mesmo obxectivo, o de dar a coñecer as creacións resultantes da iniciativa.

Tras seis meses de duro traballo, a campaña presentou os resultados das gravacións, aínda que non o final da súa vida, xa que estas pezas están a ser distribuídas en diversas proxeccións ó aire libre. Outras preséntanse como convidadas a festivais, elevando o que naceu como unha campaña a un nivel superior no panorama das curtametraxes. A diferenza de calquera iniciativa que nace cunha finalidade promocional, *Artabriños* ten unha esencia única, a de levar a través do panorama nacional as curtas para a súa distribución, dando a coñecer estas creacións.

Entre os resultados, destacan *Dous homes e un suicidio*, de Iria López, unha "traxicomedia" na que dous homes comparten o escenario onde se queren suicidar, un acantilado da costa de Ferrolterra; *Paixón*, dirixida por Miguel García, peza documental na que se describe a transición da Semana Santa en Ferrol e se plasma a fe desta vila. Tamén de corte documental, *Cariño 1941*, unha interesante curta que indaga na historia do afundido petroleiro noruego Ole Jacob, que causou a primeira marea negra en Galicia, unha idea dirixida por Xosé Lois Santiago e Pablo Ces. Facendo unha fotografía do panorama musical nestas comarcas, Laura Menéndez levou a cabo *Melódica ártabra*, unha curta sobre a vida dalgúns grupos da zona. Finalmente, *Pantín Classic* (*Looking for waves*), de Álvaro Liste, representa o campionato de surf que ten lugar cada ano na praia de Pantín e que atrae ós seguidores das ondas de toda Europa.

Ademais das pezas profesionais, a campaña tamén comprendeu outras actuacións como obradoiros, concurso de vídeos on-line (en categorías de idades) e unha maratón para a creación dunha curta nun día. Así, a participación non foi só dos directores de curtas profesionais, senón que tamén a implicación social de persoas de institutos ou asociacións quedou patente nos resultados.

A presentación da campaña e, polo tanto, destas pezas audiovisuais celebrouse no Pazo da Cultura de Narón. Alí, ademais de recoñecer o esforzo que supuxo a preparación desta nova etapa que están a vivir as curtas, entregáronse diversos galardóns, coma o Premio Honorífico do Mellor Nome Proposto para a zona de Ferrol-Ortegal-Eume, que recaeu sobre a curta *Artabria* pola súa exaltación da cultura deste territorio. Por outra banda, as actrices Chelo López e Deborah Vukusic foron premiadas como mellores actrices e Vicente de Souza e Jorge Casas como mellores actores.

Está a resultar fructífera a iniciativa non só pola calidade das pezas que saíron dela, senón tamén pola gran acollida que tivo entre o público da zona. Na gala de entrega de premios, ademais, a campaña mudou de nome cara a *Artabriños*, a iniciativa de dous mozos de Marín. Proba de que a campaña foi máis aló, algunhas das pezas que saíron dela xa se están a espoxear en distintas sesións de cine ó aire libre, como é o caso da dirixida por Iria López. ●



O RETO DUNHA NOVA ETAPA: KILLERS & LOVERS

MARÍA VIRGINIA RAMÍREZ ABREU

A razón cega e a fe na capacidade do home de xogar a Deus conduce inevitablemente a unha caída. O soño da razón produce monstros, diría... Goya?

INTRODUCCIÓN. DECLARACIÓN DE INTENCIONS

Debo recoñecer que son un ser mitómano. É unha natureza que non podo abandonar, a pesar de tantos e tantos anos de procuras, de porqués e de, finalmente, atopar causa e alivio de moitos dos meus males. Pero a mitomanía é un rasgo que me posúe, desde a elevación case freudiana de meu pai á cualidade de superheroe ata a veneración de todos os ídolos culturais que sinto que me achegaron coñecemento, cultura e pracer.

Todo isto mesturado, e non por separado, como adoitamos ultimamente recibir ou aceptar todo acto de coñecemento ou culturización: como unha imposición ou unha adquisición hipócrita para a escalada social e económica, desprovista da sensación de pracer, que se atribúe máis ben á icona que porta o bolido que se conduce ou a tea invisible da roupa que se usa que molesta no lombo.

Pero, disquisicións antropolóxicas aparte, a miña paixón pola figura do heroe e do heroe negativizado, o malvado, permitíume quizais manter ese pracer e distracción que na infancia se asumen como normais e na idade adulta te colocan nunha permanente tesitura de explicación das túas calidades mentais. Que se un regusto sórdido, que se anomalías, que se Peter Pan, que se *freaks*... En fin. A imaxinación é o pandemónium do século XXI.

Esta historia, polo tratamento estético que levará filmicamente e pola forma na que será narrada, pretende ser unha homenaxe aos clásicos do cinema de terror e ao mundo dos *pulp*. Sen embargo, e creo que desde aquí formulo a ruptura narrativa, quero conseguir que esta aparentemente simple historia de terror se convirta nun pequeno alegato contemporáneo. Quero falar do meu tempo, das miserias existenciais que son parte integrante do home, pero que se transforman cada época nunha pandemia diferente. Creo que a gran pandemia do século XXI é a manipulación. Vivimos cegos, tortos, baleiros, emocionalmente febles e intelectualmente a mercé dos grandes poderes fácticos. Somos subproduto, medio e non finalidade do noso propio progreso.

PERO... ¿QUE OCORRE?

Nunha fábrica de bonecos en serie, un misterioso habitante da bufarda traballa incansablemente aproveitando os bonecos desbotados na fábrica. Realiza operacións e convirte os bonecos tarados en androides desposuídos de sentido e sensibilidade. Busca crear un metaheroe que libere os que, coma el, son diferentes. Un ser inmortal que conxugue razón e amor, ademais de calidades físicas e psíquicas metanormais.

Harry, que así se chama o noso doutor e alquimista, non prevé que a acumulación de erros pode converterse nunha situación boomerang que se volva contra el e destrúa todo polo que loitou e traballou. A súa historia persoal é un segredo que finalmente cataliza a historia que vemos. As súas creacións, as *killers*, rebélanse por instigación humana e matan o seu creador, morrendo tamén elas. A forma: o lume, vida dos homes e destrutor tamén desa vida. Agás unha figura, a última obra de Harry, que se eleva con alas delta e se perde no horizonte. O seu traxe non permite que vexamos o seu rostro. E neste final permíteselle ao espectador que peche segundo a súa propia ética.

UF... ¿COMO QUERO FACELO?

Killers & lovers é unha curta de animación 2D, en branco e negro, con algunhas pinceladas de cor para remarcar determinados aspectos conceptuais. Ten unha duración aproximada de 12 minutos.

Narra unha pequena historia de terror, que conxuga o básico do cine realizado pola Universal, coa creación dos seus monstros míticos, a humanización dos animais ou seres inanimados tan usuais en obras da factoría Disney e a atmosfera sórdida e case cutre das contornas que debuxaban os realizadores de *pulp*.

A decisión de realizala en 2D é precisamente que todo o traballo de animación semelle a posta en movemento de cadros de cómics, usando tecnoloxía dixital pero mantendo a estrutura, as sombras e a acentuación do raiado de personaxes e escenarios.

¿DE ONDE ME SAE ISTO?

É importante para nós combinar o aspecto creativo plástico dos personaxes e o deseño das súas contornas, formulado todo isto desde o debuxo que estará durante toda a película como valor esencial, cunha coidadosa planificación cinematográfica, rodando cada secuencia e cada plano coas regras estruturais do cine.

É para nós esencial, e considerámolo rompedor, manter o debuxo dos obxectos, personaxes e escenarios tal e como saen da man do debuxante, integralos con programas de efectos, deseñar así os planos, creando unha especie de estudio de gravación dentro do ordenador. Deseñar set a set obxectos, vestiarios e xestualidades dos personaxes e que, tal e como son sacados pola man de debuxantes, fondistas e atrezzoistas, sexan colocados nos seus postos para dar a orde de “acción!” Este é para o noso equipo o aspecto máis innovador, ademais de, narrativamente, romper cos recursos tradicionais, alterar o xénero, crear animación desde os pioneiros e usar o animado como espazo de reflexión contemporánea.

Outro valor esencial que vemos nesta produción é que se abre desde Galicia ao universal do cine internacional, por iso decidimos que o título orixinal sexa en inglés, así coma o nome dos personaxes.

Por outra banda, esta curtametraxe animada será muda, e todo o apoio sonoro será musical, tentando crear unha banda sonora cosmopolita, como cosmopolita é a Galicia que acolle. É un produto galego, xestado en Vigo, cun equipo técnico que é vigués ou se desprazará aquí para traballar neste proxecto. Pero a galeguidade moderna non pode estar condicionada polo uso da lingua, senón pola calidade dos produtos que xere a súa industria cinematográfica, cada vez máis potente e máis orientada cara ao exterior. As nosas películas deben evidenciar esa mestura que se xera nunha terra onde ir e voltar é condición sine qua non desde a súa xénese.

O uso da animación para adultos, coa finalidade de presentar temáticas contemporáneas, alixeiradas polo emprego dun recurso cinematográfico coma o suspense e da linguaxe do cómic foráneo, fai tamén particular esta produción para Galicia, como filme perfectamente exportable.

Traballaremos cun equipo de profesionais vencellados dunha maneira ou doutra ao mundo do cinema, a animación e os recursos multimedia. A implicación de persoal foráneo, lonxe de constituír un obstáculo, é máis ben unha mostra de que o cinema galego se torna importante, en tanto que os profesionais doutras partes de España e de Europa queren traballar en filmes producidos na nosa terra.

Por ultimo, recalcar a temática. Fálase dos outros, dos marxinados, os que sempre están nas fronteiras e nunca son escoitados; os que convertimos nos nosos pánicos, ignoramos e desprazamos. Os que non teñen onde amar e convertimos en recipientes de odio e frustración, proxectando co noso desprezo as nosas propias psicopatías. Reflexionemos desde esta curta sobre as diferenzas.

AS MIÑAS DÉBEDAS CON HOMENAXES

Conservo aínda na miña memoria a fascinación que me produciu ler *Os 12 traballos de Hércules* e cómo gocei despois coa versión policíaca de Agatha Christie. Hércules retornou con Robert Graves e en moitas figuras gregas pintadas en ánforas e vasillas báquicas e apolíneas, que mesturaban o mellor da paixón grega. Entre esas dúas liñas expresivas, discordantes na tradición cultural de Occidente, móvese a historia que pretendo contar de maneira fílmica: coa humildade do naif, pero ao tempo coa monumentalidade iconoclasta que sostén os personaxes trágicos.

Porque quero amosar un heroe prometeico, vencido pola vida, cuxo legado é lexítimo na medida en que creamos salvable algún dos seus actos, e na medida tamén en que confiamos no humano dos seus principios e dos seus motivos. O tema central da miña narración é cuestionar a aceptación social da bondade como motivo que nos exime de sermos xulgados; que nos entrega un salvoconduto virtual de inocencia, aínda ante o visible ou predicible erro que pode conducir ao caos máis antinatural.

A partir deste nodo temático artellaríamos unha serie de propostas que, ao mesmo tempo que fan avanzar a trama como recursos narrativos, tamén permiten que o público teña argumentos ou ideas contrapostas para quedar coa súa propia reflexión. O compoñente humano e a súa relación co divino; a xustiza coma unha forma máis de imperfección humana e os valores mutables da sociedade, cuxos puntos de suxeición son as circunstancias e os condicionamentos morais, éticos, ideolóxicos e sociais.

A miña hipótese con este relato é: O ego exacerbado conduce inevitablemente, e isto é un sino vital da nosa condición mortal, á desfeita e a destrución. Somos simplemente o resultado duns medios e, como finalidade en si mesmo, o home non é máis cá súa propia contradición e, con isto, a súa propia ruína.

Así, e partindo destas premisas, o meu relato é simple. Non pretende deixar unha máxima, senón máis ben unha reflexión. Aínda que evoque ou homenaxe o cinema clásico, que si pro-

moveu o uso case obsesivo de moralismos existenciais. O remedeo que aquí bosqueixo non é máis ca unha maneira de apropiarme da forma, extraordinaria polo demais, de narrar a condición humana, o drama do ser e os seus conflitos, independente de calquera castración conceptual ou de participación en ideoloxías moralizantes e politicamente correctas da época.

Reafirmo, encántanme os malvados ennobrecidos e os nobres abxectos. Os patéticos e decadentes. E sei que sempre son auténticos, pois reflicten a verdadeira existencia e iluminan a intimidade, o mundo escuro. Iso é precisamente o que tento crear, coma o meu personaxe, Harry: un feixe de luz neste meu universo escuro.

QUERO O MEU ESTILO

Tal como puntualizamos nos nosos antecedentes, a película será depositaria dunha estética moi naïf desde o punto de vista da animación contemporánea e os seus infinitos recursos. Sen embargo, este minimalismo ou traballo artesanal implica altas doses de creatividade.

Lonxe da reproducibilidade de certos produtos audiovisuais, esta curtametraxe practicamente será realizada a man, case de forma irrepitible. Iso é unha condición moi importante a recalcar en canto á estética. Os personaxes serán debuxados e escaneados mantendo todo o tempo a traza da tinta, coma se dun cómic *pulp* en movemento se tratase. Isto acentúa aínda máis esa atmosfera bretemosa e fría, ao estar concibido todo desde a liña negra en distinto grosor e os espazos brancos ou grises. É un ambiente tonal, con moi poucas aparicións de cor que só remarcarán aspectos conceptuais moi puntuais e importantes para a trama.

Os obxectos estarán deseñados en función do rol que xogan na historia. É dicir, os que interactúan cos personaxes serán móbiles e delineados. Os que conforman os ambientes estarán fixos, como parte dun decorado debuxado, dando sensación escenográfica de estudio de grandes produtoras. Os personaxes moveranse marcados teatralmente, con xestos acentuados, remedando o cine mudo. A xestualidade importante marcarase co uso de planos detalle e primerísimos planos. Preténdese crear unha atmosfera de cidade intemporal, indefinible e, como unha pequena homenaxe a Vigo, será de contorna moi industrial. Por iso o fume e a néboa marcarán os espazos atmosféricos exteriores. Os ambientes interiores pretenden ser domésticos.

Con este tratamento pretendemos diferenciar o exterior dos personaxes do seu mundo interior. Un mundo moi concentrado, sobrecargado e particularmente misterioso, sen caer en escurantismos. Un certo misterio que provoca doses programadas de terror e ao mesmo tempo de sorpresa.

A atmosfera condicionará o desenvolvemento da trama. Gostaríanos mencionar unha historia que foi o detonante para realizar esta curta: *El eternauta*. Sen lugar a dúbidas, e por suposto sen pretender alcanzar a maxistralidade que consegue esta obra, esta curta busca de forma continuada seguir a pegada do debuxo e das atmosferas idílicas e arrepiantes que provoca o cómic arxentino.

Eternal Killer, EK, a criatura final, é obviamente, e sen enganar, unha homenaxe a esta fabulosa historia que conmocionou e conmociona aínda a moitos lectores. Creo que estas premisas, seguindo ademais os antecedentes que bosquexamos, así coma o anexo de debuxos que acompaña o dossier, dan unha idea bastante clara de cómo será abordada estética e filmicamente a curtametraxe.

Con este proxecto concrétese a fundación da produtora de animación 2D Kilofilm Producciones. Esperamos que poidamos integrarnos con iniciativa no desbordante panorama do audiovisual galego. ●

Máis información en: <http://kilofilm.blogspot.com>



AUGMENTED FILMS: TRABALLANDO EN NOVOS CAMIÑOS PARA A EXPERIENCIA AUDIOVISUAL

MARÍA YÁÑEZ
RESPONSABLE DE CONTIDOS DE
A NAVALLA SUÍZA

Next Generation Online Video Experience non soaba nada mal. Era o título dunha das convocatorias que o MIPTV abría a comezos deste ano dentro do seu certame de novos formatos Content 360°. Na Navalla Suíza estabamos atentos á convocatoria: despois de visitar no 2009 o foro de contidos dixitais do certame de Cannes e ver as propostas que presentaban pequenas compañías e creadores de todo o mundo, proíannos as ganas de probar sorte nós. E despois de ter feito Flocos.TV, o cineclube *online* do noso audiovisual, e de ver tanto o seu éxito como o proxecto parado tras a desaparición da Axencia Audiovisual Galega, tiñamos moitas ganas dunha *Next Generation Online Video Experience*. E máis se ía acompañada das siglas do NFB, o noso admirado National Film Board de Canadá.

O NFB é a axencia pública do audiovisual canadense, que leva décadas producindo e distribuindo centos de filmes de ficción, boísimos documentais de referencia internacional e moita animación. Co cambio de milenio propuxéronse ir por diante na distribución e comunicación dixital do seu cinema, e na arte -que tamén o é- de compartir os seus filmes coa maior cantidade de xente posible e tamén coa xente adecuada. Nun xenerosísimo labor do que si é un verdadeiro servizo público, aprenderon a utilizar internet como ninguén á hora de exhibir o seu catálogo a unha excelente calidade e dotando a películas, directores, críticos e espectadores das ferramentas 2.0 necesarias para que as pezas adquiran o valor que o criterio social e dos expertos lles engaden, e para facer a experiencia do espectador todo o rica que esperan as xeracións máis afeitas a internet e ao lecer dixital.

Neste sentido, a súa web -NFB.ca- e tamén as súas aplicacións para iPhone e iPad son fabulosas. Eu persoalmente saliento dúas *features* da web moi necesarias, aínda que pouco vistas de momento: unha delas, a creación de unidades didácticas destinadas a que os escolares coñezan os máis diversos temas a partir das películas feitas en Canadá, ou que coñezan as películas a partir do criterio pedagóxico e cinéfilo dos expertos que traballan para o organismo público. Algo que sempre quixemos facer en Flocos, por certo, en vista do enorme éxito que a nosa plataforma tivo no ámbito docente e escolar galego. O outro servizo que me fixo namorar máis se cabe da NFB é o NFB Images, todo un depósito de material audiovisual bruto posto a disposición dos cidadáns-usuarios-contribuíntes para o seu uso libre. A traves dun completo directorio non só podes atopar unha chea de imaxes de montañas, de edificios, cidades, políticos, artistas... senón que tamén te convidan a editalas sen dificultade cunha ferramenta de montaxe *online*. Igualño que aquí coas imaxes públicas, vaia.

Ben, o caso é que o NFB, patrocinador do certame *Content 360°* do MIPTV, propuxo para o seu concurso a *Next Generation Online Video Experience* de marras, e despois de ver todo o que tiñan feito para ver cine na rede non foi fácil pensar qué raio sería o seguinte que poderían necesitar. Pero axiña chegamos ao concepto. Xeolocalización. É o que fai todo o mundo en internet neste momento, sobre todo coa popularización dos *smartphones*. Mobilidade. Poder atopar películas relacionadas co sitio onde te atopas. Situar no mapa os lugares onde se rodaron os filmes, e interactuar con eles, tanto se te atopas alí como se estás na casa, por exemplo, queren-

do planear unha viaxe. Utilizar a realidade aumentada para, a partir do que ves no teu móbil, ver películas, cachos de películas, trailers de películas e contidos asociados ás películas. Mesmo engadir o teu propio contido para enriquecer as películas pero tamén os lugares. Compartir eses lugares de película -que nós chamamos *filmspots*- con amigos e outra xente que pase por alí, ata o punto de xogar e competir con eles a ver quen pasa por máis *filmspots* ou completa determinado roteiro. Efectivamente, facer roteiros que máis ca nunca teñan ese duplo significado e probar a contar as historias doutro xeito, enfiando secuencias de distintas películas segundo os lugares, ou enfiando lugares para crear camiños cinéfilos que outras persoas poidan seguir e completar. En fin, unha chea de posibilidades que se nos foron ocorrendo e que tratamos de ordenar de maneira moi clara nun *keynote*, que foi o que levamos, xunto coas nosas galas e a nosa ilusión, a Cannes no mes de abril.

Contra todo prognóstico, impuxémonos aos outros dous finalistas, que eran unha importante axencia de comunicación dixital e publicidade de Londres e outra de Atlanta, contra os que a priori non tiñamos nada que facer. Pero o noso proxecto, moi parecido ao de Londres, por certo, era o mellor e a nosa presentación tamén foi a mellor, todo hai que dicilo. Por máis que o inglés non era a nosa lingua materna, que viñamos dun sitio que non coñecía ninguén e que eramos unha empresa de só cinco persoas. Alí estivemos Xabier Cid e mais eu defendendo o noso proxecto e poñendo ao noso favor o feito de ser pequenos pero moi ilusionados, e partindo da experiencia de Flocos, que polo que nos contou despois o xurado, foi decisiva á hora de valorar a nosa proposta, xunto co entusiasmo que transmitiamos. Pois ben, esa foi unha boa lección que gañamos, ademais da autoestima ben alta e de, por suposto, o premio: un contrato para traballar co NFB no desenvolvemento desta aplicación e incorporarnos aos seus *labs* para traballar nalgo no que cremos que podemos dicir que A Navalla Suíza xa empeza a ser unha referencia internacional: os novos xeitos de ofrecer experiencias de ver e difundir contido audiovisual.

Epílogo: Niso andamos agora traballando, tentando aprender todo o posible da oportunidade de traballar cuns monstros como son os canadenses, e levando á práctica a nosa idea das películas aumentadas. Empezamos aos poucos, partindo dun prototipo para a web, que queremos máis tarde levar aos móbiles usando a realidade aumentada e as posibilidades da xeolocalización por GPS. E de momento facémolo con Canadá, pero traballaremos para levar o proxecto alá onde se necesite ou haxa vontade de innovar na difusión do patrimonio audiovisual de maneira creativa e práctica. Galicia, por que non? ●



RELATOS EN TOKIO

MARIO IGLESIAS

A case un ano da experiencia do paso polo festival de Tokio, e que fráxil teño eu a memoria, non me resulta doado evocar os pormenores daquela memorable experiencia. Un océano infinito de edificios contemplado desde o piso cincuenta e tantos, na sede do festival, é unha das imaxes máis fáciles de materializar ¡Que cidade máis grande! Ás demais intentarei pórllles orde, sen esquecer que esta é unha publicación sobre temas audiovisuais e iso é o que se espera ler nestas liñas.

Poucas veces tivera contacto con xaponeses, o que quere dicir que simplemente manexaba tópicos que circulan por estas latitudes, coma que son adictos ao traballo ou que dan a vida pola empresa, que dormen en nichos de aluguer, que chapodan o dedo maimiño cuando lle fallan

a unha causa sagrada (coma o clan ou o emperador) e qué sei eu cantas historias máis que son moeda corrente por estes pagos e que sempre se comentan con esa rotundidade e certeza exentas de matices de quen non sabe en realidade de qué fala. Por iso foi dobremente sorprendente comprobar o efecto que a nosa película produciu nun pobo tan distante. A única conclusión posible é que teñen a cabeza máis ou menos co mesmo mobiliario ca nós, que lles pasan cousas parecidas e que os visitan os mesmos temores, angurias e inquedanzas cós galegos ou os maños.

Relatos é unha película que fala de moitas pequenas cousas, dramas moitas veces minúsculos pero reais, e sen solución moitos deles, precisamente por insignificantes e inadvertidos. Unha muller de mediana idade con inquedanzas creativas (literarias, para ser exactos), pero circunscrita a un sinxelo rol de ama de casa da que non se espera nada máis que guisos amorosos e camas tersas de puro ben feitas. O punto de partida é a repetición dun suceso tan estendido que apenas se fala del: esperta pola noite con episodios de medo, un medo abstracto sen referente claro, pero ao que a imaxinación de seguida se encarga de pórlle argumento en forma das pequenas angurias cotiás.

Coma se dun expreso nocturno se tratase, o medo espértaa exactamente á mesma hora, as tres da mañá. Rosario, a protagonista, trata de facerlle fronte e decídese a visitar un terapeuta. Mentres, a súa actividade literaria desenvólvese e a súa cosmovisión de ama de casa que abre a mente máis alá dos muros do seu fogar desprégase na pantalla. Odios, temores, terrores evocados da guerra, remordementos, dúbidas, heroes e canallas do día a día encárnanse nos seus personaxes e tecen un tapiz onde se forma un debuxo de, cando menos, unha parte das almas que partillamos territorio desta beira do mar.

Unha vez os visionados da película confirman que isto é máis ou menos así para o espectador galego e peninsular, un pregúntase qué será para os de máis alá do mar amarelo. ¿Que tradución teñen as pequenas coitas de Rosario e os seus personaxes para unha mente oriental? Desde que puxemos un pé na illa fóisenos revelando a resposta: a película podería ser firmada por un xaponés.

Ata o mesmo momento da proxección da nosa película, ignoraba que abría os países da sección oficial do festival. Antes de entrar na sala, un grupo de persoas fíxonos unha entrevista e nela reveláronnos a boa impresión que produciu nos países de prensa. Unha das razóns é que co personaxe protagonista, Rosario, identificábanse unha boa parte das mulleres xaponesas. A sociedade xaponesa é tradicionalmente compartimentada e o rol da muller é moi difícil de cambiar, polo visto atópanse agora no proceso de conseguir esa igualdade de oportunidades que aquí xa está moi asumida. A charla con esta xornalista foi moi estimulante e comezounos a dar un indicio de que a nosa película podía conectar coas mentes niponas.

Despois da proxección houbo un coloquio, os espectadores facían preguntas sobre *Relatos*. Sinceramente, foi unha das mellores experiencias que tiveron de conexión cos espectadores na proxección dunha película miña. As preguntas nun caso así son moito máis importantes e reveladoras cás respostas, querían dicir máis alá de calquera dúbida que non só a comprenderan e conectaban con ela, senón que lles tocaba profundamente na fibra. No segundo pase a experiencia foi máis ou menos igual. O mesmo ocorreu na rolda de prensa da película, decenas de xornalistas vírana e facían preguntas atinadas que daba gusto contestar.

As manifestacións de espectadores que viron *Relatos* e aos que lles chegou repetíronse ao longo de todo o festival, en ocasións de maneira exhaustiva. Conchi asinou decenas de autógrafos e recibía a simpatía da xente todos os días. O representante do Igape en Tokio, Pedro J. Gallego, deunos unha clave para semellante empatía: os xaponeses son culturalmente moi contidos, pero tamén moi emocionais, e é por iso que a emocionalidade contida da película lles chegou facilmente.

Habería moitas máis cousas que contar, como a espectacular cerimonia inaugural, o máis parecido a unha viaxe en tripi que vivín nun festival. Pero o fundamental paréceme o feito mesmo da comunicación que se deu estupendamente entre película galega e público xaponés, a auténtica incógnita a despegar. ●

AS PRODUCCIÓN S

OBRAS
PRESENTADAS AOS
PREMIOS MESTRE
MATEO 2009

LONGAMETRAXES DE FICCIÓN



AGALLAS (2009)

Xénero: Thriller
Dirección: Samuel Martín Mateos, Andrés Luque Pérez
Guión: Juan Antonio Gil Bengoa, Javier Echániz Petralanga
Fotografía: Juan Carlos Gómez
Música: José Ignacio Cuenca
Dirección artística: Marta Villar
Maquillaxe: Cristina Couto, Raquel Fidalgo
Perruquería: Rosana Teijeiro
Vestuario: Ruth Pereira
Montaxe: Guillermo Represa
Produción: Pancho Casal, Antonio Saura
Produción executiva: Carmen de Miguel
Produtoras: Continental Producciones, Agallas IAE, Mucho Ruido
Intérpretes: Carmelo Gómez, Hugo Silva, Celso Bugallo, Carlos Sante, Mabel Rivera, Xavier Estévez, Rula Blanco, Tomás Lijó, Peko Suevos, Alfonso Agra, Yoima Valdés

CELDA 211 (2009)

Xénero: Thriller
Dirección: Daniel Monzón
Guión: Daniel Monzón, Jorge Guerricaechevarría
Fotografía: Carles Gusi
Música: Roque Baños
Dirección artística: Antón Laguna
Maquillaxe: Raquel Fidalgo
Perruquería: Inés Rodríguez
Montaxe: Mapa Pastor
Produción: Emma Lustres, Borja Pena, Juan Gordon, Álvaro Agustín
Coprodución: Franck Ribière, Vérane Frédiani
Dirección de produción: Alicia Tellería
Produción executiva: Elena Manrique, Emma Lustres, Borja Pena, Pilar Benito, Javier Ugarte
Produtoras: Vaca Films, Morena Films, Telecinco Cinema, TVG
Intérpretes: Luis Tosar, Alberto Ammann, Antonio Resines, Marta Etura, Carlos Bardem, Manuel Morón, Luis Zahera, Vicente Romero, Fernando Soto, Manolo Solo, Jesús Carroza, Xavier Estévez



NOTA DA ACADEMIA: En edicións anteriores deste Anuario, o listado de producións tomouse da base de datos da Axencia Audiovisual Galega. Ante a sorprendente falta dun rexistro similar na actualidade por parte dalgún organismo oficial, consideramos que a mellor panorámica que podemos achegar da produción do pasado curso (se non de toda, cando menos dunha parte significativa) é a relación dos traballos presentados aos Premios Mestre Mateo. Lamentamos as inevitables ausencias e confiamos en que esta situación se corrixa para vindeiras edicións.

GORDOS (2009)

Xénero: Comedia
Dirección: Daniel Sánchez Arévalo
Guión: Daniel Sánchez Arévalo
Fotografía: Juan Carlos Gómez (AEC)
Música: Pascal Caigne
Dirección artística: Curru Garabal
Axudante de dirección: Antón Zabala
Maquillaxe: Almudena Fonseca
Perruquería: José Juez
Vestuario: Tania Hernández
Montaxe: David Pinillos, Nacho Ruiz Capillas
Produción: Antón Reixa, José Antonio Féliz
Dirección de produción: Oscar Vigiola
Produtoras: Filmanova Inves S.A., Telesa P.C.
Intérpretes: Antonio de la Torre, Raúl Arévalo, Leticia Herrero, Roberto Enríquez, Verónica Sánchez, Pepón Nieto, Fernando Albizu, María Morales, Pilar Castro, Adam Jezierski, Marta Matín, Teté Delgado

RAFAEL (2008)

Xénero: Drama
Dirección: Xavier Bermúdez
Guión: Xavier Bermúdez
Fotografía: Alfonso Sanz Alduán
Música: Coché Villanueva
Son: Ibiricu
Montaxe de son: José Alberto Suárez
Maquillaxe/perruquería: Susana Veira
Vestuario: Julia Rodríguez Ovalle
Montaxe: Sandra Sánchez
Produtoras: Xamalú Filmes, TVG
Intérpretes: Manuel Cortés, María Tasende, Sonia Méndez, Nerea Barros, Pilar Pereira, Cecilia Viyella, Chema Gagino, Vicente Montoto

RELATOS

Xénero: Drama
Dirección: Mario Iglesias
Guión: Mario Iglesias
Son: Xavier Souto
Dirección artística: Isabel Rey
Maquillaxe/perruquería: María Illobre
Montaxe: Mario Iglesias
Produción executiva: Daniel Froiz
Produtoras: Matriuska Producciones
Intérpretes: Concepción González, Luis Callejo, Yago Presor, Mariana Carballal, Isabel Rey, Patricia Castro, Tatán, Graciela Rodríguez



UN BO HOME (2009)

Xénero: Thriller
Dirección: Juan Martínez Moreno
Guión: Juan Martínez Moreno
Fotografía: Kalo Berridi
Música: Sergio Moure
Son: Carlos Mouriño
Dirección artística: Sandra Frantz
Maquillaxe/perruquería: Sylvie Imbert, Beatriz Antelo
Vestuario: Cristina Rodríguez, Marta Anta
Montaxe: Fernando Pardo
Produción: Gerardo Herrero, Mariela Besuievsky
Produción executiva: Elisa Saldaña
Produtoras: Milou Films S.L., Tornasol Films S.A., Catasfiore Films S.L., Agrupación de Interés Económico 002
Intérpretes: Tristán Ulloa, Emilio Gutiérrez Caba, Nathalie Poza, Noelia Noto, Alberto Jiménez, Miguel de Lira, Jorge Ricoy, Antón Rivas, Artur Trillo, José Antonio Jiménez, Tomás Salvadores, María Zamora, Amparo Murcia, Amparo Ferrer Baguena, Sofía Prieto

PELÍCULAS PARA TELEVISIÓN



CONEXIÓN (2008)

Xénero: Thriller
Dirección: Leonel Vieira
Guión: Joao Nunes
Fotografía: José Antonio Loureiro
Música: Manu Riveiro
Son: Juan Gay
Dirección artística: Fernanda Morás
Axudante de dirección: Raúl Correia
Maquillaxe: Chicha Blanco
Perruquería: Pablo Seoane
Vestuario: Irantzu Campos
Montaxe: Santi Borricón, Guillermo Represa
Producción: Leonel Vieira, Pancho Casal, Agustí Mezquida
Dirección de producción: Cándida Vieira, Carlos Amoedo
Xefatura de producción: Iago Veloso
Producción executiva: Xavier Villaverde
Produtoras: Continental Producciones, Stoplevel Films, Prodigus Cinema, TVG
Intérpretes: Ivo Canelas, Muriel Sánchez, Monti Castiñeiras, Xavier Deive, Mela Casal, Cristovao Campos, Antonio Cordeiro, Joaquim Nicolau, Francesc Garrido, Susana Arrais, Aldo Lima, Mariana Monteiro, Pepo Suevos, Alfonso Agra, Mabel Rivera, Ernesto Chao



O CLUB DA CALCETA (2009)

Xénero: Drama
Dirección: Antón Dobao
Guión: Antón Dobao
Fotografía: Suso Bello (AEC)
Música: Manu Riveiro
Dirección artística: Alexandra Fernández
Axudante de dirección: Pilar Tomás
Maquillaxe: Eva Fontenla
Perruquería: Esther Plaza
Vestuario: Ana López
Montaxe: Luis Faraón
Dirección de producción: Mamen Quintas
Xefatura de producción: Toni Veiga
Producción executiva: Julio Casal, Albert Sagalés
Produtoras: Ficción Producciones, Diagonal TV, TVG
Intérpretes: María Vazquez, Katia Klein, Sonia Castelo, Susana Dans, Mela Casal

LONGAMETRAXES DOCUMENTAIS

50 AÑOS EN EL ANDAMIO

Xénero: Documental
Dirección: Ángel Rueda
Guión: Ángel Rueda
Imaxe e son: José de Carricarte, Iago González, Anxo Cruz
Montaxe: Ángel Rueda, José de Carricarte
Producción: Ana Domínguez
Produtoras: eSe8 Cinema
Intérpretes: José Manuel Sande, José María Pujalte, Rogelio Amigo, Antonio Docampo, Marisa Naya, Jose Redondo, Jose Luis Caramés, Roberto Reboiro, Manuel Castelo, Carlos Fernández Santander

CHECKPOINT ROCK (2009)

Xénero: Musical

Dirección: Fermín Muguruza, Javier Corcuera

Guión: Fermín Muguruza, Javier Corcuera

Son: Juan Manuel López

Montaxe: Martin Eller

Produción: Antón Reixa, Ricardo González

Dirección de produción: Gonzalo de Castro

Produción executiva: Elena Couto, Begoña Atin, Sabín Uriarte

Produtoras: Filmanova S.L., K2000

Intérpretes: Dam, Khalas, Amal Murkus, Safaa Arapiyat, Walla'at, Habib Addeek, Muthana Shaban, Shadi Al-Assi, Sabreen, Palestinian Rapperz, Le Trio Jourban

DOUS DE VINTETANTOS

Xénero: Sociedade

Dirección: Manuel Mayo

Guión: Manuel Mayo

Fotografía: Alfonso Parra

Música: Sergio Pena, Juan Pardo, Machine

Montaxe: Manuel Mayo, Vanesa García

Xefatura de produción: Mónica Mejías

Produción executiva: Manuel Mayo

Produtoras: TVG, Manuel Domingo Mayo Ramos

GITANOS DE BUENOS AIRES (2009)

Xénero: Etnografía

Dirección: Xavier Villaverde, Regina Álvarez

Guión: Regina Álvarez, Xavier Villaverde

Fotografía: Nicolás Trovato

Son: Guido Valerga

Montaxe: Guillermo Represa

Dirección de produción: Carlos Amoedo

Produtoras: Continental Producciones, Kalida Producciones, Regina Álvarez PC, Salero Films

HITLER, GARBO... E ARACELI (2009)

Xénero: Historia

Dirección: José de Cora

Realización: Pepe Tejero

Música: Dani Díaz

Dirección artística: Teté Latas, María Lamela

Vestuario: Comarcal 122

Produción: Memé Díaz, Mercedes Fernández

Produción executiva: Gonzalo de Cora

Produtoras: Lugopress S.L.

Intérpretes: Mara Miñano, Ramón Saqués, Gonzalo Paradela, Xosé M. Pol, M^a Luz López Obermeier, Miguel A. Bellón Rico, Irene Orgaz López, Teresa López Eimil, José Torres, Antonio Blanco Lázare, Manolo Cortón Muinel

MARUXA MALLO: METADE ANXO, METADE MARISCO

Xénero: Historia e biografía

Dirección: Antón Reixa

Realización: Antón Segade

Guión: Antón Patiño

Fotografía: Jaime Pérez

Música: Marcos Payno, Alejandro Salgueiro

Edición: Antón Segade, Enrique Moro, Mario Varela

Dirección de produción: Xabier Eirís

Produción executiva: Filmanova

Produtoras: SECC (Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales), Filmanova

MEMORIAS ROTAS

Xénero: Historia

Dirección: Manane Rodríguez

Guión: Manane Rodríguez, Eliseo Fernández, Carmen García Rodeja

Fotografía: Leticia Bellón

Música: Brais Monxardín, Pepe Vaamonde

Montaxe: Manane Rodríguez

Produción: Xavier Bermúdez

Produtoras: Xamalú Filmes, TVG

O TEMPO DA MEMORIA (2009)

Xénero: Historia e biografía

Dirección: Jorge Gil

Idea e investigación: Carlos Portomeñe, Jorge Gil

Fotografía: Rodrigo Chico

Música: Álvaro Pérez

Son: Lúa Filmes, Antonio Ramos

Edición: Txabi Mira

Produtoras: Foro pola Memoria de Galicia (Produtora delegada: Lúa Filmes)



¿QUÉ CULPA TIENE EL TOMATE?

Xénero: Sociedade

Dirección: Alejo Hoijman (Argentina), Marcos Loayza (Bolivia), Josué Méndez (Perú), Carolina Navas (Colombia), Paola Vieira (Brasil), Alejandra Szeplaki (Venezuela), Jorge Coira (España)

Edición: Alejo Hoijman

Coprodución: Marcos Loayza, Enid Campos, Carolina Barrera, Rodrigo Letier, Daniel Jerozolinski

Producción executiva: Fernanda del Nido, Hugo Castro Fau

Produtoras: Tic Tac Producciones, Lagarto Cine, Púcara Films, Chullachaki Producciones, Pato Feo Films, TvZero, Cooperativa Estrella Films, TVG

SEÑORA DE (2009)

Xénero: Sociedade

Dirección: Patricia Ferreira

Guión: María Salgueiro, Carmen I. Rábade, Patricia Ferreira

Fotografía: Antón Bugallo

Música: Arturo Kress

Son: Cristina Morquillas

Montaxe: Rita Romero

Producción executiva: Carmen I. Rábade

Produtoras: O Raio Verde, Medios Dixitais S.L.

SEXO, ENTRE O CEO E A TERRA

Xénero: Sociedade

Dirección: Teo Manuel Abad

Guión: Carmen Carballo, Raquel González

Música: Pedro Vanenfurgo

Son: Iván Mosqueira, Iván Ogando

Edición: Juan Galva, Fernando Bastero

Axudante de dirección: Susana Pérez

Producción: María Sotelo, Mariluz Obermeier

Produtoras: Formateo S.L., Faro Televisión

Intérpretes: Uxía Blanco, Nieves Rodríguez, Evita de Luna



SIXTY TOLOS (A GOLPE DE SINGLE) (2009)

Xénero: Musical

Dirección: Xaime Fandiño

Guión: Xaime Fandiño

Fotografía: Jorge Rodríguez

Son: Pablo Casal

Montaxe: Miguel de la Peña

Axudante de dirección: Mónica Camba

Dirección de produción: Segundo Grandío

Xefatura de produción: Tamara Torres

Produtoras: Casa de Tolos S.L.

DOCUMENTAIS

A MIRADA DE ANNA

Xénero: Historia e biografía
Dirección: Lorenzo Soler, Jorge Algora
Guión: Lorenzo Soler, Jorge Algora
Fotografía: Luis Longueira
Edición: Rita Romero García
Produción: Susana Maceiras Montero, Oriol Porta
Produtoras: Adivina Producciones, Área TV
Intérpretes: Anna Turbau

A VIDA SEN BARREIRAS

Xénero: Sociedade
Dirección: Adrián G Bermúdez
Guión: Adrián G. Bermúdez
Fotografía: José A. Seoane
Música: Sergio Pena
Montaxe: Adrián G. Bermúdez
Axudante de dirección: G. Fanjul
Produtoras: Corumico, EIS Coruña

**ALCAIÁN, O PRIMEIRO PARTIDO**

Xénero: Deporte
Dirección: Miguel Mariño
Guión: Carlos Ares, Miguel Mariño
Música: Santi Jul, Iván Laxe
Son: Fon Couceiro
Imaxe: Fernando Ferreiro, Alex Cupeiro, Isaac Ruppén
Montaxe: Marcos Losada
Produción: María Domínguez
Dirección de produción: Diego Méndez
Produción executiva: Diego Méndez, Carlos Ares
Produtoras: Alén Filmes S.L., Zopilote S.L., coprodución TVG

MULLERES DA RAIÁ

Xénero: Sociedade
Dirección: Diana Gonçalves
Guión: Diana Gonçalves
Fotografía: Diana Gonçalves
Música: Miguel Barbosa
Montaxe: Miguel Barbosa, Diana Gonçalves
Produción: Diana Gonçalves

A NOSA CARTA AO FUTURO

Xénero: Sociedade
Dirección: Mara Gutiérrez
Guión: Mara Gutiérrez
Fotografía: Juan Ángel Barro "Cremi"
Montaxe: Mara Gutiérrez, Isabel Rey
Produtoras: Mara Producciones
Intérpretes: Antonio García Allut, Miriam Montero Salinas, Silvia Consuegra Rodríguez, Atilano López Díaz, Xosé Taxes Freire

O FILLO DO MAR

Xénero: Historia e biografía
Dirección: Luís Menéndez
Guión: Luís Menéndez
Realización: Alicia Zapatero
Produción: Javier Llopis
Produtoras: TVG

O SALAZÓN

Xénero: Historia e sociedade
Dirección: Helena Villares, Pilar Faxil
Guión: Pilar Faxil
Fotografía: Carlos Purriños
Edición: Rubén Lázaro
Produción: Xoel Fernández
Xefatura de produción: Toni Veiga
Produción executiva: Julio Casal, Mamen Quintas
Produtoras: Ficción Producciones, TVG



O SEGREDO DA FROUXEIRA

Xénero: Sociedade
Dirección: Xosé Abad
Guión: Xosé Abad
Fotografía: Suso Bello
Música: Marcelino Galán
Son: Manuel Maneiro
Maquillaxe/perruquería: Susana Veira
Montaxe: Sandra García Rey
Axudante de dirección: Sandra García Rey
Xefatura de produción: Héctor Diéguez
Produtoras: EAF Producións
Intérpretes: Fernando Ocampo, Jesús Lesta, Miguel Castro, Mario Cibera, Moncho Pantín, Pablo Rodríguez, Brais Abad, José Cabana, Xabier Anidos, David Mosquera

OS SOÑOS DO MAR

Xénero: Sociedade
Dirección: Daniel López
Guión: Daniel López
Fotografía: Daniel López
Montaxe: Daniel López
Produción: Daniel López
Produción executiva: Luís Río
Produtoras: Mandeo Records
Intérpretes: Santiago Fernández (voz off), Poli Prieto (voz off)

PROGRAMAS DE TELEVISIÓN

A CAIXA NEGRA

Xénero: Sociedade
Dirección: Antón Reixa
Realización: Luís Montenegro, Enrique Moro
Guión: Nicolás Rodríguez, Luís Montenegro, Paulo Conde
Redacción: Rubén Lavandeira, Xaime Beiro, Belén Vidal, Martina Pérez
Música: Universal Publishing Production Music
Son: DDA
Edición: Mario Varela, Manuel Buceta
Produción: Xabier Eirís
Produción executiva: Antón Reixa, Blanca Baena
Produtoras: Filmanova S.L.
Presentación: Fernando González "Gonzo"



A MIÑA FAMOSA FAMILIA

Xénero: Sociedade
Dirección: Carlos Dávila
Guión: Xoel Fernández
Son: Gonzalo Piña
Vestuario: María Fandiño
Edición: Clara García Nieto, Leandro Quintas
Xefatura de produción: Toni Veiga
Produción executiva: Mamen Quintas, Ana Staton
Produtoras: Ficción Producciones, TVG
Presentación: Xosé Barato

BANDA CURTA

Xénero: Cultura
Dirección: Alfonso Pato
Realización: Gonzalo Pintos
Redacción: Olalla Baamonde, María Duro
Fotografía: Benito Lamas
Música: Segundo Grandío (Casa de Tolos)
Produción: Javier Llopis, Paco Carballés, Diego Montes
Produtoras: TVG
Presentación: Luis Pardo, Ricardo Alonso (colaborador)



BOTARSE AO MONTE

Xénero: Entretemento
Dirección: Fran Velo, Xosé Antón Moure
Guión: Fran Velo, Xosé Antón Moure
Música: Marcos Payno
Son: Juan Gay
Montaxe: Nahum C. Fiuza
Axudantes de dirección: Gandalf Gambarte, Diego Guerrero, Erica Ceñera Carrillo
Produción: Julio Fernández
Xefatura de produción: Diego Guerrero
Dirección de produción: Jesús Vecino
Produción executiva: Carlos Fernández, Inma Castaño
Coprodución executiva: Pepe Coira
Produtoras: Bren Entertainment S.A.
Locución: Carlos Jiménez
Presentación: Xosé Touriñán

CANCHA JUNIOR

Xénero: Deporte
Dirección: Lucía Valles
Guión: Lis Franco
Redacción: Lorena Palleiro, Laura V. Barbeito
Montaxe: César Seijas
Cámaras: César Seijas, Marta Reigada
Produtoras: Meiga Audiovisual
Presentación: Lis Franco

DOA A DOA

Xénero: Entretemento
Dirección: Yolanda del Campo
Música: Faltriqueira
Son: Miguel Barbosa, Carlos García (Cinemar)
Maquillaxe/perruquería: Bea Dono
Montaxe: Pórtico de Comunicación
Produción: Ana Lorenzo, Adrián Zapatería, Rubén Seoane, Noelia Souto
Xefatura de produción: Elsa Pazos
Produción executiva: Valentín Carrera
Produtoras: Ibisa TV
Narración: Antonio Mourelos
Entrevistas: Carlos Vázquez, Rosa Gómez Limia

HÁBITAT

Xénero: Sociedade
Dirección: Tonche Segade
Realización: Tonche Segade
Guión: Paco Abelleira, Mónica Nión
Música: Marcos Otero "Payno"
Maquillaxe/perruquería: Vicky Moreira, Paloma Ucieda
Montaxe: Luis Millares, Lucía Astray
Produción: Ángel Burgos Veiga, Erika Alonso Correa
Produción executiva: Antón Reixa, Sonia Barros
Produtoras: Filmanova S.L.
Presentación: Sonia López

MADE IN GALICIA

Xénero: Sociedade
Realización: Dani Castro
Guión: Carlos Portela, Alicia López, Ana Bugallo
Son: Alfonso Couceiro, Víctor Seixo
Montaxe: Dani Castro, Lu Rodríguez, Pablo Paz
Dirección de produción: Paula Fernández
Produtoras: Voz Audiovisual S.A.U.

MIRAXES

Xénero: Cultura
Dirección: Francisco Novo
Reportaxes: Xandra Tedín
Produtoras: TVG
Presentación: Miguel Fernández

O EIRADO

Xénero: Cultura
Dirección: Xosé Luis Muñoz
Realización: Pemón Bouzas
Guión: Xosé Luis Muñoz
Produtoras: TVG
Presentación: Pemón Bouzas

ONDA CURTA

Xénero: Cultura
Dirección: Carlos Meixide
Realización: Gerardo Cobas
Producción: Fernando Santos
Produtoras: TVG

REPORTEIROS

Xénero: Sociedade
Redacción Reportaxes: Encina Ramos,
 Manuel Pampín, Manuel Villar
Produtoras: TVG

RUTA 66

Xénero: Entretemento
Dirección: Carlos Dávila
Guión: Paulo Conde, Paula Cons
Música: Juan de Dios
Son: Santi Jul
Vestuario: Manu Méndez
Edición: Xosé González, Roi Sande, Darío
 Fernández Ignacios, Lucía Astray
Producción: Pancho Casal
Xefatura de produción: Tamara Blanco
Dirección de produción: Carlos Amoedo
Producción executiva: Teresa Díez
Produtoras: Continental Producciones,
 Filmanova
Presentación: Juan Fuentes

SALITRE

Xénero: Sociedade
Dirección: Xosé Henrique Rivadulla Corcón
Realización: Rubén Lázaro
Guión: María Otero, David Ramos, Xosé
 Henrique Rivadulla Corcón
Fotografía: Simón Vázquez
Música: Miguel Seoane
Son: Toni Penido, Meli Souto
Edición: Rubén Lázaro, Óscar Galansky
Producción: Jaime Castaño, Jose Baños
Dirección de produción: Viki Cerdan
Produtoras: A Opinión Media, TVG
Presentación: Xosé Henrique Rivadulla
 Corcón

TRECE BADALADAS

Xénero: Sociedade
Dirección: Paula Cons
Redacción: Jacobo Díaz, Inma Morandeiro,
 Paula Cons
Música: Caixa Música
Son: Marcos Vázquez (DDA)
Edición: Roi Sande, Xosé González
Producción: Pancho Casal
Dirección de produción: Carlos Aomedeo
Producción executiva: Teresa Díez
Produtoras: Continental Producciones
Locución: Catherina Martínez

SERIES DE TELEVISIÓN



MATALOBOS

Xénero: Thriller

Dirección: Toño López, Jorge Saavedra

Guión: Carlos Portela, Víctor Sierra, Jose Rubio, Alberto Guntín

Fotografía: Xosé Manuel Neira

Música: Santi Jul, Iván Laxe

Son: Alfonso Couceiro

Dirección artística: Antonio Pereira

Maquillaxe: Natalia Arcay

Perruquería: Lorena Calvo

Vestuario: Lola Fernández

Xefatura de produción: Ana Míguez

Dirección de produción: Paula Fernández

Produción executiva: Carlos Carballo, Carlos Portela, Alfonso Blanco

Produtoras: Voz Audiovisual S.A.U., TVG

Intérpretes: Luis Iglesia B., María Tasende, Xabier Deive, Luisa Merelas, Carolina Vázquez, Mónica Camaño, Rebeca Montero, Nuncy Valcárcel, María Mera, Salvador del Río, Fernando Morán, José Barato, Antonio Mourellos, Camila Bossa



O NORDÉS

Xénero: Drama

Dirección: Marta Piñeiro, Alfonso Zarauza

Realización: Marta Piñeiro, Alfonso Zarauza

Guión: Carlos Ares, Xosé Castro, Andrés Mahía

Fotografía: Jesús Penido

Música: Piti Sanz, Iván Laxe

Son: Marcos Lemos

Dirección artística: Suso Montero

Montaxe: Xosé Estonllo Villaverde, Francisco Freire

Axudante de dirección: Diego Méndez

Produción executiva: Xosé Arias, Carlos Ares, Xosé Castro, Andrés Mahía

Produtoras: CTV, Zopilote

Intérpretes: Monti Castiñeiras, Leticia Sola, Xosé Manuel Olveira "Pico", Mabel Rivera, Xulio Abonjo, Isabel Martínez-Risco, Alfonso Agra, Marian Bañobre, Evaristo Calvo, Olalla Salgado, Víctor Fábregas, Xacobo Piñeiro, Marcos Orsi



PADRE CASARES

Xénero: Comedia

Dirección: Manuel A. Espiñeira, Carlos Sedes, Jorge Coira, Marta Piñeiro, Jorge Saavedra, Alex Sampayo

Guión: Alberto Guntín, Carlos Portela, Víctor Sierra, Lidia Fraga, Gema R. Neira, Araceli Gonda, Daniel Domínguez, Raúl Dans, Ramón Campos, Eligio R. Montero

Fotografía: Xosé Manuel Neira, Carlos Vilas

Música: Manu Riveiro

Son: Rubén Bermúdez

Dirección artística: Antonio Pereira

Maquillaxe/perruquería: Beatriz Vázquez, Natalia Arcay, Noelia Arcay

Vestuario: Julia R. Ovalle, Ruth D. Pereira

Xefatura de produción: Suso Gay, Ana Míguez

Dirección de produción: Paula Fernández

Produción executiva: Carlos Carballo, Carlos Portela, Alfonso Blanco, Jaume Santacana

Produtoras: Voz Audiovisual S.A.U.

Intérpretes: Pedro Alonso, Mercedes Castro, Tuto Vázquez, Gonzalo Rey Chao, Avelino González, María Vázquez, Antonio Durán "Morris", Federico Pérez, Patricia Vázquez, Tacho González, Eva Fernández, Covadonga Berdiñas, Fina Calleja, Ana Santos, Álex Carro

OBRAS EXPERIMENTAIS



AARÓN

Xénero: Experimental

Dirección: Marcos Nine

Guión: Marcos Nine

Música: Manuel Riveiro

Son: Martiño Vázquez

Montaxe: Marcos Nine

Produción: Marcos Nine

Produtoras: Marcos Nine Búa



A VIAXE

Xénero: Fantástico

Dirección: José González Varela

Guión: José González Varela

Fotografía: José González Varela

Música: David Teijeiro

Son: Dull Janiell

Efectos especiais: Mariña de Toro, Alberto Lozano

Montaxe: José González Varela

Produción: Carlos Martínez Bouzas

Xefatura de produción: Carlos López

Produtoras: Stable Producciones

Audiovisuales

Intérpretes: Carlos Villa, Evaristo Calvo

DECONSTRUCINE

Xénero: Experimental

Creadores: Ana Domínguez, Miguel Mariño, Ángel Rueda



MEMORIA

Xénero: Experimental

Dirección: Jairo Iglesias

Guión: Jairo Iglesias

Fotografía: A.D. "Bertitxi"

Producción: Ana M. López, Elena Olivares

Producción executiva: Sara Horta

Produtoras: Pixel Films

Intérpretes: Grupo de música Ruxe-Ruxe, Marcos Ares

METICULOSIDADE

Xénero: Experimental

Dirección: Fran X. Rodríguez, Martiño Vázquez

Realización: Fran X. Rodríguez

Guión: Martiño Vázquez

Fotografía: Fran X. Rodríguez

Música: Martiño Vázquez

Montaxe: Fran X. Rodríguez

Produción: Fran X. Rodríguez, Martiño Vázquez

Intérpretes: Martiño Vázquez

EL SUEÑO DE EME

Xénero: Experimental

Dirección: Mariana Valiño

Dirección de produción: Monserrat Martínez

Produtoras: EGACI Producciones S.L.

Intérpretes: Miguel Ángel Rodríguez

TITANIO Y PLUTONIO EN EL PAÍS DEL CICLOGRAMA

Xénero: Experimental

Dirección: Fran Estévez

Guión: Fran Estévez

Música: Fran Estévez

Maquillaxe/perruquería: M^a Isabel García

Vestuario: M^a Isabel García

Montaxe: Fran Estévez

Produción: Casimiro Estévez

Produtoras: Producciones Hipotálamo S.L.

Intérpretes: Manuel Pena, Fran Estévez

THEREMIN AZULEXO

Xénero: Experimental

Autor: David Castro Sopeña

Colaboradora: Elvira Rodríguez Velasco

Produtoras: David Castro Sopeña



ZAPPING

Xénero: Experimental

Dirección: Fran X. Rodríguez

Realización: Fran X. Rodríguez

Guión: Fran X. Rodríguez

Fotografía: Fran X. Rodríguez

Montaxe: Fran H. Rodríguez

Produción: Fran X. Rodríguez, Martiño Vázquez

OBRAS PUBLICITARIAS

BEGANO, 50 AÑOS CONTIGO

Dirección: Borja Mucientes

Realización: Borja Mucientes

Música: Serxio Pena

Montaxe: César Seijas

Produción: Laura Roda

Produtoras: Meiga Audiovisual

Intérpretes: Lorena Palleiro e Laura J. Barbeito (redactoras)

“CON UN SABOR ASÍ SOBRAN LAS PALABRAS”, DE TORRE DE NÚÑEZ

Realización: Pedro Corredoira

Fotografía: Suso Bello

Dirección artística: Miguel Conde

Maquillaxe: Paloma Uceda

Estilismo: Iria Corredoira

Produción: Ana Riveiro, Iria Fabeiro

Produtoras: Congo Producciones, Torre de Núñez

Intérpretes: Juan Carlos Rueda, Antonio Cortés

INVENTAR

Dirección: Jacobo Martínez Casal

Fotografía: Brais González Rouco

Axudante de dirección: José Antonio Martínez

Produción: Román Rego López, Joan Marc Samsó Marina

Produtoras: Escola de Imaxe e Son de Vigo

Intérpretes: Sabela Otero Rial, membros do grupo “Glass Onion”



MALO SERÁ, VIVAMOS COMO GALEGOS

Dirección: Miguel Conde

Realización: Pedro Corredoira

Fotografía: Suso Bello

Música: Manuel Riveiro

Axudante de dirección: Germán Tejada

Produción: Ana Riveiro

Produtoras: Congo Producciones, Gadis, BAP&Conde

Intérpretes: Aisquidél Núñez, Rubén Peña, José Arturo Blanco, Rodrigo Romeo, Ricardo Rodríguez, David Pernas, Alejandro Freire, Samuel Rivara, Carlos Ares, Yessica Barbeito, Andrés Hernández, Alicia García

QUESO TETILLA, EL GALLEGO MÁS FAMOSO

Realización: Michael Selley
Fotografía: Rafa García
Axudante de dirección: Miguel Corujo
Producción: Lucía García
Xefatura de produción: Roberto García
Producción executiva: Emilia Neira, José María Suárez
Produtoras: Lúa Filmes, IACE S.L.
Intérpretes: Fernando Romay

SEPTIEMBRE NO ESTÁ TAN LEJOS

Dirección: Fernando Besada Caneda
Fotografía: Paula Avendaño Pérez
Dirección artística: Aránzazu Iglesias Vicente
Maquillaxe/perruquería: Tamara Regueiro Otero, Raquel García González
Axudante de dirección: Marta Fernández Pereira
Producción: Borja Rodríguez, Miriam Polo Mota
Produtoras: Escola de Imaxe e Son de Vigo
Intérpretes: Luis Tosar, José Barato, Nerea Barros, María Salgueiro

SPOT ESCOLA DE IMAXE E SON DE VIGO

Producción: Escola de Imaxe e Son de Vigo
Equipo técnico: Ignacio Guereñu, Julián Maguna, Rafael Pardo, Roi Rodríguez, Alejandra López Quintas, Zaida González Requejo, Brais Solla



SPOT FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE OURENSE

Dirección: Iria López
Guión: Iria López
Música: Mercedes Peón
Montaxe: Iria López
Producción: Xoan Mariño
Dirección de produción: Fran Naveira
Produtoras: Mr Misto Films

SPOT RIVER ESTRELLA GALICIA VETERANOS

Realización: Paco Cuesta
Fotografía: Antonio Vales
Dirección artística: Julio Torrecilla
Montaxe: Alejandro Enriquez
Producción executiva: Pablo Atienza
Produtoras: Mondrotropo S.L.
Intérpretes: Arsenio Iglesias, Fran, Jorge Otero, Vlado Gudelj, Javier Maté, Fabiano, Ratkovic, Emerson, Nando, Mosquera, José Ramón, Djalminha



SPOT “SUPERSTICIÓNS”, DO R.C. CELTA DE VIGO

Dirección: Alejandro Marzoa
Realización: Alejandro Marzoa
Fotografía: Iñigo Zubicaray
Dirección artística: Lesley Arias
Maquillaxe/perruquería: Yolanda Sousa
Vestuario: Lesley Arias
Axudante de dirección: Jorge Hurtado
Xefatura de produción: María Domínguez
Producción executiva: Micaela Sinde, Diego Méndez
Produtoras: Alen Filmes S.L.
Intérpretes: Iván Rodríguez, Raquel Masip, Marcos Lijó

WWW.UNBUENHOMBRE.COM

Producción executiva: Jaime Arregui, Beatriz Legerén
Produtoras: Interacción CIM S.L.

CURTAMETRAXES DE FICCIÓN

A PUTA DA VIDA

Xénero: Drama
Dirección: Xurxo Ponce
Guión: Xurxo Ponce
Produción: Xurxo ponce, Vanessa Bretón, María Díaz, Fabio Arias, Diana Sieira
Produtoras: Formateo S.L.
Intérpretes: Diana Sieira, Silvana Couñago Sestelo, Txabi Mira, Verónica Moreno, Uxío Losada, Pastor Rodríguez, Beatriz Garrido, Esther Díaz

AMANTIS

Xénero: Drama
Dirección: Vera Lúa Domínguez
Guión: Juan del Río
Fotografía: María Núñez
Son: Miguel Ángel Rodríguez
Dirección artística: María Abalo
Axudante de dirección: Juan del Río
Dirección de produción: Vera Lúa Domínguez
Produtoras: EGACI Producciones S.L.
Intérpretes: José Iglesias, Celso Parada, Uxía Blanco, Deva Moreiro

AS ALMAS DO FENTAL

Xénero: Drama
Dirección: David Vázquez Vázquez
Guión: Elena dos Santos
Son: Luis Linares
Maquillaxe/perruquería: Ana Vera Rey
Produtoras: Asociación Educativo Cultural Airoá Comunicación, Chantada Comunicación S.L.
Intérpretes: Fernando Morán

BAIXO COEFICIENTE

Xénero: Comedia
Dirección: Omar Rabuñal Varela
Guión: Suso Lista, Omar Rabuñal Varela
Música: Daniel G. Artés
Edición: Omar Rabuñal Varela
Produción: Omar Rabuñal Varela, Alberte Bello
Produtoras: Corrello Filmes
Intérpretes: Suso Lista, Manuel Castro Duarte

BERBERECHO II

Xénero: Comedia
Dirección: Xosé Manuel Bazarra Maneiro
Guión: Xosé Manuel Bazarra Maneiro “Sepi”, Tucho Bazarra
Fotografía: Alberto Díaz “Bertitxi”
Son: Ivan Ogando
Maquillaxe/perruquería: Diana Sieira
Vestuario: Raquel García González
Montaxe: Gaspar Broullón, “Sepi” Bazarra
Axudante de dirección: Senem Outeiro
Xefatura de produción: Beli Martínez
Dirección de produción: Marta Eiriz
Produción executiva: Marta Eiriz, “Sepi” Bazarra, Xurxo González
Produtoras: Xosé Manuel Bazarra Maneiro “Sepi”, Danga Danga
Intérpretes: Carlos Villa, “Sepi”, Anita Bajan

COSER E CANTAR

Xénero: Drama
Dirección: Rubén Riós
Guión: Rubén Riós, Sandra Montes
Fotografía: Sergio Franco
Música: Nani García
Son: Alfonso Couceiro
Dirección artística: Andrea Pozo
Maquillaxe: Bea Vázquez, Ana Muiño
Perruquería: Fani Mosquera, Patri Vilela
Vestuario: María Fandiño, Leticia Salgado, Susana López
Montaxe: Fernando Alfonsín
Axudante de dirección: Sandra Montes
Xefatura de produción: Martín Ramudo
Produción executiva: Rubén Riós, María Fandiño
Produtoras: Claqueta Coqueta, Rubén Riós, Alén Filmes
Intérpretes: Arancha Rodríguez, Camila Bossa, Monti Castiñeiras, Roberto Porto, Luis Dopeso, Nuncy Valcarcel, Avelino González, Amelia Gómez, Dani Neira, Josiño Veiga, Montse Osorio

DIES DEI

Xénero: Drama

Dirección: Nani Matos

Guión: Nani Matos

Fotografía: José L. Caamaño Castro

Música: Nico Casal

Son: Daniel López Montero

Dirección artística: Paula Salgueiro Tilve

Maquillaxe/perruquería:

Ángeles Martínez Núñez

Montaxe: Jorge Fernández Pérez

Axudantes de dirección: Xurxo González,
Paula Salgueiro Tilve

Xefatura de produción: Isabel

Martínez Martínez

Intérpretes: Xan Cejudo, Mela Casal, Camila
Bosa, Susana Dans, Luis Iglesia, Keka Losada

EU TAMÉN QUERO COÑAC

Xénero: Comedia

Dirección: Omar Rabuñal Varela

Guión: Suso Lista, Omar Rabuñal Varela

Fotografía: Rodrigo Chico

Música: Sergio Pena

Son: Lucas Pardo

Edición: Omar Rabuñal Varela

Axudante de dirección: Rebeca Caamaño

Produción: Pablo Chouza, Adrián Zapatería,
Omar Rabuñal Varela, Suso Lista

Produtoras: Corrello Filmes

Intérpretes: Suso Lista, Manuel Castro
Duarte, Dorcas Cao, Jorge M. Da Silva, Jose
Luis Lores

LOS REYES DEL COLUMPIO

Xénero: Comedia

Dirección: Xosé Manuel Bazarra

Maneiro “Sepi”

Guión: Xosé Manuel Bazarra

Maneiro “Sepi”, Tucho Bazarra

Son: Piti Varela

Montaxe: Xosé Manuel Bazarra Maneiro

“Sepi”, Gaspar Broullón Pastoriza,
Marta Eiriz Gallego

Axudante de dirección: Xosé Manuel
Esperante

Produción: Xosé Manuel Bazarra

Produtoras: Xosé Manuel Bazarra

Maneiro “Sepi”, Danga Danga

Intérpretes: Xosé Manuel Bazarra Maneiro
“Sepi”, Marta Larralde, Carlos Villa, César
Goldi, Comba Campoy García, Ramón
Bazarra

MORTE DUN ESTUDIANTE DE CINE

Xénero: Comedia

Dirección: Óscar Galansky

Guión: Óscar Galansky

Fotografía: David Porto

Música: Alejandro Galansky

Son: Toni Penido

Dirección artística: Casandra Cousiño

Maquillaxe/perruquería: Adriana Costas
Miranda

Edición: Óscar Galansky

Axudante de dirección: Jose Iglesias

Produción: Óscar Galansky

Dirección de produción: Carlos A. L. Piñeiro

Intérpretes: Juan del Río, Rubén Riós, Vera
Lúa Domínguez, X.H. Rivadulla “Corcón”,
Celso Bugallo

NA BÁGOA DA MAREA

Xénero: Comedia

Dirección: Omar Rabuñal Varela

Guión: Suso Lista, Omar Rabuñal Varela

Fotografía: César Seijas

Música: Daniel G. Artés

Son: Lucas Pardo

Edición: Omar Rabuñal Varela

Producción: Omar Rabuñal Varela, Suso Lista

Produtoras: Correlo Filmes, Mr Misto

Intérpretes: Suso Lista, Manuel Castro Duarte, Gustavo Pernas Cora, Paco Souto, Manolo Rivas, Suso de Toro

NA DISTANCIA

Xénero: Drama

Dirección: Víctor Hugo Seoane

Guión: Víctor Hugo Seoane

Fotografía: Roberto Blanco

Música: Jose Collazo

Dirección artística: Jaione Camborda Coll

Maquillaxe/perruquería: Lilián Coronel

Vestuario: Noa Fernández

Edición: Xácome Alcántara

Axudante de dirección: Jaione Camborda Coll

Dirección de produción: Gael González

Producción executiva: Víctor Hugo Seoane, Jaione Camborda Coll

Produtoras: Jaione Camborda Coll, Víctor Hugo Seoane

Intérpretes: Iván Marcos, Nerea Barros

NEGRO O CAFÉ

Xénero: Comedia

Dirección: Carlos E. Rodríguez Román

Guión: Carlos E. Rodríguez Román

Fotografía: Sam J. Hardie

Música: Dakidarría, Soak, Kogito,

Ganjahrfamily, Lamatumbá

Son: Sergio Insua

Maquillaxe/perruquería: Tamara Regueiro, Raquel García

Montaxe: Stephen Martínez

Axudante de dirección: Gerardo Collazo

Xefatura de produción: Vanesa Soares

Produtoras: Escola de Imaxe e Son de Vigo

Intérpretes: Bernardo Fraga, Sonia Méndez, Alex Sobrino, Paloma Saavedra, Juanma Buiturón, Salvador García, Vanesa Loureiro

O BURATO

Xénero: Drama

Dirección: Germán Pérez Iglesias

Guión: Germán Pérez Iglesias

Fotografía: Diego Barreira Yáñez

Música: Sergio Rodríguez

Son: Sandra Pastoriza González

Maquillaxe/perruquería: Ramón Castiñeiras, La Otra

Montaxe: Sergio Rivas Zurdo

Axudante de dirección: Sergio Rivas Zurdo

Xefatura de produción: Gustavo Agulla Alonso

Produtoras: Escola de Imaxe e Son de Vigo

Intérpretes: Juan Manuel Buitirón Carballo, Rubén Prieto Tomé, Pepe Barreira, Nani Matos



O ELIXIDO

Xénero: Suspense

Dirección: Chema Gágino

Guión: Chema Gágino, Raúl Dans

Fotografía: Jaime Pérez

Música: Arturo Kress

Son: DDA

Dirección artística: Antonio Pereira

Montaxe: Juan Galiñanes

Produción: Martín Ramudo

Produtoras: Chema Gágino

Intérpretes: Antonio Mourellos, Sonia Castelo, Jesús A. Rosado "Gelos", Antón Olmos, Toni Rubal

O LABIRINTO ARIO

Xénero: Comedia
Dirección: Alfredo Pardo Hermida
Guión: Ana Belén Diz Paseiro
Fotografía: David Vázquez Vázquez
Música: Sergio Pena
Maquillaxe: Ana Vera Rey Vila
Perruquería: Inés Romeo, Ana Vera Rey
Efectos especiais: Dorian Art FX
Axudante de dirección: Ana Belén Diz
 Paseiro, Jon González, David Pardo Hermida
Produción: Chantada Films
Produtoras: Asociación Cinematográfica
 Chantada Films
Intérpretes: Mela Casal, Beatriz Serén,
 Alejandro Carro, Julio Cela, Ramón Pérez,
 Fran Peleteiro, Pepe Miranda, Miguel
 Llandras, Darío Loureiro Carbia, Xosé Manuel
 Conde, Suso Sueiro, Pilar Boullosa



O NOVENO PRINCIPIO

Xénero: Historia
Dirección: Iván Seoane
Guión: Iván Seoane, A. Donan
Fotografía: Henrique Banet
Son: Iago Portela
Dirección artística: Ortiz
Maquillaxe/perruquería: Yolanda Sousa,
 Lorena Calvo
Vestuario: Saturna
Montaxe: Juan Romero
Produción: Iván Seoane
Produción asociada: Antón Reixa
Produción executiva: Antonio Mourelos
Produtoras: Iván Seoane
Intérpretes: Antonio Durán "Morris",
 Roberto Vilar, Marcos Viéitez, Miguel Pernas,
 Monti Castiñeiras, Isabel Vallejo, Gonzalo
 Uriarte, Luis Iglesia

O SOBRINHO

Xénero: Comedia
Dirección: Omar Rabuñal Varela
Guión: Suso Lista, Omar Rabuñal Varela
Música: Daniel G. Artés
Son: Zeus Díaz
Edición: Omar Rabuñal Varela
Produción: Omar Rabuñal Varela, Suso Lista,
 Alberte Bello, Antía Fernández
Produtoras: Corrello Filmes, Mr Misto
Intérpretes: Suso Lista, Manuel Castro
 Duarte, Pedro Brandariz, Estíbaliz Veiga

PUREZA

Xénero: Drama
Dirección: Jacobo Paz
Guión: Jacobo Paz
Fotografía: David Blanco
Son: Toni Penido
Edición: Nacho Abia
Dirección de produción: Abel Diz
Produción executiva: Isaac González
Produtoras: Massvisual Servicios Plenos S.L.
Intérpretes: Estíbaliz Veiga, Denis Gómez,
 Fernando Morán, Vicente de Souza

QUERO O MEU BALANDRO

Xénero: Drama
Dirección: Óscar Galansky
Fotografía: Roberto Blanco
Son: Álvaro Melo
Dirección artística: Casandra Cousiño
Axudante de dirección: Jose Iglesias
Dirección de produción: Ana Requejo
Produtoras: EGACI Producciones S.L.
Intérpretes: Fernando Morán, César Aldea,
 Juan del Río, Vera Lúa Domínguez

SARA Y JUAN

Xénero: Drama
Dirección: Ángel Santos
Guión: Ángel Santos
Fotografía: Alberto Díaz "Bertitxi"
Son: Xavier Sancedro
Produción executiva: Daniel Froiz
Produtoras: Matriuska Producciones S.L.
Intérpretes: Juan Piñeiro, Sara Pazos, Celso
 Malvar

SOBRE A MORTE DO BIEITO

Xénero: Suspense

Dirección: Xudit Casas

Guión: Xudit Casas, a partir dun relato de Rafael Dieste

Fotografía: Leticia Bellón

Son: Iván Ogando

Dirección artística: María Calleja, Esmeralda Martínez

Montaxe: Xudit Casas

Produtoras: Arxuina Sen Producións

Intérpretes: Marcos Correa, Esther Casal, Natalia P. Prado, Liliana Vázquez

TELE(LE)TRANSPORTE

Xénero: Comedia

Dirección: Juan del Río Celorio

Guión: Jacobo Sáenz Díez

Fotografía: Hugo González Miró

Son: Toni Penido


Dirección artística: María Abalo

Axudante de dirección: Vera Lúa Domínguez

Dirección de produción: Marta Lago

Produtoras: EGACI Producciones S.L.

Intérpretes: Juan del Río Celorio, José Iglesias, Mara Sánchez



X NADA

Xénero: Drama

Dirección: Dani de la Torre, Toni Veiga

Guión: Toni Veiga, Manolo Dios

Fotografía: Suso Bello

Música: Manu Riveiro

Son: Meli Souto

Dirección artística: Cecilia Bruquetas, Belén Brandido

Maquillaxe/perruquería: Paloma Ucieda

Vestuario: María Fandiño, María Porto

Montaxe: Rubén Lázaro

Axudante de dirección: Jose Baños

Xefatura de produción: Marín Cañedo

Dirección de produción: Toni Veiga

Produción executiva: Julio Casal, Mamen Quintas

Produtoras: Ficción Producciones

Intérpretes: Carlos Fernández, Miguel García, Carlos Rey, Álex Sebio, Guillermo Vázquez, María Salgueiro, Xavier Estévez, Alfonso Agra, Evaristo Calvo, Isabel Naveira

CURTAMETRAXES DE ANIMACIÓN



A NENA QUE TIÑA UNHA SOA ORELLA

Xénero: Experimental

Dirección: Álvaro León Rodríguez

Guión: Pablo Fernández, Álvaro León Rodríguez

Fotografía: Nacho López Fuentes

Música: Daniel Calvo

Dirección artística: Beatriz Martínez

Montaxe: Álvaro León Rodríguez

Producción: Rubén Coca

Xefatura de produción: Cris P. Sobrin

Produtoras: Rubén Coca P.C.



NOUTURNIO DE CELANOVA

Xénero: Social


Dirección: Raúl García

Guión: Raúl García

Música: Luís Emilio Batallán

Montaxe: Raúl García

Produtoras: Raúl García Pérez



O COIDADADOR DE GATOS

Xénero: Suspense

Dirección: Fernando Cortizo

Guión: Fernando Cortizo

Fotografía: Fernando Cortizo

Música: Josh Rouse

Son: Carlos Fernández

Montaxe: Fernando Cortizo

Edición: Fernando Cortizo

Dirección de produción: Rafael Toba

Produción executiva: Isabel Rey

Produtoras: Artefacto Producións

Intérpretes: Antonio Durán "Morris", Víctor Mosqueira



STOP EXPLOTACIÓN INFANTIL

Xénero: Social

Dirección: Diego Méndez, David Linares

Guión: Manu Méndez

Fotografía: J.B. Aguinaga "Herri"

Son: Andrés Luca

Montaxe: Marcos Losada

Xefatura de produción: María Domínguez

Producción executiva: Micaela Sinde, Diego Méndez

Produtoras: Alén Filmes S.L.

Intérpretes: Gaspar Somoza, María Castro, Andrea Jácome, Alfredo Rofe, Adrián Carbonara, Jimena Díaz-Mella, Xacobe Dasilva, Ambar Sarmiento, Paula Osío, Yuri Bilbatúa, Catalina Alonso, Candela Dasilva

OBRAS INTERACTIVAS



O CAMIÑO DE SANTIAGO NA CORUÑA

Dirección: Jairo Iglesias

Fotografía: A.D. "Bertitxi"

Son: Dani López, Zeus Díaz

Dirección de produción: Antía Fernández, Sara Horta, Mikel Fuentes

Producción executiva: Mikel Fuentes, Sara Horta

Produtoras: Pixel Films

Intérpretes: Fernando Morán



QUOTIDIANIA DELITANTE. UN CÓMIC INTERACTIVO DE MIGUELANXO PRADO PARA IPHONE

Dirección: Carlos Fernández

Guión: Miguelanxo Prado

Producción: Pancho Casal, Juan de Dios Serrano

Producción executiva: Chelo Loureiro, Carlos Fernández

Produtoras: Continental Producciones S.L., Costa Oeste Producións S.L.



CORUÑA MÁIS PRETO

Dirección: Manuel Meijide Ferreiro

Deseño gráfico: Juan José Nieto

Produtoras: Ilux Visual Technologies S.L.

CRONOLOXÍA



XULLO 2009

6

Iníciase en Cospeito (Lugo) un **obradoiro de interpretación diante da cámara** impartido por Eva Lesmes, Javier Gancedo, Macarena Pombo, Marta Fernández Muro e Jorge Coira, organizado pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia coa colaboración da Fundación AISGE.

9

Encontro do Consello de Administración da CRTVG cos decanos das tres facultades galegas de Comunicación, sobre os **estudos de audiovisual** que se impartirán ao abeiro do Plan Boloña.

10

As asociacións do audiovisual galego AGAG, AAAG, ATEGA e CREA presentan na Delegación do Goberno unha carta na que piden que o 5% dos beneficios das canles de televisión se destinen ao **financiamento de longametraxes** en calquera das linguas de España.

10

Proxección no CGAI de filmes da peruana **Claudia Llosa**.

13

O **Foro Novos Medios e Contidos Audiovisuais** (Novomed 09), promovido por AGAPI, reúne na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago a expertos das entidades máis destacadas en innovación audiovisual.

17

O cineasta **Alberte Pagán** presenta no CGAI o seu último traballo, o documental experimental *Tanyaradzwa*, realizado en Zimbabwe.

17

A curtametraxe **Verderrojo**, de David Hernández (Producciones Mínimas) proxéctase no Filminho.

20

Arrinca no CGAI un ciclo dedicado ao cineasta portugués **Miguel Gomes**.

20

A Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega, **i+dea**, celebra a súa segunda asemblea xeral e elixe comité xestor, integrado por: Antón Reixa (Filmanova), presidente; Antonio Posse (CRTVG), vicepresidente; Carla Reyes (Clúster Audiovisual Galego), secretaria, e os vogais Antonio Rodríguez del Corral (R) e Noemí Varela (Plan Galego de I+D+i 2006-2010).

21

O ICEX organiza unha convocatoria para presentar proxectos para a súa adaptación ao **mercado de Estados Unidos**, en colaboración coa Oficina Comercial de España en Miami, a axencia de talento William Morris Endeavor e FAPAE.

24

O CGAI celebra unha homenaxe a **José Luis Sánchez Vázquez**, ex director do centro falecido un ano antes, cunha mesa redonda e a proxección de *La grande bouffe*, de Marco Ferreri.

30

Comeza a sección oficial de **OfestivalON de Ribadeo**, con 42 curtas no programa.

31

O CGAI pecha a temporada coa presentación do documental **O Jardim** a cargo do seu autor, Joao Vladimiro.

31

Presentación en Lisboa da longametraxe de animación **De profundis**, de Miguelanxo Prado, que se exhibirá nos cines portugueses precedida da curta *A flor máis grande do mundo*.

AGOSTO 2009

19

A curtametraxe **La niña que tenía una sola oreja**, de Álvaro León, producida por Rubén Coca, seleccionada para o Animadrid.

28

A longametraxe **Agua fría de mar**, de Paz Fábregas, coproducida por Tic Tac, seleccionada para o Festival de San Sebastián.

28

A curtametraxe **Dies Dei**, de Nani Matos, seleccionada para o Festival de Cine Solidario de Guadalajara.

SETEMBRO 2009

3

A curtametraxe **O pintor de ceos**, de Jorge Morais, entre as seis finalistas no DigiFestival de Florencia.

3

Comeza o ciclo de artes escénicas *Escena en familia* en Arteria Noroeste, a sede compostelana da SGAE.

10

Voz Audiovisual leva a cabo un cásting de figurantes para a segunda tempada da serie **Matalobos**.

10

Dez empresas integradas no Clúster Audiovisual Galego participan en Amsterdam na **International Broadcasting Convention**, foro de compravenda de contidos e equipamentos audiovisuais.

14

O CGAI comeza a 57ª edición do **Festival Amigos de la Ópera**.

15

A Televisión de Galicia estrea a docu-soap **Made in Galicia**.

15

Estréase na TVG a serie de ficción **O Nordés**.

17

Comeza no CGAI o **VI Congreso de Migracións**, onde se proxectan e comentan varios filmes con esa temática.

24

Arteria Noroeste acolle un **curso de tecnoloxía audiovisual** impartido por Joaquín Riera.

25

A curtametraxe de Continental **O soldadiño de chumbo**, de Tomás Curiá e Virgina Conde, seleccionada en festivais de Arxentina, Román e Italia e en varios certames nacionais.

28

Comeza en Arteria Noroeste un **curso de creación musical con Protools**.

28

O **Clúster Audiovisual Galego** participa nun encontro co director do Instituto de Cinematografía e Artes Audiovisuais (ICAA), Ignasi Guardans. Reclámase a participación dos clústers no desenvolvemento do plan de innovación do audiovisual recollido na Lei do Cine.

29

Xurxo González estrea no CGAI o seu documental *36/75*.

OUTUBRO 2009

1

Encontro entre produtores e comerciais españois con **produtores e distribuidores británicos**, organizado polo ICEX en colaboración co UK Film Council.

1

Valentín Carrera estrea no Festival de Cine de Ponferrada a longametraxe documental *Viaje interior por la provincia de El Bierzo*.

2

Iníciase o Festival Internacional de Sitges, no que o cineasta **Javi Camino** estrea a súa última curtametraxe, *Un chico raro*.

5

Abano Producións, única empresa no Cartoon Forum de Noruega, onde presenta o proxecto *A Tropa de Traço* (*The Happs*).

5

16 empresas galegas asisten baixo a **marca Galicia Audiovisual** ao Mipcom de Cannes. Desenvólvense medio cento de contactos con compradoras de contidos.

6

A nena que tiña unha soa orella, mellor creación de vídeo na Mostra Internacional de Videocreación do Condado.

12

Primeira das **masterclasses do Festival de Cine de Ourense**. En catro xornadas trátanse a produción de longametraxes, a coprodución e distribución en Europa, o desenvolvemento dunha produción documental internacional e os fondos rexionais europeos de axuda ao audiovisual.

13

A Coordinadora de Asociacións Profesionais do Audiovisual Galego súmase a unha campaña contra o anteproxecto da **Lei Xeral da Comunicación Audiovisual** a nivel estatal, para que os operadores de televisión destinen o 5% dos seus beneficios ao financiamento de longametraxes, películas de televisión e documentais en calquera lingua do Estado.

14

Arteria Noroeste ofrece un **curso de fotografía de espectáculos**.

16

Arrinca en Roma o Festival Internacional Audiovisual da Biodiversidade, no que participa *A flor máis grande do mundo*, de Juan Pablo Etxevery.

16

A terceira edición de **Papeis da Academia Galega do Audiovisual** preséntase no Festival de Cine de Ourense.

17

A película *Relatos*, producida por Matriuska e dirixida por **Mario Iglesias**, inagura a sección oficial do Festival Internacional de Cine de Tokio.

17

Clausura de **Curtocircuito 2009** no Teatro Principal de Santiago de Compostela. O premio do certame é para a curtametraxe *El aniversario*, de Nayra e Javier Sanz Fuentes.

19

Curso de introdución aos medios audiovisuais en ARTeria Noroeste.

23

Iníciase a Semana Internacional de Cine de Valladolid, onde por primeira vez se estrea un documental galego: *Señora de*, de Patricia Ferreiro.

23

Comeza en Compostela o **Festival Amal** de Cine Euroárabe.

25

O Clúster Audiovisual Galego leva cinco empresas ao **Málaga Markets**, o mercado audiovisual do Festival de Cine de Málaga.

26

A longametraxe internacional *Viaje interior por la provincia de El Bierzo* preséntase no Instituto Cervantes de Londres.

26

O Centro Galego de Artes da Imaxe inicia un ciclo de **cine de temática científica**.

27

A produtora Domovoi grava na Escola Galega de Cine a dobraxe ao castelán da serie *Polacos*, dirixida por Nacho Abia Carrera. É a **primeira sitcom de animación española en 3D**.

28

Iníciase o **Foro Academia Aberta** da Academia Galega do Audiovisual, baixo o título *As regras do xogo*. Mesa redonda sobre as leis do audiovisual galego, con portavoces dos tres grupos parlamentarios.

29

A curtametraxe *La princesa Alegría*, dirixida por Daniel Utrilla e Rubén Coca, proxéctase na sede da Academia de Cine en Madrid como obra preseleccionada para os premios Goya.

NOVEMBRO 2009

1

O documental *Señora de*, producido por O Raio Verde Medios Dixitais e dirixido por Patricia Ferreira, recibe o terceiro premio da sección *Tiempo de Historia* na Semana Internacional de Cine de Valladolid.

3

13 empresas audiovisuais galegas e o CLAG participan en Madrid no Salón Profesional Internacional da Tecnoloxía Audiovisual **Broadcast 09**.

5

Os xerentes dos sete clústers integrados no Foro de Clústers Audiovisuais de España _Galicia, Extremadura, País Vasco, Madrid, Valencia, Baleares e Canarias_ reúnen-se en Broadcast 09 para falar do **plan de innovación para o sector audiovisual**.

3

Zeltia Montes, nominada aos Hollywood Music in Media Awards, na categoría de mellor compositor novel, polo tema principal da banda sonora de *Pradolongo*.

3

O *soldadiño de chumbo*, gañadora de premios nos festivais de curtametraxes de Llanes (Asturias) e Guijuelo (Salamanca).

4

Iníciase o XVII Festival Alter-Native de Mures (Romanía), con España como país invitado. Compíte a curtametraxe *Mínimo común múltiplo*, de Rubén Coca.

4

O *pintor de ceos*, de Jorge Morais, recibe o premio á mellor animación e o Gran Premio no Festival de Cine Dixital de Florencia.

5

Segunda xornada do **Foro Academia Aberta**. Mesa redonda sobre a dialéctica entre cine comercial e de autor, con produtores e directores.

10

Kevin Stewart imparte un obradoiro de **interpretación en inglés** na Coruña, unha actividade organizada pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia e a Fundación AISGE.

11

Terceira e última xornada do **Foro Academia Aberta**. Mesa redonda sobre o marco administrativo do audiovisual galego, con representantes de asociacións profesionais e da Xunta de Galicia.

12

Estrea en Santiago, no marco de Cineuropa, da película *El andamio* e do documental sobre o seu proceso de recuperación e restauración.

13

A curtametraxe *O noveno principio*, de Iván Seoane, estréase no Teatro Principal de Compostela no marco do festival Cineuropa.

14

Dúas curtametraxes de animación de **Continental**, *O soldadiño de chumbo* e *A flor máis grande do mundo*, galardoadas no festival Filmmets de Badalona.

16

A comisión permanente do **Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual** reúnese en Santiago.

16

Ábrese o prazo de presentación de traballos á oitava edición dos **Premios Mestre Mateo**.

17

Inaugúrase en Madrid o **Foro Internacional de Contidos Dixitais FICOD 09**. O Clúster Audiovisual Galego (CLAG) ostenta a representación do Foro de Clústeres Audiovisuais.

19

Cinco **proxectos punteiros audiovisuais** de empresas galegas preséntanse no FICOD 09.

18

O documental *Señora de* estréase en Cineuropa.

23

Conmemóranse os **20 anos de Cinegalicia**, evento celebrado en 1989 no que se estrearon as longametraxes *Continental*, *Sempre Xonxa* e *Urxas*.

25

Compostela Plató, o **concurso de guións de Curtocircuito**, premia a obra *Checkout*, do madrileño Salvador Rubio.

26

Preséntase na Casa do Libro de Vigo o libro do documental *Viaje interior por la provincia de El Bierzo*, con fotos de **Anxo Cabada**.

28

A **Asociación Galega de Guionistas** organiza unha mesa redonda sobre a profesión na feira cultural AchegArte, celebrada no Palexco da Coruña.

28

Debate sobre **20 anos de audiovisual galego**, na sede da Fundación Caixa Galicia en Santiago de Compostela.

29

A **Academia Galega do Audiovisual** celebra en AchegArte un encontro sobre a razón de ser desta institución.

29

A Coordinadora de Asociacións Profesionais do Audiovisual Galego organiza en AchegArte a mesa redonda **Audiovisual galego. Un presente incerto, un futuro negro.**

DECEMBRO 2009

1

Quinta edición das **Sesións Técnicas coa Administración Autonómica**, organizadas polo Clúster Audiovisual Galego (CLAG). Intervenien Fernando Rodríguez Madriñán, director de programación da TVG; Pedro Caldas, subdirector de programas de acceso ao crédito do IGAPE; Juan Carlos Fasero, director xeral da Axencia Galega de Industrias Culturais; Fernando Gil, da Subdirección Xeral da Sociedade da Información, e Alfonso Cabaleiro, secretario xeral de Medios.

3

O CGAI estrea a película **Los límites del control**, de Jim Jarmusch, con Luis Tosar na repartición.

3

AGAPI celebra durante dous días o **I Foro de Márketing e Comercialización Audiovisual**, co patrocinio da Consellería de Economía e a colaboración de EGEDA e a Universidade de Santiago.

5

O CGAI pecha o seu ciclo **Social Cine 09** coa proxección do documental sobre Irak *Apuntarse a un bombardeo*, de Javier Maqua.

7

Misión comercial no Xapón promovida polo ICEX, en colaboración coa súa oficina comercial en Tokio.

9

Iníciase en Vigo o **Foro das Industrias Culturais Galicia-Norte de Portugal**, Creativa, organizado pola Axencia Galega das Industrias Culturais e a Dirección Regional de Cultura do Norte de Portugal. A música, a escea, o libro como produto gráfico e a industria audiovisual centran esta iniciativa, que se desenvolve ao longo de 10 días.

10

O Clúster Audiovisual Galego participa no **Fòrum Tecnològic**, Forotec, celebrado en Mallorca cos clústeres audiovisuais de varias comunidades autónomas, a Universitat de Les Illes Balears, empresas, grupos de investigación e centros tecnolóxicos.

14

A Coordinadora de Asociacións Profesionais do Audiovisual Galego reúne para consensuar unha opinión sobre a parálise da **Orde que desenvolve a Lei do Cine**. Entende que foi irresponsable publicala no BOE sen a aprobación previa da Unión Europea.

16

Remata o prazo para presentar candidaturas á sétima edición dos **Premios Mestre Mateo**.

16

A curtametraxe **X nada**, producida por Ficción e dirixida por Toni Veiga e Dani de la Torre, preseleccionada para competir nos Premios Goya na categoría de mellor curta de ficción.

16

O **Foro de Industrias Culturais Creativa**, celebrado en Vigo, acolle diversos encontros sobre o audiovisual, coa participación de produtoras como Dolores Ben e Fernanda del Nido.

17

O **III Foro de Clústers Audiovisuais** do Estado (Galicia, País Vasco, Madrid, Extremadura, Cataluña, Baleares, Canarias, Andalucía e Comunidade Valenciana) reúne en Valencia. Constitúese oficialmente a Red CAVE (Clústers Audiovisuais de España).

18

Proxéctase no Museo de Arte Contemporánea de Vigo o documental **Sixty tolos (A golpe de single)**, de Xaime Fandiño, que narra a movida ye-yé no Vigo dos 60.

21

Jairo Iglesias comeza a rodar a curtametraxe *Efectos colaterais* en Sada.

27

A curtametraxe de animación en 3D **Nocturnio de Celanova**, adaptación dun poema de Curros Enríquez, estréase na casa consistorial desta vila.

29

Continental Games e Costa Oeste presentan en Compostela **IMotion Comic**, un innovador formato de cómic dixital para iPod e iPod Touch.

30

Lugopress estrea o documental **Hitler, Garbo... e Araceli** no salón de actos da Deputación Provincial de Lugo.

XANEIRO 2010

7

Estrea da longametraxe documental **Memorias rotas** (Xamalú Films), dirixida por Manane Rodríguez, no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

8

A Academia Galega do Audiovisual fai públicas as candidaturas á oitava edición dos **Premios Mestre Mateo**.

11

O CLAG asina un convenio de colaboración coa Dirección Xeral de Formación e Colocación para usar as instalacións e medios do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia en **cursos de formación audiovisual para pemes**. Prográmanse cursos de televisión dixital, gravación e postproducción en HD, edición avanzada e contidos para móbiles.

11

Cásting de Voz Audiovisual na Coruña para figurantes para a serie **Matalobos**.

11

O CGAI réndelle homenaxe ao **Festival de Cans** cunha selección de curtas e videoclips premiados e un making-off da edición do 2008

18

Finaliza o prazo para presentar alegacións ás candidaturas aceptadas aos **Premios Mestre Mateo**.

19

Ábrese o prazo de admisión de curtametraxes e videoclips para participar na sétima edición do **Festival de Cans**.

20

O documental **O segredo da Frouxeira**, producido por EAF e a TVG e dirixido por Xosé Abad, estreáase no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

20

Iníciase o **Inverno de Cine 2010 en Ferrol**, con proxeccións en versión orixinal no cine Dúplex, todos os mércores ata o 24 de marzo. Organiza a asociación Axente Cultural co apoio do Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña.

20

A Academia Galega do Audiovisual e a Academia do Cine Catalán asinan o primeiro acordo de colaboración subscrito entre institucións deste tipo no Estado, para promover o traballo dos profesionais e empresas audiovisuais de Galicia e Cataluña.

20

O alumnado de segundo do ciclo superior de Produción de Audiovisuais, Radio e Espectáculos do **CIFP A Farixa** presenta no centro cultural da Deputación de Ourense as curtas *Zéfiro* e *Instalación*, rodadas na cidade.

20

A Academia Galega do Audiovisual fai pública a listaxe definitiva de candidaturas aos **Premios Mestre Mateo 2009**.

20

O Centro Galego de Artes da Imaxe inicia un ciclo dedicado aos **cineastas arxentinos** Juan Villegas e Celina Murga.

23

Obradoiro de improvisación de Mariana Carballal no Carballiño, organizado pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia e Fetega.

25

Comeza o Festival Internacional de Cine de Cartagena de Indias (Colombia). **Señora de**, dirixido por Patricia Ferreira e producido por O Raio Verde Medios Dixitais, compite na categoría de documental.

25

Comeza en Santiago, na sede da SGAE, unha semana de proxeccións das **curtametraxes nominadas aos premios Gaudí** de Cataluña, dentro do acordo de colaboración entre as academias audiovisuais galega e catalá.

27

O **IES Audiovisual de Vigo** inicia as súas IV Xornadas Audiovisuais. Ao longo de dous días analízanse o apagón analóxico e a implantación definitiva da TDT.

29

A directora de televisión de Telecinco, Patricia Marco, diserta sobre o **panorama televisivo actual** e o seu marco lexislativo no Máster en Produción e Xestión Audiovisual (MPXA), no Museo de La Prensa de La Voz de Galicia.

29

Preséntase no CGAI un libro sobre o cineasta **Ramón Barreiro**, editado polos profesores José Luis Castro de Paz e Xaime Fandiño.

FEBREIRO 2010

2

Celébrase en Barcelona a segunda edición da gala dos **Premios Gaudí** de Cine, coa asistencia de representantes da Academia Galega do Audiovisual.

9

Tic Tac Producciones acada o máximo galardón do xurado internacional do Festival Internacional de Cine de Róterdam (Holanda) coa súa primeira longametraxe de ficción, *Agua fría de mar*.

9

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ASPG) convoca o certame **Curtas para Rosalía**.

9

Josefa Sorli e José Santos, alumnos da escola de producións audiovisuais, radio e espectáculos **O Raio Verde**, premiados pola Escola Galega de Consumo nun concurso audiovisual sobre os dereitos dos consumidores.

11

O produtor **Ramón Campos**, cofundador de Bambú Producciones, imparte unha sesión sobre o proceso creativo dunha serie de ficción no Máster en Produción e Xestión Audiovisual (MPXA)

12

A produtora **Teresa Fernández-Valdés**, cofundadora de Bambú Producciones, imparte unha sesión sobre financiamento en televisión no MPXA.

17

Ricardo Spencer imparte un curso de efectos especiais de tres días en ARTERia Noroeste, sede da SGAE en Santiago.

18

O cineasta estadounidense **Jem Cohen** imparte unha sesión maxistral sobre o documental na narrativa audiovisual moderna, no Auditorio da Fundación Caixa Galicia da Coruña.

18

O director do festival de cine euro-árabe Amal, Ghaleb Jaber Martínez, presenta o proxecto **As Lúas de Amal**, a proxección gratuíta de películas xa exhibidas no certame o último luns de cada mes no Hotel Araguaney.

19

A asociación cultural Colectivo Interferencias convoca a sexta edición de Óptica, **festival internacional de videoarte**.

MARZO 2010

1

Guillermo Velasco, director comercial de Enne Entertainment Studios, imparte dúas xornadas sobre **márketing de produtos audiovisuais** no MPXA.

3

A **Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG)** celebra a festa dos nominados aos premios de teatro María Casares e inaugura a súa nova sede, no polígono do Novo Milla-doiro (Ames). Catorce espectáculos están nominados aos galardóns.

3

Comeza no CGAI un ciclo dedicado ao cineasta francés **Marcel Carné**.

4

A directora de produción Cristina Zumárraga imparte dúas xornadas sobre elaboración e xestión de **presupostos cinematográficos** no MPXA.

6

A curtametraxe **Dies dei**, de Nani Matos, logra o 3º premio do xurado e o premio do público no Festival Internacional de Cinema Solidari de Navarcles (Barcelona).

12

O Centro Galego de Artes da Imaxe e a Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago organizan o seminario **Galicia en NO-DO: comunicación, cultura e sociedade**, dirixido por José Luis Castro de Paz, con expertos como Julio Pérez Perucha e Margarita Ledo.

12

O presidente da Academia Galega do Audiovisual, Xosé Manuel Olveira, *Pico*, presenta en Santiago a listaxe dos **finalistas dos Premios Mestre Mateo 2009**.

15

O iMotion cómic *Meigas*, de Miguelanxo Prado, producido por **Continental para iPhone**, líder de descargas gratuítas de libros nas tendas oficiais de Apple en España.

17

Comeza en Tui o **Play-Doc**, o festival internacional de documentais, coa presenza do realizador norteamericano Jay Rosenblatt.

17

As series de **Voz Audiovisual Padre Casares e Matalobos**, líderes de audiencia no prime time dos luns e os martes, acadando cifras de share do 25,3% e 20,1%, respectivamente.

22

A curtametraxe **As almas do Fental**, de David Vázquez, seleccionada para o Festival Internacional de Cine Pobre de Gibara (Cuba).

22

O CGAI estrea o documental **Entre linguas**, de Vanessa Vila Verde, Eduardo Sanches e Joao José Varela, e a curtametraxe experimental **Theremin azulexo**, de David Castro Sopeña.

22

A película *El poema, el cuadro, el disco*, do dúo Lovely Luna e a pintora Lara Pintos, seleccionada para a súa estrea no Festival de Cine Internacional de Buenos Aires.

24

Gala dos premios María Casares. **Gonzalo Uriarte** recibe o premio de honra Marisa Soto, outorgado pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

26

Relatos, de Mario Iglesias, estréase nos cines Box Vialia de Pontevedra, converténdose na segunda película máis vista na cidade durante esa fin de semana.

29

Relatos, de Mario Iglesias, considerada unha das cinco mellores películas españolas do 2009 pola *International Film Guide*, xunto con *Celda 211*, *Ágora*, *Pagafantas* e *25 kilates*.

30

Omar Rabuñal comeza a rodar unha nova tempada da serie *Para mariñeiros nós*, despois do éxito acadado en internet.

31

Editorial Galaxia incorpórase á Asociación Galega de Produtoras Independentes.

ABRIL 2010

5

A Academia Galega do Audiovisual, en colaboración con Cinemas Dixitais, pon en marcha a **Semana do Audiovisual Galego**, na que se exhiben 20 traballos finalistas dos Mestre Mateo en 28 localidades de Galicia.

6

O director **Alfonso Zarauza** e a súa película *La noche que dejó de llover*, protagonistas do ciclo *Cine por dentro* en Arteria Noroeste.

6

O CGAI inicia un ciclo dedicado a novísimos **cineastas italianos**.

6

O **Ateneo Ferrolán** inicia un novo trimestre de *Martes de Cine*, cunha programación de cintas en galego.

7

A curtametraxe *Dies Dei*, de Nani Matos, seleccionada para o Festival de Cine Pobre Humberto Solás de Gibara (Cuba) e pra o Val-suva Filmfest de Condove (Italia).

13

Finaliza no CGAI un ciclo dedicado ao realizador independente **Adolfo Arrieta**.

13

A Academia de Cine de España confirma o **Festival de Cans** como un dos que dan opción a entrar na preselección dos Goya.

15

A Academia Galega do Audiovisual entrega os **Premios Mestre Mateo** no Pazo da Cultura de Narón.

19

A empresa **A Navalla Suíza** gaña o certame de contidos dixitais no MIPTV de Cannes, cunha aplicación para visualizar no teléfono móbil películas filmadas no lugar onde se atopa o usuario.

22

Luis Tosar presenta no festival de Cans un adianto do segundo disco do seu grupo, The Ellas.

23

O programa europeo Media concede unha axuda para o desenvolvemento do documental *Querida Gina*, dirixido por Susana Sotelo e producido por Artemática.

23

A produtora executiva Ángela Álvarez Rilla imparte un foro sobre **novos usos das salas de cine** no Máster en Producción e Xestión Audiovisual.

26

O avogado Raúl Rubio imparte unha conferencia sobre a **Lei Xeral do Audiovisual** no Museo da Prensa de *La Voz de Galicia*.

29

O actor Xosé Manuel Vázquez Martínez, **Tuto Vázquez**, falece aos 63 anos de idade.

MAIO 2010

3

O CGAI, en colaboración coa Academia Galega do Audiovisual, inicia un ciclo de obras gañadoras dos **Premios Gaudí** da Academia de Cine de Cataluña.

6

Preséntase nun bar do Porriño a programación da sétima edición do **Festival de Cans**.

6

O CGAI comeza un ciclo dedicado ao realizador asiático **Vimukthi Jayasundara**.

7

Remata no Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago o **II Encontro Internacional de CIMA** (Asociación de Mulleres Cineastas e dos Medios Audiovisuais). O documento final, a Carta de Compostela, anuncia a creación dunha Rede Europea de Mulleres do Audiovisual.

10

As entradas para o **Festival de Cans** pónense á venda na web do certame.

11

Obras de **Rubén Coca**, seleccionadas para os festivais de Regensburg (Alemaña), Stirling e Edimburgo (Escocia) e o Marché du Film de Cannes (Francia).

18

Iníciase no CGAI un ciclo con obras gañadoras dos **Premios Mestre Mateo**. Proxéctanse *Celda 211*, *¿Qué culpa tiene el tomate?*, *Conexión* e *Mulleres da Raia*.

19

Iníciase no Porriño o **VII Festival de Cans**.

21

Finaliza a rodaxe da película de animación **O Apóstolo**, de Fernando Cortizo.

23

Iníciase en Compostela a sétima edición do festival **Curtocircuíto**.

24

Comeza no CGAI un ciclo dedicado ao cineasta estadounidense **Peter Hutton**.

25

Proxéctase no CGAI o documental colectivo **Ellas son... África**, escrito e dirixido por Patricia Ferreira, Laura Mañá, Chus Gutiérrez e Inés París.

25

O filme *Todos vós sodes capitáns*, de **Oliver Laxe**, premio da crítica internacional na Quincena de Realizadores do Festival de Cannes.

27

A Praza de Abastos de Santiago acolle unha exposición dos personaxes e decorados reais da película **O Apóstolo**, da produtora Artefacto.

27

Voz Audiovisual convoca un cásting para atopar un dobre do Papa para un episodio de *Padre Casares*.

28

A produtora IBISAtv asina co Concello de Bembibre e co Consello Comarcal do Bierzo convenios para o desenvolvemento da película *El Señor de Bembibre*.

30

Inicia as súas emisións **V Televisión**, a TDT de ámbito autonómico promovida por Corporación Voz de Galicia.

31

Alumnos de terceiro da Escola Galega de Cine (EGACI) de Vigo rodan os seus proxectos de final de estudos.

31

Dentro do acordo de colaboración entre a Academia Galega do Audiovisual e a **Acadèmia del Cinema Català**, os cines Maldà de Barcelona acollen a proxección de catro longametraxes gañadoras dos Premios Mestre Mateo: *Celda 211*, *¿Qué culpa tiene el tomate?*, *Conexión* e *Mulleres da Raia*.

XUÑO 2010

1

O cineasta estadounidense **Mark Rappaport** imparte unha master class na Fundación Caixa Galicia da Coruña. O mesmo día iníciase un ciclo sobre a súa obra no CGAI.

4

Comeza en Arteria Noroeste, a sede da SGAE en Santiago, un curso de **Avid Media Composer** impartido por David Pardo.

7

Alejandro Albaiceta imparte en Arteria Noroeste un **obradoiro para actores**.

8

O escritor e cineasta argentino **Santiago Fillol** presenta varios traballos no CGAI.

9

La 2 volve emitir a serie documental **Lina-takalam**, de IBISAtv.

10

Xornadas sobre a **comercialización de contidos low cost** no curso de postgrao de Comercialización Internacional de Contidos Audiovisuais (CICA).

10

Proxéctase en Cinebox Ourense a película *Emilio e os detectives*, dentro do ciclo **Vicente Risco na República de Weimar**.

10

Iníciase no CGAI un ciclo dedicado ao colectivo artístico **Los Hijos**, fundado no 2008 por Javier Fernández, Luis López e Natalia Marín.

12

Proxéctase no CGAI o documental **Outonarte**, de Lochos e Ducid, sobre intervencións artísticas urbanas realizadas na Coruña.

18

Ghislain Barrois, conselleiro delegado de Telecinco Cinema, imparte a conferencia **Televisión: estrategias de compra** nas instalacións de La Voz de Galicia na Coruña.

18

Ródase en Moaña a curtametraxe **Yanewaza**, coprodución de Domovoi Dixital e a EGACI, coa participación da actriz Terele Pávez.

22

A longametraxe documental **Viaje interior por la provincia del Bierzo** proxéctase no I Encontro Internacional de Literatura de Viaxes de Santiago de Compostela.

24

Un ciclo de **cinema filipino** dá comezo no CGAI.



CARLOS COUSO, ACTOR E DOBRADOR
1953 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)-2010 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

ESA VOZ AUGARDENTOSA

Entrou nos fogares galegos grazas á ben celebrada serie *Terra de Miranda*, así como era el: miúdo, simpático, e ata un algo tímido se me apurades.

Pero a súa voz xa entrara tempo antes; esa voz rota, augardentosa, “característica”, que dicimos no argot, deulles vida no noso idioma a centos de personaxes inventados por outros, lonxe dos nosos lares, e que a maxia da televisión tivo a ben traernos ata esta nosa Galicia para poder dicir alto e forte que “en galego tamén, por suposto”.

Foi un pioneiro, ía para médico e acabou de actor, a vida levouno polo camiño da interpretación case por casualidade, cando todos empezabamos e eramos máis novos, máis soñadores e máis solidarios, cando o mundo parecía que podía ser perfecto e que nós podíamos contribuír a iso.

Ai, tempos aqueles... Qué ben o temos pasado traballando, e nas troulas, e nas resacas, e en tantos momentos...

Tivo a enorme virtude de non aprender a conducir (de cántos problemas se librou con esa decisión), pero nunca chegaba tarde aos sitios. Fumador de *pitillos* propios e alleos (canto temos rido con iso), nunca chegou a deixalo de todo, era como un sinal de identidade, unha imaxe esperada, unha parte indivisible do seu ser.

Foi tuno, e tamén algo tunante, cantaba que daba gusto oílo, con sentimento e paseniño para non molestar, así como era el. Facíase de rogar nas cantarelas, quizais sabedor de que gozabamos oíndoo, ou quizais por esa timidez e modestia que o acompañaban, sempre poñía algunha escusa (“non me acordo da letra...”, “esa non a sei...”, “agora que cante outro...”).

E marchou caladiño, sen chamar moito a atención, sen querer molestar, en fin, así como era el.

Estou seguro de que, sexa onde sexa, e no meu recordo, cantará de vez en cando aquela *Milonga del pión del campo* que tanto me gustaba e que tantas veces lle pedín. ●

Carliños...

ANTÓN RUBAL
ACTOR DE DOBRAXE

ALBERTO FERNÁNDEZ CADÓRNIGA, REALIZADOR DA TVG

UN DOCE RECORDO

Xa a tecnoloxía comezaba a condicionar as nosas vidas de xeito definitivo cando ti chegabas á TVG. Certo que aínda quedaban reliquias de impronta humana, coma cando o reloxo de continuidade loitaba por non achegar as agullas ás tres e cumpría darlle unha discreta axuda co dedo índice, ¡coa cámara de testemuña de cargo! ¡Albores da era dixital?

A dicir verdade, os da “tele” sempre fomos un chisco peculiares.

Esencialmente, temos unha percepción do tempo sutilmente diferente aos demais. Para nós, o tempo non se mide en minutos e horas, senón en “campos” e “cadros”. Movémonos entre o “directo”, o “diferido” e o “postproducido”, retardando ou acelerando decisións coma pequenos demiurgos das horas.

Curiosamente, a túa memoria non a temos “conxelada”, senón “ralentizada”. Lembrámoste achegando un fino sentido do ritmo cando facías programas co ballet Rey de Viana ou arrebola-

bas pinceladas de humor ferrolán en *O son dun pobo*. Naquelas unidades móbiles, abundantes en compañeirismo e sobradas de baixas temperaturas.

Amigo Alberto, algunhas imaxes comezan a esvaecerse, a virarse a un sepia acartonado por mor das tardes grises de ausencias. A túa prívano dunha derradeira aperta, pero non dun doce recordo.

Parafraseando os termos propios da nosa profesión: compartimos contigo moitos “cinco e dentro”, outros tantos “gravando”; e agora temos que dicir aquilo de “Rematamos por hoxe... Mañá máis”.

A sorte dos da “tele” é que sempre temos un mañá, porque os “ontes” podemos reemitilos a vontade. ●



MONCHO MONTEAGUDO, CORRECTOR DE ESTILO DE TVG
1955 (MUROS)-2009 (ESTEIRO)

SOMBRA QUE SEMPRE ME ASOMBRAS

Moncho foi un traballador *full equip*. Viña completo de serie. Home enteiro, dunha peza. Moncho foi a certeza, a seguridade, a confianza. Moncho foi a entrega. Entrega no traballo e ó traballo, non sempre comprendida. Porque ás veces resulta abafante que alguén dea máis do que se lle pide. Porque abruma que che dean douscentos cando pides cincuenta. Moncho daba douscentos sempre. Os cento cincuenta sobrantes, deixábaos de propina. Pedíaslle unha castaña e plantaba un soto. Pecaba venialmente de excesivo.

Amaba a lingua en exceso para os parámetros dunha produción na que o tempo cómpre, para os parámetros dunha xente que considera o idioma un instrumento na súa profesión, para quen falar galego ten menos importancia ca caracterizarse. Moncho non quería que o galego fose un mero rasgo do personaxe, un puñal nos beizos dun actor. Aborrecía que a lingua fose unha caracterización; quería que fose a raíz, a razón de ser dun actor que traballa en Galicia, a súa xustificación primeira e última; quería que pronunciasen con amor algo que non amaban. Pero, quen era el para impoñer nada? ¿Como lle vas meter ti na cabeza a ninguén a paixón por unha cousa tan esvaradía, tan pouco física e tanxible como son unha restra de fonemas, palabras e entoacións? Moncho sabíao. Sabíase sen potestade para convencer a ninguén de nada. Sabía que era inútil o seu esforzo por inculcarlles ós compañeiros o aprecio e a estima que non lles deran a mamar. Pero Moncho non se rendía. Non daba a batalla por perdida. Moncho era un heroe bregado en mil derrotas, pero nunca derrotado. E tentábao. Tentaba formar soldados para a causa do idioma. E nese intento frustrábase diariamente. Aquelo de asesor lingüista era unha camisa que lle acaía estreita de máis para o seu peito, tan ancho. Afogábao limitarse a corrixir textos escritos. Porque para Moncho a lingua é moi pouco se non se realiza na fala. Por eso ía máis aló e quería tallar nos beizos das persoas a entoación axeitada, a pronuncia correcta, a fonética adecuada. Imploraba respecto polo galego. Berraba respecto polo idioma. Pero Moncho sabía que hai cousas que non se poden facer de encarga. E, ademais, non lle deixaban.

Pero algo quedou daquelas espléndidas propinas que Moncho deixaba. Hai en *Libro de familia* un pouso de corrección lingüística difícilmente igualable. De todo o seu esforzo quedou alomenos unha marca de naturalidade no uso do idioma, pronuncias aparte. Ninguén coma el volverá facer malabares cos rexistros lingüísticos. Ningún guión volverá brillar con aquela luz que Moncho proxectaba, pulindo castelanismos, resucitando a frase feita, *anosando* coma Cunqueiro para facer ouro da morralla.

Moncho foi unha persoa *full equip*. Un amigo con tódolos extras de serie. Sempre aí para todos e para calquera, de abrazo ancho, de sorriso comfortable, un porto seguro onde abeirarse das tempestades. Excesivo tamén nesto. Disposto a que abusaran del ou nado para que abusaran del. Moncho era grande, pero grande como son os grandes: con palabras pequenas e frases nada elaboradas, sen roupaxes. El tan sabio, tan listo, dominante e domador das palabras, nunca as usou en defensa propia. Moncho era un home de feitos e de mirada intensa, e cando calaba, contendo a carraxe, enchíase todo de xuramentos con mil acentos muradáns. O Moncho amigo tiña un defecto: non sabía pedir, non quería molestar, non se deixaba coidar. Moncho era discreción, elegancia, unha presenza que se nota apenas cando falta, esa sombra rosaliana que sempre torna e sempre asombra. E marchou silandeiro, só, como saben marchar os grandes: sen querer compañía –tantas veces ofrecida– na súa derradeira viaxe. Pero marchou querendo e sabéndose querido polos amigos. Marchou amando e sabéndose moi amado. Levaba na súa derradeira viaxe a equipaxe cargada de amizades e un corazón afogado de amor. Moncho, grazas por vir, grazas por estar, grazas por ser.

PD. Moncho, por favor, corrixe este texto. Tacha *full equip*, neoloxismo innecesario, e pon algo máis de noso. ●

MARISA COBAS. GUIONISTA

ROSA CASTRO. COORDINADORA DO CENTRO DE FORMACIÓN DE CTV S.A.



ANDRÉS PAZOS, ACTOR

1946 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)-2010 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

O ACTOR PENDULAR

1992, o ano dos 500 anos. Medio milenio despois de que uns mariñeiros europeos chegaran a América, chegou desde América a Europa o actor Andrés Pazos. Supoño que non facía parte dos fastos, que foi simple coincidencia.

Non sei, ou non o lembro agora, quen lle dera o meu teléfono. Só recordo que recibín unha chamada dun actor uruguaio de corenta e sete anos que, con mentes de se afincar en Galiza, quería encontrarse comigo. Unha chamada estraña, pois o tal actor uruguaio falaba galego, correctísimamente, e con acento compostelán.

Axiña se aclarou a cuestión. O actor uruguaio Andrés Pazos nacera en Compostela, na rúa do Franco, e emigrara ao Uruguai no ano 52, con sete anos. En Montevideo os pais tiveron unha pensión frecuentada por paisanos. Alí o galego era lingua oficial, vencello íntimo e último, que non derradeiro, coa Terra. Vencello que Andrés Pazos sempre mantivo, activo no asociacionismo emigrante e no movemento cultural galego das dúas bandas do Río da Prata.

Fixo estudos de arte dramática na escola de El Galpón de Montevideo e, durante moitos anos, foi actor nesa prestixiosísima institución teatral, unha das de referencia no ámbito latinoamericano. Actor tamén en compañías como La Gaviota, o teatro Circular ou a Comedia Nacional.

“Porque xa era hora”, respondaba sempre que lle preguntaba por que decidira retornar. O galego metido a actor uruguaio, Andrés Pazos, fíxose actor galego sen deixar de ser uruguaio, interpretando nun espectáculo do Mago Antón a outro viaxeiro, o apóstolo Santiago. E debeulle gustar o de ir de xinete, porque foi tamén cabalgando como debutou no Centro Dramático Galego, protagonizando *A Lagarada*, de Otero Pedraio, con aquela soberbia entrada a cabalo no arranque da peza. E numerosas participacións máis co teatro público, moitas como actor

protagonista e algunha como director de escena. E algunha co teatro privado, entre as que, por razóns obvias, lembro a de Ollomoltranvía. E incursións máis ou menos puntuais no cine ou na televisión.

E por aquilo de que o péndulo que vai e vén, o seu é que volva ir... Andrés Pazos foise de novo para o Uruguai. Cando o fun visitar, no 2001, topei cun tal “Flaco” Pazos que, da mesma maneira que aquí falaba galego picheleiro, ou castelán canónico se facía falta, alí falaba en xiria rioplatense montevideana como un indíxena máis. Nesta modalidade lingüística, e desde esa identidade, protagonizou *Whisky*, Goya á mellor película estranxeira de fala hispana no 2004. Un traballo actoral que nos fixo lamentar que o teatro e a saúde non lle deixasen máis tempo para aportar máis profusamente o seu talento ao noso audiovisual. Unha interpretación na que se expresaba co máximo proveito esa intersección anímica entre o lado melancólico das súas dúas almas, a galega e a uruguaia. E viceversa.

No último golpe de péndulo, cando voltou de novo para esta banda do Atlántico, traía o espírito intactamente actoral, pero non así o corpo. As súas aparicións públicas foron escasas, algunha pequena colaboración e algo de teatro radiofónico. Máis non podía. Recibiu co maior dos orgulllos a petición de traballar n’*A Nonna*, que se estreará en breve, e coa maior das dores tivo que rexeitala.

Até que o péndulo parou... deixando a Andrés Pazos nalgún lugar ignoto onde un é de todas partes a un tempo e de ningunha en especial. Un deses lugares no que quixeramos crer os que non temos a sorte de crer neses lugares, para así confortarnos pensando que desde alí segue atento aos nosos palcos e ás nosas pantallas, con ese espírito crítico que o caracterizaba, mestura de “cachada” uruguaia e retranca galega, acreditando, como sempre acreditou, en que o do actor ten de ser un oficio con valor cívico e comunitario.

Por se ese lugar existe, aí vai o meu saúdo e o meu aplauso, amigo. ●

CÁNDIDO PAZÓ

ACTOR, AUTOR E DIRECTOR



ABELARDO PÉREZ GABRIEL, ACTOR
BARCELONA (1955)-OURENSE (2010)

QUERIDO ABELARDO!

A verdade é que non sei por onde empezar esta carta, se falando da túa faceta profesional ou da persoal, porque das dúas aprendín moito, eu e moitos dos actores e actrices que compartimos contigo secuencias. Teño moitas cousas que contarche e quero que todo aquel que lea estas verbas e que non te coñecera se faga unha idea de quen era Abelardo Pérez Gabriel.

Eu coñecino alá por agosto do 2003, ese día reuníamos o equipo artístico dunha nova serie de época que levaría o título de *Libro de familia*. A súa voz forte e imponente uníase a un corpo atlético e unha mirada doce e elegante. Estaba ante o meu primeiro pai na ficción, o J.R. galego. O don Román das noites do domingo. O primeiro día que ensaiei con el miroume e díxome esbozando un sorriso: “Que ganas tes, rapaz, vas chegar lonxe”.

A nosa amizade foi crescendo a pasos axigantados, chegando el a dicir que “en Riós tiña o seu terceiro fillo”. E, casualidades da vida, ese primeiro día de ensaio era 13 de agosto do 2003, e rematamos o ensaio cunha torta que nos trouxo xente do equipo, capitaneados por Mariana Carballal, que nos

cantaron o “cumpleaños feliz” aos dous. Ese foi un dos días máis importantes da miña vida, debido a que estaba a coñecer, como xa dixeran, o meu primeiro pai da ficción e o segundo pai para a vida real.

Era un home sinxelo, cercano, e un gran namorado da sétima arte. En Ourense colaboraba con todo aquilo que se lle pedira, era e seguirá a ser un referente cultural para a súa cidade e para Galicia. Un entusiasta do cinema clásico que sempre dicía que o que se facía agora era consecuencia do que se fixera anos atrás.

Hai tres anos animoume a proxectar algo en Riós ao aire libre, a miña primeira peli como protagonista, *Pradolongo*. Concidiu casualmente o 13 de agosto, sen buscalo, simplemente porque era un día antes da festa do lugar e xa empeza a andar moita xente pola vila. El estivo alí apoiando, colaborando no acto con outros artistas galegos. A acollida foi moi moi boa. O ano pasado fixemos o mesmo e a resposta foi aínda mellor có ano anterior.

Este ano estaba preparando o terceiro Festival das Artes Escénicas de Riós (foi o nome que acordamos xunto con Abelardo). Cando chamei a Abelardo era un venres pola tarde. Segundo colleu o teléfono, díxome: “Rubén, ¿cando vés verme?”. A pregunta tiña tanto dentro dela que dixeran: “O luns vou, Abelardo”, xa que esa fin de semana tiña traballo. Por desgraza, xa non chegamos a vernos.

Non me digades de onde saquei as forzas, pero dende que saín do funeral, no traxecto Ourense-Santiago, deume tantas voltas a cabeza que me dixeran: “Este home merece unha homenaxe como Deus manda por como era”. Era un triste 30 de xuño, íaseme unha persoa que, nos seis anos que nos coñecemos, deixoume abraiado en tódalas facetas da vida.

Este ano, curiosa e casualmente, volvemos facer o festival, por suposto cunha gran homenaxe a este gran artista. A resposta foi xenial: máis de 3.000 personas nunha vila, Riós, cun censo de 2.000 persoas aproximadamente. Moitos artistas colaboraron, actuaron e lembraron a Abelardo coa familia diante. Este festival seguirá tódolos anos lembrando a este home, chamándose Festival das Artes Escénicas de Riós Abelardo Gabriel. E, curiosamente, tamén se celebrou un 13 de agosto, día no que Abelardo, este ano e nesta vida, cumpriría 65 anos. Non puido ser, pero todos aqueles que tódolos 13 de agosto veñan a Riós, poderán saber algo máis del e da cultura do noso audiovisual. ●

RUBÉN RIÓS
ACTOR



PEPE RUBIANES, CÓMICO
1947 (VILAGARCÍA DE AROUSA)-2009 (BARCELONA)

PEPE RUBIANES, TAMÉN NOSO: HOMENAXE EN VILAGARCÍA DE AROUSA

Homenaxear a un artista non é doado, e menos despois de que unha cidade como Barcelona fixera un acto en honor ó mesmo artista meses antes. Non obstante, Vilagarcía de Arousa acolleu unha homenaxe á altura do artista que era Pepe Rubianes, nado en Vilaxoán e falecido en 2009. Sesenta e dous anos despois de que este municipio vira nacer a este humorista, os que lembran como medrou física e profesionalmente deron un exemplo de unidade e admiración cara ao artista na homenaxe celebrada o 2 de setembro de 2000. O lugar escollido, o Pavillón de Fontecarmoa, permitiu reunir a artistas galegos e cataláns que quixeron render a súa particular homenaxe a Rubianes, nun acto coordinado por Mr Misto Films, ó que asistiron 1.500 persoas e que foi conducido por Carlos Blanco.

Artistas da talla de Carlos Latre, Manel Fuentes, Rafael Álvarez *El Brujo*, Carles Flavià, Tricicle, Lucrecia, Santiago Auserón, Cómplices, Quico Cadaval, Mofa & Befa, Miguel de Lira, Kukas, ou Cándido Pazó sumáronse á iniciativa *Pepe Rubianes, tamén noso*, xunto ó colectivo de veciños Vilaxoán Canta, que amosaron o seu agarimo polo humorista, a pesares da súa temperá marcha da vila. Unha homenaxe previa no Palau Sant Jordi foi o precedente para levar a cabo esta gala, onde houbo vídeos que eloxiaron a figura do humorista e moitos amigos do mundo do espectáculo que quixeron compartir cos vilagarcíans as súas lembranzas con Pepe Rubianes. O encargado de dirixir a homenaxe foi Pep Molina e a organización correu a cargo do Concello de Vilagarcía.

A esencia da gala, ademais de estar nas actuacións de cada un dos convidados, residiu tamén nas participacións audiovisuais doutros artistas. Andreu Buenafuente ou Joan Manuel Serrat, ó non poderen desprazarse ata Vilagarcía, enviaron un vídeo expresando as súas impresións sobre Rubianes, facéndose partícipes tamén desta gabanza dun home que se autodefinía como galaico-catalán e que afirmaba levar no seu corazón ámbalas dúas terras. Ademais, neste mesmo acto, a diferenza da homenaxe catalana, a vila nomeou a José Rubianes Alegret, Pepe Rubianes para os amigos, como fillo predilecto. Reafirmáronse así os vínculos deste actor e humorista coa cidade onde naceu e onde foi pregoeiro das festas no ano 91.

Deste xeito, o obxectivo de reunir ós amigos e compañeiros deste gran artista para facer unha fotografía do que el era quedou cumprido trala gala e o recoñecemento póstumo a Rubianes. ●

MR. MISTO FILMS



TUTO VÁZQUEZ, ACTOR
1947 (RIBEIRA)-2010 (A CORUÑA)

UN VELLO AMIGO

Tuto Vázquez era un vello amigo, un vello e bo amigo, dos que xa non quedan. Era, ademais, un grande actor, dono dunha forma de interpretar que só el coñecía.

Posuía o don de ter a arte de non interpretar. As súas actuacións tiñan a veracidade do auténtico, do non edulcorado, do antihistriónico. Mais detrás desa naturalidade que semellaba doada había un traballo moi serio e continuo, de busca de novos camiños, de perfección, de inconformismo.

Coñecímonos na Escola de Maxisterio da Coruña no ano 1965. Alí entrounos o veneno do

teatro e fundamos, con outros compañeiros, o Grupo de Teatro Experimental Tesis. E experimentamos naquel escenario itinerante con autores que eran vangarda naquel tempo: Ionescu, Adamov, Sastre, Pushkin, Pedrollo, Albe, Dürrenmatt... Xa naquelas datas convertíase en sinxelo o personaxe que facía, non se retorcíase en narcisismos innecesarios, e os dramáticos textos cobraban na outra dimensión, outras lecturas para nós descoñecidas ou agochadas, sempre ao servizo do resultado do espectáculo e non do seu propio brillo.

Despois viñeron o Teatro Circo, con Manuel Lourenzo, onde coa *Longa viaxe do capitán Zelta e Zardigot* confirmouse como un actor xa imprescindible naquel incipiente panorama do teatro galego. Despois, na Escola Dramática Galega, Tuto foi un dos fundadores e un dos piares máis comprometidos e eficaces.

Lembro agora un Don Ramoncíño en *Os vellos non deben de namorarse*. Aquele baboso personaxe revirouno de tal xeito que os espectadores tiñan mágoa del, daquel vello que só buscaba os praceres da carne fresca, mercada a base de pesos. A súa empatía proporcionáballes un encanto especial no escenario, unha personalidade que arrastrou até o final da súa vida.

Cando a dobraxe foi outro medio de traballo por mor da Televisión de Galicia, alí estivo Tuto, sempre na procura de novas facetas neste proceloso mar e vida dos intérpretes. A súa voz, tan característica e garimosa, encheu de novos acentos a personaxes tan inesquecibles coma o George de *Os Roper*, un esposo dominado pola súa muller ao que non lle saía unha ao dereito e que resultaba na voz de Tuto, con ese acento de Ribeira tan meloso e natural, unha criatura cercana, próxima, coma un bo veciño.

Despois veu a interpretación ante a cámara e o seu alcalde, Couto, en *Mareas vivas* foi outro prototipo, outro personaxe que levará para sempre a súa inesquecible pegada. Non sabía ser malo na pantalla, era malo no que dicía, no que memorizaba, na letra que lle puñan diante, mais o que resultaba ao final eran seres entrañables, seres que desexabas coñecer para invitalos a unha cunca de bo ribeiro.

E a súa derradeira representación, ese Don Crisanto en *Padre Casares*, xa co verme roéndoo por dentro, foi unha creación definitiva: un vello crego rabechado, que facía as maiores burradas e dicía cousas que podían ser de vulgado de garda, pero que na súa pel convertíase nun ser entrañable, coma ese osiño de peluxe ao que queres mimar.

E no camiño quedaron títulos que xa son historia na nosa cultura cinematográfica: *Os outros feirantes* (1989), *Un café de ollos verdes* (1992), *Avenida de América* (2001), *O trasto* (2002), *Camión de Santiago: A orixe* (2004), *Pesquisas: O caso das galiñas aforcadas* (1991), *Pratos combinados* (1995), *Blanca Madison* (2000), *O lapis do carpinteiro* (2002), *O derradeiro grollo* (2003)...

Tiña sempre na cabeza e na alma unha retranca moi sutil, intelixente. Podía desvelarnos, a peito descuberto, calquera das nosas miserias, das nosas ridículas obsesións ou manías, que soltaba con tal graza que a ninguén lle parecía mal. Ríase das nosas vaidades e nós riamos con el.

Pero tamén foi mestre. No colexio Peñarredonda, onde comezou, e posteriormente no colexio Atlas, onde desenvolveu un labor case que de reconversión dun barrio dos máis conflitivos e necesitados na Coruña dos anos 70. Os seus alumnos lémbraño coma ese amigo, ese pai, que aconsella e non berra, e se berraba facíao de broma e a ninguén lle parecía mal, pois o humor e a bondade enchían todo o seu ser.

Ese labor pedagóxico tamén se verqueu na radio, tanto en RNE, onde desenvolveu o prestixioso programa *Preescolar na casa*, coma na canle autonómica en diversas producións propias da RTVG.

Tuto Vázquez era así, vestía calquera cousa que facía, a vida, a familia, os personaxes que interpretaba, cunha bondade e dignidade moi difíciles de atopar no mundo no que hoxe nos movemos.

Bo e xeneroso, intelixente e digno, amigo fiel e compañeiro pracenteiro. ●

SANTIAGO FERNÁNDEZ

DIRECTOR DO ESTUDIO DE TEATRO CASAHAMLET



CARLOS COUSO, ACTOR E DOBRADOR
1953 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)-2010 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

ESA VOZ AUGARDENTOSA

Entrou nos fogares galegos grazas á ben celebrada serie *Terra de Miranda*, así como era el: miúdo, simpático, e ata un algo tímido se me apurades.

Pero a súa voz xa entrara tempo antes; esa voz rota, augardentosa, “característica”, que dicimos no argot, deulles vida no noso idioma a centos de personaxes inventados por outros, lonxe dos nosos lares, e que a maxia da televisión tivo a ben traernos ata esta nosa Galicia para poder dicir alto e forte que “en galego tamén, por suposto”.

Foi un pioneiro, ía para médico e acabou de actor, a vida levouno polo camiño da interpretación case por casualidade, cando todos empezabamos e eramos máis novos, máis soñadores e máis solidarios, cando o mundo parecía que podía ser perfecto e que nós podíamos contribuír a iso.

Ai, tempos aqueles... Qué ben o temos pasado traballando, e nas troulas, e nas resacas, e en tantos momentos...

Tivo a enorme virtude de non aprender a conducir (de cuántos problemas se librou con esa decisión), pero nunca chegaba tarde aos sitios. Fumador de *pitillos* propios e alleos (canto temos rido con iso), nunca chegou a deixalo de todo, era como un sinal de identidade, unha imaxe esperada, unha parte indivisible do seu ser.

Foi tuno, e tamén algo tunante, cantaba que daba gusto oílo, con sentimento e paseniño para non molestar, así como era el. Facíase de rogar nas cantarelas, quizais sabedor de que gozabamos oíndoo, ou quizais por esa timidez e modestia que o acompañaban, sempre poñía algunha escusa (“non me acordo da letra...”, “esa non a sei...”, “agora que cante outro...”).

E marchou caladiño, sen chamar moito a atención, sen querer molestar, en fin, así como era el.

Estou seguro de que, sexa onde sexa, e no meu recordo, cantará de vez en cando aquela *Milonga del piñón del campo* que tanto me gustaba e que tantas veces lle pedín. ●

Carliños...

ANTÓN RUBAL
ACTOR DE DOBRAXE

ALBERTO FERNÁNDEZ CADÓRNIGA, REALIZADOR DA TVG

UN DOCE RECORDO

Xa a tecnoloxía comezaba a condicionar as nosas vidas de xeito definitivo cando ti chegabas á TVG. Certo que aínda quedaban reliquias de impronta humana, coma cando o reloxo de continuidade loitaba por non achegar as agullas ás tres e cumpría darlle unha discreta axuda co dedo índice, ¡coa cámara de testemuña de cargo! ¡Albores da era dixital?

A dicir verdade, os da “tele” sempre fomos un chisco peculiares.

Esencialmente, temos unha percepción do tempo sutilmente diferente aos demais. Para nós, o tempo non se mide en minutos e horas, senón en “campos” e “cadros”. Movémonos entre o “directo”, o “diferido” e o “postproducido”, retardando ou acelerando decisións coma pequenos demiurgos das horas.

Curiosamente, a túa memoria non a temos “conxelada”, senón “ralentizada”. Lembrámoste achegando un fino sentido do ritmo cando facías programas co ballet Rey de Viana ou arrebola-

bas pinceladas de humor ferrolán en *O son dun pobo*. Naquelas unidades móbiles, abundantes en compañeirismo e sobradas de baixas temperaturas.

Amigo Alberto, algunhas imaxes comezan a esvaecerse, a virarse a un sepia acartonado por mor das tardes grises de ausencias. A túa prívano dunha derradeira aperta, pero non dun doce recordo.

Parafraseando os termos propios da nosa profesión: compartimos contigo moitos “cinco e dentro”, outros tantos “gravando”; e agora temos que dicir aquilo de “Rematamos por hoxe... Mañá máis”.

A sorte dos da “tele” é que sempre temos un mañá, porque os “ontes” podemos reemitilos a vontade. ●



MONCHO MONTEAGUDO, CORRECTOR DE ESTILO DE TVG
1955 (MUROS)-2009 (ESTEIRO)

SOMBRA QUE SEMPRE ME ASOMBRAS

Moncho foi un traballador *full equip*. Viña completo de serie. Home enteiro, dunha peza. Moncho foi a certeza, a seguridade, a confianza. Moncho foi a entrega. Entrega no traballo e ó traballo, non sempre comprendida. Porque ás veces resulta abafante que alguén dea máis do que se lle pide. Porque abruma que che dean douscentos cando pides cincuenta. Moncho daba douscentos sempre. Os cento cincuenta sobrantes, deixábaos de propina. Pedíaslle unha castaña e plantaba un souto. Pecaba venialmente de excesivo.

Amaba a lingua en exceso para os parámetros dunha produción na que o tempo cómpre, para os parámetros dunha xente que considera o idioma un instrumento na súa profesión, para quen falar galego ten menos importancia ca caracterizarse. Moncho non quería que o galego fose un mero rasgo do personaxe, un puñal nos beizos dun actor. Aborrecía que a lingua fose unha caracterización; quería que fose a raíz, a razón de ser dun actor que traballa en Galicia, a súa xustificación primeira e última; quería que pronunciasen con amor algo que non amaban. Pero, quen era el para impoñer nada? ¿Como lle vas meter ti na cabeza a ninguén a paixón por unha cousa tan esvaradía, tan pouco física e tanxible como son unha restra de fonemas, palabras e entoacións? Moncho sabíao. Sabíase sen potestade para convencer a ninguén de nada. Sabía que era inútil o seu esforzo por inculcarlles ós compañeiros o aprecio e a estima que non lles deran a mamar. Pero Moncho non se rendía. Non daba a batalla por perdida. Moncho era un heroe bregado en mil derrotas, pero nunca derrotado. E tentábao. Tentaba formar soldados para a causa do idioma. E nese intento frustrábase diariamente. Aquelo de asesor lingüista era unha camisa que lle acaía estreita de máis para o seu peito, tan ancho. Afogábao limitarse a corrixir textos escritos. Porque para Moncho a lingua é moi pouco se non se realiza na fala. Por eso ía máis aló e quería tallar nos beizos das persoas a entoación axeitada, a pronuncia correcta, a fonética adecuada. Imploraba respecto polo galego. Berraba respecto polo idioma. Pero Moncho sabía que hai cousas que non se poden facer de encarga. E, ademais, non lle deixaban.

Pero algo quedou daquelas espléndidas propinas que Moncho deixaba. Hai en *Libro de familia* un pouso de corrección lingüística difícilmente igualable. De todo o seu esforzo quedou alomenos unha marca de naturalidade no uso do idioma, pronuncias aparte. Ninguén coma el volverá facer malabares cos rexistros lingüísticos. Ningún guión volverá brillar con aquela luz que Moncho proxectaba, pulindo castelanismos, resucitando a frase feita, *anosando* coma Cunqueiro para facer ouro da morralla.

Moncho foi unha persoa *full equip*. Un amigo con tódolos extras de serie. Sempre aí para todos e para calquera, de abrazo ancho, de sorriso comfortable, un porto seguro onde abeirarse das tempestades. Excesivo tamén nesto. Disposto a que abusaran del ou nado para que abusaran del. Moncho era grande, pero grande como son os grandes: con palabras pequenas e frases nada elaboradas, sen roupaxes. El tan sabio, tan listo, dominante e domador das palabras, nunca as usou en defensa propia. Moncho era un home de feitos e de mirada intensa, e cando calaba, contendo a carraxe, enchíase todo de xuramentos con mil acentos muradáns. O Moncho amigo tiña un defecto: non sabía pedir, non quería molestar, non se deixaba coidar. Moncho era discreción, elegancia, unha presenza que se nota apenas cando falta, esa sombra rosaliana que sempre torna e sempre asombra. E marchou silandeiro, só, como saben marchar os grandes: sen querer compañía –tantas veces ofrecida– na súa derradeira viaxe. Pero marchou querendo e sabéndose querido polos amigos. Marchou amando e sabéndose moi amado. Levaba na súa derradeira viaxe a equipaxe cargada de amizades e un corazón afogado de amor. Moncho, grazas por vir, grazas por estar, grazas por ser.

PD. Moncho, por favor, corrixe este texto. Tacha *full equip*, neoloxismo innecesario, e pon algo máis de noso. ●

MARISA COBAS. GUIONISTA

ROSA CASTRO. COORDINADORA DO CENTRO DE FORMACIÓN DE CTV S.A.



ANDRÉS PAZOS, ACTOR

1946 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)-2010 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

O ACTOR PENDULAR

1992, o ano dos 500 anos. Medio milenio despois de que uns mariñeiros europeos chegaran a América, chegou desde América a Europa o actor Andrés Pazos. Supoño que non facía parte dos fastos, que foi simple coincidencia.

Non sei, ou non o lembro agora, quen lle dera o meu teléfono. Só recordo que recibín unha chamada dun actor uruguaio de corenta e sete anos que, con mentes de se afincar en Galiza, quería encontrarse comigo. Unha chamada estraña, pois o tal actor uruguaio falaba galego, correctísimamente, e con acento compostelán.

Axiña se aclarou a cuestión. O actor uruguaio Andrés Pazos nacera en Compostela, na rúa do Franco, e emigrara ao Uruguai no ano 52, con sete anos. En Montevideo os pais tiveron unha pensión frecuentada por paisanos. Alí o galego era lingua oficial, vencello íntimo e último, que non derradeiro, coa Terra. Vencello que Andrés Pazos sempre mantivo, activo no asociacionismo emigrante e no movemento cultural galego das dúas bandas do Río da Prata.

Fixo estudos de arte dramática na escola de El Galpón de Montevideo e, durante moitos anos, foi actor nesa prestixiosísima institución teatral, unha das de referencia no ámbito latinoamericano. Actor tamén en compañías como La Gaviota, o teatro Circular ou a Comedia Nacional.

“Porque xa era hora”, respondaba sempre que lle preguntaba por que decidira retornar. O galego metido a actor uruguaio, Andrés Pazos, fíxose actor galego sen deixar de ser uruguaio, interpretando nun espectáculo do Mago Antón a outro viaxeiro, o apóstolo Santiago. E debeulle gustar o de ir de xinete, porque foi tamén cabalgando como debutou no Centro Dramático Galego, protagonizando *A Lagarada*, de Otero Pedraio, con aquela soberbia entrada a cabalo no arranque da peza. E numerosas participacións máis co teatro público, moitas como actor

protagonista e algunha como director de escena. E algunha co teatro privado, entre as que, por razóns obvias, lembro a de Ollomoltranvía. E incursións máis ou menos puntuais no cine ou na televisión.

E por aquilo de que o péndulo que vai e vén, o seu é que volva ir... Andrés Pazos foise de novo para o Uruguai. Cando o fun visitar, no 2001, topei cun tal “Flaco” Pazos que, da mesma maneira que aquí falaba galego picheleiro, ou castelán canónico se facía falta, alí falaba en xiria rioplatense montevideana como un indíxena máis. Nesta modalidade lingüística, e desde esa identidade, protagonizou *Whisky*, Goya á mellor película estranxeira de fala hispana no 2004. Un traballo actoral que nos fixo lamentar que o teatro e a saúde non lle deixasen máis tempo para aportar máis profusamente o seu talento ao noso audiovisual. Unha interpretación na que se expresaba co máximo proveito esa intersección anímica entre o lado melancólico das súas dúas almas, a galega e a uruguaia. E viceversa.

No último golpe de péndulo, cando voltou de novo para esta banda do Atlántico, traía o espírito intactamente actoral, pero non así o corpo. As súas aparicións públicas foron escasas, algunha pequena colaboración e algo de teatro radiofónico. Máis non podía. Recibiu co maior dos orgulllos a petición de traballar n’*A Nonna*, que se estreará en breve, e coa maior das dores tivo que rexeitala.

Até que o péndulo parou... deixando a Andrés Pazos nalgún lugar ignoto onde un é de todas partes a un tempo e de ningunha en especial. Un deses lugares no que quixeramos crer os que non temos a sorte de crer neses lugares, para así confortarnos pensando que desde alí segue atento aos nosos palcos e ás nosas pantallas, con ese espírito crítico que o caracterizaba, mestura de “cachada” uruguaia e retranca galega, acreditando, como sempre acreditou, en que o do actor ten de ser un oficio con valor cívico e comunitario.

Por se ese lugar existe, aí vai o meu saúdo e o meu aplauso, amigo. ●

CÁNDIDO PAZÓ

ACTOR, AUTOR E DIRECTOR



ABELARDO PÉREZ GABRIEL, ACTOR
BARCELONA (1955)-OURENSE (2010)

QUERIDO ABELARDO!

A verdade é que non sei por onde empezar esta carta, se falando da túa faceta profesional ou da persoal, porque das dúas aprendín moito, eu e moitos dos actores e actrices que compartimos contigo secuencias. Teño moitas cousas que contarche e quero que todo aquel que lea estas verbas e que non te coñecera se faga unha idea de quen era Abelardo Pérez Gabriel.

Eu coñecino alá por agosto do 2003, ese día reuníamos o equipo artístico dunha nova serie de época que levaría o título de *Libro de familia*. A súa voz forte e imponente uníase a un corpo atlético e unha mirada doce e elegante. Estaba ante o meu primeiro pai na ficción, o J.R. galego. O don Román das noites do domingo. O primeiro día que ensaiei con el miroume e díxome esbozando un sorriso: “Que ganas tes, rapaz, vas chegar lonxe”.

A nosa amizade foi crescendo a pasos axigantados, chegando el a dicir que “en Riós tiña o seu terceiro fillo”. E, casualidades da vida, ese primeiro día de ensaio era 13 de agosto do 2003, e rematamos o ensaio cunha torta que nos trouxo xente do equipo, capitaneados por Mariana Carballal, que nos

cantaron o “cumpleaños feliz” aos dous. Ese foi un dos días máis importantes da miña vida, debido a que estaba a coñecer, como xa dixeran, o meu primeiro pai da ficción e o segundo pai para a vida real.

Era un home sinxelo, cercano, e un gran namorado da sétima arte. En Ourense colaboraba con todo aquilo que se lle pedira, era e seguirá a ser un referente cultural para a súa cidade e para Galicia. Un entusiasta do cinema clásico que sempre dicía que o que se facía agora era consecuencia do que se fixera anos atrás.

Hai tres anos animoume a proxectar algo en Riós ao aire libre, a miña primeira peli como protagonista, *Pradolongo*. Concidiu casualmente o 13 de agosto, sen buscalo, simplemente porque era un día antes da festa do lugar e xa empeza a andar moita xente pola vila. El estivo alí apoiando, colaborando no acto con outros artistas galegos. A acollida foi moi moi boa. O ano pasado fixemos o mesmo e a resposta foi aínda mellor có ano anterior.

Este ano estaba preparando o terceiro Festival das Artes Escénicas de Riós (foi o nome que acordamos xunto con Abelardo). Cando chamei a Abelardo era un venres pola tarde. Segundo colleu o teléfono, díxome: “Rubén, ¿cando vés verme?”. A pregunta tiña tanto dentro dela que dixeran: “O luns vou, Abelardo”, xa que esa fin de semana tiña traballo. Por desgraza, xa non chegamos a vernos.

Non me digades de onde saquei as forzas, pero dende que saín do funeral, no traxecto Ourense-Santiago, deume tantas voltas a cabeza que me dixeran: “Este home merece unha homenaxe como Deus manda por como era”. Era un triste 30 de xuño, íaseme unha persoa que, nos seis anos que nos coñecemos, deixoume abraiado en tódalas facetas da vida.

Este ano, curiosa e casualmente, volvemos facer o festival, por suposto cunha gran homenaxe a este gran artista. A resposta foi xenial: máis de 3.000 personas nunha vila, Riós, cun censo de 2.000 persoas aproximadamente. Moitos artistas colaboraron, actuaron e lembraron a Abelardo coa familia diante. Este festival seguirá tódolos anos lembrando a este home, chamándose Festival das Artes Escénicas de Riós Abelardo Gabriel. E, curiosamente, tamén se celebrou un 13 de agosto, día no que Abelardo, este ano e nesta vida, cumpriría 65 anos. Non puido ser, pero todos aqueles que tódolos 13 de agosto veñan a Riós, poderán saber algo máis del e da cultura do noso audiovisual. ●

RUBÉN RIÓS
ACTOR



PEPE RUBIANES, CÓMICO
1947 (VILAGARCÍA DE AROUSA)-2009 (BARCELONA)

PEPE RUBIANES, TAMÉN NOSO: HOMENAXE EN VILAGARCÍA DE AROUSA

Homenaxear a un artista non é doado, e menos despois de que unha cidade como Barcelona fixera un acto en honor ó mesmo artista meses antes. Non obstante, Vilagarcía de Arousa acolleu unha homenaxe á altura do artista que era Pepe Rubianes, nado en Vilaxoán e falecido en 2009. Sesenta e dous anos despois de que este municipio vira nacer a este humorista, os que lembran como medrou física e profesionalmente deron un exemplo de unidade e admiración cara ao artista na homenaxe celebrada o 2 de setembro de 2000. O lugar escollido, o Pavillón de Fontecarmoa, permitiu reunir a artistas galegos e cataláns que quixeron render a súa particular homenaxe a Rubianes, nun acto coordinado por Mr Misto Films, ó que asistiron 1.500 persoas e que foi conducido por Carlos Blanco.

Artistas da talla de Carlos Latre, Manel Fuentes, Rafael Álvarez *El Brujo*, Carles Flavià, Tricicle, Lucrecia, Santiago Auserón, Cómplices, Quico Cadaval, Mofa & Befa, Miguel de Lira, Kukas, ou Cándido Pazó sumáronse á iniciativa *Pepe Rubianes, tamén noso*, xunto ó colectivo de veciños Vilaxoán Canta, que amosaron o seu agarimo polo humorista, a pesares da súa temperá marcha da vila. Unha homenaxe previa no Palau Sant Jordi foi o precedente para levar a cabo esta gala, onde houbo vídeos que eloxiaron a figura do humorista e moitos amigos do mundo do espectáculo que quixeron compartir cos vilagarcíans as súas lembranzas con Pepe Rubianes. O encargado de dirixir a homenaxe foi Pep Molina e a organización correu a cargo do Concello de Vilagarcía.

A esencia da gala, ademais de estar nas actuacións de cada un dos convidados, residiu tamén nas participacións audiovisuais doutros artistas. Andreu Buenafuente ou Joan Manuel Serrat, ó non poderen desprazarse ata Vilagarcía, enviaron un vídeo expresando as súas impresións sobre Rubianes, facéndose partícipes tamén desta gabanza dun home que se autodefinía como galaico-catalán e que afirmaba levar no seu corazón ámbalas dúas terras. Ademais, neste mesmo acto, a diferenza da homenaxe catalana, a vila nomeou a José Rubianes Alegret, Pepe Rubianes para os amigos, como fillo predilecto. Reafirmáronse así os vínculos deste actor e humorista coa cidade onde naceu e onde foi pregoeiro das festas no ano 91.

Deste xeito, o obxectivo de reunir ós amigos e compañeiros deste gran artista para facer unha fotografía do que el era quedou cumprido trala gala e o recoñecemento póstumo a Rubianes. ●

MR. MISTO FILMS



TUTO VÁZQUEZ, ACTOR
1947 (RIBEIRA)-2010 (A CORUÑA)

UN VELLO AMIGO

Tuto Vázquez era un vello amigo, un vello e bo amigo, dos que xa non quedan. Era, ademais, un grande actor, dono dunha forma de interpretar que só el coñecía.

Posuía o don de ter a arte de non interpretar. As súas actuacións tiñan a veracidade do auténtico, do non edulcorado, do antihistórico. Mais detrás desa naturalidade que semellaba doada había un traballo moi serio e continuo, de busca de novos camiños, de perfección, de inconformismo.

Coñecímonos na Escola de Maxisterio da Coruña no ano 1965. Alí entrounos o veneno do

teatro e fundamos, con outros compañeiros, o Grupo de Teatro Experimental Tesis. E experimentamos naquel escenario itinerante con autores que eran vangarda naquel tempo: Ionescu, Adamov, Sastre, Pushkin, Pedrollo, Albe, Dürrenmatt... Xa naquelas datas convertíase en sinxelo o personaxe que facía, non se retorcíase en narcisismos innecesarios, e os dramáticos textos cobraban na outra dimensión, outras lecturas para nós descoñecidas ou agochadas, sempre ao servizo do resultado do espectáculo e non do seu propio brillo.

Despois viñeron o Teatro Circo, con Manuel Lourenzo, onde coa *Longa viaxe do capitán Zelta e Zardigot* confirmouse como un actor xa imprescindible naquel incipiente panorama do teatro galego. Despois, na Escola Dramática Galega, Tuto foi un dos fundadores e un dos piares máis comprometidos e eficaces.

Lembro agora un Don Ramoncíño en *Os vellos non deben de namorarse*. Aquele baboso personaxe revirouno de tal xeito que os espectadores tiñan mágoa del, daquel vello que só buscaba os praceres da carne fresca, mercada a base de pesos. A súa empatía proporcionáballes un encanto especial no escenario, unha personalidade que arrastrou até o final da súa vida.

Cando a dobraxe foi outro medio de traballo por mor da Televisión de Galicia, alí estivo Tuto, sempre na procura de novas facetas neste proceloso mar e vida dos intérpretes. A súa voz, tan característica e garimosa, encheu de novos acentos a personaxes tan inesquecibles coma o George de *Os Roper*, un esposo dominado pola súa muller ao que non lle saía unha ao dereito e que resultaba na voz de Tuto, con ese acento de Ribeira tan meloso e natural, unha criatura cercana, próxima, coma un bo veciño.

Despois veu a interpretación ante a cámara e o seu alcalde, Couto, en *Mareas vivas* foi outro prototipo, outro personaxe que levará para sempre a súa inesquecible pegada. Non sabía ser malo na pantalla, era malo no que dicía, no que memorizaba, na letra que lle puñan diante, mais o que resultaba ao final eran seres entrañables, seres que desexabas coñecer para invitalos a unha cunca de bo ribeiro.

E a súa derradeira representación, ese Don Crisanto en *Padre Casares*, xa co verme roéndoo por dentro, foi unha creación definitiva: un vello crego rabechado, que facía as maiores burradas e dicía cousas que podían ser de vulgado de garda, pero que na súa pel convertíase nun ser entrañable, coma ese osiño de peluxe ao que queres mimar.

E no camiño quedaron títulos que xa son historia na nosa cultura cinematográfica: *Os outros feirantes* (1989), *Un café de ollos verdes* (1992), *Avenida de América* (2001), *O trasto* (2002), *Camión de Santiago: A orixe* (2004), *Pesquisas: O caso das galiñas aforcadas* (1991), *Pratos combinados* (1995), *Blanca Madison* (2000), *O lapis do carpinteiro* (2002), *O derradeiro grollo* (2003)...

Tiña sempre na cabeza e na alma unha retranscra moi sutil, intelixente. Podía desvelarnos, a peito descuberto, calquera das nosas miserias, das nosas ridículas obsesións ou manías, que soltaba con tal graza que a ninguén lle parecía mal. Ríase das nosas vaidades e nós riamos con el.

Pero tamén foi mestre. No colexio Peñarredonda, onde comezou, e posteriormente no colexio Atlas, onde desenvolveu un labor case que de reconversión dun barrio dos máis conflitivos e necesitados na Coruña dos anos 70. Os seus alumnos lémbraño coma ese amigo, ese pai, que aconsella e non berra, e se berraba facíao de broma e a ninguén lle parecía mal, pois o humor e a bondade enchían todo o seu ser.

Ese labor pedagóxico tamén se verqueu na radio, tanto en RNE, onde desenvolveu o prestixioso programa *Preescolar na casa*, coma na canle autonómica en diversas producións propias da RTVG.

Tuto Vázquez era así, vestía calquera cousa que facía, a vida, a familia, os personaxes que interpretaba, cunha bondade e dignidade moi difíciles de atopar no mundo no que hoxe nos movemos.

Bo e xeneroso, intelixente e digno, amigo fiel e compañeiro pracenteiro. ●

SANTIAGO FERNÁNDEZ

DIRECTOR DO ESTUDIO DE TEATRO CASAHAMLET

Esta obra saíu do prelo o día 17 de outubro do 2010, a mesma data, 113 anos despois, en que o fotógrafo coruñés José Sellier proxectou no seu local as primeiras películas rodadas por el mesmo, que supoñen o inicio do cine galego e español.

XULLO 2009 - XUÑO 2010

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Medios



consorcio audiovisual
de Galicia



Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña

